


CONCELLO DE OLEIROS
REVISION E ADAPTACION DO
PLAN XERAL MUNICIPAL DE ORDENACION



DOCUMENTO APROBACION DEFINITIVA




OFICINA DE
PLANEAMENTO S.A.

MEMORIA. TOMO I

DECEMBRO 2014






Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OLEIROS

DOCUMENTO APROBACIÓN DEFINITIVA.
SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA

DECEMBRO 2014



Oficina de Planeamiento, S. A.
Juan Flórez, 106, 19º A-D
15005 A Coruña (España)

opsa @ odepsa.com
telf (34) 981 272 151
fax (34) 981 145 629

EQUIPO REDACTOR DA REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OLEIROS

Dirección e coordinación:

Juan Luis Dalda Escudero. Dr. Arquitecto.
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto.
Anxel Viña Carregal. Economista.

Equipo técnico:

Juan Luis Dalda Escudero. Dr. Arquitecto. Oficina de Planeamiento, S.A.
Alfonso Díaz Revilla. Arquitecto-Urbanista. Oficina de Planeamiento, S.A.
José Díaz Sotelo. Arquitecto-Urbanista. Oficina de Planeamiento, S.A.
M. Mar García García. Arquitecta-Urbanista. Oficina de Planeamiento, S.A.
M^a Dolores Gómez Míguez. Arquitecta-Urbanista. Oficina de Planeamiento, S.A.
Anxel Viña Carregal. Economista. Oficina de Planeamiento, S.A.
Olga Fra Gálvez. Arquitecta.
Miguel Reimúndez González. Arquitecto.
Marcelino López Méndez. Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos.
Miguel Díaz Varela. Biólogo.
Santiago Vázquez Collazo. Arqueólogo.

REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE OLEIROS

DOCUMENTO APROBACIÓN DEFINITIVA

SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA. MEMORIA XUSTIFICATIVA.

ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE. ANEXOS.

DECEMBRO 2014

ÍNDICE	PÁX.
TOMO I	
0. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA, OPORTUNIDADE E ALCANCE DO PLAN XERAL	1
A. SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA	3
A.1. <u>SITUACIÓN E PERSPECTIVAS NA COMARCA METROPOLITANA.</u>	3
1. SISTEMA URBANO REXIONAL E O EIXE ATLÁNTICO. DIMENSIÓN METROPOLITANA DA PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA	3
2. INSERIMENTO NO URDIDO URBANÍSTICO DO CONTORNO COMARCAL	11
2.1. A DINÁMICA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA	11
2.1.1. <u>A Poboación</u>	11
2.1.2. <u>A vivenda no marco comarcal</u>	15
2.1.3. <u>A actividade económica</u>	20
2.1.4. <u>Estructura empresarial</u>	26
2.2. SITUACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO NOS MUNICIPIOS LÍMITROFES E DO ORDENAMENTO TERRITORIAL OU SECTORIAL	29
A.2. <u>A POBOACIÓN MUNICIPAL</u>	33
1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL. A SÚA RELACIÓN COMARCAL	33
2. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN. AS PARROQUIAS E OS NÚCLEOS	37
3. PERSPECTIVAS DEMOGRÁFICAS	45
A.3. <u>A VIVENDA. EVOLUCIÓN, DISTRIBUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DA PROMOCIÓN INMOBILIARIA</u>	47
1. EVOLUCIÓN DA VIVENDA NO MUNICIPIO	47
2. EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS SEGUNDO A SÚA OCUPACIÓN E A COMPOSICIÓN DO PARQUE	57
3. O SOLO E A VIVENDA NA EXECUCIÓN DO PLAN XERAL DE 1997	59
A.4. <u>ACTIVIDADE ECONÓMICA E ESTRUCTURA DA POBOACIÓN MUNICIPAL</u>	65
1. COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DA POBOACIÓN MUNICIPAL	65
2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL	71
A.5. <u>DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL</u>	75
1. ASPECTOS FÍSICOS DO MODELO DE ORDENACIÓN. A CONSOLIDACIÓN DO MODELO TERRITORIAL	75
2. A DINÁMICA DOS PROCESOS TERRITORIAIS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL	79
2.1. OS NÚCLEOS PRINCIPAIS	79
2.1.1. <u>Perillo</u>	82
2.1.2. <u>Santa Cruz</u>	84

	PÁX.
2.1.3. <u>Mera</u>	85
2.1.4. <u>Oleiros</u>	86
2.1.5. <u>Vilar-O Seixal</u>	87
2.2. OS NÚCLEOS INTERMEDIOS	89
2.3. OS NÚCLEOS PARROQUIAIS	91
2.4. A XESTIÓN DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO	95
3. A CAPACIDADE ACTUAL DO PLAN	101
4. O PROCESO DE URBANIZACIÓN	105
A.6. <u>INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓN. REDE VIARIA E TRANSPORTE</u>	109
1. A REDE DE TRANSPORTE METROPOLITANO	109
2. AS AUTOVÍAS METROPOLITANAS	111
3. A TRANSFORMACIÓN DA REDE VIARIA. TRÁFICO E MOTORIZACIÓN	113
3.1. TRANSFORMACIÓN DA REDE VIARIA E MOTORIZACIÓN	113
3.2. TRÁFICO NA REDE DE ACCESOS	115
4. A REDE VIARIA PRINCIPAL DE OLEIROS	117
4.1. A REDE DE ESTRADAS	117
4.2. A REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS	119
4.3. A CONCEPCIÓN FUNCIONAL DA REDE VIARIA NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE 1997	121
4.4. TRÁFICO NA REDE VIARIA DE OLEIROS	123
4.4.1. <u>Tráfico metropolitano e accesibilidade á cidade</u>	123
4.4.2. <u>As condicións de accesibilidade e tráfico no municipio de Oleiros</u>	125
4.5. CAPACIDADE E CONXESTIÓN DA REDE VIARIA	127
5. O PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA	135
5.1. O DIAGNÓSTICO DO PLAN SECTORIAL. CONXESTIÓN DA REDE DE ESTRADAS	135
5.2. AS PROPOSTAS VIARIAS DO PLAN SECTORIAL	137
5.3. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS VIARIAS NO MUNICIPIO DE OLEIROS	139
A.7. <u>AS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS</u>	141
1. ABASTECIMENTO DE AUGA	141
2. SANEAMENTO	145
3. RESIDUOS SÓLIDOS	147
4. OUTRAS INFRAESTRUCTURAS	149
A.8. <u>SISTEMA DOTACIONAL E DE ESPARCEMENTO</u>	151
1. EQUIPAMENTO DOCENTE	153
1.1. ENSINO INFANTIL	153
1.2. ENSINO PRIMARIO	155
1.3. ENSINO SECUNDARIO	157
1.4. UNIVERSIDADE	159
2. EQUIPAMENTO SANITARIO	161
3. EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL	163
4. EQUIPAMENTO ASISTENCIAL	165
5. EQUIPAMENTO DEPORTIVO	167
6. EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO, COMERCIAL E DE ABASTECIMENTO	171
7. EQUIPAMENTO DE CEMITERIOS E DOTACIÓNS RELIXIOSAS	173
8. OUTROS EQUIPAMENTOS E RESERVAS NON ESPECÍFICAS	175
9. ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES DE USO PÚBLICO	179

	PÁX.
B. ESTUDIO DO MEDIO E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL	185
B.1. <u>MEDIO FÍSICO</u>	185
1. SITUACIÓN E LÍMITES DO TERMO MUNICIPAL	185
2. ENCADRE XEOGRÁFICO MUNICIPAL	187
3. CARACTERIZACIÓN XERAL DO MEDIO FÍSICO	189
3.1. RELEVE E HIDROLOXÍA	189
3.2. A COSTA	191
3.3. TOPOGRAFÍA E PENDENTES	193
3.4. XEOLOXÍA E EDAFOLOXÍA	195
3.5. CLIMA	197
3.6. VEXETACIÓN	199
B.2. <u>MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO CULTURAL</u>	201
1. PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE E PLANEAMENTO MUNICIPAL	201
2. CARACTERIZACIÓN XERAL DA PAISAXE	207
3. OS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS	209
3.1. A COSTA	209
3.2. ÁREAS FORESTAIS	213
3.3. ZONAS HÚMIDAS	215
4. OS VALORES NATURAIS DO TERRITORIO. O PATRIMONIO NATURAL	221
4.1. OS BENS NATURAIS	221
4.2. INVENTARIO DE BENS NATURAIS	223
5. PATRIMONIO CULTURAL. INVENTARIO DE ELEMENTOS	227
5.1. OS BENS CULTURAIS	227
5.2. INVENTARIO DE ELEMENTOS	231
B.3. <u>USOS DO SOLO E ESTRUCTURA TERRITORIAL. A MALLA URBANA</u>	239
1. USOS DO SOLO	239
2. A MALLA URBANA	243
B.4. <u>ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL</u>	245
1. A ESTRUCTURA PARROQUIAL	245
2. CARACTERIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS NÚCLEOS	251
3. MORFOLOXÍA E ESTRUCTURA DO SISTEMA DE ASENTAMENTOS	255
3.1. ZONA NORTE	257
3.2. ZONA SUR	259
4. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS	261
TOMO II	
C. MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS FINS, OBXECTIVOS E DETERMINACIÓNS DO PLAN	265
C.1. <u>SÍNTESE DA ORDENACIÓN. DEFINICIÓNS DE OBXECTIVOS E CRITERIOS DE ORDENACIÓN</u>	265
1. O MARCO DA REVISIÓN E ADAPTACIÓN DO PLAN XERAL	265
2. ESTRUCTURA XERAL DA ORDENACIÓN URBANÍSTICA	269
2.1. ENCADRE COMARCAL	269
2.1.1. <u>Crecedemento e tipo de desenvolvemento urbano</u>	272
2.1.2. <u>Accesibilidade comarcal</u>	275
2.1.3. <u>A especialización e focalización urbana no contorno da Ría do Burgo</u>	278
2.1.4. <u>A oferta medioambiental no marco metropolitano</u>	281
2.2. MODELO DE ORDENACIÓN TERRITORIAL	283
2.2.1. <u>Potenciación do sistema de núcleos como identidade do modelo territorial</u>	284

	PÁX.
2.2.2. <u>A integración e racionalización do sistema viario territorial e a optimización do sistema básico infraestructural</u>	286
2.2.3. <u>O aproveitamento do factor residencial como función especializada e garante de diversificación económica</u>	289
2.2.4. <u>A defensa activa do medio ambiente e o patrimonio cultural como oferta diferencial</u>	291
3. OBXECTIVOS E CRITERIOS XERAIS DA ORDENACIÓN	293
3.1. MELLORA-LA INTEGRACIÓN DO TERMO MUNICIPAL DE OLEIROS NO CONXUNTO METROPOLITANO	295
3.2. FORTALECE-LA ESTRUCTURA URBANÍSTICA MUNICIPAL	297
3.3. DEFENSA, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DOS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS E DO PATRIMONIO CULTURAL	299
3.4. PROFUNDAR NA MELLORA E DIVERSIFICACIÓN DOS SERVICIOS PÚBLICOS, AS INFRAESTRUCTURAS, AS DOTACIÓNS E EQUIPAMENTOS E A URBANIZACIÓN DOS ESPACIOS URBANOS	301
3.5. ARTICULAR UNHA POLÍTICA ESTABLE DE SOLO QUE CONTRIBÚA Á RESOLUCIÓN DO PROBLEMA XERAL DA VIVENDA E Ó RESCATE DAS PLUSVALÍAS PARA FINANCIAR A MELLORA DE DOTACIÓNS E SERVICIOS	303
3.6. ACADA-LO PERFECCIONAMENTO TÉCNICO DO INSTRUMENTO URBANÍSTICO	305
3.7. ESTABLECER UN NOVO PROGRAMA DE ACTUACIÓN URBANÍSTICA MUNICIPAL	307
C.2. <u>MEMORIA DETALLADA DA ORDENACIÓN</u>	309
1. DETERMINACIÓNS DE ESTRUCTURA	309
1.1. SISTEMA VIARIO E DE COMUNICACIÓNS	309
1.1.1. <u>A revisión do sistema xeral de infraestructura viaria. O Plan Sectorial da rede viaria</u>	310
1.1.2. <u>Novos trazados viarios propostos</u>	314
1.1.3. <u>A reordenación do viario existente</u>	318
1.1.4. <u>A recualificación do sistema viario. A diversificación dos sistemas de transporte</u>	324
1.2. INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS	327
1.2.1. <u>Abastecemento de auga</u>	328
1.2.2. <u>Saneamento</u>	329
1.2.3. <u>Outras infraestructuras</u>	331
1.3. SISTEMAS DE EQUIPAMENTOS	333
1.3.1. <u>Sistemas de espacios libres. Potenciación dos recursos medioambientais</u>	335
1.3.2. <u>Sistemas de equipamento comunitario</u>	337
1.3.3. <u>Cumprimento dos estándares de sistema xeral</u>	339
1.4. A VIVENDA DE PROTECCIÓN PÚBLICA	341
2. SOLUCIÓNS DE ORDENACIÓN URBANA E TERRITORIAL	343
2.1. SÍNTESE DAS PROPOSTAS DE DESENVOLVEMENTO URBANO	343
2.2. A CLASIFICACIÓN DE SOLO	349
2.3. A ORDENACIÓN DOS NÚCLEOS PRINCIPAIS	351
2.3.1. <u>Mera</u>	352
2.3.2. <u>Lorbé</u>	354
2.3.3. <u>Santa Cruz</u>	355
2.3.4. <u>Oleiros</u>	357
2.3.5. <u>Perillo-Santa Cristina</u>	359
2.3.6. <u>Montrove</u>	361
2.3.7. <u>O Vilar-O Seixal</u>	362
2.3.8. <u>O Carballo</u>	363
2.4. OS NÚCLEOS PARROQUIAIS	365
2.4.1. <u>Identificación e definición dos núcleos</u>	365
2.4.2. <u>Tratamento urbanístico dos núcleos parroquiais</u>	367
2.5. CAPACIDADE DO PLAN E PROXECCIÓN DEMOGRÁFICA	369
2.6. A DIVISIÓN EN DISTRITOS. ORDENACIÓN E PROGRAMACIÓN	373

	PÁX.
2.7. ORDENACIÓN E DESENVOLVEMENTO TERCIARIO E INDUSTRIAL	379
2.8. SISTEMATIZACIÓN DO EQUIPAMENTO XERAL E LOCAL. ESTÁNDARES CADROS RESUMO	381
2.9. CUMPRIMENTO DA CESIÓN DE EQUIPAMENTOS. LÍMITES DE SOSTIBILIDADE	405
2.10. O SOLO RÚSTICO E A PROTECCIÓN DAS RESERVAS MEDIOAMBIENTAIS PRIMARIAS	409
2.11. IDENTIFICACIÓN E CATALOGACIÓN DE BENS PROTEXIDOS	417
3. REVISIÓN NORMATIVA E ADAPTACIÓN LEXISLATIVA	419
3.1. CRITERIOS DE REVISIÓN NORMATIVA E ADAPTACIÓN LEXISLATIVA	419
3.2. ESTRUCTURA DO DOCUMENTO	425
4. CRITERIOS DE XESTIÓN. A EXECUCIÓN DO PLAN	427
4.1. A CONCERTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA A EXECUCIÓN DO PLAN	429
4.2. A XESTIÓN MUNICIPAL DO PLAN XERAL	433
4.3. OS INSTRUMENTOS DE XESTIÓN DO SOLO PRIVADO	435
4.4. A EXECUCIÓN DO PLAN	439
4.5. A XESTIÓN URBANÍSTICA DO PLAN XERAL	441
4.5.1. <u>A xestión do solo urbano</u>	441
4.5.2. <u>A xestión do solo urbanizable</u>	458
5. AS MAGNITUDES DO PLAN	473
 TOMO III	
D. ESTUDIO DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL, IMPACTO TERRITORIAL E PAISAXÍSTICO	475
D.1. <u>A SOSTIBILIDADE DO MODELO DE ORDENACIÓN</u>	475
1. O SISTEMA TERRITORIAL	475
1.1. INVENTARIO DAS ZONAS CON FRAXILIDADE AMBIENTAL	475
1.1.1. <u>Espacios naturais</u>	476
1.1.2. <u>Sistema hidrográfico</u>	480
1.1.3. <u>Montes e espacios forestais</u>	483
1.1.4. <u>Espacios agrarios</u>	485
1.2. ANÁLISE PAISAXÍSTICA. DELIMITACIÓN DAS CONCAS E ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO	487
D.2. <u>ANÁLISE DA INCIDENCIA AMBIENTAL DO PLANEAMENTO</u>	497
1. DIAGNOSE SOBRE A CAPACIDADE DE ACOLLIDA DO TERRITORIO	497
2. INCIDENCIA AMBIENTAL DAS NOVAS IMPLANTACIÓNS URBANAS	501
3. INFORME SOBRE A ADECUACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS E SERVICIOS	507
3.1. INFRAESTRUCTURA VIARIA	507
3.2. ABASTECIMENTO DE AUGA	511
3.3. SANEAMENTO	513
3.4. OUTRAS INFRAESTRUCTURAS	515
4. FICHAS RESUMO DAS NOVAS IMPLANTACIÓNS PROPOSTAS	517
 ANEXO 1: Documento de Síntese do Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico de Xaz.	
 ANEXO 2: Informe Previo á Aprobación Inicial da Dirección Xeral de Urbanismo sobre a revisión e adaptación do PXMO de Oleiros.	
 ANEXO 3: Informe do equipo redactor en relación ó emitido pola Dirección Xeral de Urbanismo sobre a revisión e adaptación do PXMO de Oleiros.	
 ANEXO 4: Certificado do acordo plenario da Aprobación Inicial sobre a revisión e adaptación do PXMO de Oleiros.	

ANEXO 5: Certificado do acordo plenario da Aprobación Inicial sobre a revisión e adaptación do PXMO de Oleiros.

ANEXO 6: Orde da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Transporte de data 14.03.2007.

ANEXO 7: Plan de seguimento de sustentabilidade do PXOM de Oleiros.

ANEXO 8: Orde da Consellería de Ordenación do Territorio, Obras Públicas e Transporte de data 11.03.2009.

ANEXO 9: Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 11.12.2014.

0. XUSTIFICACIÓN DA CONVENIENCIA E OPORTUNIDADE E ALCANCE DO PLAN XERAL

O Plan Xeral Municipal de Ordenación Urbanística de Oleiros que agora se revisa entrou en vigor en xullo de 1997, consecuentemente, a presente revisión leva consigo a adaptación á Lei 9/2002 de Ordenación Urbana e Protección do Medio Rural de Galicia. Para os efectos o Concello Pleno en sesión de 31 de xaneiro de 2002 adoptou acordo aprobatorio da proposta presentada para dita Revisión do Plan Xeral.

A primeira constatación que debe sinalarse diante da Revisión do Plan Xeral de Oleiros devén do pronunciamento municipal sobre a vixencia dos obxectivos e criterios de ordenación do planeamento redactado pola Oficina de Planeamiento, S.A. e aprobado definitivamente o cinco de maio de 1997. Acouta así a Corporación Municipal o contido da Revisión de xeito que non se produza unha interrupción do vivo desenvolvemento urbanístico municipal, polo que esta debe dirixirse a actualizar, innovar e axusta-lo que está en marcha, facendo fincapé en catro aspectos que, non sendo novidosos, se consideran importantes:

- A análise do sistema de comunicacións e a accesibilidade en xeral.
- A adaptación das determinacións de planeamento ó novo marco lexislativo.
- A revisión dos feitos urbanos existentes.
- A revisión da normativa urbanística do Plan e a emerxencia de novas dotacións.

Xustifícase deste xeito a conveniencia e oportunidade da súa redacción así como o seu alcance de revisión parcial.

A. SÍNTESE DA INFORMACIÓN URBANÍSTICA

A.1. SITUACIÓN E PERSPECTIVAS NA COMARCA METROPOLITANA

1. SISTEMA URBANO REXIONAL E O EIXE ATLÁNTICO. DIMENSIÓN METROPOLITANA DA PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA

Igual que no conxunto do espazo europeo (onde o 80% da poboación vive nas cidades), o proceso de urbanización estase a xeneralizar en Galicia, onde case que o 50% da poboación vive actualmente nas áreas urbanas das sete cidades (a penas o 36% en 1971), un proceso de urbanización que no caso de Galicia vén acelerado pola crise económica e demográfica dos restos do mundo rural tradicional.

O cambio de século marcado pola aceleración dos cambios tecnolóxicos, económicos e sociais que alumean a sociedade informacional e a economía globalizada, ten expresión nidia nas cidades. É nelas onde se desatan as tensións do momento, pero tamén son os espazos onde se concentran os principais recursos capaces de ser mobilizados para acadalo desenvolvemento económico posible: aquel que combine innovación e competitividade.

Polo tanto semella importante considera-la realidade do sistema urbano, do seu dinamismo e do seu potencial de contribución ó desenvolvemento como factores estratéxicos cara á vertebración do territorio de Galicia -unha comunidade aínda marcada pola impronta de país rural-.

No caso de Galicia, o sistema urbano está marcado pola polinuclearidade e pola inexistencia dunha cidade capaz de polarizar por si o crecemento urbano. O resultado dun conxunto de cidades de tamaño medio e pequeno ben implantado no territorio, estimula a necesidade de afondar nun interrelacionamento crecente capaz de acadala masa crítica urbana necesaria para xogar un papel relevante no conxunto do Sistema Urbano Europeo. Unha experiencia de construción da cidade de cidades como forma da metrópole do noroeste peninsular á imaxe doutros sistemas urbanos compostos do Centro de Europa.

O proceso de urbanización apunta, tamén en Galicia, formas urbanas novas distintas das que coñecemos historicamente como cidades. O fenómeno da difusión urbana no territorio acada en Galicia unha expresión singular debido ó soporte dun territorio densamente poboado e un asentamento disposto en numerosísimas entidades de distinto tamaño desde os lugares e aldeas ata as vilas e cidades.

Desta maneira a expresión territorial da urbanización require para a súa análise da incorporación dalgúns conceptos, capaces de facilitar as aproximacións á ordenación do territorio de Galicia. Para os efectos da nosa análise introduciremos os seguintes:

- Área urbana: espacio onde se manifesta a cidade real de modo que se integre a cidade compacta coa súa periferia. Isto é, a área urbana, xeneralizable a tódalas cidades galegas, inclúe determinados núcleos urbanos medios situados nas periferias.
- Rexión urbana: expresión do ámbito de influencia alongado das cidades. A diferenza coa área urbana (que é un espacio de relación cotián da periferia extensa coa cidade central) a rexión urbana expresa relacións frecuentes máis eventuais, pero de influencia urbana, tales como a estruturación das áreas de mercado ou da mobilidade por razón de ocio.

Polo tanto, a rexión urbana comprende áreas urbanas que representan un estadio funcionalmente máis complexo, dinámico e expansivo. Nestas áreas que teñen que ser lidas no contexto do corredor atlántico, e por tanto da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, atópanse as áreas urbanas da Coruña, Vigo e Santiago, nas que se producen procesos de especialización e xeración de emprego que teñen que ver coa innovación tecnolóxica e de capital e coa internacionalización do sistema urbano.

A Coruña e Vigo engaden masa crítica, tradición industrial, porto e relación co sistema litoral, que xa de antigo é máis denso, trabado e difuso en relación ós patróns de urbanización. Esta combinación é a que explica a súa actual caracterización metropolitana, polo menos, nas súas áreas urbanas, así como a oportunidade de avanzar na consideración de rexión urbana e cidade difusa nos agregados A Coruña-Ferrol, Pontevedra-Vigo e Porto e a súa rexión litoral.

Comparando o crecemento demográfico sufrido polas cidades metropolitanas da Coruña e Vigo, vemos que entre 1900 e 1970 foron as cidades centrais as que medraron continuamente, e a partir de 1970 o crecemento das cidades evoluciona moderadamente, mentres que os dos municipios da periferia están sometidos a un crecemento moi forte que se acelera nos últimos anos.

Nestas cidades de A Coruña e Vigo estase a producir unha nova tendencia na distribución dos asentamentos e no concepto de cidade, que no seu ámbito central, cidade compacta, acolle maioritariamente residencia e amplía a súa oferta de servizos, pero estende, ó seu territorio de influencia, residencia, actividade e emprego. Na primeira coroa, a periferia metropolitana ou cidade difusa, o crecemento

está asociado á expansión da vivenda permanente e secundaria, do emprego industrial local e dunha incipiente economía de servizos. Máis aló da periferia na rexión urbana de influencia, o crecemento é modesto ou puntual, pero tendendo á especialización en función das súas relacións coa área metropolitana, sendo previsible que as infraestruturas viarias especializadas orienten máis unha expansión selectiva espacial e funcionalmente. Analizando datos de tráfico medio diario, no contorno das áreas urbanas, que se ten incrementado máis do 400% nos últimos 20 anos, obsérvanse con maior precisión e forza estas relacións, posto que a mobilidade o reflicte con máis intensidade que o crecemento demográfico.

A mobilidade, como indicador da actividade económica, tamén como manifestación dun problema real de transporte, público e privado, é, polo tanto, un indicador directo da dinámica urbano-territorial.

No resto do sistema principal urbano os ámbitos e as formas de difusión das cidades teñen menor dinamismo e complexidade, mais poden delimitarse áreas urbanas en torno a Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ourense. Da análise dos fenómenos demográficos, vemos que este conxunto de municipios constituído polas áreas urbanas das sete cidades alberga no 2001 unha poboación do 47,5% do total de Galicia sobre un territorio que supón tan só un 7,6% do autonómico. Nos últimos 30 anos o sistema urbano incrementan a súa poboación en 344.000 habitantes mentres o resto do territorio perdeu 195.000 habitantes.

En resumo de todo o analizado con anterioridade, así como das relacións xeográficas litorais, xorde unha definición de rango superior: o espazo da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Esta área xa parte de tres factores ou compoñentes que a dotan de unidade e que afectan de forma distinta ó seu futuro:

- Como factor de debilidade, o carácter periférico e accidentado do territorio.
- Como factor de fortaleza, a existencia dun eixe territorial de aglomeración poboacional e de actividade e infraestrutura, o Eixe Atlántico.
- Como factor de oportunidade, ese espazo rexional máis amplo que implica a Galicia e ó norte de Portugal.

No territorio da Comunidade Galega, aparte da súa afastada posición periférica dentro do espazo coñecido como Arco Atlántico, agravado pola debilidade do sistema de comunicacións exteriores, prodúcese unha profunda crise demográfica que apunta a un futuro agravamento.

Neste contexto destaca o peso e crecemento das sete cidades galegas, catro costeiras e tres interiores. Delas, cinco aglutínanse no contorno do denominado Eixe Atlántico, que ademais se complementan cun rico e abundante entramado de núcleos miúdos que puido dar acollida a novos usos e asentamentos deslocalizados. Como servidor infraestructural deste corredor planteouse a inserción da autoestrada A-9 que, nun ámbito de maior dimensión, relaciona Galicia co norte de Portugal e desde ela enlázase coa meseta mediante as novas autovías xa en funcionamento, e coa autoestrada Santiago-Ourense. As perspectivas de infraestructuración ferroviaria en velocidade alta do eixe atlántico e de alta velocidade das conexións coa meseta virán a reforzar este sistema.

Esta subzona do sistema territorial galego formado polas dúas provincias atlánticas, e máis en particular polo eixe que liga as catro cidades costeiras (Ferrol, A Coruña, Pontevedra e Vigo) a través da cidade interior de Santiago, e que se estende polos ricos sistemas das Rías Baixas e do Arco Ártabro, constitúe o espacio social, cultural e economicamente máis dinámico de Galicia.

Este Eixe Atlántico, definido territorialmente pola súa xeometría axial, tende, na súa evolución, a vertebrarse coma un sistema crecentemente agregado, interdependente e dinamicamente xerarquizador do espacio rexional galego, aínda que identificando as diferentes estruturas que o compoñen:

- Sistema urbano coa súa expresión metropolitana.
- O fenómeno de rexionalización urbana.
- A urbanización difusa.
- As estruturas intermedias.

No ámbito rexional de influencia beneficiado por este corredor, a A-9 vén a articular a parte máis complexa e desenvolvida do sistema urbano rexional galego, favorecendo este crecemento ó converterse nun colector eficiente de fluxos que interrelacionan aínda máis os grandes nodos urbanos, os espazos metropolitanos emerxentes e as rexións urbanas difusas.

CADRO Nº 1: EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA DAS ÁREAS URBANAS E METROPOLITANAS GALEGAS

	POBOACIÓN DE DEREITO			TCAAM		POBOACIÓN DE FEITO		TCAAM
	1981	1991	2001	1981-91	1991-01	1981	1991	1981-91
A.M. A CORUÑA	284.003	310.325	328.547	0,89	0,59	284.988	316.340	1,05
A.U. SANTIAGO	103.002	110.425	124.446	0,70	1,27	113.847	128.781	1,24
A.U. FERROL	138.875	136.084	130.608	- 0,20	- 0,40	142.729	137.486	-0,37
A.U. PONTEVEDRA	99.425	108.571	114.210	0,88	0,52	99.357	111.344	1,15
A.M. VIGO	327.820	346.915	355.386	0,57	0,24	324.881	348.316	0,70
A.U. LUGO	84.326	93.812	98.118	1,07	0,46	85.582	97.925	1,36
A.U. OURENSE	114.902	120.197	128.708	0,45	0,71	114.902	126.089	0,93
TOTAL	1.152.353	1.226.329	1.280.023	0,62	0,44	1.166.286	1.266.281	0,83
GALICIA	2.811.942	2.731.669	2.695.880	- 0,29	- 0,13	2.753.836	2.720.445	- 0,12

Fte.: Censos de Poboación 1981, 1991, 2001. Elaboración propia.

As máis recentes proxeccións efectuadas polo Instituto Galego de Estatística acentúan estes elementos; en calquera das súas hipóteses se plantea unha perda neta de poboación nas provincias de Lugo e Ourense que no horizonte do ano 2011 perderían entre 70.000 e 127.000 habitantes respecto a 1991 (entre o 9,5% e o 17% da súa poboación de 1991). As provincias occidentais oscilan entre a hipótese dunha lixeira perda de 26.000 habitantes (1,3% da súa poboación de 1991) e a dun relativo aumento de 155.000 habitantes (7,8% da súa poboación de 1991); manifestándose unha tendencia diferenciada entre as dúas provincias, pois mentres a provincia de Pontevedra mantén un saldo positivo en calquera das hipóteses, a provincia da Coruña perdería poboación, (na hipótese máis desfavorable) diminuindo, no ano 2011, 33.000 efectivos, equivalentes ó 3% da poboación de 1991.

No futuro inmediato, a crise demográfica que arrastra Galicia aproxímase ó final dunha longa fase caracterizada pola transferencia de poboación das provincias interiores ás occidentais, sufrindo o conxunto rexional un esgotamento poboacional que impide a reposición de efectivos. No caso das provincias interiores, o desequilibrio apunta a unha quebra demográfica tal que a hipótese máis optimista cifra a súa poboación de 2026 en menos do 79% da do 91 e a máis baixa (fundamentada nas variables evolutivas actuais) non alcanza o 66%.

Nestas circunstancias a prognose demográfica apunta un escenario para 2011 no que o peso relativo das provincias atlánticas no conxunto de Galicia alcanzará xa o 76,3%, para situarse entre o 78% e o 83% no 2026.

En ámbalas dúas provincias detéctase a persistencia dos procesos de concentración demográfica nos maiores núcleos e en municipios que se sitúan de forma

absolutamente maioritaria no contorno do corredor litoral interurbano coñecido como Eixe Atlántico Litoral.

Este proceso de concentración relativa seguirá producíndose no futuro inmediato, se ben irase reducindo progresivamente o monto dos efectivos transferidos e aumentará o diferencial polo descenso da poboación nos espazos interiores.

Estes factores de concentración tanto demográfica como de actividade veñen a confirma-la dimensión metropolitana que tería que acada-la planificación urbanística, posto que se mantén a vixencia de:

- Os procesos de crecemento no ámbito do contorno das grandes cidades fronte á perda de poboación do resto do territorio.
- O papel de motor de desenvolvemento económico que se lle asigna ás cidades no marco europeo.
- A aposta pola modernización das infraestructuras que lle permita a estas cidades acada-lo grao de crecemento axeitado.

Estes feitos non contan polo momento con marcos político-administrativos adecuados. Sen embargo, desde os órganos do Estado tense empezado a xera-la necesidade dunha actitude planificatoria e cóntase xa con algúns elementos de reflexión política e técnica ós que se presta desde o Ministerio de Fomento unha crecente atención.

O como da articulación dunha dimensión metropolitana da planificación urbanística será non só unha cuestión estatal, na medida que o marco autonómico establece unha situación diferente en cada Comunidade. Por iso, en Galicia convén plantearse cal é a dimensión previsible do crecemento nas rexións urbanas e metropolitanas e como aproveita-las condicións propias para competir nunha política de desenvolvemento en cotas rexionais, na que ás grandes cidades se lles asigna un papel central nos proxectos de infraestrutura e na captación de inversión empresarial e tecnolóxica punta par cualifica-lo seu crecemento e difundir innovación.

Para as grandes cidades manéxanse umbrais mínimos, un millón de habitantes, que requirirán vincula-las dúas rexións metropolitanas da Coruña e Vigo nunha unidade xeográfica de dimensión superior, o eixe atlántico, capaz de alcanza-lo umbral de competencia e homologación. En todo caso, a idea de articulación urbana para Galicia, planteada como opción de desenvolvemento, pasa por recoñecer, aproveitar e proxecta-

lo potencial de articulación, crecemento e influencia das dúas cidades principais nun contexto de crecente integración espacial.

Metropolitanización é tamén descentralización, recoñecemento –ninguén a cuestionada autonomía municipal e planteando fórmulas menos administrativas que políticas de coordinación, que pasan, na perspectiva actual, pola cooperación interadministrativa, os consorcios e os convenios ou contratos programáticos. Nestes marcos haberán de definirse as formas de planificación urbanística e territorial que atendan a criterios comúns e consensuados para a implantación de infraestructuras e servicios de ámbito metropolitano, para as políticas medio ambientais e de vivenda, e para a regulación de aspectos comúns da ordenación urbanística.

2. INSERIMENTO NO URDIDO URBANÍSTICO DO CONTORNO COMARCAL

2.1. A DINÁMICA DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA

2.1.1. A Poboación

A comarca da Coruña, que é unha comarca litoral, se sitúa ó noroeste da Comunidade Autónoma, ocupando unha posición norte na provincia do mesmo nome. Limita ó norte co Océano Atlántico, ó sur coa comarca de Ordes, ó leste coa de Betanzos e ó oeste coa de Bergantiños, englobando un conxunto de terras baixas que rodean o val do Río Mero e a Ría da Coruña.

Debido á centralidade rexional da cidade da Coruña, a súa área de influencia esténdese a moitos concellos, creando intensos vencellamentos e movementos demográficos.

A comarca administrativa da Coruña, que ten o carácter de “comarca metropolitana” componse de dous ámbitos diferenciados: o primeiro, formado polos municipios da Coruña, Oleiros, Cambre, Culleredo e Arteixo que ten unha superficie de 277,8 Km² e unha poboación (2001) de 328.547 habitantes, cunha densidade media de 1.182,7 hab/Km², constitúe funcionalmente a área metropolitana. O segundo, formado polos municipios de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada constitúe, por unha banda, un ámbito de envoltura da área metropolitana e, por outra, un territorio de características menos homoxéneas, onde Sada, por exemplo, ten un carácter de subcentro con atracción do territorio da ría, mentres que Abegondo é un municipio eminentemente rural de baixa densidade e dinámica levemente regresiva.

A densidade media da comarca no 2001 é de 760,32 hab/Km², densidade que se ve elevada polos 239.379 habitantes do municipio da Coruña, que supoñen o 66,2% do total da comarca.

Na perspectiva da década que comeza, a conclusión da Autoestrada do Atlántico ata Ferrol e a mellora das comunicacións ferroviarias no eixe Ferrol-Betanzos-A Coruña afianzarán aínda máis o afortalamento da rexión urbana litoral A Coruña-Betanzos-Ferrol, como ámbito onde as funcións urbanas marcarán as oportunidades de desenvolvemento do territorio, tanto nos aspectos de crecemento e desenvolvemento como nos aspectos de conservación, protección e valorización dos excepcionais recursos ambientais deste contorno.

Se analizámo-las tendencias demográficas recentes no conxunto da área metropolitana coruñesa que forman os municipios da Coruña, Oleiros, Cambre, Culleredo e Arteixo,

observamos unha ganancia de poboación de dereito de máis de 18.000 habitantes entre 1991 e 2001. Nesta ganancia xogan papeis distintos o municipio central, que perde ó redor de 10.500 habitantes, e o resto da coroa periférica, que gaña máis de 28.500 habitantes, reforzando unha tendencia descentralizadora e moi dinámica na expansión urbana da Cidade da Coruña que, iniciada na década dos anos 70, semella aínda reforzarse nos últimos anos.

O fenómeno coruñés é indicativo das novas tendencias na distribución do desenvolvemento urbano e no concepto de Cidade a escala rexional, xa analizado no apartado anterior.

Os datos do Censo do 2001 confirman a consolidación do proceso metropolitano coruñés, posto que se ben a cidade central perde lixeiramente poboación de dereito, os municipios de Cambre e Culleredo destacan con taxas demográficas de crecemento anual do 5,62% e 5,27% respectivamente, seguidos de Oleiros 4,75% e Arteixo 3,00%. Concéntranse así na coroa da Coruña as taxas de crecemento demográfico máis elevadas das áreas urbanas galegas, só superadas por algún municipio da área urbana de Santiago.

Máis aló da periferia, na rexión urbana de influencia o crecemento é modesto ou puntual, pero o territorio tende a especializarse en función das súas relacións coa área metropolitana, sendo previsible que as infraestructuras viarias e ferroviarias especializadas, así como o desenvolvemento de infraestructuras e a especialización turística orienten aínda máis a expansión selectiva de determinadas funcións urbanas.

CADRO Nº 2. POBOACIÓN DE DEREITO NA COMARCA DA CORUÑA. EVOLUCIÓN DAS DENSIDADES

						DENSIDADE H/Km ²			
	1970	1981	1991	2001	Sup. Km ²	1970	1981	1991	2001
OLEIROS	10.704	15.039	18.480	27.252	43,80	244,38	343,36	421,92	622,19
A CORUÑA	189.467	231.721	246.953	236.379	37,60	5.039,02	6.162,79	6.567,90	6.286,68
ARTEIXO	12.380	15.448	17.931	23.306	93,40	132,55	165,40	191,98	249,53
CAMBRE	7.606	9.181	12.330	19.262	40,70	186,88	225,58	302,95	473,27
CULLEREDO	10.221	12.614	14.631	22.348	62,30	164,06	202,47	234,85	358,72
TOTAL A.M.	230.378	284.003	310.325	328.547	277,80	829,29	1.022,33	1.117,08	1.182,67
ABEGONDO	7.033	6.274	5.466	5.729	83,90	83,83	74,78	65,15	68,28
BERGONDO	5.570	5.293	5.392	6.223	32,70	170,34	161,87	164,89	190,31
CARRAL	5.067	6.001	5.229	5.236	48,00	105,56	125,02	108,94	109,08
SADA	7.277	7.792	8.935	11.464	27,40	265,58	284,38	326,09	418,39
TOTAL COMARCA	255.325	309.363	335.347	357.199	469,80	543,48	658,50	713,81	760,32
PROVINCIA	1.030.745	1.083.415	1.097.511	1.096.027	7.950,42	129,65	136,27	138,04	137,86
GALICIA	2.676.403	2.811.942	2.731.669	2.695.880	29.421,00	90,97	95,58	92,85	91,63

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

CADRO Nº 3: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE DEREITO. TAXAS DE CRECEMENTO ANUAL

	70-81	81-91	91-01
OLEIROS	4,05	2,29	4,75
A CORUÑA	2,23	0,66	-0,43
ARTEIXO	2,48	1,61	3,00
CAMBRE	2,07	3,43	5,62
CULLEREDO	2,34	1,60	5,27
TOTAL A.M.	2,33	0,93	0,59
ABEGONDO	-1,08	-1,29	0,48
BERGONDO	-0,50	0,19	1,54
CARRAL	1,84	-1,29	0,01
SADA	0,71	1,47	2,83
TOTAL COMARCA	2,12	0,84	0,65
PROVINCIA	0,51	0,13	-0,01
GALICIA	0,51	-0,29	-0,13

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

A nivel demográfico a comarca da Coruña sofre un crecemento considerable nas dúas últimas décadas.

A tendencia de crecemento que leva á cidade a duplica-la súa poboación nos últimos 50 anos, detense na última década, para expandi-lo crecemento da poboación cara os municipios da área metropolitana inmediata: Arteixo, Cambre, Culleredo e Oleiros. Pero

esta irradiación tende a desborda-los límites da área metropolitana para afectar ós restantes municipios máis afastados, os da segunda coroa da área metropolitana.

Este proceso é similar ó sufrido por case tódalas restantes cidades que a partires de 1981 gañan menos poboación en beneficio dos municipios da coroa periférica de cada unha delas.

No caso concreto da comarca que nos ocupa, nos municipios afastados de Abegondo, Bergondo, Carral e Sada, o proceso de suburbanización orixinado pola cidade, alcanzou un importante desenvolvemento desde os anos 80, e fundamentalmente na última década, afectando principalmente ós municipios de Sada e Bergondo.

A densidade media da Comarca da Coruña era en 1991 de 713,8 hab/km², aproximadamente cinco veces a media provincial, o que vén corresponder cun territorio altamente ocupado. Esta densidade seguiu medrando na última década ata colocarse en 760,32 hab/km², 5,5 veces a media provincial. Observando o cadro de densidades residenciais vemos que tódolos municipios da área metropolitana, así como os de Bergondo e Sada están por riba da media provincial (137,98 hab/km² en 1991 e 137,86 hab/km² en 2001).

Como conclusión podemos apuntar que nos municipios da Comarca da Coruña concentrouse nas últimas décadas, un crecemento da poboación de dereito moi significativo, o que explica un cambio de tendencia nos municipios afastados, que cambian a súa vocación de segunda residencia pola de residencia habitual. Entre eles está Oleiros como termo municipal limítrofe que recibe poboación desde a cidade central e que afianza a súa residencia facendo que nos últimos 30 anos a súa poboación de dereito se multiplicase por 2,6. Este resultado sería mesmo máis significativo se o estudio se fixese coa poboación de feito, posto que o municipio de Oleiros presenta unhas condicións de recepción de segunda residencia para habitantes que se trasladan estacionalmente. Non obstante, nestes últimos anos increméntase a residencia principal fronte a unha diminución da secundaria e baleira.

O peso demográfico do municipio de Oleiros na comarca da Coruña, descontando o valor distorsionante do municipio da Coruña, medra nos últimos anos. Se nos anos 70 a poboación de Oleiros supoñía o 16%, en 1991 este valor medra o 20,9% e no ano 2001 supón o 22,6%.

2.1.2. A vivenda no marco comarcal

O último dato censual sobre a vivenda dispoñible é o que aporta o Censo de 2001. Segundo esta fonte o parque de vivendas da comarca ascende a 177.447, o 46,17% das vivendas provinciais, mentres a poboación nesa mesma data supón o 32,6% da provincial.

Entre 1981 e 1991 o número de vivendas da comarca incrementouse un 15,2%.

Entre 1991 e 2001 o número de vivendas da comarca incrementouse un 26,6%.

Son os municipios da área metropolitana os que soportan un maior crecemento do parque residencial; así, do total de incremento na última década, o 91,7% corresponden a novas vivendas da área metropolitana e máis aínda, case que o 54% pertence ó municipio da Coruña.

Por municipios, o incremento máis subliñable do parque residencial na última década é o de Culleredo seguido do de Cambre, Sada, Arteixo e Oleiros.

Na década anterior os crecementos foron máis parellos, sendo máis importante o crecemento de Cambre, Sada e Culleredo.

O crecemento de vivendas no termo municipal de Oleiros foi do 26% na década 1981-91, que ascende ata o 29,7% na última década.

CADRO Nº 4: EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DA CORUÑA. 1981-2001

	1981		1991		2001		INCREMENTO DOS PARQUES MUNICIPAIS			
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%	1981-1991		1991-2001	
MUNICIPIOS							Nº VIV	%	Nº VIV	%
OLEIROS	8.679	7,2	10.934	7,8	14.181	8,0	2.255	26,0	3.247	29,7
ARTEIXO	6.380	5,3	8.487	6,1	11.951	6,7	2.107	33,0	3.464	40,8
CAMBRE	4.358	3,6	6.054	4,3	9.233	5,2	1.696	38,9	3.179	52,5
CORUÑA (A)	86.409	71,5	94.710	67,6	114.817	64,7	8.301	9,6	20.107	21,2
CULLEREDO	4.984	4,1	6.782	4,8	10.967	6,2	1.798	36,1	4.185	61,7
TOTAL A.M.	110.810	91,7	126.967	90,6	161.149	82,8	16.157	14,6	34.182	26,9
ABEGONDO	2.180	1,8	3.037	2,2	2.597	1,5	857	39,3	-440	-14,5
BERGONDO	2.422	2,0	2.950	2,1	3.628	2,0	528	21,8	678	23,0
CARRAL	1.799	1,5	2.197	1,6	2.431	1,4	398	22,1	234	10,7
SADA	3.683	3,0	5.015	3,6	7.642	4,3	1.332	36,2	2.627	52,4
TOTAL COMARCA	120.894	100,0	140.166	100,1	177.447	92,0	19.272	15,9	37.281	26,6

Fte.: INE/IGE. Censo de Vivendas. Elaboración propia.

En case tódolos municipios, sobre todo da zona exterior, o crecemento residencial así analizado mantén unha evolución non expresada na demografía, o que se explica desde a existencia da segunda residencia. Esta tendencia comeza a invertirse en municipios como Bergondo e Sada, polos factores de maior traslado de habitantes, xa comentado no apartado anterior. No caso de Oleiros, que no ano 81 tiña unha forte vocación de segunda residencia, inverteuse a situación crecendo dun xeito continuado a vivenda principal.

Analizando a composición do parque residencial na comarca, nos anos 81 ata o 2001, a partires dos datos censuais, indicar que no ano 1981 as vivendas principais na comarca supoñen o 73,1% do total, algo por debaixo da porcentaxe provincial. As secundarias superaban en 2,3 puntos a porcentaxe de vivendas secundarias da provincia e as baleiras estaban un punto por debaixo.

CADRO Nº 5: COMPOSICIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DA CORUÑA. 1981

MUNICIPIOS	PRINCIPAIS		SECUNDARIAS		BALEIRAS/OUTRAS		TOTALS	PORCENTAXES			TOTAL
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%		PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS/OUT	
OLEIROS	4.250	4,8	2.104	22,9	2.325	9,9	8.679	49,0	24,2	26,8	100,0
ARTEIXO	3.948	4,5	77	0,8	2.355	10,1	6.380	61,9	1,2	36,9	100,0
CAMBRE	2.519	2,9	525	5,7	1.314	5,6	4.358	57,8	12,0	30,2	100,0
CORUÑA (A)	67.568	76,4	3.857	42,2	14.984	64,1	86.409	78,2	4,5	17,3	100,0
CULLEREDO	3.458	3,9	325	3,5	1.201	5,1	4.984	69,4	6,5	24,1	100,0
TOTAL A.M.	81.743	92,5	6.888	75,1	22.179	94,8	110.810	73,8	6,2	20,0	100,0
ABEGONDO	1.524	1,7	596	6,5	60	0,3	2.180	69,9	27,3	2,8	100,0
BERGONDO	1.458	1,7	726	7,9	238	1,0	2.422	60,2	30,0	9,8	100,0
CARRAL	1.404	1,6	100	1,1	295	1,3	1.799	78,0	5,6	16,4	100,0
SADA	2.221	2,5	860	9,4	602	2,6	3.683	60,3	23,4	16,3	100,0
TOTAL COMARCA	88.350	100,0	9.170,0	100,0	23.374	100,0	120.894	73,1	7,6	19,3	100,0
TOTAL PROVINCIA	285.865		20.289		78.147		384.301	74,4	5,3	20,3	100,0

Fte.: IGE. Censo de vivendas. Elaboración propia.

No ano 1991 na comarca da Coruña as vivendas principais supoñen o 73,4% do total comarcal, un valor superior á porcentaxe provincial en 2,9 puntos. As secundarias, sen embargo, están 0,7 puntos por debaixo da porcentaxe provincial e as baleiras supoñen 2,2 puntos menos. Para a área metropolitana a porcentaxe de vivendas principais é 1,5 puntos superior ó da comarca, sendo tamén superior o peso das baleiras mentres que o peso das secundarias está 2,1 puntos por debaixo da porcentaxe comarcal. Para o resto da comarca, sen embargo, a porcentaxe de vivendas secundarias é moito máis alta (29,3% fronte a 9,1%) que a media comarcal, estando as porcentaxes das principais e baleiras baixo as súas medias. Esta condición explícase desde a vocación da segunda

residencia que desde antano tiveron os municipios exteriores da comarca, factor que tende a invertirse nos últimos anos.

Por municipios a maior porcentaxe de vivendas baleiras sitúase en Arteixo, seguido de Oleiros e Culleredo, expresión do grande crecemento do parque de vivenda. Para as vivendas secundarias son os de Bergondo e Sada os que ocupan o primeiro lugar dando conta do fenómeno da segunda residencia, favorecida pola situación costeira dos concellos, a permisividade da edificación en solo rústico e a existencia neles de praias de intenso uso metropolitano.

CADRO Nº 6: COMPOSICIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DA CORUÑA. 1991

MUNICIPIOS	PRINCIPAIS		SECUNDARIAS		BALEIRAS/OUTRAS		TOTAIS	PORCENTAXES			TOTAL
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%		PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS/OUT	
OLEIROS	5.644	5,5	2.201	17,2	3.089	12,6	10.934	51,6	20,1	28,3	100,0
ARTEIXO	5.099	5,0	885	6,9	2.503	10,2	8.487	60,1	10,4	29,5	100,0
CAMBRE	3.612	3,5	937	7,3	1.505	6,1	6.054	59,6	15,5	24,9	100,0
CORUÑA (A)	76.399	74,2	4.257	33,2	14.054	57,3	94.710	80,7	4,5	14,8	100,0
CULLEREDO	4.346	4,2	668	5,2	1.768	7,2	6.782	64,1	9,8	26,1	100,0
TOTAL A.M.	95.100	92,4	8.948	69,8	22.919	93,4	126.967	74,9	7,0	18,1	100,0
ABEGONDO	1.802	1,8	782	6,1	453	1,8	3.037	59,4	25,7	14,9	100,0
BERGONDO	1.600	1,6	960	7,5	390	1,6	2.950	54,3	32,5	13,2	100,0
CARRAL	1.506	1,5	365	2,8	326	1,3	2.197	68,6	16,6	14,8	100,0
SADA	2.770	2,7	1.766	13,8	479	1,9	5.015	55,2	35,2	9,6	100,0
TOTAL COMARCA	102.778	100,0	12.821	100,0	24.567	100,0	140.166	73,4	9,1	17,5	100,0
TOTAL PROVINCIA	313.354		43.648		87.686		444.688	70,5	9,8	19,7	100,0

Fte.: INE. Censo de vivenda.

No ano 2001, na comarca da Coruña, as vivendas principais están 0,8 puntos por encima da media provincial, igualmente que as baleiras, que están 0,6 puntos por enriba en detrimento das secundarias. A vocación de vivenda secundaria que teñen algún dos municipios da Comarca, sobre todo os de fóra da área urbana, con oferta de calidades ambientais e de praias, non chega a compensar o importante peso das vivendas principais.

Así, por municipios destaca o peso da vivenda secundaria en Bergondo, Sada, Oleiros e Abegondo.

CADRO Nº 7: COMPOSICIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS NA COMARCA DA CORUÑA. 2001

MUNICIPIOS	PRINCIPAIS		SECUNDARIAS		BALEIRAS/OUTRAS		TOTALS	PORCENTAXES			TOTAL
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%		PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS/OUT	
OLEIROS	9.123	7,1	2.811	15,0	2.247	7,3	14.181	64,4	19,8	15,8	100,0
ARTEIXO	7.799	6,1	1.120	5,9	3.032	9,9	11.951	65,2	9,4	25,4	100,0
CAMBRE	6.638	5,2	1.209	6,4	1.386	4,5	9.233	71,9	13,1	15,0	100,0
CORUÑA (A)	86.629	67,7	9.244	49,1	18.944	61,5	114.817	75,4	8,1	16,5	100,0
CULLEREDO	7.821	6,1	816	4,3	2.330	7,6	10.967	71,4	7,4	21,2	100,0
TOTAL A.M.	118.010	92,2	15.200	80,7	27.939	90,8	161.149	73,8	9,4	17,3	100,5
ABEGONDO	1.863	1,5	486	2,6	248	0,8	2.597	71,8	18,7	9,5	100,0
BERGONDO	2.157	1,7	1.196	6,3	275	0,9	3.628	59,4	33,0	7,6	100,0
CARRAL	1.726	1,4	357	1,9	348	1,1	2.431	71,0	14,7	14,3	100,0
SADA	4.065	3,2	1.608	8,5	1.969	6,4	7.642	53,2	21,0	25,8	100,0
TOTAL COMARCA	127.821	100,0	18.847	100,0	30.779	100,0	177.447	72,0	10,6	17,3	99,9
TOTAL PROVINCIA	365.271		62.259		85.841		513.371	71,2	12,1	16,7	100,0

Fte.: INE. Censos de vivendas 2001. Elaboración propia.

A análise do peso relativo das vivendas comarcais na provincia, no ano 2001 presenta os seguintes resultados: as vivendas da comarca supoñen o 34,6% do total provincial; as principais o 35,0%, sendo as baleiras cun 35,9% as que presentan o maior peso no conxunto provincial.

Comparando os datos dos anos 1981-1991 obsérvase que a porcentaxe de vivendas principais aumenta nos municipios de Cambre, A Coruña, Oleiros, e diminúe no resto. Arteixo e Carral son os municipios onde o aumento da vivenda secundaria é máis significativo, case dez puntos máis na década 81-91.

As porcentaxes da comarca non varían moito neste período. As vivendas principais, mantéñense, aumentando tan só 0,3 puntos, increméntase tamén a porcentaxe de vivendas secundarias 2,5 puntos fronte ós 1,8 puntos menos das vivendas baleiras no ano 1991.

En Oleiros, a porcentaxe de vivendas principais aumenta desde o 81 ó 91 pasando a representar máis do 50% do total das vivendas.

A comparación entre os datos dos anos 1991-2001 permite apuntar que en toda a área urbana, agás no municipio central, descendeu a porcentaxe de vivenda baleira. O maior descenso prodúcese en Oleiros, onde o crecemento demográfico acompañou a un crecemento do parque residencial máis axustado ás necesidades, e onde se incrementou significativamente a porcentaxe de vivenda principal.

Tamén os restantes municipios da comarca, agás o de Sada, diminuíron a súa porcentaxe de vivendas baleiras.

Fóra da área urbana só se incrementou a porcentaxe de vivenda baleira en Sada, o que se xustifica no forte crecemento do seu parque residencial (máis do 50% do de comezos da década dos 90) que non se acompañou dun crecemento demográfico parello (só un 28,3%).

2.1.3. A actividade económica

Para a análise da actividade económica municipal, no marco comarcal, provincial e galego, utilizáronse os datos estatísticos de explotación do Censo 2001 e a EPA, elaborados polo I.G.E. Para a análise da estrutura empresarial, as fontes utilizadas foron a base de ARDÁN nos anos 1997 e 2002 e a base de datos do Rexistro Xeral da Seguridade Social.

No aspecto económico, a comarca e a área metropolitana de A Coruña amosan un comportamento máis dinámico que os conxuntos provincial e galego.

Respecto da taxa de actividade, é moito máis elevada na A.M. de A Coruña que na provincia e Galicia, tanto a taxa total como por sexos, están máis de 7 puntos por riba das medias provincial e galega.

As taxas de actividade do conxunto comarcal tamén son superiores en tres puntos por riba destas medias. Ratificando a maior dinamicidade da actividade económica tanto na Área Metropolitana de A Coruña como na súa Comarca.

Por sexos, destaca a diferenza entre taxas cunha menor actividade na poboación activa feminina. A taxa de actividade dos homes é do 68,8% na A.M. e do 64,6% na Comarca, mentres que estas taxas para as mulleres son do 47,7% e do 42,7% respectivamente. É importante salientala relativamente elevada taxa de actividade da poboación feminina na comarca de A Coruña, especialmente na A.M., superior as medias provincial e galega en máis de 3 e 8 puntos, confirmando a capacidade de absorción da incorporación da muller ó traballo que presenta esta comarca.

Na análise do A.M. destacan as taxas de actividade superiores á media nos municipios de: Arteixo, Cambre e Culleredo (60%) que tamén presentan as maiores taxas de actividade feminina. No conxunto comarcal, as taxas de actividade dos municipios de Oleiros e A Coruña son máis elevadas que as medias provincial e galega. Pola contra, os municipios de Abegondo, Bergondo e Carral xunto con Sada, presentan as menores taxas de actividade, que non superan a media provincial. Nestes municipios tamén son menores as taxas de actividade en ambos sexos, e a taxa de actividade feminina está moi por debaixo da media provincial.

Neste marco, o municipio de Oleiros presenta elevadas taxas de actividade para o total da poboación activa e por sexos, por riba das medias comarcal, provincial e galega, destacando a elevada taxa de actividade das mulleres (46,5%) que supera en sete

puntos a media provincial, en seis puntos a media galega e en catro puntos a media comarcal.

CADRO Nº 8: TAXAS DE ACTIVIDADE. 2001.

Ámbitos	Taxa de actividade (%)		
	Total	Homes	Mulleres
Oleiros	56,0	66,1	46,5
Arteixo	60,4	72,4	48,6
Cambre	60,4	71,9	49,5
Coruña (A)	52,6	62,2	44,5
Culleredo	60,0	71,2	49,6
Total A.M.	57,9	68,8	47,7
Abegondo	48,4	57,1	39,9
Bergondo	48,5	59,9	37,7
Carral	48,6	62,8	35,1
Sada	49,8	61,9	38,3
Total Comarca	53,3	64,6	42,7
Provincia	50,0	61,6	39,5
Galicia	50,6	61,5	40,6

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001. Datos provisionais.

Elaboración propia.

A análise da situación laboral da poboación activa reflicte a dinamicidade da comarca de A Coruña, especialmente da súa Área Metropolitana. As taxas de ocupación destes ámbitos de análise son moi superiores as medias provincial e galega, en tódolos municipios da A.M. para o total da poboación activa, pero tamén por sexos. Destaca a taxa de ocupación das mulleres que no conxunto da A.M. chega o 40% fronte as taxas provincial e galega do 33%.

Por municipios, Cambre, Culleredo, Arteixo e Oleiros, presentan taxas de ocupación superiores as medias comarcais para o conxunto da poboación activa e por sexos.

No marco comarcal, en Oleiros destaca a elevada taxa de ocupación da poboación feminina (39%).

CADRO Nº 9: TAXAS DE OCUPACIÓN. 2001.

Ámbitos	Total	Homes	Mulleres
Oleiros	49,2	60,1	39,0
Arteixo	52,6	65,8	39,6
Cambre	53,8	67,1	41,3
Coruña (A)	45,2	54,9	36,9
Culleredo	53,4	65,9	41,7
Total A.M.	50,8	62,8	39,7
Abegondo	42,4	52,9	32,2
Bergondo	43,1	54,7	32,0
Carral	44,4	58,4	31,0
Sada	43,4	56,1	31,4
T. Comarca	47,1	59,2	35,7
Provincia	43,7	55,6	33,0
Galicia	43,4	55,2	32,7

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Elaboración propia.

A análise das taxas de paro confirma os datos de ocupación. A taxa de paro na comarca de A Coruña é inferior as medias provincial e galega para o total da poboación activa e para a poboación activa masculina, nembargantes e semellante a taxa de paro das mulleres na comarca e na provincia e Galicia, indicando un atraso na capacidade de resposta de incorporación das mulleres ó traballo.

Por municipios, as taxas de paro máis baixas preséntanse en Carral, Cambre, Culleredo e Bergondo. Os municipios con menores taxas de paro na poboación activa masculina son: Cambre, Abegondo, Carral e Culleredo. As menores taxas de paro nas mulleres son as de: Carral, Bergondo e Culleredo.

Oleiros presenta taxas de paro superiores ás medias comarcal para o conxunto da súa poboación activa e para os homes, pola contra, a taxa de paro das mulleres activas é inferior ás medias comarcal, provincial e galega.

CADRO Nº 10: TAXAS DE PARO. 2001.

Ámbitos	Total	Homes	Mulleres
Oleiros	12,1	9,1	16,2
Arteixo	12,9	9,1	18,5
Cambre	10,9	6,7	16,5
Coruña (A)	14,1	11,6	17,1
Culleredo	11,1	7,5	15,9
Total A.M.	12,2	8,8	16,8
Abegondo	12,4	7,5	19,3
Bergondo	11,2	8,7	15,0
Carral	8,7	7,1	11,5
Sada	12,8	9,4	18,0
T. Comarca	11,7	8,5	16,4
Provincia	12,6	9,8	16,6
Galicia	12,6	9,9	16,4

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001. Elaboración propia.

A análise da distribución da poboación ocupada por sectores de actividade reflicte o cambio xeral que experimentou a estrutura da actividade económica galega, no senso de perder peso o sector primario, en menor medida a Industria, e pasar a concentrarse o crecemento nos Servicios.

Este cambio que vén producíndose dende os anos 80, continuou con elevado ritmo nos 90 e a distribución da poboación ocupada presenta tales cambios no conxunto galego, con maior grado de concentración no sector terciario no marco provincial e aínda máis acusado foi o cambio na comarca de A Coruña e na súa A.M.

Na comarca coruñesa a poboación ocupada no sector primario ten unha presenza pouco significativa (2,4%) que reduciuse drasticamente nos anos 90, moi por debaixo das medias provincial (9,4%) e galega (10,9%). Este porcentaxe na A.M. de A Coruña aínda é menor e cífrase no 2%.

A poboación ocupada na Industria e a Construción tivo un comportamento diferente. Mentres o inicio dos anos 80 a Comarca e A.M. de A Coruña tiña un maior porcentaxe de poboación ocupada na Industria que a media provincial e galega, na década dos 90 a situación tornase a inversa, se ben con poucas diferencias e sendo sempre superior ó 30% este porcentaxe en tódolos ámbitos de análise. Pero no ano 2001, mentres Galicia e a provincia de A Coruña presentan na Industria e Construción, máis do 30% da súa poboación ocupada, a comarca e A.M. de A Coruña reducen este porcentaxe o 25,2% e 24,6% respectivamente. A tendencia xeneralizada en Galicia de concentración do emprego nos Servicios, prodúcese con maior intensidade na comarca coruñesa.

Loxicamente o resultado foi que o sector terciario, receptor do crecemento, experimentou unha notable concentración na comarca e A.M. coruñesas pasando a concentrar o 72,4% e 73,4%, respectivamente, da poboación ocupada.

CADRO Nº 11: EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES DE ACTIVIDADE. 1981-2001.

Ámbitos	Sectores de Actividade. Evolución. (%). 1981-2001								
	Primario			Industria e Construcción			Servicios		
	1981	1991	2001	1981	1991	2001	1981	1991	2001
Oleiros	16,4	8,5	3,1	34,7	34,6	24,0	48,9	56,9	72,9
Arteixo	12,8	8,6	3,0	57,7	51,7	46,7	29,5	39,7	50,3
Cambre	13,0	8,0	2,4	44,7	43,4	32,4	42,5	48,6	65,2
Coruña (A)	2,9	3,6	1,6	31,7	28,5	20,8	65,5	68,0	77,6
Culleredo	3,6	5,2	2,4	51,9	43,7	30,9	44,4	51,0	66,7
TOTAL A.M.	4,5	4,4	2,0	34,5	31,5	24,6	61,0	64,1	73,4
Abegondo	48,1	44,7	15,4	32,7	33,6	37,3	19,2	21,7	47,3
Bergondo	26,5	21,5	5,4	36,1	40,8	32,1	37,4	37,5	62,5
Carral	42,3	18,8	7,5	32,4	42,3	40,3	25,3	38,8	52,2
Sada	30,6	14,3	6,4	34,2	37,0	28,2	35,2	48,7	65,4
T. COMARCA	7,3	5,9	2,4	34,4	32,0	25,2	58,3	62,1	72,4
Provincia	30,4	19,1	9,4	30,2	32,9	30,5	39,4	48,0	60,1
Galicia	39,3	23,8	10,9	27,7	31,2	30,9	33,0	45,0	58,2

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Elaboración propia.

Por municipios, no marco comarcal, destaca o peso que aínda ten o sector primario en Abegondo, e o forte peso da Industria en Arteixo.

Na A.M. de A Coruña, tamén os municipios de Cambre e Culleredo presentan maior concentración de emprego na Industria ca media da A.M.

Tendo en conta o conxunto comarcal, tódolos municipios, exceptuando A Coruña e Oleiros, presentan un porcentaxe de poboación ocupada na Industria e Construcción superior á media, pola contra, son os municipios de A Coruña e Oleiros os que concentran maior proporción de poboación ocupada no sector Servicios.

CADRO Nº 12: DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN OCUPADA POR SECTORES DE ACTIVIDADE (%). 2001.

Ámbitos	Sectores de Actividade		
	Primario	Industria e Construcción	Servicios
Oleiros	3,1	24,0	72,9
Arteixo	3,0	46,7	50,3
Cambre	2,4	32,4	65,2
Coruña (A)	1,6	20,8	77,6
Culleredo	2,4	30,9	66,7
TOTAL A.M.	2,0	24,6	73,4
Abegondo	15,4	37,3	47,3
Bergondo	5,4	32,1	62,5
Carral	7,5	40,3	52,2
Sada	6,4	28,2	65,4
T. COMARCA	2,4	25,2	72,4
Provincia	9,4	30,5	60,1
Galicia	10,9	30,9	58,2

Fonte: IGE. Censos de poboación e vivendas 2001.

Elaboración propia.

Nestes marcos comarcal e metropolitano, o municipio de Oleiros tamén experimentou a mesma traxectoria aínda que con ritmo máis elevado na última década. Este proceso permitiulle que actualmente o peso dos Servicios no conxunto da poboación ocupada sexa do 73%, semellante á media da A. M. e soamente superado polo municipio capital.

2.1.4. Estructura empresarial.

O estudo das principais empresas comarcais axúdanos a perfilar tanto a estrutura tradicional da economía local, como as novas tendencias.

Utilizámo-la base de datos Ardán, elaborada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo, no que se ofrece información sobre as 11.500 empresas de maior facturación de Galicia e o norte de Portugal a través das contas depositadas nos correspondentes Rexistros Mercantís. Exclúense da mostra, polo tanto, as empresas de baixa facturación e tamén aquelas que, pola súa forma societaria, non teñen a obriga de presenta-la súa documentación nestes Rexistros.

Se analizámo-las principais empresas radicadas na comarca, observamos que o municipio que alberga o maior número de empresas e empregados é A Coruña, o que se entende desde o seu propio papel de centro focalizador da comarca e que concentra moi boa parte do emprego da poboación que alimenta o crecemento demográfico dos municipios limítrofes.

CADRO Nº 13: DATOS BÁSICOS DA ECONOMÍA DA COMARCA DA CORUÑA

	1997			2002		
	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN Miles €	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN Miles €
OLEIROS	59	817	28.563	93	1.451	242.276
A CORUÑA	1.133	24.584	2.918.251	1.345	28.887	8.554.038
COMARCA	1.539	36.248	5.339.129	2.037	57.751	13.748.115
GALICIA	7.500	164.406	19.639.657	9.012	224.193	38.970.560

Fte.: ARDÁN 1997-2002. Elaboración propia.

CADRO Nº 14: PESO RELATIVO DE OLEIROS NA SÚA COMARCA

	1997			2002		
	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN	EMPRESAS	EMPREGO	FACTURACIÓN
<u>OLEIROS COMARCA</u>	3,8%	2,26%	0,53%	4,6%	2,5%	1,8%
<u>A CORUNA COMARCA</u>	73,6%	67,8%	54,7%	66,0%	50,0%	62,3%
<u>COMARCA GALICIA</u>	20,5%	22,1%	27,2%	22,6%	25,8%	35,3%

Fte.: ARDÁN 1997-2002. Elaboración propia.

A actividade económica do municipio da Coruña ten un enorme peso no conxunto da comarca, como podemos ver no cadro nº 13. Na Coruña concéntranse o 66% das empresas da comarca, o 50% dos empregos, e o 62,3% da facturación.

Se observámo-lo comparativo entre os anos 1997 e 2002 apréciase que a comarca, pese a non incrementar significativamente o peso na estrutura empresarial galega en

número de empresas, si o fai en emprego e, en maior medida, no nivel de facturación das empresas domiciliadas nela.

O número de empresas incrementouse en 2,1 puntos, o emprego en 3,7 e a facturación en 8,1 puntos.

En canto ó peso de Oleiros na comarca vemos que este se incrementou en emprego, número de empresas e facturación. Este aumento xeneralizado, vincúlase ó desenvolvemento económico que está tendo desde principios da década dos 90. No municipio, o número de empresas medra máis dun 50% no período 95-00, o número de empregados pasa de 817 a 1.451 no mesmo período e a facturación 1997-2002 pasou a multiplicar por 8,5 a do ano 95.

Se analizámo-lo conxunto da comarca tomando como referencia as 20 empresas con maior facturación no ano 1999, vemos que se localizan todas na Coruña e Arteixo, e para encontra-la primeira en Oleiros temos que chegámonos ata a posición 43.

Se analizámo-las empresas por número de empregados observamos que as 20 primeiras da comarca acollen 18.824 empregados, o que supón o 32,6% do total comarcal. Case que tódalas empresas están radicadas na Coruña e Arteixo, tan só a que ocupa a posición 3 está radicada en Sada (1.064 empregados, Norcontrol, S.A.). En Oleiros, a primeira por número de empregados está no número 41 con respecto á comarca (CTM Montajes S.L., 175 empregados).

Outra fonte de consulta máis rigorosa para a análise do número de traballadores por conta allea é a relación dos inscritos no rexistro da Seguridade Social do ano 2001. O número total de traballadores na comarca é de 129.363 dos que o 3,0% traballan en centros radicados no municipio de Oleiros.

En canto ó número de centros de traballo, acadan un total de 16.213, situándose no municipio de Oleiros case que o 5,0% (832 empresas).

2.2. SITUACIÓN DO PLANEAMENTO URBANÍSTICO NOS MUNICIPIOS LIMÍTROFES E DO ORDENAMENTO TERRITORIAL OU SECTORIAL

Dentro da análise comarcal ten especial interese o estudo do planeamento urbanístico nos municipios limítrofes co de Oleiros, así como do planeamento provincial ou autonómico e demais determinacións de alcance territorial relacionadas coas competencias das administracións que lle afecten, para os efectos da coordinación das liñas básicas planteadas.

A tal efecto cómpre mencionar, en primeiro lugar, a declaración como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais mediante Decreto 72/2004 de 2 de abril, onde se recolle entre outras zonas, o ámbito da Costa de Dexo, que abrangue parte do territorio costeiro do municipio de Oleiros. Esta declaración incrementa a anterior delimitación do proposto na Rede Natura 2000, incluíndo os cantís e o territorio circundante entre o Faro de Mera e a enseada de Canaval e o Porto de Lorbé. Igualmente existe unha declaración como monumento natural para O Seixo Branco, incluído no ámbito anterior.

En canto ó planeamento xeral dos municipios limítrofes o seguinte cadro permite observa-lo estado actual.

CADRO Nº 15: ESTADO DE PLANEAMENTO DOS MUNICIPIOS LIMÍTROFES DE OLEIROS

MUNICIPIO	FIGURA DE PLANEAMENTO EN VIGOR	DATA APROBACIÓN DEFINITIVA	PUBLICACIÓN	OBSERVACIÓNS
A CORUÑA	P.X.O.M.	22.10.98	BOP. 14.11.98	
CULLEREDO	P.X.M.	29.07.87	BOP. 09.09.87	En redacción Plan Xeral
CAMBRE	N.S.M.P.	14.05.94	BOP. 27.09.94	En redacción Plan Xeral
SADA	N.S.M.P.	10.01.97	BOP. 01.02.97	En redacción Plan Xeral

Como se pode observar existe unha variedade de situacións, onde destacan a obsolescencia do tipo de planeamento vixente en Cambre e Sada (Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal) ou a antigüidade do existente no Concello de Culleredo con dezasete anos de vixencia. Igualmente, nunha análise máis polo miúdo debe mencionarse a renuncia que o último Plan Xeral da Coruña (1998) fai da compoñente metropolitana da planificación.

En canto ós ámbitos de contacto, nos planeamentos da Coruña e Culleredo o elemento de contigüidade con Oleiros constitúeo a Ría do Burgo e o Río Mero, co que a incidencia das diferentes clasificacións de solo que se establecen afectan en menor medida á hora da coordinación de planeamentos.

Sen embargo, convén analiza-lo proceso de crecemento no contorno do fondo da ría, no que participan os municipios de Cambre, Culleredo e Oleiros, posto que no desenvolvemento dos planeamentos tivo un efecto diferente.

En Cambre desenvolveuse no enclave do Temple, ó norte da vella ponte do Burgo, unha bolsa de alta densidade e escasa calidade urbana e dotacional, á que as Normas Subsidiarias viron a dar cobertura legal. Culleredo aprobou no seu día un Plan Xeral de escasa cualificación, recollendo un conxunto de ordenacións residenciais, densas e pouco trabadas como tecido urbano, situadas a todo o longo da marxe sur da estrada de Fonteculler-Acea de Ama-O Burgo, planteándose dúas actuacións de porte estrutural entre a estrada e o bordo da ría. Trátase do desenvolvemento do SUNP área 3, residencial, sobre os terreos da antiga CROSS e, dos Plans Especiais 1 e 2 sobre os bordos húmidos da ría, e onde como fío conductor estableceuse un potente paseo marítimo continuo. Estes desenvolvementos acadaron, ben que mal, a configurar un amplo espazo de atracción comarcal sobre a base da recuperación para o uso público do bordo da ría, a implantación de actividades terciarias especializadas e incorporando, no que á área residencial se refire, elementos de significación arquitectónica no fondo da ría.

Por outra parte neste contorno semella razoable plantearse na actualidade outros temas de estrutura de comunicación e transporte, tales como a mellora de sección da estrada, conexión entre marxes da ría e coa Autoestrada, reordenación e modernización do FFCC, cuestións todas elas inéditas no planeamento vixente e que dificultan actuacións de coordinación.

Á outra marxe da ría a ordenación de Oleiros, caracterizada por unha proposta cautelara en canto á clasificación de solo e de baixo impacto volumétrico no regulado, permitiu que no presente se incorporaran ó desenvolvemento pezas vacantes e de uso obsoleto que, lidas na perspectiva do conxunto, permitiron a súa consideración como áreas de oportunidade metropolitana na medida en que o seu vencellamento funcional e programático se adopte nunha perspectiva de todo o fondo da ría e en relación ó sistema de ordenación dos seus cruces viarios.

Máis concreción teñen a efectos de coordinación planificatoria a clasificación e ordenación establecida polas Normas de Cambre e Sada, que teñen solo contiguo ó de Oleiros. No caso de Cambre, a contigüidade prodúcese pola banda sur, dos que o contacto polo sudoeste é o núcleo do Temple, xa analizado con anterioridade presentan unha maior complexidade. No resto do perímetro sur de contacto establécese maioritariamente unha banda de solo rústico común agás no contacto co solo urbano de

núcleo rural da Gándara, un enclave industrial, e o ámbito de solo non urbanizable de núcleo rural, seguindo a traza da autopista A-9 que actúa como barreira.

Como implantacións significativas pola proximidade ó límite destacan no noroeste de Cambre as áreas urbanizables industriais do Espírito Santo, xa desenvolvidas parcialmente. Igualmente o planeamento reserva unha área de tamaño considerable para unha expansión residencial de baixa densidade (SAU-BD-5).

A comezos desta década Cambre iniciou a tramitación dun novo Plan Xeral, tramitación, que nestes momentos se atopa paralizada trala entrada en vigor da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

No caso de Sada o perímetro de contacto constitúe unha ampla banda norte-sur que acada os 8 Km aproximadamente. Para esta banda, as vixentes Normas establecen as seguintes clasificacións:

- . No norte clasifícase como solo de núcleo rural de Cirro contiguo a Lorbé. O resto do solo está clasificado como solo rústico normal ou protexido.
- . No centro prodúcese a contigüidade e prolongación dos núcleos da Hedreira e Muíño do Vento-Os Tornos, clasificándose o resto como solo rústico.
- . Na banda sur concéntranse unha sucesión de solos rústicos aptos para urbanizar residenciais e industriais, estes últimos situados a carón da traza da N-VI.

Indicar que no ano 1999 se aprobou un documento impulsado polo Consello de Oleiros de ordenación da Franxa do Termo Municipal de Oleiros incorporada como resultado do deslinde resultante do Decreto 168/1997, establecéndose unha coordinación entre determinacións de planeamento.

Dito todo o anterior indicar que na actualidade se abren unhas perspectivas novas de coordinación e colaboración interadministrativas. Coordinación en canto neste momento se atopan en proceso de formación do planeamento, á parte do propio de Oleiros, os Concellos de Sada, Cambre e Culleredo. Colaboración toda vez que estanse a proxectar Plans Sectoriais Supramunicipais sobre os que poder establecer un diálogo interadministrativo máis rico.

O máis importante destes plans é o Plan Sectorial do Viario Comarcal, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, e que supón un marco de coordinación das novas accesibilidades rodadas capaz de introducir unha nova lectura do territorio comarcal a

través da execución de 74,5 novos quilómetros de vías dos que 14,5 km son de autovías, 21,8 km de vías rápidas e 38,2 de estradas convencionais. A análise de pormenor deste Plan Sectorial realízase no apartado correspondente da presente Memoria.

Por último, e de incidencia igualmente no territorio municipal, destaca-la aprobación en data 31 de xullo de 2001 do Plan Director do Aeroporto da Coruña por Orde do Ministerio de Fomento (BOE de 13 de setembro) e que entre as súas determinacións establece unha serie de servidumes aeronáuticas, revisadas mediante Resolución do “Secretario General de Transportes” de 6 de outubro de 2006.

Neste sentido o Plan Director propón unha diminución da barreira de ruído de tal xeito que a establecida afecta a ámbitos de recente desenvolvemento urbanístico, e consolidado nos seus usos residenciais, polo que a aplicación de dita afección non vén máis que a representar unha sobredeterminación en relación ó incremento da súa capacidade residencial, inadecuación para a instalación de novas dotacións de carácter sanitario ou docente, ou sobre a obrigatoriedade de dotar dun maior illamento acústico ás edificacións.

A.2. A POBOACIÓN MUNICIPAL

1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL. A SÚA RELACIÓN COMARCAL

O Termo Municipal de Oleiros situado na primeira coroa da Comarca da Coruña, con fronte ás Rías da Coruña e Ares, nunha posición norcentral na provincia do mesmo nome, ten unha extensión de 43,8 Km².

A súa poboación medrou dun xeito paulatino e continuado nas últimas décadas, gañando peso demográfico dentro da comarca e da provincia polos fenómenos de expansión da cidade real cara a súa área inmediata, en detrimento das áreas máis afastadas á cidade, que perden poboación, tal e como xa se analizou nos apartados precedentes sobre a comarca metropolitana.

Segundo os datos reflectidos na Información Urbanística do Plan Xeral de 1997, en 1991, e exceptuando o dato distorsionante da Coruña, Oleiros concentraba o 29,4% da poboación da área metropolitana sobre o 17,9% da súa superficie, superando a súa densidade a media do conxunto dos catro municipios (Oleiros, Arteixo, Cambre e Culleredo).

Esta traxectoria de concentración da poboación é común no conxunto da área metropolitana. Así a súa densidade no 2001 medrou ata os 622,19 hab/Km², incrementándose o seu peso na área metropolitana ata o 29,6% da poboación dos catro Concellos.

Desde 1970, Oleiros medra demograficamente dun xeito continuado, crecemento que se mantén nos últimos dous anos. Así, nos últimos 22 anos a poboación do municipio case que se duplica, incrementándose a súa densidade dun xeito continuo como xa se analizou en apartados anteriores.

CADRO Nº 16: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN MUNICIPAL. 1981-2001.

Ámbitos	1981	1986	1991	1996	2001
Oleiros	15.039	16.280	18.480	23.057	27.252

Fonte: IGE. Censos de Poboación Padróns Municipais de Habitantes.

CADRO Nº 17: EVOLUCIÓN DA PARTICIPACIÓN RELATIVA

Participación	1981	1991	2001
Oleiros/ A.M.	5,3	6,0	8,3
Oleiros/A.M. sen A Coruña	28,8	29,4	29,6
Oleiros/ Comarca	4,9	5,5	7,6
Oleiros/ Comarca sen A Coruña	19,4	21,0	22,6
Oleiros/ Provincia	1,4	1,7	2,5

Fonte: IGE.Censos de Poboación. Elaboración propia.

Como compoñentes da dinámica demográfica destaca no caso de Oleiros a producida polos fluxos migratorios, seguindo a tendencia xeral observada en toda Galicia desde a segunda metade da década dos 70, na que se iniciou unha forte caída da natalidade. De tódolos xeitos, no Concello de Oleiros, debido en grande parte ó fluxo migratorio, o crecemento vexetativo mantense con signo positivo ó longo da última década, debido fundamentalmente ó traslado de parellas xoves que afincan a súa residencia no termo municipal.

Así, o Concello de Oleiros recibe na década 91-01, 7.772 habitantes que en parte proceden da Cidade Central, que na mesma década perde 10.992 habitantes debido ós seus fluxos migratorios, que emigran fundamentalmente ós municipios veciños.

Sobre esta base, a evolución da poboación do municipio -igual que a dos restantes da área metropolitana agás o central- estivo marcada de forma decisiva polos fluxos migratorios e polas oscilacións que estes experimentaron. Así, se o crecemento vexetativo supón só o 12,9% do crecemento demográfico ó longo da primeira parte da década (91-95), esta porcentaxe diminúe drasticamente se o período considerado é o segundo (96-01). Nel o crecemento vexetativo só supón o 5,2% do crecemento demográfico.

No caso do Concello de Oleiros mantense ata a actualidade este fluxo. Se no primeiro quinquenio gañaba 3.794 habitantes, no segundo período, mantense o mesmo crecemento ou lixeiramente superior, 3.978 habitantes.

CADRO Nº 18: CRECEMENTO REAL DE POBOACIÓN, CRECEMENTO VEXETATIVO E SALDO MIGRATORIO EN OLEIROS E COMARCA 1991-2001.

ÁMBITOS	1991-1995			1996-2001		
	CREC. REAL	CREC. VEXET.	SALDO MIGRATORIO	CREC. REAL	CREC. VEXET.	SALDO MIGRATORIO
Oleiros	4.577	783	3.794	4.195	217	3.978
A Coruña	-3.168	2.513	-5.681	-7.406	-2.165	-5.241
Arteixo	2.967	-1.116	4.083	2.408	4	2.404
Cambre	2.462	-3.234	5.696	4.470	508	3.962
Culleredo	3.882	-2.036	5.918	3.835	596	3.239
TOTAL A.M.	10.720	-3.090	13.810	7.502	-840	8.342
Abegondo	1	-605	606	262	-250	512
Bergondo	340	-729	1.069	491	-249	740
Carral	-45	-263	218	52	-141	193
Sada	1.062	788	2.740	1.467	-169	1.636
TOTAL COMARCA	12.078	-3.899	15.977	9.774	-1.649	11.423

Fte.: IGE. Padróns Municipais de Poboación. Elaboración propia.

En conclusión, o municipio de Oleiros, igual que os da primeira coroa da Coruña constituíronse nos principais receptores da poboación que chegou á área metropolitana da Coruña, así como daqueles habitantes que abandonaron a cidade central e se trasladaron a estes municipios.

CADRO Nº 19: SALDO MIGRATORIO NA COMARCA DE A CORUÑA 1991-2001.

MUNICIPIOS	1991	1992	1993	1994	1995	1996	1997	1998	1999	2000	2001	1991-1995	1996-2001	1991-2001
OLEIROS	239	832	864	1.044	815	378	728	855	691	863	463	3.794	3.978	7.772
A CORUÑA	639	208	26	-553	-760	-720	-1.157	-1.341	-2.137	-412	526	-5.681	-5.241	-10.922
ARTEIXO	215	184	378	475	427	201	263	349	355	580	656	4.083	2.404	6.487
CAMBRE	126	272	325	450	561	665	835	583	617	689	573	5.696	3.962	9.658
CULLEREDO	255	804	554	475	591	185	268	268	924	1.069	525	5.918	3.239	9.157
TOTAL A.M.	1.474	2.300	2.147	1.891	1.634	709	937	714	450	2.789	2.743	13.810	8.342	22.242
ABEGONDO	44	7	-13	-17	73	36	58	77	140	128	73	606	512	1.118
BERGONDO	15	55	33	101	125	45	123	180	181	108	103	1.069	740	1.809
CARRAL	13	-2	42	-6	-22	24	34	65	21	15	34	218	193	411
SADA	191	208	200	293	212	59	244	272	358	358	345	2.740	1.636	4.376
TOTAL COMARCA	1.737	2.568	2.409	2.262	2.022	873	1.396	1.308	1.150	3.398	3.298	18.443	11.423	29.866

MUNICIPIOS	MEDIA 91-95 ANUAL	MEDIA 96-01 ANUAL
OLEIROS	758,8	663,0
A CORUÑA	-1.136,2	-873,5
ARTEIXO	816,6	400,7
CAMBRE	1.139,2	660,3
CULLEREDO	1.183,6	539,8
TOTAL A.M.	2.762,0	1.390,3
ABEGONDO	121,2	85,3
BERGONDO	213,8	123,3
CARRAL	43,6	32,2
SADA	548,0	272,7
TOTAL COMARCA	3.688,6	1.903,8

(*) Non se inclúe a emigración estranxeira.

Fte.: IGE. Estatística de Variacións Residenciais. Elaboración propia.

A Comarca da Coruña presenta unha media anual do saldo migratorio no quinquenio 91-95 de 3.688,6 habitantes, que se concentra maioritariamente na área metropolitana. No segundo quinquenio analizado, 96-01, descende á media de 1.903,8 habitantes por ano que se seguen concentrando maioritariamente na área metropolitana. De tódolos termos da área metropolitana no primeiro quinquenio, os de Culleredo e Cambre son os que máis habitantes reciben. En cambio, no segundo quinquenio analizado, son os municipios de Cambre e Oleiros os de maior acollida.

Indicar que no caso de Oleiros, a media anual entre 1991 e 2001 mantense con bastante estabilidade, co que se confirma o poder de atracción que ten o municipio.

2. DISTRIBUCIÓN ESPACIAL DA POBOACIÓN. AS PARROQUIAS E OS NÚCLEOS

Para a análise da distribución da poboación no termo municipal, usamos os datos dos Censos de Poboación 81, 91 e 2001 e o Padrón Municipal do 2003.

Nun contexto municipal de elevado crecemento demográfico que foi constante desde os anos 60, cabe destacar que tódalas parroquias experimentaron un crecemento de poboación entre os anos 1981 e 2001, incremento que se mantén en todas elas entre os anos 2001-2003.

Estes incrementos varían na década 91-01 entre os máis baixos da parroquia de Oleiros (15,02% decenal) e os máis fortes de Dorneda (127,57%), Liáns (94,46%), Iñás (49,53%) e Maianca (49,05%).

Analizando a evolución demográfica desde os 70 ata a actualidade, comentábase no diagnóstico do Plan Xeral de 1997, que era moi subliñable o notable crecemento e o elevado ritmo co que se produciu a expansión de Perillo. Esta parroquia seguiu medrando, incrementando a súa poboación na década 1991-2001, aínda que dun xeito máis moderado, fronte ás comentadas no parágrafo anterior.

Tamén foi subliñable o crecemento acelerado de Liáns, que na década 81-91 superaba o crecemento de Perillo, constante que se amplifica na década 1991-2001.

Na última década a parroquia que máis medra é a de Dorneda, que no ano 2001 multiplica por 2,3 a súa poboación do 1991.

No ano 2003, o 23,75% da poboación localízase en Perillo, aínda que esta porcentaxe diminuíu desde 1991, debido a que o crecemento demográfico se distribuíu nos últimos anos polo resto do municipio.

A parroquia de Liáns foi gañando peso porcentual nas últimas décadas, concentrando no 2003 o 26,12% da poboación sobre o 15,1% do territorio municipal.

Séguenlle en peso porcentual a de San Pedro de Nós, que acolle no ano 2003 ó 13,72% da poboación municipal, sobre un 13,9% do territorio.

A continuación, a de Dorneda, que cun territorio similar acolle o 11,59% da poboación municipal.


As restantes cinco parroquias que teñen un territorio de 51,2% albergan o 24,82% da poboación municipal.

O desenvolvemento sufrido polas parroquias de Liáns, Perillo e Dorneda débese ó pulo edificatorio das últimas décadas que concentraron nela unha ampla oferta residencial. En Perillo, a execución das urbanizacións de Agramar, Beiramar, Rúa do Areal ou as de Santa Cristina entre outras, confirman este desenvolvemento. En Liáns, as de Montrove, Lóngora, Porto de Santa Cruz e Icaria entre outras. En Dorneda, a de Rialta acaparou a concentración demográfica.

CADRO Nº 20: TAXAS DE CRECIMENTO DA POBOACIÓN MUNICIPAL POR PARROQUIAS

PARROQUIA	POB. FEITO		TAXAS	POB. DEREITO				TAXAS		
	1981	1991	81-91	1981	1991	2001	2003	81-91	91-01	01-03
DEXO (SANTA MARÍA)	1.071	1.090	1,77	1.073	1.093	1.348	1.376	1,86	23,33	2,08
DORNEDA (SAN MARTIÑO)	1.119	1.454	29,94	1.124	1.447	3.293	3.430	28,74	127,57	4,16
IÑÁS (SAN XURXO)	617	742	20,26	633	749	1.120	1.169	18,33	49,53	4,38
LIÁNS (SANTA EULALIA)	2.429	3.564	46,73	2.423	3.555	6.913	7.733	46,72	94,46	11,86
MAIANCA (SAN COSME)	580	639	10,17	581	630	939	984	8,43	49,05	4,79
SAN PEDRO DE NÓS (SAN PEDRO)	2.688	2.879	7,11	2.623	2.867	3.835	4.063	9,30	33,76	5,95
OLEIROS (SANTA MARÍA)	1.833	2.002	9,22	1.872	2.004	2.305	2.407	7,05	15,02	4,43
PERILLO (SANTA LOCAIA)	3.741	5.325	42,34	3.685	5.102	6.417	7.032	38,45	25,77	9,58
SERANTES (SAN XIÁN)	1.022	1.032	0,98	1.025	1.033	1.283	1.412	0,78	24,20	10,05
TOTAL MUNICIPAL	15.100	18.727	24,02	15039	18.480	27.453	29.606	22,88	48,56	7,84

Fte.: INE. IGE. Censos de Poboación. Padrón Municipal 2003. Elaboración propia.



CADRO Nº 21: EVOLUCIÓN DO PESO PORCENTUAL POR PARROQUIAS

PARROQUIA	1981	1991	2001	2003
DEXO (SANTA MARÍA)	7,13	5,91	4,91	4,65
DORNEDA (SAN MARTIÑO)	7,47	7,83	12,00	11,59
IÑÁS (SAN XURXO)	4,21	4,05	4,08	3,95
LIÁNS (SANTA EULALIA)	16,11	19,24	25,18	26,12
MAIANCA (SAN COSME)	3,86	3,41	3,42	3,32
SAN PEDRO DE NÓS (SAN PEDRO)	17,44	15,51	13,97	13,72
OLEIROS (SANTA MARÍA)	12,45	10,84	8,40	8,13
PERILLO (SANTA LOCAIA)	24,51	27,62	23,37	23,75
SERANTES (SAN XIÁN)	6,82	5,59	4,67	4,77
TOTAL MUNICIPAL	100,00	100,00	100,00	100,00

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación e Padrón Municipal 2003. Elaboración propia.

CADRO Nº 22: DENSIDADE DEMOGRÁFICA POR PARROQUIAS. 1991-2003.

PARROQUIA	SUP. Km ²		DENSIDADE			
	VA	%	1981	1991	2001	2003
DEXO (SANTA MARÍA)	5,7	13,01	188,25	191,75	236,49	241,40
DORNEDA (SAN MARTIÑO)	6,1	13,92	184,26	237,21	539,84	562,30
IÑÁS (SAN XURXO)	4,3	9,82	147,21	174,19	260,47	271,86
LIÁNS (SANTA EULALIA)	6,6	15,07	367,12	538,64	1.047,42	1.171,67
MAIANCA (SAN COSME)	3,8	8,68	152,89	165,79	247,11	258,95
SAN PEDRO DE NÓS (SAN PEDRO)	6,1	13,92	430,00	470,00	628,69	666,07
OLEIROS (SANTA MARÍA)	4,4	10,05	425,45	455,45	523,86	547,05
PERILLO (SANTA LOCAIA)	2,6	5,94	1.417,31	1.962,31	2.468,08	2.704,62
SERANTES (SAN XIÁN)	4,2	9,59	244,05	245,95	305,48	336,19
TOTAL MUNICIPAL	43,8	100,00	343,36	421,92	626,78	675,94

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación e Padrón Municipal 2003. Elaboración propia.

Dadas as características que presenta o crecemento de Oleiros, alimentado en boa parte polos movementos migratorios de residencia desde A Coruña, determinados núcleos actuaron como áreas de recepción preferentes e producíronse notables concentracións.

- Tal é o caso de Liáns, onde a poboación do núcleo do Porto de Santa Cruz no ano 2003 multiplica por 4 a que tiña en 1981. Este ascenso debeuse fundamentalmente á execución e enchido de varias urbanizacións, destacando polo seu tamaño a dos Regos. Igualmente o núcleo de Montrove medrou dun xeito subliñable ata case triplica-la súa poboación de 1981.

Ademais se temos en conta que na parroquia de Liáns os núcleos forman agregados que se estenden territorialmente, temos que o agregado O Porto de Santa Cruz-Coruxo de Arriba-Coruxo de Abaixo acolle o 70,3% da poboación parroquial.

- . Na parroquia de Perillo toda a poboación concéntrase no núcleo do mesmo nome, e case que se duplicou entre 1981 e o 2003.
- . Na parroquia de Dorneda é o núcleo de Arillo o que máis medra debido á execución e enchido da urbanización Rialta. A súa poboación multiplícase case que por 10 nos últimos 22 anos.
- . Na parroquia de Lñas é o núcleo do Campamento o que máis incrementa a súa poboación nos últimos 22 anos, triplicando no 2003 a súa poboación de 1981. Ademais é o núcleo que concentra a maior proporción demográfica na súa parroquia (37,6% do total parroquial).
- . Na parroquia de Oleiros é a Capital formada polo agregado de varios núcleos xa a nivel censal (A Barreira, O Castelo, O Cruceiro, A Cruz de Oleiros, O Piñeiro, A Rabadeira e o Real, ó que se engade o de Rabuñeiro), o que máis medra nos últimos 22 anos, albergando na actualidade o 41,4% do total parroquial.
- . En San Pedro de Nós é o núcleo do Vilar o que acolle na actualidade a maior porcentaxe de habitantes da parroquia (21,6%), ademais de se-lo que incrementou en maior medida a súa poboación, no período estudado posto que a poboación do 2003 máis que triplica a de 1981. Este proceso produciuse pola execución e enchido da urbanización Xardín de Nós, entre outras.

Igualmente, os núcleos de O Carballo e O Seixal acollen unha alta porcentaxe da poboación parroquial (17,5% e 15,4% respectivamente).

- . Na parroquia de Dexo é o núcleo de Lorbé o que presenta o maior peso demográfico no ano 2003 (52,9% do total parroquial), ademais de se-lo que máis incrementou a súa poboación entre os anos 1981 e 2003.
- . Na parroquia de Maianca é o núcleo da Lagoa o que igualmente ademais de albergar a maior porcentaxe de poboación da súa parroquia (33,9%), foi o núcleo que maior crecemento presenta. A xustificación aparece novamente vinculada á execución e enchido de novas urbanizacións.
- . Na parroquia de Serantes é o núcleo de Mera o que máis medrou no período analizado pasando de supoñe-lo 8,8% da poboación parroquial en 1981, a representa-lo 32,2% no ano 2003. O núcleo de Xoez, que perdeu poboación na última década, segue a se-lo núcleo que acolle ó maior número de habitantes da parroquia (35,7%).

CADRO Nº 23: EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA NÚCLEOS

	POB. FEITO		TAXAS CRECEM.	POB. DEREITO				TAXAS ANUAIS		
	1981	1991	81-91	1981	1991	2001	2003	81-91	91-01	01-03
ABA	114	119	0,44	115	119	142	132	0,35	1,93	-3,52
O CUBO	10	8	-2,00	10	8	36	46	-2,00	35,00	13,89
DEXO	306	350	1,44	307	351	401	436	1,43	1,42	4,36
LORBÉ	626	593	-0,53	626	595	717	728	-0,50	2,05	0,77
SUVIÑA	15	20	3,33	15	20	52	34	3,33	16,00	-17,31
DEXO (SANTA MARÍA)	1.071	1.090	0,18	1.073	1.093	1.348	1.376	0,19	2,33	1,04
ABELEIRAS DE ABAIXO-ABELEIRAS DE ARRIBA	195	241	2,36	195	236	284	279	2,10	2,03	-0,88
A AGUIEIRA	75	97	2,93	75	97	198	222	2,93	10,41	6,06
ARILLO	182	253	3,90	182	248	1.663	1.718	3,63	57,06	1,65
AUGARRÍO	165	219	3,27	165	215	271	267	3,03	2,60	-0,74
O BOSQUE		8			12	38	53		21,67	19,74
BREIXO	169	198	1,72	169	200	305	315	1,83	5,25	1,64
O COUTO	143	167	1,68	143	167	227	246	1,68	3,59	4,19
LOURIDO GRANDE	22	45	10,45	22	45	53	58	10,45	1,78	4,72
LOURIDO PEQUENO	69	85	2,32	73	85	101	113	1,64	1,88	5,94
SISALDO	38	74	9,47	38	74	81	89	9,47	0,95	4,94
OS TORNOS	31	31	0,00	31	32	25	29	0,32	-2,19	8,00
XAZ	30	36	2,00	31	36	47	41	1,61	3,06	-6,38
DORNEDA (SAN MARTIÑO)	1.119	1.454	2,99	1.124	1.447	3.293	3.430	2,87	12,76	2,08
O CAMPAMENTO	149	139	-0,67	152	143	421	439	-0,59	19,44	2,14
O CAMPO DA VILA	50	50	0,00	52	49	59	75	-0,58	2,04	13,56
O CAMPO DO SOUTO	40	55	3,75	40	55	62	61	3,75	1,27	-0,81
O CAÑO	80	105	3,13	80	105	115	105	3,13	0,95	-4,35
FONTES	77	132	7,14	84	132	134	153	5,71	0,15	7,09
MORZÁN	46	39	-1,52	46	39	49	61	-1,52	2,56	12,24
A RAPOSEIRA	53	91	7,17	56	93	123	127	6,61	3,23	1,63
A XESTA	122	131	0,74	123	133	157	148	0,81	1,80	-2,87
IÑÁS (SAN XURXO)	617	742	2,03	633	749	1.120	1.169	1,83	4,95	2,19
O BAÑIL	72	65	-0,97	70	65	89	91	-0,71	3,69	1,12
A CHOUANA	114	59	-4,82	116	57	134	142	-5,09	13,51	2,99
CORUXO DE ABAIXO	72	122	6,94	71	122	179	195	7,18	4,67	4,47
CORUXO DE ARRIBA	290	370	2,76	290	372	1.357	1.408	2,83	26,48	1,88
A FONTE DO ESPÍÑO	101	148	4,65	102	147	262	285	4,41	7,82	4,39
A FERRALA	164	161	-0,18	169	161	170	186	-0,47	0,56	4,71
FRANZOMEL	79	145	8,35	77	145	236	248	8,83	6,28	2,54
LÓNGORA	4	3	-2,50	4	3	11	14	-2,50	26,67	13,64
MONTROVE	586	872	4,88	597	875	1.311	1.333	4,66	4,98	0,84
O PAZO DO RÍO	37	138	27,30	38	139	485	662	26,58	24,89	18,25
PAZOS	94	60	-3,62	91	60	153	231	-3,41	15,50	25,49
O PORTO DE SANTA CRUZ	641	1.214	8,94	622	1.196	2.198	2.500	9,23	8,38	6,87
O SEIXO	167	193	1,56	168	199	281	391	1,85	4,12	19,57
VISTA ALEGRE	8	14	7,50	8	14	47	47	7,50	23,57	0,00
LIÁNS (SANTA EULALIA)	2.429	3.564	4,67	2.423	3.555	6.913	7.733	4,67	9,45	5,93
BROÑO	69	52	-2,46	69	52	96	98	-2,46	8,46	1,04
CABREIRA	207	212	0,24	207	209	255	274	0,10	2,20	3,73

	POB. FEITO		TAXAS CRECEM.	POB. DEREITO				TAXAS ANUAIS		
	1981	1991	81-91	1981	1991	2001	2003	81-91	91-01	01-03
A LAGOA	38	45	1,84	38	46	295	334	2,11	54,13	6,61
MAIANCA (NÚCLEO)	266	330	2,41	267	323	293	278	2,10	-0,93	-2,56
MAIANCA (SAN COSME)	580	639	1,02	581	630	939	984	0,84	4,90	2,40
A BARCALA	26	29	1,15	26	29	41	40	1,15	4,14	-1,22
O BATÁN	117	103	-1,20	120	105	117	117	-1,25	1,14	0,00
O CARBALLO	555	575	0,36	451	573	680	709	2,71	1,87	2,13
O COROTO	121	167	3,80	125	164	215	226	3,12	3,11	2,56
A FORTALEZA	111	97	-1,26	116	96	94	140	-1,72	-0,21	24,47
A GÁNDARA	188	215	1,44	189	218	219	234	1,53	0,05	3,42
O MESÓN DA AUGA	89	89	0,00	92	89	111	126	-0,33	2,47	6,76
SAN MARCOS	47	104	12,13	47	104	52	53	12,13	-5,00	0,96
A SEARA	34	9	-7,35	34	9	56	57	-7,35	52,22	0,89
O SEIXAL	403	425	0,55	408	419	587	625	0,27	4,01	3,24
O VALIÑO	92	84	-0,87	93	85	106	107	-0,86	2,47	0,47
A VEIGA	166	189	1,39	167	190	191	189	1,38	0,05	-0,52
VILANOVA	376	275	-2,69	384	274	382	382	-2,86	3,94	0,00
O VILAR	260	333	2,81	266	326	805	876	2,26	14,69	4,41
SARRO	103	185	7,96	105	186	179	182	7,71	-0,38	0,84
SAN PEDRO DE NÓS (SAN PEDRO)	2.688	2.879	0,71	2.623	2.867	3.835	4.063	0,93	3,38	2,97
COVO	102	90	-1,18	100	90	85	90	-1,00	-0,56	2,94
CONDÚS	40	32	-2,00	45	32	27	26	-2,89	-1,56	-1,85
A COVA	65	76	1,69	65	74	91	163	1,38	2,30	39,56
A COVADA	35	39	1,14	35	37	42	58	0,57	1,35	19,05
A HEDREIRA	134	149	1,12	140	149	166	164	0,64	1,14	-0,60
OLEIROS	781	739	-0,54	805	744	1003	997	-0,76	3,48	-0,30
AS PEDREIRAS	38	48	2,63	41	48	89	100	1,71	8,54	6,18
A PEZOCA	107	92	-1,40	101	93	149	153	-0,79	6,02	1,34
POUSADA	162	387	13,89	163	387	283	275	13,74	-2,69	-1,41
O RÍO	59	58	-0,17	61	60	60	61	-0,16	0,00	0,83
AS TORRES	48	38	-2,08	48	38	28	30	-2,08	-2,63	3,57
XUBÍN	262	254	-0,31	268	252	282	290	-0,60	1,19	1,42
OLEIROS (SANTA MARÍA)	1.833	2.002	0,92	1.872	2.004	2.305	2.407	0,71	1,50	2,21
PERILLO	3.741	5.325	4,23	3.685	5.102	6.417	7.032	3,85	2,58	4,79
PERILLO (SANTA LOCAIA)	3.741	5.325	4,23	3.685	5.102	6.417	7.032	3,85	2,58	4,79
AGRA DA PEDRA, A	91	82	-0,99	90	83	162	172	-0,78	9,52	3,09
FORNOS	22	19	-1,36	22	20	34	42	-0,91	7,00	11,76
A GÁNDARA	91	101	1,10	91	101	135	149	1,10	3,37	5,19
MERA	90	85	-0,56	90	87	404	455	-0,33	36,44	6,31
PUNXEIRO	142	135	-0,49	143	134	62	90	-0,63	-5,37	22,58
XOEZ	586	610	0,41	589	608	486	504	0,32	-2,01	1,85
SERANTES (SAN XIÁN)	1.022	1.032	0,10	1.025	1.033	1.283	1.412	0,08	2,42	5,03
TOTAL MUNICIPAL	15.100	18.727	2,40	15.039	18.480	27.453	29.606	0,23	0,49	3,92

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Padrón Municipal 2003. Elaboración propia.

Na relación censual do ano 2003 aparecen identificados 79 entidades das que trala elaboración estatística resultan 76.

Da totalidade dos núcleos de Oleiros no ano 81 soamente 1 superaba os 1.000 habitantes, 71 tiñan menos de 500 e 4 estaban comprendidos entre 500 e 999 habitantes.

No ano 2003 esta análise permite observar que creceron o número de núcleos de máis de 500 habitantes. Así, 5 núcleos superan os 1.000 habitantes, 6 están comprendidos entre 500 e 999 habitantes e os menores de 500 habitantes descenden ata os 65.

Dada a complexidade do territorio municipal e a formación de agregados por riba da división parroquial, debido á profusa ocupación do mesmo, é importante a análise dos agregados identificados no vixente Plan Xeral e que se relacionan a continuación, ademais de analiza-la súa evolución demográfica.

CADRO Nº 24: RELACIÓN DE AGREGADOS. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE DEREITO

	POBOACIÓN DEREITO				TAXAS ANUAIS MEDIAS		
	1981	1991	2001	2003	81-91	91-01	01-03
Dexo-Suviña	322	371	453	470	1,52	2,21	1,88
Xoez-Mera-Punxeiro-A Agra de Pedra-O Cubo-A Gándara-A Lagoa-A Cabreira.	1.356	1.393	1.919	2.109	0,27	3,78	4,95
Breixo-Lourido Grande.	191	245	358	373	2,83	4,61	2,09
Lourido Pequeño-Arillo.	255	333	1.764	1.831	3,06	42,97	1,90
Augarrío-O Couto.	308	382	498	513	2,40	3,04	1,51
Xaz-Abeleiras de Abaixo-Abeleiras de Arriba.	226	272	331	320	2,04	2,17	-1,66
A Agueira-Sisaldo-Porto de Santa Cruz-Coruxo de Arriba-Coruxo de Abaixo-Franzomel-O Bañil-A Ferrala.	1.412	2.232	4.508	4.939	5,81	10,20	4,78
Lóngora-A Fonte do Espiño.	106	150	273	299	4,15	8,20	4,76
Oleiros-A Hedreira-As Torres-A Pezoca-Xubín-A Covada-As Pedreiras-O Rabuñeiro.	1.403	1.326	1.724	1.757	-0,55	3,00	0,96
Pousada-Cobo.	263	477	368	365	8,14	-2,29	-0,41
O Campamento-O Caño-O Campo da Vila-O Campo do Souto-Fontes-Morzán.	454	523	840	894	1,52	6,06	3,21
San Marcos-A Gándara.	138	205	187	202	4,86	-0,88	4,01
Vilanova-O Corolo.	509	438	597	608	-1,39	3,63	0,92
O Batán-A Fortaleza-O Seixal-A Veiga-O Vilar.	1.077	1.136	1.794	1.947	0,55	5,79	4,26
O Mesón da Auga-O Carballo-A Xesta-O Valiño.	759	880	1.054	1.090	1,59	1,98	1,71
Montrove-A Choupana-Vista Alegre-Perillo.	4.406	6.048	7.909	8.554	3,73	3,08	4,08

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Padróns municipais 2001 e 2003. Elaboración propia.

O agregado que máis medra no período analizado é o de Lourido Pequeno-Arillo, debido ó grande crecemento experimentado trala execución da urbanización Rialta.

Tamén medran dun xeito continuado os agregados a carón do Porto de Santa Cruz, e de Perillo, que presenta un crecemento moi subliñable no comezo da década do 2000.

Neste inicio de década tamén presentan un crecemento anual medio importante, ademais do agregado de Perillo, os de Mera, Lóngora e o Seixal, todos eles debido ó enchido das vivendas que se foron executando por desenvolvemento do Plan.

3. PERSPECTIVAS DEMOGRÁFICAS

Tendo en conta a traxectoria demográfica da poboación de Oleiros nos últimos 30 anos, e as oscilacións experimentadas nas taxas de crecemento relativo, elaboráronse as hipóteses de proxeccións demográficas para os próximos dez anos, resultando:

1. Aplicando a taxa de crecemento menor no período analizado (taxa anual 1981-91), resulta unha poboación de 32.700 habitantes.
2. Coa taxa de crecemento anual media entre 1981-2001, obtívose unha poboación de 35.000 habitantes.
3. Coa taxa de crecemento anual medio 1971-2001, alcanzaríase unha poboación de 37.500 habitantes.
4. Coa taxa de crecemento anual da última década 1991-2001, que foi a maior do período analizado, resulta unha poboación próxima ós 40.000 habitantes.

Tendo en conta que a ralentización da taxa de crecemento vai producirse de forma gradual e como mínimo a final dos próximos dez anos, manterase unha taxa semellante a da década de menor crecemento, a cifra máis axeitada de evolución previsible, sitúase en torno a 36.000 habitantes dentro de dez anos.

A.3. A VIVENDA. EVOLUCIÓN, DISTRIBUCIÓN E CARACTERÍSTICAS DA PROMOCIÓN INMOBILIARIA

1. EVOLUCIÓN DA VIVENDA NO MUNICIPIO


Segundo se analizaba na información urbanística do Plan Xeral de 1984 o crecemento do parque de vivendas nas décadas 70 e 80 reproducía amplamente o seu crecemento demográfico de tal xeito que case que o chegaba a duplicar.

Nas seguintes décadas 81-91 e 91-01 o ritmo de incremento é do 26% e do 29,7%, valores que van máis compasados co crecemento demográfico no período 81-91, e se ven superados por este na última década (cadro nº 26).

CADRO Nº 25: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN E DAS VIVENDAS NO TERMO MUNICIPAL DE OLEIROS

	1950	1960	1970	1981	1991	2001
POBOACIÓN	10.564	10.310	10.704	15.039	18.480	27.252
Nº vivendas	2.757	3.038	4.343	8.679	10.934	14.181
Índice Poboación	100	98	101	142	175	258
Índice vivendas	100	110	158	314	396	514


Fte.: INE, IGE. Censos de Poboación e vivenda. Elaboración propia.



Fte.: INE. IGE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

CADRO Nº 26: INCREMENTO PORCENTUAL DECENAL

	POBOACIÓN	VIVENDAS
1950-1960	- 2,4	10,2
1960-1970	3,8	43,0
1970-1981	40,5	99,8
1981-1991	22,8	26,0
1991-2001	47,5	29,7



Fte.: INE. IGE. Censos de Poboación e Vivenda. Elaboración propia.

O parque de vivendas desenvólvese notablemente nos anos 70 e 80 a un ritmo moi superior ó crecemento demográfico, pero a tendencia corríxese na última década na que o crecemento demográfico en porcentaxe superou ó do parque residencial, co que se absorbeu parte do remanente de vivendas das décadas anteriores posto que tamén diminuíu significativamente o número de vivendas baleiras (15,8% no ano 2001 fronte ó 26,8% do ano 1981).

O saldo da década dos 80 referido ó crecemento de vivendas fronte ó demográfico, é tal que as vivendas creceron 3,2 puntos porcentuais por enriba do crecemento demográfico. Na década dos 90, sen embargo, a poboación incrementábase 17,8 puntos porcentuais por enriba do crecemento residencial co que, analizando os índices da evolución da poboación e das vivendas, obsérvase que se nos anos centrais do século produciuse unha dispersión continua entre o crecemento das dúas variables, na última década o crecemento acompañase de xeito que as variables se aproximan.

Esta aproximación dos índices apóiase sobre un axeitado desenvolvemento acadado desde a redacción do Plan Xeral de 1997, e incluso xa se empezan a nota-los seus

efectos na metade da década dos 80, froito da canalización que se lle deu á edificación trala redacción do Plan Xeral de 1984 (ver cadro 25).

Na análise da relación entre a evolución dos incrementos porcentuais das vivendas e da poboación, descóbrese este factor comentado dun xeito máis potente.

Se nas décadas dos 50, 60 e 70 a porcentaxe de vivendas incrementábase a un ritmo moi superior ó da poboación, na década dos 80 caen ámbalas dúas porcentaxes aínda que dun xeito máis forte a das vivendas. Na década dos 90, o incremento porcentual das vivendas non supera ó demográfico.

Indicar que todas estas conclusións do estudio comparado entre a vivenda e a demografía realízase utilizando os datos referidos á poboación de dereito, ó carecer da serie de poboación de feito ata o 2001, posto que o Censo 2001 non elaborou eses datos.

Se á poboación de dereito engadímoslle a estacional e os estudantes que residen no concello, o crecemento porcentual da poboación supera ó das vivendas desde a metade dos anos 80, que é o momento en que se comeza a aplica-lo Plan Xeral de 1984.

O crecemento anual medio do número de vivendas é para a década dos 80 de 226 viv/ano, e na dos 90 acada as 325 viv/ano. Por outra banda, a poboación de dereito medra unha media de 345 hab/ano na década dos 80, e na dos 90 ascende ata os 877 hab/ano.

CADRO Nº 27: EVOLUCIÓN DO PARQUE DE VIVENDAS POR PARROQUIAS 1981-1991.

PARROQUIA	1981		1991	
	VA	%	VA	%
DEXO (SANTA MARÍA)	502	5,8	605	5,5
DORNEDA (SAN MARTIÑO)	782	9,0	1.074	9,8
IÑÁS (SAN XURXO)	263	3,0	352	3,2
LIÁNS (SANTA EULALIA)	1.459	16,8	2.146	19,7
MAIANCA (SAN COSME)	448	5,2	658	6,0
SAN PEDRO DE NÓS (SAN PEDRO)	1.234	14,2	1.383	12,6
OLEIROS (SANTA MARÍA)	825	9,5	889	8,1
PERILLO (SANTA LOCAIA)	2.444	28,2	2.925	26,8
SERANTES (SAN XIÁN)	722	8,3	902	8,3
TOTAL MUNICIPAL	8.679	100,0	10.934	100,0

Fte.: INE. IGE. Censos de vivenda. Elaboración propia.

Para a análise a nivel parroquial utilizaremos igualmente outra fonte toda vez que os datos desagregados do Censo 2001 aínda non foron publicados. Polo tanto, para o

período 81-91 utilizaremos a base censual e para a década recente, os datos de licencias concedidas polo Concello.

CADRO Nº 28: NÚMERO DE VIVENDAS POR LICENCIAS CONCEDIDAS 1992-2002

PARROQUIA	VA	%
DEXO (SANTA MARÍA)	96	2,2
DORNEDA (SAN MARTIÑO)	493	11,1
IÑÁS (SAN XURXO)	176	4,0
LIÁNS (SANTA EULALIA)	1.752	39,5
MAIANCA (SAN COSME)	68	1,5
SAN PEDRO DE NÓS (SAN PEDRO)	377	8,5
OLEIROS (SANTA MARÍA)	325	7,3
PERILLO (SANTA LOCAIA)	984	22,2
SERANTES (SAN XIÁN)	163	3,7
TOTAL MUNICIPAL	4.434	100,0

Fte.: Concello de Oleiros. Licencias concedidas. Elaboración propia.

Observando a evolución parroquial de vivendas vemos que o peso porcentual de cada parroquia diminúe porcentualmente, agás nas de Dorneda e sobre todo Liáns, que incrementan o seu parque de vivendas de xeito destacable.



No ano 81 era a parroquia de Perillo a que acadaba a maior porcentaxe do parque edificado, o 28,2%, sobre un territorio que a penas supón o 5,94% do total municipal. Esta parroquia segue sendo a de maior parque de vivendas na actualidade, aínda que o seu peso porcentual diminuíu nas últimas dúas décadas, do 28,8% ó 22,2%.

A parroquia de Liáns é a que, cunha superficie do 15,07% do total municipal, presenta o crecemento máis importante. Se en 1981 o seu parque representaba o 16,8%, e en 1991 pasou a supoñe-lo 19,7%, no 2002, contabilizando as licencias concedidas na década 92-02, chega a igualar a porcentaxe de Perillo co 25,4%. Isto débese a que neste último período acaparou a maior porcentaxe do crecemento inmobiliario (o 39,5%).


Tamén a parroquia de Dorneda incrementou o peso porcentual do seu parque residencial durante as dúas últimas décadas acadando no ano 2002 unha porcentaxe de 10,2% sobre un territorio do 13,09%, en parte pola execución da urbanización Rialta.

O resto das parroquias, a pesar de incrementa-lo seu parque residencial, diminúen o seu peso proporcional no conxunto municipal.


A comparación entre o peso porcentual das vivendas e da poboación respecto do conxunto municipal por parroquias, permite comprobar que en todas elas o ritmo de crecemento demográfico e o residencial tenden a confluír na última década, en todas agás na de Perillo.




RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE IÑÁS




RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE LIÁNS




RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE MAIANCA




RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE SERANTES




RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE NOS



RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE OLEIROS



RELACIÓN DO PESO PORCENTUAL DAS VIVENDAS E DA POBOACIÓN DE PERILLO



2. EVOLUCIÓN DAS VIVENDAS SEGUNDO A SÚA OCUPACIÓN E A COMPOSICIÓN DO PARQUE

Na información urbanística do vixente Plan Xeral analizábase a evolución experimentada polas vivendas segundo a súa ocupación.

Entre 1970 e 1981 as vivendas ocupadas se multiplicaron por 1,8. Na década dos 80 o factor de multiplicación é 1,2, o que reflicte que seguían medrando as vivendas ocupadas. Na última década 91-01 este factor incrementábase ata 1,52.

Pola contra, as vivendas baleiras medraron significativamente na década dos 70, con menos intensidade na dos 80 para diminuír na dos 90 case que un 28%.

En canto á vivenda secundaria a diminución do seu peso foi continuo en todo o período analizado. Ó iniciarse a década dos 80 as vivendas secundarias supoñían un 24,2%, nos 90 esta proporción descendeu ó 20,1%; e no 2001, segundo os datos censuais, segue descendendo ata supoñe-lo 19,8%.

O mesmo proceso seguiu a vivenda baleira, que pasou de supoñe-lo 26,8% no ano 81, ó 15,9% no ano 2001.

Todo isto confirma que se produciu un crecemento da participación das vivendas principais no conxunto do parque residencial do municipio fronte a unha redución das vivendas secundarias. Ademais creceu tamén a porcentaxe de vivenda ocupada, polo que se confirma que a importancia do crecemento experimentado nos anos 80, reflectiu a función do municipio como área de recepción da poboación residente permanente. Esta función tamén se confirma co grande crecemento demográfico da poboación de dereito que aconteceu na última década.

CADRO Nº 29: EVOLUCIÓN SEGUNDO A COMPOSICIÓN DO PARQUE RESIDENCIAL

ANOS	PRINCIPAIS		SECUNDARIAS		BALEIRAS/OUTRAS		TOTALS	PORCENTAXES			TOTAL
	Nº VIV	%	Nº VIV	%	Nº VIV	%		PRINCIPAIS	SECUNDARIAS	BALEIRAS/OUTRAS	
1981	4.250	49,0	2.104	24,2	2.325	26,8	8.679	49,0	24,2	26,8	100,0
1991	5.644	51,6	2.201	20,1	3.089	28,3	10.934	51,6	20,1	28,3	100,0
2001	9.123	64,3	2.811	19,9	2.247	15,8	14.181	64,4	19,8	15,8	100,0

Fte.: INE, IGE. Censo de vivendas. Elaboración propia.

3. O SOLO E A VIVENDA NA EXECUCIÓN DO PLAN XERAL DE 1997

A política urbanística municipal, consolidada tras vinte anos de experiencia, establece unha clara aposta polo crecemento planeado capaz de deseñar unha alternativa ordenada, harmónica e acompañada ó crecemento demográfico fronte á construción de vivenda que se viña producindo á marxe dun proceso urbanizador regulado. A contrapartida estivo na xeración de espazos urbanos, equipados e dotados xa en niveis superiores ós estándares procurados na revisión anterior.

A estratexia de solo do Plan Xeral combina dúas liñas de actuación:

- O obxectivo de completión e reforzamento dos núcleos principais, en especial os situados no sur do Municipio en relación cos eixes de comunicación metropolitanos. Neles concéntrase a vivenda colectiva, controlando a densidade e a recuperación de solo para equipamentos e espazos libres coa localización de solos urbanizables programados e unidades de execución.
- A canalización da demanda de vivenda unifamiliar en accións de urbanización de escala pequena e media no bordo dos núcleos. Este tipo de actuacións remitiuse ó urbanismo concertado mediante o desenvolvemento do solo urbanizable non programado.

Despois de sete anos, pódese establecer un novo balance desta política, en canto á dinámica de crecemento, á xeración de solo urbanizado e á produción de vivenda.

O resultado do desenvolvemento do Plan Xeral de 1997, en termos de creación de solo e vivenda, exprésase de xeito resumido no cadro seguinte:

CADRO Nº 30: VIVENDAS CONSTRUÍDAS NO PERÍODO 1993-2002

	SUPERFICIE URBANIZACIÓN HA.	LICENCIAS CONCEDIDAS 93-02. NºVIV.	Licencias concedidas 93-02. %	CAPACIDADE DESENVOLVIDA NºVIV.	capacidade de vivendas %	capacidade de vivendas programadas%
solo núcleos principais (ordenanzas)	Non rexistrado	714	18,6	686	21,1	
solo núcleos parroquiais (ordenanzas)	Non rexistrado	509	13,3	387	11,9	
total		1.223	31,9	1.073	33,0	
ACCIÓNS INTEGRADAS DE URBANIZACIÓN.						
UE,UA	4,95	510	13,3	445	13,7	20,4
PERI	10,47	1	0,0	231	7,1	10,6
SUP	5,81	0	0,0	488	15,0	22,4
SUP ant. Revisión (PP)	1,75	648	16,9	0	0,0	0,0
total núcleos	22,98	1.159	30,3	1.164	35,8	53,4
SUNP	19,91	831	21,7	633	19,5	29,1
SUNP ant.revisión (PAU PP)	10,54	618	16,1	382	11,7	17,5
total urbanizacións	30,45	1.449	37,8	1.015	31,2	46,6
total accións integradas de urbanización	53,43	2.608	68,1	2.179	67,0	100,0
total no Municipio		3.831	100,0	3.252	100,0	

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

En desenvolvemento do Plan, en dez anos planeouse solo que se atopa en distintos graos de execución, con capacidade para absorber a produción de vivenda dos próximos 6 anos, ó ritmo de construción na última década (383 vivendas por ano).

As licencias xa concedidas nestas actuacións (2.608) representan máis do 68% do total das vivendas construídas en toda a década dos noventa (3.831).

Para valora-la importancia relativa destas cifras hai que ter en conta a progresión no desenvolvemento de planeamento, que é superior ó do período anterior do Plan de 1984. Consolidouse a capacidade municipal para a xestión técnica e administrativa destas actuacións; un maior control sobre o territorio que se comproba en dous feitos: o aumento da construción de vivenda mediante accións programadas (en particular solo urbanizable non programado) e a práctica desaparición da vivenda en solo rústico.

O solo urbanizable non programado para o desenvolvemento da tipoloxía unifamiliar-cidade xardín constituíu o tipo de solo máis desenvolvido.

Dos SUNPs delimitados na Revisión de 97 desenvolveuse unha superficie de urbanización de 19,91 ha (o 37,3% da superficie do solo clasificado). Concedéronse licencias para o 56,7% da súa capacidade, o que representa o 21,7% da súa capacidade. A súa capacidade remanente é de 633 vivendas, o 22,4% do total de vivendas previstas.

Os SUNPs planeados con anterioridade á Revisión de 97 continuaron o seu desenvolvemento; representando o 16,1% das licencias concedidas no período e unha nova superficie de urbanización de 10,54 Ha; a súa capacidade remanente é aínda hoxe de 382 vivendas, o 17,5% do total de vivendas previstas.

En conxunto, no solo urbanizable non programado urbanizáronse ou están en proceso de urbanización 30,45 Ha, cunha capacidade actual de aínda 1.015 vivendas (o 36% das vivendas previstas), representando case que o 38% das vivendas concedidas no período 93-02.

Concedéronse xa licencias para o 58,8% das súas vivendas, observándose polo momento un ritmo vivo de execución da edificación.

O desenvolvemento dos SUNPs supón a oferta máis importante do solo urbanizado con estándares de servicios homologados, contribuíndo significativamente o financiamento da execución de diversos sistemas xerais previstos no planeamento municipal.

As unidades de execución (UA no Plan Xeral de 1984 e UE no Plan Xeral de 1997) e plans especiais de reforma interior (PERI) delimitados nos núcleos son o terceiro tipo de solo cun maior desenvolvemento. As licencias concedidas supoñen o 13,3% do total de vivendas autorizadas, o 43,0% da súa capacidade total. As vivendas que restan por construír (445) supoñen o 20,4% das vivendas previstas.

Este tipo de solo representa a maior oferta de solo urbano en núcleos, lixeiramente superior á do solo urbanizable programado.

No que se refire ó solo urbanizable programado alcanzouse o desenvolvemento dos Plans Parciais anteriores á Revisión de 1997, esgotándose practicamente a súa capacidade agás no que se refire ó Polígono 2 do PP-6. Isto supuxo o 16,9% das licencias concedidas, e unha superficie de urbanización de 1,75 Ha. É o segundo tipo de solo máis desenvolvido.

Dos SUPs planteados na Revisión de 1997, están desenvolvéndose dous dos catro propostos -aprobados xa definitivamente, con proxecto de urbanización e reparcelación- o que representa o 22,4% do total de vivendas programadas, aínda que non hai licencias concedidas, supoñendo a segunda oferta de solo en núcleos, cunha superficie de 5,81 Ha e capacidade para absorber aínda 488 novas vivendas.

As actuacións no solo urbanizable programado constitúen a parte máis voluntarista das operacións de solo, por canto significan a aposta pola urbanización de certas pezas con

independencia do grao de colaboración dos particulares, en atención ó interese público de priorizar determinadas accións urbanizadoras necesarias para consolidar o modelo urbano de potenciación dos núcleos principais.

Tanto pola súa entidade coma pola perspectiva urbanística que subxace a elas, coa intención de constituír pezas significativas da nova estrutura urbana, estas actuacións son as que ofrecen unhas posibilidades máis claras de transformación dos núcleos principais en termos de expansión de tecido residencial urbano.

Nestas circunstancias, o desenvolvemento das actuacións urbanísticas integradas previstas no Plan Xeral xa representou a maioría da produción de vivenda neste período da vixencia do Plan. Baste dicir que dentro das áreas de urbanización integrada (UE, PERI, SUP, SUNP) concedéronse nos últimos 10 anos licencias para 2.608 vivendas, que significan o dobre das construídas en áreas similares no período 1984-92. Desde 1992 a 2002 construíronse 4.988 vivendas segundo resulta da análise municipal de cartografías e expedientes, podéndose afirmar que ó período entre 1993 e 2002 corresponderon 3.831 vivendas, o que significa que as licencias concedidas en áreas de urbanización integrada superaron o 68% das vivendas construídas neste período.

CADRO Nº 31: LOCALIZACIÓN E TIPOS DE VIVENDAS CON LICENCIA 93-02

	UNIFAMILIARES	%	COLECTIVAS	%	TOTAL	%
ORD.NÚCLEOS PRINCIPAIS	195	10,2	519	27,0	714	18,6
UE, UA, PERI	207	10,8	304	15,8	511	13,3
total núcleos principais	402	21,0	823	42,9	1.225	32,0
NÚCLEOS SECUNDARIOS	439	23,0	0	0,0	439	11,5
URBANIZACIÓNS (SUP,SUNP)	1.001	52,4	1.096	57,1	2.097	54,7
SNU DISPERSO	70	3,7	0	0,0	70	1,8
TOTAL	1.912	100,0	1.919	100,0	3.831	100,0
tipo de vivenda %	49,9		50,1		100,0	

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

A análise das vivendas construídas no período de vixencia do Plan Xeral de 1997, realizado a partir do seguimento pormenorizado dos expedientes municipais, explica o seu comportamento en relación á localización concreta das novas vivendas, tanto respecto ós tipos de núcleos coma á clase de solo.

No cadro seguinte preséntase a estatística das vivendas construídas agregadas en función do seu emprazamento e tipo para o período 1993-2002.

CADRO Nº 32: ACCIÓNS INTEGRADAS DE URBANIZACIÓN. COMPARATIVA.

	EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO 84-92 (licencias concedidas)	%	EXECUCIÓN DE PLANEAMENTO 93-02 (licencias concedidas)	%
UA,UE solo urbano			510	19,5
PERI	601	43,2	1	2,0
total	601	43,2	511	21,5
urbanizacións <84	276	19,9	0	0,0
SUP y PP	59	4,2	648	24,8
SUNP y PAU-PP	454	32,7	1.449	55,5
total	789	56,8	2.097	80,4
TOTAL ACCIÓNS	1.390	100,0	2.608	100,0

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Os datos abarcan un período de dez anos, e pola análise das actuacións urbanizadoras integradas orixinadas a partir do Plan Xeral de 1997, sabemos que a elas corresponden 2.608 vivendas executadas.

Da análise dos cadros anteriores conclúese:

1. As actuacións integradas de nova urbanización en solo urbanizable concentran a maioría das vivendas concedidas, o 54,7%. Delas, o 52,4% corresponden a vivendas unifamiliares (SUNP e SUP –plans parciais anteriores ó 97-).

Tamén son o tipo de solo que absorbe máis cantidade de vivenda colectiva (o 57,1%). No período anterior (datos entre 1979 e 1991) estas actuacións concentraban só o 26,1% das vivendas construídas.

2. Unha parte importante das vivendas concedidas en solo urbano mediante actuación integrada, o 31,9%, concéntrase nos núcleos definidos como principais, polarizadores do modelo de asentamento proposto polo planeamento municipal, fronte ó 48,5% contabilizado entre 1979 e 1991 para o total de vivendas. Obsérvase que a construción de vivenda nos núcleos mediante ordenanza retrocede en conxunto, compensada polo desenvolvemento de accións integradas de urbanización (SUNP e SUP). Esta importante oferta -tanto de vivendas unifamiliares coma colectivas- inclúe a execución de gran cantidade de vivenda en solos xa urbanizados no período anterior, como é o caso das urbanizacións O Carballido, O Vieiro, Xardín de Nós, Icaria 2, etc. Algunhas destas pezas ofrecen, xunto a estándares ambientais altos, proximidade e integración crecente respecto ós núcleos principais.

O tipo de vivenda plurifamiliar representa o 72,7% das vivendas construídas nestes núcleos, e o 42,9% do total da vivenda colectiva.

O 41,7% das vivendas neste núcleos construíronse en unidades de execución (UE, UA) ou en PERIs localizados no seu solo urbano.

3. Os núcleos secundarios, correspondentes ó sistema de núcleos tradicionais acollen ó 11,5% do total das vivendas concedidas, unha certa subida respecto ós datos do período anterior, que representaba o 7% da nova vivenda.
4. Un case que inapreciable 1,8% das vivendas concedidas situábanse en solo non urbanizable (SNU). Desde 1993, 70 vivendas xurdiron nun solo teoricamente incompatible coa edificación de vivenda, e que se concibe como unha actuación excepcional e de carácter residual.

Pode darse por finalizado este tipo de construción, unha práctica negativa que compromete co seu carácter disperso enormes extensións de territorio.

Estas vivendas construídas á marxe do urbanismo municipal (sen infraestructuras, sen formar núcleos, sen someterse a ningunha das obrigas urbanísticas legais...) constituían o elemento máis preocupante da diagnose realizada en 1993 para a Revisión de 1997. Este tipo de construción supoñía naquel momento o 18,51% da vivenda edificada no Municipio.

Entre 1991 e 1993 chegaron a autorizarse ata 66 destas vivendas, unha concentración que supuxo o 48,5% do total das autorizadas entre 1991 e 2002. Isto amosa unha clara e brusca diminución da construción en SNU entre 1993-94 e 2002, contrarrestada nestes anos polo activo desenvolvemento das novas áreas de urbanización e do solo urbano de núcleos. Deste xeito pode considerarse exitoso o esforzo municipal para incorpora-la práctica totalidade do territorio á lóxica do urbanismo planificador.

A.4. ACTIVIDADE ECONÓMICA E ESTRUCTURA DA POBOACIÓN MUNICIPAL

1. COMPOSICIÓN E ESTRUCTURA DA POBOACIÓN MUNICIPAL

Respecto da composición por sexos da poboación municipal, Oleiros ten unha composición semellante a media galega e provincial: do conxunto da súa poboación, un 51,5% son mulleres e o restante 48,5 % son homes, estas porcentaxes son de 52% e 48% respectivamente nas poboacións da provincia e Galicia.

A pirámide de poboación municipal foi madurando nos últimos dez anos. O grupo de menores de 15 anos reduceuse a favor dos grupos de idades intermedios e tamén do grupo de maiores de 65 anos. Non obstante, este enmadurecemento da pirámide non levou a unha estrutura tan envellecida como a pirámide provincial ou galega.

A poboación de Oleiros segue mantendo unha estrutura máis xove que a poboación da provincia e a galega. No último Censo de poboación do 2001, a participación relativa dos menores de 15 anos no conxunto da poboación de Oleiros era do 14,4%, este porcentaxe era dun 11,8% en Galicia e na provincia. Pola contra, os maiores de 65 anos supuñan o 14,9% da poboación total de Oleiros, mentres que esta proporción era do 19,8% na provincia e do 21,1% para o conxunto galego.

CADRO Nº 33: ESTRUCTURA DA POBOACIÓN. 2001

Grupos de idade	% Oleiros	% Provincia	% Galicia
Menos de 15 anos	14,4	11,7	11,8
15 a 65 anos	70,7	68,5	67,1
65 e máis anos	14,9	19,8	21,1


Fonte: IGE. Censo de Poboación. 2001. Elaboración propia.

A pirámide do ano 2003 reflicte claramente a tendencia ó envellecemento pola diminución drástica da natalidade que incrementouse desde a década dos 80.

CADRO Nº 34: PIRÁMIDE 2003

Rango	Homes	Mulleres	TOTAL
0-4	675	610	1.285
5-9	683	668	1.351
10-14	751	746	1.497
15-19	871	798	1.669
20-24	1.071	992	2.063
25-29	1.131	1.158	2.289
30-34	1.199	1.242	2.441
35-39	1.212	1.356	2.568
40-44	1.180	1.266	2.446
45-49	1.110	1.139	2.249
50-54	973	1.034	2.007
55-59	929	928	1.857
60-64	664	679	1.343
65-69	653	749	1.402
70-74	563	633	1.196
75-79	343	484	827
80-84	192	353	545
85- e mais	160	411	571
TOTAL	14.360	15.246	29.606


Fte.: Padrón municipal. Concello de Oleiros.



CADRO Nº 35: PIRÁMIDE 1991

Rango	Homes	Mulleres	TOTAL
0-4	470	427	897
5-9	630	543	1.173
10-14	731	721	1.452
15-19	795	683	1.478
20-24	633	646	1.279
25-29	602	632	1.234
30-34	651	702	1.353
35-39	626	743	1.369
40-44	674	700	1.374
45-49	607	583	1.190
50-54	498	523	1.021
55-59	529	553	1.082
60-64	456	528	984
65-69	337	370	707
70-74	260	322	582
75-79	197	267	464
80-84	88	216	304
85 e mais	69	160	229
TOTAL	8.853	9.319	18.172

Fte.: IGE. Censo de Poboación.



Os datos de poboación dos anos 91 e 2003 confirman esta tendencia. O grupo de idade 15-65 anos pasa dun 68,0% no ano 1991 ó 70,7% no ano 2003. Por outra banda a porcentaxe de poboación madura de 65 e máis anos incrementábase do 12,6% ata ó 15,3%. Por sexos, o progreso do envellecemento supón un lixeiro aumento de poboación feminina que pasa do 51,3% no 1991 ó 51,5% no 2003.

CADRO Nº 36: ESTRUCTURA DA POBOACIÓN POR SEXOS E IDADES 1991-2003

		1991	%	2003	%
HOMES	0-14	1.831	10,1	2.109	7,1
	15-65	6.071	33,4	10.340	34,9
	máis de 65	951	5,2	1.911	6,5
MULLERES	0-14	1.691	9,3	2.024	6,8
	15-65	6.293	34,6	10.592	35,8
	máis de 65	1.335	7,3	2.630	8,9
TOTAL	0-14	3.522	19,4	4.133	14,0
	15-64	12.364	68,0	20.932	70,7
	máis de 65	2.286	12,6	4.541	15,3
TOTAL		18.172	100,0	29.606	100,0

Fte.: IGE. Censo de Poboación 1991. Padrón Municipal 1-3-03.

A análise dos grupos de idades permite afirmar que o envellecemento da poboación que afecta ó conxunto galego, onde a poboación xove redúcese do 18,21% no 91 ó 11,8% no ano 2001, incrementándose a senil do 16,12% ó 21,1% no mesmo período, afecta tamén ó municipio de Oleiros aínda que dun xeito menos dramático, posto que a porcentaxe de menores de 15 anos está por riba da media galega, e a de poboación senil, baixo a media.

Destes datos pódese concluír que pese ó envellecemento da poboación (comentado pola diminución paulatina nas idades baixas da pirámide), a de Oleiros presenta unha xuventude superior á media galega.

En canto ó nivel de instrución é de destaca-la alta porcentaxe de poboación con estudos superiores, en valor moi superior á media autonómica e provincial, o que se explica desde o poder de atractividade que presenta o municipio.

No ano 2002, e segundo a información facilitada polas Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo, un total de 1.016 veciños de Oleiros están matriculados nas dependencias destes centros, co que previsiblemente medrará o número de habitantes con estudos superiores.

CADRO Nº 37: NIVEL DE ESTUDIOS DA POBOACIÓN. 2001.

Nivel de Estudos	Poboación (%) 2001.								
	Galicia			Provincia de A Coruña			Oleiros		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Non sabe ler ou escribir	2,1	1,1	3,1	2,1	1	3,1	1,3	0,7	1,9
Menos de 5 anos de escolarización	16,4	14,4	18,2	14,6	12,7	16,3	8,4	6,6	10
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	26,8	26,9	26,7	24,9	24,8	25,1	21,5	20,6	22,2
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	25,4	27,8	23,3	26,2	28,1	24,5	21,6	22,4	20,8
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	11	11,4	10,7	11,6	12,1	11,2	16,4	16,8	16,1
FPI, FPIL, Oficialía e maestría industrial	7,7	8,7	6,8	8,6	10	7,2	10,1	12	8,5
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	5,3	5,1	3,9	5,6	6	4,2	8,8	7,5	5
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	5	5,1	4,9	5,9	6	5,8	10,9	11,6	10,3
Doutoramento	0,3	0,4	0,2	0,4	0,5	0,3	0,9	1,2	0,6

No que respecta ás taxas de actividade, tanto de homes coma de mulleres son máis elevadas que a provincial e autonómica.

Nos homes, a taxa de Oleiros é de 68,27, fronte á 66,99 provincial e á 66,36 autonómica. No sexo feminino, a taxa é do 36,56, fronte ó 33,02 provincial e ó 33,59 autonómico.

A composición por sectores da poboación activa ocupada no ano 81, confirmaba como característica do municipio a predominancia do sector terciario que concentraba o 49% da poboación ocupada, mentres na provincia, esta porcentaxe era do 39,4%.

Tamén era máis importante que no conxunto provincial a poboación ocupada no sector secundario que supoñía o 34,7% fronte ó 30,2% da provincia. Pola contra, a poboación ocupada no sector primario reducíase a un 16,3% no municipio.

Estas porcentaxes afianzábanse no ano 91 posto que a poboación ocupada no sector primario descendía ata o 8,5%, incrementando a ocupada no sector terciario ata o 56,8%. Estes valores mantiñan a mesma relación cos provinciais nos que a poboación ocupada no sector primario era do 19,1% e a do sector terciario era do 48,1%.

No ano 2001, de acordo cos datos do último Censo, a poboación ocupada no sector primario redúcese ata o 3,1%, mentras no sector terciario elévase a un 72,9%, moi por riba da media provincial (o 50,1%) ou rexional (o 58,2%). O sector secundario diminúe de xeito considerable na última década, despois de manterse estable na década 81-91 (ver cadro nº 38).

CADRO Nº 38: EVOLUCIÓN DA DISTRIBUCIÓN SECTORIAL DA POBOACIÓN OCUPADA

	1981			1991			2001		
	Oleiros	Provincia	Galicia	Oleiros	Provincia	Galicia	Oleiros	Provincia	Galicia
Primario	16,4	30,4	39,3	8,5	19,1	23,8	3,1	9,4	10,9
Secundario	34,7	30,2	27,7	34,6	32,9	31,2	24,0	30,5	30,9
Terciario	48,9	39,4	33,0	56,9	48,0	45,0	72,9	60,1	58,2
TOTAL	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Fte.: INE-IGE. Censos de Poboación. Elaboración propia.

Respecto ó desemprego, a súa evolución nos anos 90 pode cualificarse de moderadamente favorable posto que a alta porcentaxe de desemprego acadado no primeiro cuatrienio descende significativamente no segundo, aínda que cunha porcentaxe inferior ás acadadas pola área metropolitana e a comarca (ver cadro nº 39).

Esa variación global responde á recesión económica sufrida por Galicia na primeira metade dos 90. A partir de 1996 iniciouse unha nidia diminución do desemprego en toda a comunidade, o que tamén se deixa sentir no municipio de Oleiros e na Comarca da Coruña.

O feito de que esta diminución non afectase coa mesma intensidade, se atopa no grande crecemento demográfico ó que estivo sometido o termo municipal de Oleiros nesa mesma década.

CADRO Nº 39: EVOLUCIÓN DO DESEMPREGO EN OLEIROS E COMARCA DA CORUÑA. 1991-2000 (*).

				VARIACIÓN %		
	1991	1995	2000	91-95	95-00	91-00
Oleiros	1.116	1.448	1.185	29,75	- 18,16	+ 6,2
Área Metropolitana	21.570	24.546	18.025	13,80	- 26,57	- 16,4
Comarca	22.857	26.080	19.253	14,10	- 26,18	- 15,8
Galicia	181.094	195.096	143.259	7,7	- 26,60	- 24,1

(*) Paro rexistrado a 31 de marzo de cada ano.

Fte.: INEM. SGC. Elaboración propia.

2. ESTRUCTURA EMPRESARIAL

No apartado referido á estrutura empresarial comarcal reflectiuse a situación de Oleiros, a comarca da Coruña e Galicia, tomando como base de análise o estudo Ardán elaborado polo Consorcio da Zona Franca de Vigo. Nese apartado comentábase como o número de empresas, empregados e facturación incrementouse dun modo significativo no período 1995-2000, téndose incrementado o peso porcentual relativo de Oleiros na súa comarca, e tamén o incrementou da comarca no seu conxunto respecto ó conxunto galego.

En canto ás vinte primeiras empresas ordenadas pola súa facturación, radicadas no concello de Oleiros, dez dedícanse ó comercio, por xunto ou polo miúdo, cinco á industria, tres ós servizos e dúas á construción.

CADRO Nº 40: RELACIÓN DAS PRIMEIRAS 20 EMPRESAS POR FACTURACIÓN RADICADAS EN OLEIROS NO ANO 2000.

EMPRESA	SECTOR	EMPREGADOS	FACTURACIÓN (Miles Euros)
1. GDAUTO, S.A.	MAIORISTAS	69	32.716
2. FRIOKO, S.A.	MAIORISTAS	7	20.644
3. JOSE MARIA ARROJO ALDEGUNDE, S.A.	DETALLISTAS	48	19.055
4. TECNAUTO VEHÍCULOS, S.L.	DETALLISTAS	58	18.036
5. TURISMOS MOTOR, S.A.	DETALLISTAS	39	14.751
6. C.T.M. MONTAJES, S.L.	INDUSTRIA	175	9.181
7. INDUSTRIAS ROKO, S.A.	INDUSTRIA	45	7.457
8. GOLAN MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN.	SERVICIOS	48	6.400
9. CORUÑESA MOTOR, S.A.	DETALLISTAS	25	5.919
10. FRIPOR, S.L.	INDUSTRIA	32	5.857
11. VEHÍCULOS, EQUIP. CARR. PRIETO-PUGA.	DETALLISTAS	30	4.558
12. CLÍNICA Y CONTROL, S.A.	MAIORISTAS	16	4.168
13. AUXILIAR Y GENERAL DE SERVICIOS, S.A.	CONSTRUCCIÓN	31	3.455
14. DISTRIBUCIONES TAULA, S.L.	DETALLISTAS	7	3.242
15. SEGURIDADE GALEGA, S.A.	SERVICIOS	138	2.495
16. VICENTE ROMEO, S.A.	INDUSTRIA	32	2.358
17. SERVICIOS, GESTIONES Y CONTRATAS.	CONSTRUCCIÓN	13	2.280
18. ARGONET COMUNICACIONES, S.L.	SERVICIOS	33	1.895
19. JARDÍN CORUÑA, S.L.	MAIORISTAS	16	1.733
20. PREFABRICACIÓN MONTAJES DEL NORTE.	INDUSTRIA	24	1.701
TOTAL		886	167.901

Fte.: ARDÁN 2002.

Do total das 93 empresas radicadas en Oleiros, as vinte primeiras agrupan un 61,1% dos empregados e acadan unha facturación do 69,3% do total municipal.

Outra fonte de consulta, máis rigorosa para a análise do número de traballadores por conta allea, é a relación dos inscritos no rexistro da Seguridade Social nos anos 1993 e 2001. Así o número total de traballadores no municipio no ano 1993 era de 2.744. O número elévase no 2001 ata os 129.363 traballadores na comarca, dos que o 3% traballan en centros radicados en Oleiros.

Para a análise do emprego temos outra fonte máis ampla, que sen cubri-la totalidade da actividade, posto que non recolle datos sobre traballadores autónomos, aproxímase ó conxunto total dos centros de emprego con empregados por conta allea do municipio. Trátase dos Rexistros da Seguridade Social. A comparación entre os rexistros dos anos 1993 e 2001 permítenos ademais observa-la evolución do sistema empresarial radicado en Oleiros. De ámbolos dous rexistros excluíronse as empresas dos subsectores da agricultura, silvicultura e pesca, posto que no ano 1993 non se contemplaban na súa totalidade.

Nunha primeira aproximación vemos que nos 8 anos transcorridos entre ambos rexistros, o número de empresas incrementouse nun 36,6%, pasando de 478 empresas en 1993 a 653 no ano 2001. Igualmente o número de postos de traballo incrementouse un 39,05%, pasando de 2.917 empregados en 1993 a 4.056 no ano 2001. Esta evolución explica o desenvolvemento económico, que afectou ó municipio de Oleiros, incrementando en máis dun tercio o número de postos de traballo.

Por sectores agregados, segundo se observa no cadro nº 41, son os subsectores de hostelería, servicios ás empresas, venda, mantemento e reparación de vehículos e construción os que maior incremento tiveron en número de empresas, e os de servicios ás empresas, venda, mantemento e reparación de vehículos e hostelería os que máis incrementaron o seu número de empregados.

A expansión dos servicios, sobre todo no subsector dos servicios ás empresas (informáticos, tecnolóxicos,...) é un indicador do importante potencial que para o crecemento dos restantes sectores da produción, presenta o municipio de Oleiros.

CADRO Nº 41: EVOLUCIÓN DO EMPREGO POR CONTA ALLEA EN EMPRESAS RADICADAS EN OLEIROS

	1993		2001		INCREMENTO 1993-2001				CRECIMENTO RELATIVO DO EMPREGO POR SECTORES	
	Empres.	Traball.	Empres.	Traball.	Empres.		Traball.		VA	%
					VA	%	VA	%		
INDUSTRIAS	73	463	67	610	-6	-3,43	147	12,91	147	31,75
PRODUCCIÓN E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA, GAS, VAPOR	1	9	1	2	0	0,00	-7	-0,61	-7	-77,78
CONSTRUCCIÓN	93	558	120	700	27	15,43	142	12,47	142	25,45
VENDA, MANTEMENTO E REPAR. VEHÍCULOS A MOTOR, CARBURANTES	20	241	48	428	28	16,00	187	16,42	187	77,59
COMERCIO POR MAIOR E INTERMEDIARIOS AGÁS VEHÍCULOS	29	263	49	251	20	11,43	-12	-1,05	-12	-4,56
COMERCIO MENOR E REPARACIÓNS	63	315	83	240	20	11,43	-75	-6,58	-75	-23,81
HOSTALERÍA	69	297	105	477	36	20,57	180	15,80	180	60,61
TRANSPORTES E ACTIVIDADES ANEXAS	28	108	46	148	18	10,29	40	3,51	40	37,04
SERVICIOS AS EMPRESAS E INMOBILIARIOS	22	130	51	393	29	16,57	263	23,09	263	202,31
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	7	166	10	239	3	1,71	73	6,41	73	43,98
EDUCACIÓN E INVESTIGACIÓN	11	167	13	237	2	1,14	70	6,15	70	41,92
SANIDADE E VETERINARIAS	4	7	26	118	22	12,57	111	9,75	111	1.585,71
OUTROS SERVICIOS E ACTIVIDADES SOCIAIS	58	193	34	213	-24	-13,71	20	1,76	20	10,36
TOTAL	478	2.917	653	4.056	175	100,00	1.139	100,00	1.139	39,05
PROVINCIA	24.596	199.857	35.155	263.207	10.559	39,91	63.350	41,48	63.350	31,70
GALICIA	61.944	461.598	88.403	614.338	26.459	100,00	152.740	100,00	152.740	33,09

Fte.: Registros da Seguridade Social 1993-2001.

O crecemento observado na análise dos dous rexistros, explica en temas de emprego o crecemento demográfico xa comentado do municipio de Oleiros e da área metropolitana da Coruña.

Observando o desglose por sectores, no ano 93 vemos que o maior peso porcentual acaparábao o sector dos servicios, tanto en número de empresas como de traballadores. Seguíalle a construción e o comercio.

No ano 2001, porcentualmente segue sendo o sector dos servicios o que acapara os maiores niveis tanto en número de empresas como de traballadores, crecendo significativamente o peso porcentual dos traballadores deste sector. Séguelle en número de empresas o comercio polo miúdo e a construción. En número de empregados os seguintes valores porcentuais están acaparados pola construción e comercio polo miúdo.

CADRO Nº 42: EMPREGO POR CONTA ALLEA EN EMPRESAS RADICADAS EN OLEIROS POR SECTORES DE ACTIVIDADE 1993

	Construcción	Industria	Transporte	Comercio maiorista	Comercio detallista	Servicios	Hostalería	TOTAL
EMPRESAS	93	73	28	29	83	103	69	478
%	19,5	15,3	5,8	6,1	17,4	21,5	14,4	100,00
TRABALLADORES	558	463	108	263	556	672	297	2.917
%	19,1	15,9	3,7	9,0	19,1	23,0	10,2	100,00

Fte.: Rexistro da Seguridade Social 1993. Elaboración propia.

CADRO Nº 43: EMPREGO POR CONTA ALLEA EN EMPRESAS RADICADAS EN OLEIROS POR SECTORES DE ACTIVIDADE 2001

	Construcción	Industria	Transporte	Comercio maiorista	Comercio detallista	Servicios	Hostalería	TOTAL
EMPRESAS	120	67	46	49	131	135	105	653
%	18,4	10,3	7,0	7,5	20,1	20,6	16,1	100,00
TRABALLADORES	700	610	148	251	668	1.202	477	4.056
%	17,3	15,0	3,7	6,2	16,5	29,5	11,8	100,00

Fte.: Rexistro da Seguridade Social 2001. Elaboración propia.

A.5. DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL

1. ASPECTOS FÍSICOS DO MODELO DE ORDENACIÓN. A CONSOLIDACIÓN DO MODELO TERRITORIAL

No momento de produci-la Revisión e Adaptación do Plan Xeral de 1997 convén reter aqueles elementos conceptuais que explican a súa vixencia como instrumento conductor e ordenador do proceso de crecemento, urbanización, equipamento e protección do territorio municipal nos sete últimos anos, para poder deslindar con claridade na explicación do proceso urbanístico os novos elementos que obrigan a un axuste das súas previsións e dos propios instrumentos técnicos da ordenación a propoñer.

A experiencia do Plan Xeral de Oleiros demostra en primeiro lugar o acertado do enfoque adoptado, caracterizado por un obxectivo xeral propio da “nova urbanística”, tal e como o formulábase ó inicio dos 80. Tratábase de impulsa-la iniciativa municipal na construción do territorio, de racionaliza-la expansión dirixíndoa á compleción dos núcleos, da salvagarda do territorio e do patrimonio cultural, de acadar por primeira vez un equilibrio territorial pola vía da urbanización e do equipamento, como procesos de aportación ó colectivo da apropiación privada das plusvalías urbanísticas. Que tal experiencia se planteara con tódolos elementos técnicos propios da complexa lexislación administrativa do urbanismo nun municipio pequeno e sen experiencia de planificación foi inicialmente un reto cultural, para converterse nun logro do goberno municipal que transcende os límites locais e caracteriza o seu perfil entre os municipios galegos.

A fortuna relativa do Plan devén do realismo co que se abordaron catro cuestións que constitúen a base do seu modelo de ordenación física e encadran as determinacións e estratexias de xestión e programación:

1º. O recoñecemento e potenciación do sistema de núcleos.

2º. A defensa activa do medio ambiente e do patrimonio cultura e natural.

3º. A integración e racionalización do sistema viario territorial e o establecemento dos sistemas básicos de infraestructuras.

4º. O aproveitamento axeitado do factor residencial como función especializada de Oleiros na comarca periurbana da cidade.

O Plan de Oleiros adoptou a estratexia do recoñecemento, consolidación e potenciación do sistema de núcleos existentes no municipio, optando por un modelo de desenvolvemento e completión fronte ó de dispersión, privilexiando o solo urbano mediante actuacións unitarias, recoñecendo a diversidade morfolóxica mediante ordenanzas acordes con ámbitos homoxéneos, esforzándose en crear espazos urbanos recoñecibles e administrando o crecemento mediante solo urbanizable inmediato.

Do conxunto de núcleos do termo defínense como principais os de Mera, Lorbé, Santa Cruz, Oleiros, Perillo, Montrove, O Carballo e O Vilar-O Seixal, gradándose a clasificación de solo urbanizable semidenso na periferia inmediata dos núcleos principais.

Á súa vez os núcleos territoriais de base rural son recoñecidos e delimitados optándose pola súa clasificación como solo urbano, en atención á súa realidade actual e desenvolvemento, obviando aqueloutra de núcleo rural de carácter máis estático e notarial.

A experiencia positiva de execución do Plan Xeral de 1984 a partir do desenvolvemento básico de formas de urbanización integrada: unidades de actuación, solos programados e solos incorporados mediante programas de actuación urbanística; aconsellaban mante-lo modelo nuclear na revisión de 1997, adoptando non obstante a incorporación de factores de corrección en tres ordes:

- a. O fortalecemento da estrutura urbanística municipal.
- b. A acomodación de estrutura polinuclear á integración comarcal.
- c. A mellora de detalle da calidade e continuidade urbana da integración.

E todo isto baseado no cambio de escala na análise territorial.

Por outra banda o Plan estableceu un criterio xeral de respecto á escala do construído, identificou, catalogou e protexeu ós elementos singulares de arquitectura e estendeu o catálogo ós elementos territoriais do patrimonio cultural de maior relevancia, complementariamente a unha clasificación de solo non urbanizable de especial protección vinculante para os elementos e estruturas da paisaxe natural e agraria, e concretada na costa, as zonas húmidas e as ribeiras, e as masas forestais. Aínda sendo insuficiente a súa protección, o solo non urbanizable constituíu un elemento positivo na estrutura da ordenación e supuxo unha inflexión nos criterios de permisividade á

localización dispersa e indiscriminada da edificación que se viña producindo con anterioridade.

A protección adoptou igualmente un papel propositivo instrumentándose mediante Plans Especiais de Protección e Acondicionamento para os espazos e recursos de maior relevancia recreativa e paisaxística.

Relacionadas coas determinacións medio ambientais o Plan de 1997 proxectou a infraestrutura xeral de abastecemento e saneamento, estendendo os servizos á totalidade do territorio e substituíndo a pluralidade de puntos de vertido e depuración por un sistema integrado, e recomendado o control do excesivo consumo de auga, integrándose recentemente no Plan de Saneamento Integral da Ría do Burgo.

O Plan xeral de 1984 adoptou o criterio de incorpora-lo sistema de estradas e camiños públicos sen plantear novos trazados como soporte da nucleación urbana. Igualmente confirmaba o carácter da N-VI como eixe direccional de carácter comarcal ligado ós usos especializados, terciarios e industriais, racionalizando a súa ordenación de bordo, establecendo para o conxunto do viario de estrada a súa xerarquización, garantindo a súa utilización vial dentro da súa complexidade funcional.

Pola súa banda a Revisión do Plan de 1997 márcase a necesidade de completar e mellorar o viario desde a visión da accesibilidade comarcal. Así, en canto ó sistema xeral viario municipal plantéanse á súa vez os seguintes elementos de estrutura:

- . Reordenación da rede básica de estradas e vías especializadas con criterios de eficiencia funcional e dimensionamento adecuado, rectificando vías principais existentes e incorporando á proposta de ordenación as de nova traza e complementarias en función do novo equilibrio territorial.
- . Ampliación e mellora sistemática do viario secundario previa a súa correcta xerarquización, coidando a escala do contorno e a harmonización coas condicións do ambiente.
- . Aténdese á mellora dunha ampla rede peonil ou mixta á que ó final se incorporaría paulatinamente unha rede de carrís de bicicleta que tenda a cubri-la maior extensión do Termo Municipal. Establécese o criterio de preservación da malla de sendas adecuadas á actividade de paseo e sendeirismo.

A finais dos 70 o municipio de Oleiros xogaba na área metropolitana un papel fundamentalmente de coroa residencial da cidade, vinculado á súa calidade ambiental e

ó ocio de praia e recreativo, con forte peso da vivenda secundaria e unha tendencia á dispersión de urbanizacións e á diseminación edificatoria individual. Non obstante este papel combinábase xa cunha case que espontánea formación de barrios suburbanos no triángulo formado por Santa Cruz, Nós-Montrove e Perillo-Santa Cristina. Nas dúas últimas décadas esta tendencia afianzouse en desenvolvemento do planamento municipal, gañando peso a vivenda principal fronte á secundaria e cun crecemento residencial acorde ó demográfico.

A ordenación do tecido residencial dirixida á consolidación e completión dos núcleos principais e intermedios, combínase no Plan cun recoñecemento e regularización das urbanizacións existentes e coa ordenación, pola vía de solos urbanizables non programados, de novas áreas extensivas de cidade-xardín. O dimensionado do solo de crecemento, a súa gradación de densidade e a diversidade de ordenanzas atenderon a reforza-la capacidade do sistema de núcleos e tecidos consolidados para absorber de forma importante e diversa, os novos desenvolvementos integrados e accións edificatorias puntuais, o que efectivamente produciuse cun saldo importante en actuacións unitarias.

Igualmente vinculado ós núcleos foron propostas áreas de solo urbanizable con densidade gradual, maior en contacto cos principais e de cidade xardín no resto do territorio. Ademais fórmulase unha proposta residencial máis integrada, homoxénea e voluntarista, que introduciu a complexidade de usos, a continuidade espacial e os umbrais de demanda que un tecido urbano complexo esixe para supera-la mera especialización residencial. Debe sinalarse que no Plan Xeral de Oleiros a ordenación do tecido residencial optou na súa configuración por criterios cualitativos de calidade ambiental que superan a simple proporción de equipamentos/edificación privada e plantean a esixencia derivada da densidade razoable e a proporción ponderada.

2. A DINÁMICA DOS PROCESOS TERRITORIAIS NO DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL

A Revisión do Plan Xeral do 97 redefinía e matizaba o modelo territorial proposto no Plan Xeral de 1984. Por unha parte, a potenciación dos sistema de núcleos fronte á dispersión definiuse como unha combinación da idea de completión e acabado de urbanización interior dos núcleos, e da impulsión de actuacións que conecten os núcleos entre si. Se estes se perciben como un todo presentan un grande potencial de desenvolvemento e actividade urbana.

A Revisión do Plan centrouse na mellora do sistema de transporte e comunicacións entre núcleos e a consecución dunha estrutura de espazos libres e equipamentos que dea unidade ás novas actuacións de urbanización. A mellora da calidade de vida dos núcleos, pasou, nesta fase, por alcanzar un nivel alto e estandarizado do acabado da urbanización do espacio público.

O obxectivo da protección do medio natural e do patrimonio construído segue a ser unha das bases do proxecto urbanístico municipal. Establecéronse algunhas matizacións: ademais de preservar as áreas naturais poden ser valoradas e potenciadas para o lecer da poboación.

Tras sete anos de xestión do Plan Xeral a análise dos procesos territoriais permite constatar a viabilidade do modelo inicial reaxustado e enriquecido, que inicia unha terceira fase máis complexa, sobre a base duns primeiros obxectivos xa conseguidos e dunha práctica urbanística consolidada.

2.1. OS NÚCLEOS PRINCIPAIS

Dentro da política de potenciación do sistema de núcleos, defíníanse cinco núcleos principais: Perillo, Oleiros, Santa Cruz, Mera e Vilar-O Seixal, e tres intermedios: Lorbé, O Carballo e Montrove, dos que se analizarán os procesos desenvolvidos nos dez últimos anos; estes procesos, como se explicará a continuación, inciden na polarización do sur municipal, vinculado ós eixes dinámicos do desenvolvemento metropolitano e, na conformación dun continuo urbano á marxe de delimitacións pechadas de núcleos e parroquias, así como na súa consolidación por xunto como centros de referencia e actividade dun sistema polinuclear.

Así a observación inmediata revela unha densificación centrada no sur, concentrándose en Perillo pero tamén estendéndose para completar progresivamente a N-VI e atopar novos espazos preto da ría do Burgo e da costa de Bastiagueiro e Santa Cruz.

En consecuencia, o norte experimentou un crecemento menor, como expresa un ritmo de nova vivenda máis baixo en Mera, e máis equilibrado en relación ós singulares valores medioambientais existentes nesta zona.

O desenvolvemento urbanístico dos cinco núcleos principais e dos tres intermedios provocou a continuidade de feito entre algúns destes núcleos, e o desdubuxo dos límites parroquiais sobre todo entre Perillo e Liáns.

No cadro que segue se resume a evolución inmobiliaria experimentada polos núcleos principais nos últimos dez anos que representa case que o 50% do incremento residencial do conxunto municipal, tal e como se analizou no apartado A.3.3 da presente Memoria.

CADRO Nº 44: CAPACIDADE DE VIVENDA E VIVENDAS CONCEDIDAS. NÚCLEOS PRINCIPAIS.

NÚCLEOS PRINCIPAIS	FIGURA DE PLANEAMENTO	PLANEAMENTO EN DESENVOLVEMENTO. CAPACIDADE RESTANTE	VIVENDAS CONCEDIDAS	PLANEAMENTO POR DESENVOLVER. CAPACIDADE
Mera-Xoez-Cividás-Pinar del Río	UE-1	0	23	
	UE-2	102	0	
	UE-3			11
	UE-26	1	1	1
	UA-25	0	38	
	UE-27			7
	PERI-3			81
	ordenanzas		69	
total núcleo principal		103	131	100
Perillo-Santa Cristina- Agramar-Canteira-Bastigueiro-Lucín-Carballido- Caavamontes-Solana- O Ribeiro- O Seixo	PERI-6			51
	PERI-7	59	0	
	UE-10	0	36	
	UE-11			21
	UE-12	0	64	
	UE-13			16
	UE-14	21	0	
	UE-15	0	37	
	UE-16			62
	UE-17	84	66	
	UE-18	0	72	
	UE-19			42
	UE-31	0	32	
	UE-34	52	0	
	UE-35			34

NÚCLEOS PRINCIPAIS	FIGURA DE PLANEAMENTO	PLANEAMENTO EN DESENVOLVEMENTO. CAPACIDADE RESTANTE	VIVENDAS CONCEDIDAS	PLANEAMENTO POR DESENVOLVER. CAPACIDADE
	UE-36			8
	UA-4	0	52	
	PP1-Beiramar	0	132	
	PP3-Caavamontes	0	255	
	urb. Carballido			
	SUNP A 21	76	84	
	ordenanzas		117	
	total núcleo principal	292	947	234
Santa Cruz - Coruxo de Abaixo-Coruxo de Arriba-O Bañil-Romardeiro-Meixonfrío-Porto de Santa Cruz	UE-7	0	13	
	UE-8			18
	UE-9	53	0	
	UE-25			21
	UE-30	16	0	
	UE-33	51	0	
	UE-29			79
	UE-38			110
	UA-14	0	25	
	UA-23	0	22	
	UA-15	0	22	
	PP5-Santa Cruz	0	261	
	ordenanzas		174	
	total núcleo principal	120	517	228
Oleiros -Rabuñeiro-A Cruz	PP-6 Obelisco/parte			132
	UE-23			32
	UE-24			40
	UE-32			21
	ordenanzas		79	
	total núcleo principal		79	225
O Seixal - Vilar-Fortaleza-A Veiga	UE-20			27
	UE-21(antes UA36)	0	7	
	UE-37	37	0	
	ordenanzas		76	
	total núcleo principal	37	83	27
TOTAL NÚCLEOS PRINCIPAIS		552	1.757	814

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

2.1.1. Perillo

Con 947 novas vivendas é o núcleo que experimenta un maior crecemento do conxunto dos cinco, absorbendo o 53,8% do total, superior ó 40% rexistrado no período anterior.

Os solos programados PP-1 Beiramar e PP-3 Caavamontes, anteriores á Revisión do 97, alcanzaron un desenvolvemento case que completo, aportando 132 e 255 vivendas respectivamente.

Na parroquia de Perillo e na de Liáns, en continuidade co propio núcleo, desenvólvense as fases II e III de Icaria, con 138 e 130 vivendas. Na parroquia de Liáns, pero vinculados tamén a Perillo, os SUNP-28 e SUNP-38, as dúas fases do Graxal, incorporan 28 e 161 vivendas, á parte do importante desenvolvemento terciario.

No referente á espacialización do crecemento, as urbanizacións do PP-3 Caavamontes e SUNP Carballido, así como varias unidades de execución concentran no bordo da Avda. Rosalía de Castro o 46,6% do novo parque de vivendas do núcleo.

Na zona da N-VI (Avenida das Mariñas) desenvólvense outras unidades de execución que absorben ata o 21% da nova vivenda do núcleo. Na súa zona inmediata contabilizouse, para a Revisión do 97, unha porcentaxe do 32% da nova vivenda do núcleo.

Santa Cristina incorpora o 11,6%, e deixa de ser un foco claro de nova vivenda, que diminúe do 58% ó 11,6% citado, dado o seu grao de colmatación.

Noutras localizacións sitúanse o 6,3% restante.

Respecto ó período anterior, obsérvase unha maior concentración no centro-sur de Perillo, que agrupa case que o 65% das novas vivendas deste núcleo.

Actualmente atópanse en fase de inicio de execución dúas importantes bolsas de solo programado, o SUP-1 e o SUP-3. Estas dúas actuacións virán a compactar e dar continuidade o bordo leste de Perillo, cunha capacidade para 488 novas vivendas, de tipoloxía unifamiliar e colectiva.

En conxunto, as actuacións integradas en solo urbano ou urbanizable representan o 87,7% das vivendas concedidas en Perillo.

Este esforzo de xestión no desenvolvemento de actuacións integradas segue a reflectir nas accións de acabado da forma do núcleo e no seu reequipamento.

As cesións producidas polo desenvolvemento de planeamento conforman varias prazas e espazos verdes: xardíns de Rúa Darwin, xardíns de Ponte Pasaxe (comprometido nunha metade), parque do Areal, xardíns da Rialeda e ampliación do paseo de Santa Cristina.

O desenvolvemento de sistemas xerais (Plan Especial da Ría do Burgo-Ponte Pasaxe, ampliación do parque de Santa Cristina) aumentan a calidade ambiental do principal foco de atracción de funcións urbanas, mentres que o desenvolvemento dos sectores SUP-1 e SUP-3 consolidan a Variante Leste do núcleo.

2.1.2. Santa Cruz

O crecemento residencial de Santa Cruz foi de 517 novas vivendas, o que representa o 29,4% do total dos núcleos principais, e segue a se-lo segundo núcleo en importancia do Termo Municipal.

No seu desenvolvemento tivo especial importancia a execución de grande parte do sector do solo urbanizable programado PP-5, con 261 vivendas, xunto co remate da UA-15, coas 22 vivendas que restaban por edificar. A estas actuacións súmanse as UA-14, UA-23 e UE-7 cun total de 60 novas vivendas.

En conxunto, as actuación integradas representan o 66,3% da nova vivenda no núcleo.

Respecto á súa estrutura básica, Santa Cruz aparece como un núcleo formalizado na zona central coa urbanización do sector PP-5 e da UA-15 Praza de Liáns, ámbolos dous herdanzas do Plan Xeral do 84.

O SUP-2 Meixonfrío, actualmente en fase de execución, formalizará o bordo sur de Santa Cruz, no contacto co SUNP-E das Galeras, á vez que aproximará o bordo costeiro.

A importancia de Santa Cruz como núcleo urbano en desenvolvemento activo cífrase non tanto na produción de vivenda, que neste momento está á espera de actuacións de tamaño notable, como a do sector SUP-2, como na activación que lle dá a implantación do INEF e resto de actividades vinculadas á Universidade da Coruña e o seu continuo reequipamento. Os 956 estudantes, dos que boa parte residen no núcleo, e os equipamentos cualificados coma o Centro Cultural das Torres, o Centro Medio Ambiental do Castelo, o novo centro comercial e a alta calidade do seu contorno natural caracterizan un dos núcleos cabeceira do termo municipal.

As cesións obtidas das distintas actuacións integradas formalizáronse en pequenos espazos públicos urbanos como o xardín do Porto de Santa Cruz, os da rúa Dolores Ibárruri e Praza de Liáns, mentres que o desenvolvemento do Plan Especial da praia de Portonaval, con carácter de sistema xeral, é a actuación máis significativa sobre o seu contorno natural.

2.1.3. Mera

O período de vixencia do Plan, Mera experimentou un menor crecemento, en relación ó resto dos núcleos principais e a períodos anteriores, medrando 128 novas vivendas fronte ás 271 rexistradas no período 1984-92.

O tecido urbano continuou colmatándose con varias unidades de execución de pequeno tamaño (as UE-26, UA-25, UE-1) que absorben 62 novas vivendas, case que o 50% do novo crecemento.

En fase de execución, atópanse varias unidades de execución entre as que destaca polo seu tamaño e significación urbana a UE-2, con algo máis de 100 novas vivendas, así como as UE-4 e UE-6, co que se inicia un relanzamento da actividade.

A súa calidade medioambiental verase reforzada pola execución do Plan Especial de Protección do Río Xentiña en contacto coa Lagoa de Mera, que propicia a ampliación do Parque do mesmo nome.

Con carácter de sistema xeral, desenvólvese o contorno do Faro de Mera (ZV-2), que vén a formalizar unha porción de costa como primeiro paso cara ó espazo natural do Seixo Branco. A antiga Casa do Fareiro adquire a función de punto de información ambiental do Monumento Natural da costa de Dexo.

Estas e outras actuación de xestión urbanística formalizan zonas verdes e prazas de carácter urbano, a ampliación do Parque da Lagoa de Mera, a zona verde costeira, preto do parque do Faro de Mera, na urbanización de punta Bufadoiro, e na zona central do núcleo, ó bordo da praia, os xardíns das unidades de execución UE-1 do Arxentino e de UE-2 Cividás.

A recente execución do paseo marítimo entre a capela de Santa Ana e praza de Miramar, marca un punto de inflexión no tratamento do espazo público do núcleo, á vez que a execución do solo urbanizable de Canide, aínda que exterior ó núcleo, representa unha sobreoferta de carácter residencial.

2.1.4. Oleiros

Aínda que experimentou un crecemento maior respecto ó período anterior (79 vivendas fronte a 54) supón tan só o 4,5% do crecemento residencial no conxunto dos núcleos principais. Como núcleo mantén a súa función representativa cun alto nivel de calidade ambiental ó que se van incorporando cada vez máis a través do desenvolvemento dos solos urbanizables non programados de carácter periférico, preferentemente no seu bordo sur.

Prevese un importante relanzamento da actividade nos próximos anos, cunha forte presenza residencial: desenvolverase o xa aprobado sector SUP-4, cunha capacidade de 239 vivendas, e o polígono 2 do sector PP-6 O Obelisco unha vez modificado o sistema de actuación e que supón outra importante oferta de 132 novas vivendas de carácter colectivo e unifamiliar.

A demanda de vivenda unifamiliar no seu contorno, practicamente rematada á área de Os Regos, foise absorbendo co desenvolvemento do SUNP-23 Fontedouro, con 71 novas vivendas concedidas. Un pouco máis afastado do núcleo, o SUNP-25 As Torres crea ata 120 novas vivendas, e a continuación de Fontedouro, o SUNP-45 Carballo III, supón ata 120 novas vivendas. Independentemente da calidade proxectual destas urbanizacións é indubidable o dinamismo que aportan, contribuirán ó reequipamento dunha zona clave.

Aspecto relevante no que ó núcleo de Oleiros se refire, é aquel que ten que ver coa mellora do seu espacio público de carácter urbano, singularmente no contorno das instalacións municipais e da praza da Rabadeira, que axuda á súa consolidación como capital municipal.

2.1.5. Vilar-O Seixal

O seu crecemento foi aumentando nestes anos ó incorporar algunha actuación programada ó crecemento esporádico anterior. Contabilizáronse 83 novas vivendas (frente ás 33 do período anterior), o que supón o 4,7% do total de novas vivendas edificadas nos núcleos principais.

No seu contorno inmediato executáronse 163 novas vivendas nas áreas de solo urbanizable non programado de O Vieiro e Xardín de Nós, xa urbanizadas na década anterior.

Pola súa posición, o seu desenvolvemento crecente parece claro en relación co bordo da ría do Burgo, as novas accesibilidades desde a Autoestrada A-9 á vez que ofrece unha relación directa co eixe de actividades que representa a N-VI en fase de remodelación coa introducción de dúas novas intervencións a distinto nivel en fase de execución.

O desenvolvemento urbano do núcleo vén de consolida-lo contorno da igrexa e antiga Casa do Pobo de Nós coma o centro de gravidade do agregado urbano.

2.2. OS NÚCLEOS INTERMEDIOS

Pola súa posición e dinamicidade os tres núcleos intermedios xogaron un importante papel como elementos de prolongación da área de influencia dos núcleos principais: Montrove respecto a Santa Cruz e Perillo, Lorbé a Mera e, por último, O Carballo a Oleiros.

CADRO Nº 45: CAPACIDADE DE VIVENDA E VIVENDAS CONCEDIDAS. NÚCLEOS INTERMEDIOS.

NÚCLEOS INTERMEDIOS	FIGURA DE PLANEAMENTO	PLANEAMENTO EN DESENVOLVEMENTO CAPACIDADE RESTANTE	VIVENDAS CONCEDIDAS	PLANEAMENTO POR DESENVOLVER CAPACIDADE
Lorbé	UE-39			16
	urb. A Granxa		16	
	PERI-2			23
	PERI-10			26
	Ordenanzas		24	
total núcleo intermedio			40	65
O Carballo-A Xesta				
total núcleo intermedio			49	
A Choupana-Montrove-Pazo do Río	UE-22			5
	Ordenanzas		110	
	total núcleo intermedio		110	
TOTAL NÚCLEOS INTERMEDIOS			199	135

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

O seu crecemento foi significativo respecto ó período anterior, sumando 200 novas vivendas, todas elas de carácter unifamiliar, e que en conxunto aportan o 11,4% das novas vivendas do total municipal.

Non se desenvolveu ningunha das actuacións programadas en solo urbano, todas de pequeno e mediano tamaño (UE e PERI).

Lorbé é, pola súa posición excéntrica no Municipio, o que mantén unha estrutura máis definida. O seu crecemento representa o 20% do dos núcleos intermedios, e o menor de todos eles. Lorbé está asociado a Mera en canto a uso de equipamentos e servizos, se ben o seu crecemento explícase pola proximidade ó municipio de Sada e ás praias de Cirro e Veigue. Sen embargo este aspecto amósase insuficiente para asegura-lo desenvolvemento a curto prazo das áreas de solo urbanizable non programado delimitadas no contorno de Lorbé e Dexo (SUNP-1 e SUNP-2).

O Carballo presenta un crecemento similar ó de Lorbé, o 24,6% do total dos núcleos intermedios, tendo un ámbito de expansión na normalización da Urbanización O Valiño,

en fase de reurbanización, e na actuación pública de vivenda suxeita a protección oficial en desenvolvemento da área de solo urbanizable non programado SUNP-31 en fase de edificación.

Montrove é o que mostra unha maior dinamicidade, con 110 novas vivendas, o 55% dos núcleos intermedios. Este desenvolvemento residencial débese sobre todo ó gran partido tirado das determinacións da ordenanza 2A que permitiu o desenvolvemento de actuacións de pequena escala, ben integradas na estrutura actual.

É difícil distingui-las actuacións periféricas de solo urbanizable non programado que corresponden ó seu contorno inmediato ou ó de Perillo, que en calquera caso forman xa un continuo. Estas urbanizacións desenvólvense tanto pola importancia do núcleo de Perillo, coma pola súa expansión a través das vías principais (N-VI e Avda. de Rosalía de Castro) e o atractivo que supón a ría do Burgo. As actuacións nesta ampla franxa tenden a colmatala, ofrecendo vivenda colectiva e unha importante oferta de vivenda unifamiliar.

O Parque de Liáns é a actuación destinada a ofrece-lo espazo libre de calidade que corresponde a este amplo sector. A súa delimitación supuxo a aposta medioambiental máis importante do Plan Xeral de 1997, tralas numerosas medidas de protección e acondicionamento da costa, e chamado a constituí-la espiña dorsal de desenvolvemento na zona sur do termo municipal.

2.3. OS NÚCLEOS PARROQUIAIS

Deixando á marxe ós núcleos principais e a parroquia de Perillo (na que coinciden núcleo e parroquia), o proceso de crecemento parroquial pasa pola análise da evolución dos núcleos parroquiais, terceiro nivel na liña de asentamentos proposto como modelo territorial, xunto co desenvolvemento do solo urbanizable non programado a estes asociado.

O comportamento dos distintos territorios parroquiais, e en concreto dos seus núcleos secundarios foi moi diferente segundo a súa posición e relación cos núcleos principais máis dinámicos, aportando ó desenvolvemento inmobiliario municipal entre 440 e 509 novas vivendas. Esta cantidade é considerablemente superior á rexistrada no período anterior (185 vivendas), e representa entre o 11 e o 12% da nova vivenda no total municipal. Este feito débese á práctica desaparición da vivenda dispersa en solo non urbanizable; onde a demanda anterior desviouse ás novas urbanizacións (SUP ou SUNP) con grande oferta de vivenda unifamiliar ou ben ó solo dos núcleos (ordenanza 2A na súa maioría). A demanda nas parroquias de Dexo e Serantes, e no interior da parroquia de Oleiros, reverten necesariamente nos núcleos parroquiais, xa que non se desenvolven a penas accións integradas de urbanización.

A introducción das determinacións do Plan Xeral de 1997 non é allea ó propio desenvolvemento dos núcleos; manifestándose as potencialidades que introduciron determinadas ordenanzas de solo urbano. Este proceso expresa unha relación inversa coas autorizacións en solo non urbanizable: presentes antes do ano 93 (no que representaba o 18% da nova vivenda no Municipio), en diminución clara (ó redor do 3% do total das vivendas) nos anos seguintes, ata desaparecer no 2002. Paralelamente, crecen as vivendas construídas coas ordenanzas de vivenda unifamiliar (2A e 2B), dando acollida ó redor do 20% das novas vivendas.

CADRO Nº 46: VIVENDAS CONCEDIDAS NOS NÚCLEOS PARROQUIAIS (93-02)

	Núcleos secundarios + vivenda en SNU	Total parroquias
DEXO	47	87
SERANTES	23	151
MAIANCA	39	50
DORNEDA	151	151
PERILLO	-	947
LIÁNS	68	1.600
OLEIROS	42	313
NÓS	65	360
IÑAS	74	172
TOTAL	509	3.831

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Do conxunto das parroquias, as máis dinámicas son Dorneda, seguida de Iñás e, en menor medida, Liáns e Nós. Nos núcleos parroquiais de Dorneda e Iñás concentrouse o 44,2% do total de novas vivendas, con núcleos punta en Arillo e Agueira (Dorneda) e Campamento (Iñás). Se engadímo-las parroquias de Liáns e Nós, as catro chegan a absorber-lo 70,3% do total das vivendas en núcleos parroquiais. O restante 29,7% repártese entre as outras parroquias de xeito igualado, destacando os núcleos de Dexo (Dexo), Maianca (Maianca), Covada-A Pezoca (Nós) e Coroto (Nós), que creceron ó redor de 15 vivendas cada un. Entre 15 e 25 novas vivendas creceron tamén Breixo (Dorneda), Faro (Iñás) e A Ferrala (Liáns).

O nivel de dotacións no ámbito local caracterízase por estar axeitadamente cuberto; a implantación xeneralizada de equipamentos múltiples, xunto coa localización de consultaría médica en tódalas parroquias, agás a de Dorneda, contribuíu moi positivamente a achega-los estándares de equipamento propios dos núcleos principais e intermedios ó resto da poboación municipal.

CADRO Nº 47: DESENVOLVEMENTO DO PLAN XERAL 93-02. RESUMO POR PARROQUIAS

	Nº VIVENDAS. LICENCIAS 93-02	Nº VIVENDAS Capacidade desenvolvida restante	Nº VIVENDAS Capacidade sen desenvolver
1 SANTA MARÍA DE DEXO			
total ord. núcleos parroquiais	47		
Lorbé-total ord. núcleos principais e intermedios	40		
total UE,UA			16
total PERI			49
total SUNP			106
total parroquia	87		171
2 SAN XIAO DE SERANTES			
total ord. núcleos parroquiais	23		
Mera-total ord. núcleos principais e intermedios	66		
total UE,UA	62	103	18
total PERI			81
total SUNP			766
total parroquia	151	103	865
3 SAN COSME DE MAIANCA			
total ord. núcleos parroquiais	39		
Mera-total ord. núcleos principais e intermedios	3		
total SUNP			304
total SUNP(ant.Revisión 97)	8		
total PP(ant.Revisión 97)	0	240	
total UE,UA	0	28	27
total parroquia	50	268	331
4 SAN MARTIÑO DE DORNEDA			
total ord. núcleos parroquiais	151		
total UE,UA			9

	Nº VIVENDAS. LICENCIAS 93-02	Nº VIVENDAS Capacidade desenvolvida restante	Nº VIVENDAS Capacidade sen desenvolver
total PERI			62
total SUNP			644
total parroquia	151		715
5 PERILLO			
total PERI	0	59	51
total UE,UA	359	157	183
total SUP	0	488	
total SUNP			130
total SUNP(ant.Revisión 97)	84	22	
total PP(ant.Revisión 97)	387	0	
Perillo-total ord. núcleos principais e intermedios	117		
total parroquia	947	726	364
6 SANTA EULALIA DE LIÁNS			
total ord. núcleos parroquiais	68		
Montrove, Sta.Cruz-total ord. núcleos principais e intermedios	284		
total UE,UA	82	120	233
total PERI			31
total SUNP	640	212	1.185
total SUNP(ant.Revisión 97)	265	288	
total PP(ant.Revisión 97)	261	0	
total SUP			289
total parroquia	1.600	620	1.738
7 SANTA MARÍA DE OLEIROS			
total ord. núcleos parroquiais	42		
Oleiros-total ord. núcleos principais e intermedios	79		
total UE,UA			93
total PERI	1	4	
total PP(ant.Revisión 97)			132
total SUNP	191	224	375
total SUP			239
total parroquia	313	228	839
8 SAN PEDRO DE NÓS			
total ord. núcleos parroquiais	65		
O Carballo, O Seixal- ord. núcleos principais e intermedios	125		
total SUNP	0	197	411
total PERI	0	168	25
total UE,UA	7	37	27
total SUNP(ant.Revisión 97)	163	24	
total parroquia	360	426	463
9 SAN XURXO DE IÑÁS			
total ord. núcleos parroquiais	74		
total PEPRI			25
total SUNP			62
total SUNP(ant.Revisión 97)	98	48	
total parroquia	172	48	87

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

2.4. A XESTIÓN DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO

Á parte do desenvolvemento dos núcleos secundarios e a súa problemática, o outro elemento de dinámica territorial constitúeo o solo urbanizable non programado e a súa xestión. Neste sentido, e dun total de vintedúas áreas (anteriores e posteriores á Revisión do 97) desenvolvidas ou en vías de desenvolvemento nos últimos dez anos, dez sitúanse en contacto cos núcleos principais de Perillo, Vilar-O Seixal, Montrove e Mera, dotándoos de contigüidade e nova urbanización.

Icaria II e III, envolvendo Icaria I, maclan os núcleos de Perillo e Montrove.

Os SUNP-28 e 38 no Graxal urbanizan unha zona entre a ría do Burgo e a Avda. das Mariñas, participando da expansión de Perillo e de conformación do novo espacio urbano comarcal da ría.

O SUNP-29 O Seixal sitúase entre os núcleos de Seixal e A Fortaleza, colmatando ese espacio.

O SUNP-42 Montrove sitúase xunto a unha urbanización anterior, As Vacarizas-Montrove, aparecendo ámbalas dúas como pezas independentes.

O SUNP-23 Fontedouro aparece tamén como unha peza independente xunto a Oleiros, continuada cara a Liñas por outra urbanización, o SUNP-45 Carballo III. Con este mesmo carácter, desenvólvese o SUNP-31 Mesón da Auga.

Algunhas áreas iniciadas e basicamente urbanizadas na década anterior, continúan colmatándose, como é o caso das urbanizacións Pazo de Arenaza, A Choupana, A Xesta e Xardín de Nós, entendidas como enclaves independentes no territorio.

Os SUNP-14 Lóngora e SUNP-15 Romardeiro, e o SUNP-E das Galeras, urbanizan a franxa Costeira entre Bastiagueiro e Santa Cruz, e entran en contacto co parque de Liás, de xeito que, en conxunto, conforman unha das actuacións en desenvolvemento máis relevantes do termo municipal.

A estas áreas debe engadirse a súa resolución definitiva do treito costeiro de Canide a través da execución do correspondente Plan Especial de Reforma Interior e Plan Parcial.

CADRO Nº 48: SUNP DESENVOLVIDO. CAPACIDADE E LIC. CONCEDIDAS 93-02 POR PARROQUIAS

	NºVIV. Capacidade inicial	NºVIV.LICENCIAS 93-02	NºVIV. Capacidade restante
1 SANTA MARÍA DE DEXO			
2 SAN XIAO DE SERANTES			
urb. Pía de Maianca SUNP A 4	8	8	0
3 SAN COSME DE MAIANCA	8	8	0
urb. Carballido SUNP A 21	106	84	22
5 PERILLO	106	84	22
urb. Lóngora SUNP-14R	118	94	24
urb. Romardeiro SUNP-15R	360	265	95
icaria 2 urb. Río Montrove SUNP-21R pol.1	153	148	5
urb. O Graxal II SUNP-38R	161	133	28
urb. Montrove SUNP-42R	60	0	60
urb. Icaria I PAU PP 23	29	29	0
urb. As Galeras I e II SUNP E	377	114	263
urb. A Choupana PAU-PP-22	45	20	25
urb. Montrove PAU-PP-26	102	102	0
6 SANTA EULALIA DE LIÁNS	1.405	905	500
urb. Fontedouro SUNP-23R	153	71	82
urb. A Cova SUNP-25R	120	120	0
7 SANTA MARÍA DE OLEIROS	273	191	82
urb. Mesón da Auga SUNP-31R	133	0	133
urb. Carballo III SUNP-45R	64	0	64
urb. O Vieiro PAU-PP-28	38	38	0
urb. Xardín de Nós PAU-PP-29	149	125	24
8 SAN PEDRO DE NÓS	384	163	221
urb. A Xesta PAU-PP-32	50	12	38
urb. Pazo de Arenaza PAU-PP-37	96	86	10
9 SAN XURXO DE IÑÁS	146	98	48
total 22 actuacións	2.314	1.449	873

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Estes procesos presentan unhas características cuantitativas e cualitativas moi relevantes. Cuantitativas en canto supoñen unha oferta de solo residencial de baixa densidade (da orde das 18 viv/Ha, superior ás 16 viv/Ha do desenvolvido na década anterior), alternativa á edificación unifamiliar diseminada en solo rústico, cunha capacidade teórica de 2.314 vivendas, das cales o 60,8% sitúase na parroquia de Liáns (Icaria II, Lóngora, Romardeiro, As Galeras, O Graxal II, Montrove, etc.) o 16,3% na de Nós (Mesón da Auga, Carballo III, Xardín de Nós e O Vieiro) e o 11,9% en Oleiros (Fontedouro, A Cova).

As súas características cualitativas refírense á oferta na comarca dun tipo de vivenda unifamiliar para primeira residencia, que segue a ser punteira. Á vez, segue a absorber-la importante demanda de vivenda colectiva, especialmente no núcleo de Perillo, no que se iguala en número de vivendas á tipoloxía unifamiliar.

O claro incremento do desenvolvemento de solo urbanizable non programado reflicte a un vivo proceso de urbanización controlado pola xestión do Concello, unha vez rematada a construción no disperso.

Deixando ó lado o feito residencial, hai que destaca-la crecente consolidación do corredor da N-VI como un eixe de atracción multifuncional que vén a amosar un continuo urbano, cada vez máis colmatado por actuacións integradas de nova urbanización; esta expansión é independente dos ámbitos tradicionais das parroquias de Perillo, Liáns, Nós e Iñás.

O SUNP-I-33, representa unha forte aposta de solo industrial, coa fin de diversifica-lo usos nun territorio, basicamente residencial, e impulsa-la creación dunha nova área especializada no termo municipal.

Dito o anterior, sen embargo quedou patente a dificultade para desenvolver algunhas áreas de solo urbanizable non programado planteadas no Plan Xeral.

Así nas parroquias de Dexo, Serantes, Maianca e Dorneda a falta de iniciativa ó redor deste tipo de solo acada o 100%.

A parroquia de Serantes é na que se tiña delimitado solo urbanizable non programado con capacidade para maior número de vivenda, unhas 770 vivendas. Na parroquia de Maianca, sempre no contorno de Mera, establécese unha capacidade para outras 304 vivendas, e na de Dorneda, igualmente cunha capacidade alta para 644 novas vivendas, das que 460 están localizadas no contorno da urbanización Rialta. Por último na parroquia de Dexo, con capacidade para 106, a perspectiva de crecemento mediante solo urbanizable non programado xa era menor.

No caso da parroquia de Maianca debe terse en conta a forte oferta que supón o desenvolvemento do Plan Parcial de Canide, cunha capacidade para 240 novas vivendas e outros usos terciarios. O peso desta actuación vai transcender do ámbito parroquial para repercutir necesariamente no resto de actuacións integradas planteadas no contorno do núcleo principal de Mera.

Parece claro que tanto nas parroquias de Dexo e Serantes, situadas ó norte do municipio, como na de Dorneda, situada no interior, deben ser reconsideradas as bolsas deste tipo de solo delimitado polo Plan do 97, de gran tamaño, que requiren unha grande inversión privada, e illadas dos actuais nodos de comunicación e equipamento.

CADRO Nº 49: CAPACIDADE DO PLANEAMENTO SEN DESENVOLVER POR PARROQUIAS

	FIGURA	Nº Viv. sen desenvolver	Nº Viv. desenvolver. SUNP en fase inicial	% nd/total
1 SANTA MARÍA DE DEXO	SUNP-1	106		
	SUNP	106	0	100,0
2 SAN XIAO DE SERANTES	SUNP-2	256		
	SUNP-3	49		
	SUNP-4	82		
	SUNP-5	192		
	SUNP-6	93		
	SUNP-44	52		
	SUNP-47	42		
	SUNP	766	0	100,0
3 SAN COSME DE MAIANCA	SUNP-7	246		
	SUNP-8	42		
SUNP	288	24	92,3	
4 SAN MARTIÑO DE DORNEDA	SUNP-9	184		
	SUNP-10	195		
	SUNP-11	96		
	SUNP-40	169		
SUNP	644	0	100,0	
5 PERILLO				
SUNP	0	236	0,0	
6 SANTA EULALIA DE LIÁNS	SUNP-12	95		
	SUNP-13	151		
	SUNP-16	141		
	SUNP-17	251		
	SUNP-19	58		
	SUNP-20	76		
	SUNP-21 pol.2	142		
	SUNP-22	0		
	SUNP-27	83		
	SUNP-36	73		
	SUNP-43	33		
	SUNP-46	54		
	SUNP	1.157	880	43,2
7 SANTA MARÍA DE OLEIROS	SUNP-23 pol.2	142		
	SUNP-24	110		
	SUNP-25 pol. 2	56		

	FIGURA	Nº Viv. sen desenvolver	Nº Viv. desenvolver. SUNP en fase inicial	% nd/total
	SUNP-26	89		
	SUNP-41	34		
	SUNP	431	415	49,0
8 SAN PEDRO DE NÓS	SUNP-30	87		
	SUNP-35	112		
	SUNP-37	42		
	SUNP-48	14		
	SUNP	255	540	32,1
9 SAN XURXO DE IÑÁS	SUNP-32	62		
	SUNP-34	0		
	SUNP	62	146	29,8

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

3. A CAPACIDADE ACTUAL DO PLAN

O conxunto do sistema residencial proposto no Plan Xeral do 97 presentaba capacidade suficiente para dar resposta ó crecemento esperado, máis aló da vixencia programadora de dito Plan Xeral.

Analizado no apartado A.3.3 da presente Memoria a xestión de solo e vivenda en desenvolvemento do Plan, o cadro seguinte expresa a capacidade do planeamento en termos de produción de vivenda, estimada en 1993, e a capacidade remanente no 2002, unha vez avaliadas as licencias concedidas neste intervalo.

CADRO Nº 50: CAPACIDADE RESIDENCIAL DO PLAN XERAL

	LICENCIAS 93-02 CONCEDIDAS NºVIV.	CAPACIDADE Nº VIV. 1993	CAPACIDADE NºVIV. 2002
solo núcleos principais (ordenanzas)	714	1.400	686
solo núcleos parroquiais (ordenanzas)	509	896	387
total	1.223	2.296	1.073
UE,UA	510	1.561	1.051
PERI	1	556	555
total	511	2.117	1.606
total núcleos	1.734	4.413	2.679
SUP	0	987	987
PP (plan anterior á Revisión)	648	1.020	372
SUNP	831	5.503	4.672
SUNP (plan anterior á Revisión)	618	1.000	382
total urbanizacións	2.097	8.510	6.413
TOTAL	3.831	12.923	9.092

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

A capacidade remanente estimada de solo urbano dos núcleos principais, aplicando as ordenanzas establecidas no Plan Xeral, é de 686 vivendas, que corresponden tanto a solares baleiros coma ás renovacións xeradas pola maior edificabilidade permitida por ordenanzas cando o diferencial en relación á edificación existente o xustifica.

A capacidade remanente estimada no solo urbano de núcleos parroquiais ascende a 387 vivendas, suposta a ocupación da totalidade de parcelas cualificadas.

As unidades de execución en solo urbano correspondentes a ordenacións especiais (UE, UA) engaden unha capacidade de 1.051 vivendas e os Plans Especiais de Reforma Interior teñen unha capacidade adicional de 555 vivendas.

Polo tanto, o conxunto de solo urbano presenta aínda unha capacidade para 2.679 novas vivendas, incluíndo nelas a capacidade dos núcleos parroquiais que resulta ser un marco aínda amplo para o desenvolvemento de actuacións edificatorias de pequena escala.

Nestes anos os núcleos parroquiais pasaron de absorber nova vivenda dun xeito non significativo a que esta supoña o 13% do total. Ó contrario do planteado no Plan Xeral do 97, no que se considerou a capacidade destes núcleos como unha marxe adicional, na actualidade representan un papel bastante activo.

As actuacións de nova urbanización en curso de execución por desenvolvemento de solo urbanizable programado anterior ó Plan do 97 e o proposto neste presenta, en conxunto, unha capacidade remanente de 1.359 vivendas. O solo urbanizable non programado presenta unha capacidade de 5.054 vivendas, sen ter en conta a posibilidade de construír un maior número de vivendas de protección oficial.

O conxunto do solo urbanizable, programado ou non, presenta aínda unha capacidade para 6.413 novas vivendas.

O teito conxunto de capacidade remanente residencial cualificada polo Plan Xeral do 97 sitúase na actualidade nas 9.092 vivendas. Delas, o planeamento compromete, ben por estar xa urbanizado ou en curso de urbanización ou porque se programa a súa urbanización, a preparación de solo para 2.678 vivendas.

Adicionalmente resta un amplo campo de reserva no solo urbanizable non programado para 3.735 novas vivendas, que se poderá ir incorporando paulatinamente á programación reforzando e complementando as accións programadas mediante mecanismos de urbanismo concertado, que se mostraron cada vez máis eficaces, ou mediante mecanismos de intervención pública para os efectos de crear unha oferta estable de vivenda pública.

Nesta clase de solo o planeamento clasifica 396,5 Ha, das cales non se desenvolveron 201 Ha, e das que 323,7 Ha son de uso residencial con distintos graos de intensidade, 50 Ha de uso industrial e 22,8 Ha de usos terciarios mixtos (con presenza residencial) ou exclusivos. Nas áreas de tipo terciario ou industrial atópanse comprometidas polo planeamento 6,4 Ha e 10,38 Ha respectivamente.

A capacidade de vivenda no solo urbanizable non programado, desagregado nas distintas densidades planteadas, é a seguinte:

CADRO Nº 51: CAPACIDADE DO SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO RESIDENCIAL

	DEN. VIV/HA	NºVIV. CAPACIDADE NO 93	Nº VIV. LICENCIAS CONCEDIDAS E CAPACIDADE DESENVOLVIDA	Nº VIV.CAP. SEN DESENVOLVER NO 2002	SUP. EN HA. SEN DESENVOLVER NO 2002
SUNP CIDADE XARDÍN	12<D<15	3.202	692	2.473	179,2
SUNP DENSIDADE BAIXA	20<D<22	2.687	1.291	1.322	19,1
SUNP DENSIDADE MEDIA	30	614	481	133	3,12
TOTAL		6.503	2.464	4.039	201,42

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Comprobouse un movemento menor nos SUNP de baixa densidade: só se desenvolveu o 21,6% das cidades xardín (entre 12 e 20 viv/Ha), fronte ó 48,0% dos de densidade baixa (entre 20 e 22 viv/Ha) e ó alto desenvolvemento da densidade media (30 viv/Ha), un 78,3%.

A espacialización da execución dos SUNPs viuse influída pola polarización do sur do Municipio, en prexuízo das zonas do norte-interior (Dexo, Serantes e Dorneda).

Unha vez comprobada a capacidade actual do Plan, que amosa a absorción de vivenda futura cunhas marxes suficientemente flexibles, temos que pensar que a ampliación de novo solo urbanizable non vai ser un obxectivo básico desta Revisión salvo, para os efectos de adaptación á nova lexislación urbanística.

Particularmente, o solo urbanizable non programado supón unha importante reserva. Para activa-lo seu desenvolvemento a un ritmo axeitado á necesidade de nova vivenda, deberá ser obxecto dunha redefinición que analice as súas dimensións, posición e usos.

4. O PROCESO DE URBANIZACIÓN

Os procesos de crecemento, urbanización e reequipamento dos núcleos realizáronse, no marco do Plan Xeral do 97, mediante actuacións moi diversas: a localización intencionada de equipamentos con forte valor de atracción; a mellora continuada das fronteiras costeiras (acondicionadas e integradas coas zonas edificadas) e a posta en valor de espazos fluviais e forestais; o acabado do viario público de trama urbana e a programación a ritmo crecente das novas áreas de expansión de execución integral inxeridas nos núcleos.

O Plan Xeral de 1997, ó igual que o seu antecedente de 1984 establece como obxectivo superar unha situación de partida na que o crecemento implicaba un proceso de suburbanización, na que a identidade dos núcleos quedaba diluída pola ausencia de espazos públicos e equipamentos e pola descontinuidade dos procesos espontáneos de edificación. As propostas do Plan Xeral foron encamiñadas a produci-la urbanización efectiva dun sistema polinuclear de asentamentos que no seu conxunto aspiraba a acadar un estatuto urbano.

No plano de intervención directa do Plan, os indicadores que nos permiten avaliar o progreso do proceso de urbanización refírense á creación de infraestruturas urbanísticas e desenvolvemento dos equipamentos sociais e dos servizos públicos, a expansión dos espazos públicos de natureza urbana (rúas, prazas, parques,...) e a consolidación dun hábitat residencial estable de magnitude e densidade suficientes como para xera-lo encadeamento de toda a variedade de actividades que caracterizan os fenómenos urbanos.

O alcance deste proceso describiuse en anteriores apartados, interesándonos agora destacar, a modo de síntese, o seu significado en termos de inversión económica.

Así o monto económico dos compromisos de urbanización dos particulares nas actuacións integradas de nova urbanización, executadas ou en execución, estimado a partir das valoracións incluídas en proxectos e plans, ó longo do período 1997-2002 é de 35.062 miles de euros de 2003.

Pola súa parte, o conxunto da inversión pública en urbanización financiada directamente pola administración local nestes seis anos de vixencia do Plan de 1997 sitúase ó redor dos 9.732 miles de euros de 2003.

En desenvolvemento do Plan Xeral de 1984, no período 84-92 a inversión en urbanización dos particulares en actuación integrada alcanzou os 3.680 millóns de pesetas de 1992, aproximadamente 32.490 miles de euros de 2003.

A inversión pública aportada polo Concello neses nove anos supuxo ó redor de 1.610 millóns de pesetas de 1992, 14.214 miles de euros de 2003.

CADRO Nº 52: INVERSIÓN EN URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTOS 84-92

	PTA 2003	EUROS
INVERSIÓN PRIVADA	5.405.920.000 pta	32.490.233,55 €
INVERSIÓN PÚBLICA	2.365.090.000 pta	14.214.477,18 €
total	7.771.010.000 pta	46.704.710,73 €

Fte.: Información Urbanística PX 97.

CADRO Nº 53: INVERSIÓN EN URBANIZACIÓN E EQUIPAMENTOS 97-02

INVERSIÓN MUNICIPAL			
1998	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL	PTA 2003	EUROS
	ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS	8.222.516 pta	49.418,32 €
	URBANIZACIÓN	63.869.798 pta	383.865,21 €
	EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL	86.671.771 pta	520.907,84 €
	EQUIPAMENTO DEPORTIVO	15.002.893 pta	90.169,21 €
	EQUIPAMENTO DOCENTE	2.628.136 pta	15.795,41 €
		176.395.114 pta	1.060.155,99 €
1999	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL		
	ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS	50.648.857 pta	304.405,76 €
	URBANIZACIÓN	103.271.011 pta	620.671,28 €
	EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL	99.563.824 pta	598.390,64 €
	EQUIPAMENTO DEPORTIVO	25.957.505 pta	156.007,75 €
		279.441.198 pta	1.679.475,42 €
2000	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL		
	ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS	42.259.907 pta	253.987,16 €
	URBANIZACIÓN	82.416.726 pta	495.334,50 €
	EQUIPAMENTO ASISTENCIAL	22.007.028 pta	132.264,90 €
	EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL	22.713.827 pta	136.512,85 €
	EQUIPAMENTO DEPORTIVO	89.033.736 pta	535.103,53 €
		258.431.224 pta	1.553.202,94 €
2001	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL		
	ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS	22.732.075 pta	136.622,52 €
	URBANIZACIÓN	189.626.089 pta	1.139.675,75 €
	EQUIPAMENTO DOCENTE	21.436.010 pta	128.833,01 €
	EQUIPAMENTO DEPORTIVO	48.316.534 pta	290.388,22 €
	EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL	43.998.067 pta	264.433,71 €
		326.108.774 pta	1.959.953,21 €

INVERSIÓN MUNICIPAL			
1998	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL	PTA 2003	EUROS
2002	CLASIFICACIÓN FUNCIONAL		
	ESPACIOS LIBRES PÚBLICOS	25.061.055 pta	150.619,98 €
	URBANIZACIÓN	391.828.957 pta	2.354.939,46 €
	EQUIPAMIENTO SOCIOCULTURAL	45.625.969 pta	274.217,60 €
	EQUIPAMIENTO DOCENTE	4.565.089 pta	27.436,74 €
	EQUIPAMIENTO DEPORTIVO	111.968.306 pta	672.943,07 €
		579.049.376 pta	3.480.156,85 €
	TOTAL	1.619.425.686 pta	9.732.944,40 €
INVERSIÓN PRIVADA			35.062.000,00 €

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

A relación entre inversión pública e privada tradúcese nunha dobre valoración: destaca o aumento dos recursos mobilizados neste último período do Plan para a creación e adaptación de infraestructuras, pero o máis significativo resulta o feito de que, mediante a xestión urbanística, rescatouse unha importante cota de plusvalía para a súa inversión no proceso urbanizador. Este proceso, se ben non é novo, acentúase ata o punto de que o conxunto da inversión privada comprometida é máis do triple do xa significativo esforzo da administración local.

Vemos así que a inversión xeral en urbanización aumentou considerablemente: dunha media de 225 € por habitante e ano (obtida dos datos entre 1984 e 1992) pasouse a 302 € por habitante e ano (datos entre 1998 e 2002).

En 1992 a inversión pública representaba un tercio do total de inversión en urbanización; en 2002 representa un quinto.

O Concello mantivo a súa parte de inversión en valores absolutos cunha media de 66 € por habitante e ano.

Como complemento das actuacións urbanizadoras integradas, así como o proceso de extensión das redes de servicios e da pavimentación, o Concello de Oleiros continuou o seu proceso de dotación do espazo público, cuantitativa e cualitativamente importante, tanto no seu aspecto de equipamento comunitario como no de control e acabado do espazo urbano continuo.

Destacan a riqueza e diversidade dos estándares alcanzados e, sobre todo, as reservas de solo público acumuladas.

Ó longo destes anos resolvéronse deficiencias nas dotacións detectadas no Plan Xeral de 1997, especialmente as sanitarias.

Os niveis de servizo das dotacións socioculturais e de zonas verdes e espazos libres son altos, superando incluso as previsións contidas no Plan Xeral.

Os equipamentos docentes teñen, en xeral, boa cobertura a tódolos niveis, aínda que Perillo non absorbe por completo a demanda producida polo aumento de poboación.

Subsiste un déficit en relación ós equipamentos docente e deportivo, e certo desequilibrio territorial. Nós é a parroquia máis deficitaria en tódolos sentidos e, en xeral, o equipamento deportivo local, de pequeno tamaño, apóiase en exceso nos centros escolares.

A excepcional acumulación de reservas e a facilidade con que estas seguirán obténdose -produto de cesións de actuacións urbanísticas xa iniciadas- son un primeiro paso para atopar solución ás distintas necesidades dotacionais que se presentan.

Un dos obxectivos municipais en relación a estándares de urbanización (sección vial, arboredo e dotación de espazos libres públicos) debe ser acadar cada vez unha maior unidade e coherencia de solucións constructivas e materiais empregados.

A pesar do esforzo realizado na xestión municipal, o estado da urbanización de superficie adoce no cualitativo de falta de unidade. Este era un problema xa detectado na diagnose feita no Plan Xeral de 1997, particularmente nas actuacións privadas.

Constátase unha mellora substancial destes estándares, rigorosamente definidos en tódolos seus aspectos: pavimentos, vaos, alcorques, sebes, cerramentos, mobiliario urbano, etc. O Concello expresou estas directrices nas actuacións promovidas por el, se ben hai un nivel de esixencia elevado nas actuacións particulares.

A.6. INFRAESTRUCTURAS DE COMUNICACIÓN. REDE VIARIA E TRANSPORTE

1. A REDE DE TRANSPORTE METROPOLITANO

O sistema de transporte metropolitano constitúese fundamentalmente polas infraestructuras viarias, ás que se superpón unha débil rede ferroviaria de función supralocal cun baixo ou nulo uso comarcal, e o aeroporto. O porto da Coruña constitúe un sistema especializado, parcialmente dependente e condicionante das redes de transporte para o tráfico de mercadorías e que non ten incidencia no transporte de ámbito metropolitano e comarcal.

A transformación do sistema foi notable nos últimos anos como resultado da execución da Autovía A-6 e da Autoestrada A-55 ademais das sucesivas actuacións de incremento e mellora da funcionalidade do sistema existente.

A esta transformación superpóñense as novas previsións que se conteñen no Plan Sectorial da Rede Viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, documento marco de incidencia supramunicipal de análise, regulación e planificación da rede viaria no ámbito metropolitano, ó que se engaden as actuacións que contempla o Ministerio de Fomento na mellora das condicións funcionais da estrada N-VI; previsións que serán analizadas nos próximos apartados.

O deseño das actuacións de estrutura de novo trazado realizadas nos últimos anos condiciona decisivamente no curto prazo as comunicacións metropolitanas no contorno inmediato da cidade da Coruña primando as comunicacións de longo percorrido en detrimento das municipais e intermunicipais da área metropolitana e mesmo da área comarcal.

Esta circunstancia apréciase especialmente no municipio de Oleiros que pola súa posición xeográfica na península (xunto con Sada) queda moi afastado dos dous novos eixes de acceso á cidade (Autovía A-6 e Autoestrada A-55).

Por outra parte, o Municipio de Oleiros, pola súa histórica posición en relación ás redes de acceso e pola súa estrutura territorial (sen un forte núcleo urbano con condicións de accesibilidade terminal), dependente da comunicación por estrada, está moi condicionado polas políticas sectoriais de xestión e programación das estradas; circunstancia que deu lugar no seu día á conformación dun complexo entramado de estradas dependentes na actualidade de tres administracións (estatal, autonómica e provincial) que ben adoptan un carácter de viario de carácter exclusivamente local (a maior parte das estradas provinciais e boa parte das autonómicas) ou que en todo caso

canalizan un bo número de relacións de carácter local e metropolitano. Cómpre destacar que a maior parte das relacións de carácter metropolitano non son absorbidas polas dúas infraestructuras especializadas, Autoestrada A-9 e Autovía A-6, esta última cun trazado excesivamente afastado da península Oleiros-Sada que imposibilita na práctica a súa utilización para efectuar relacións de carácter local e metropolitano no ámbito de influencia do municipio de Oleiros.

No que respecta á Autoestrada A-9 a disposición dos seus accesos na Barcala e Guísamo (coas súas variantes cara a Guísamo e Santa Marta) permiten a canalización dun certo volume de movementos de ámbito metropolitano, aínda que nunha proporción reducida, como se indica seguidamente.

2. AS AUTOVÍAS METROPOLITANAS

O nivel superior da rede viaria metropolitana está constituído polas vías especializadas de longo percorrido que á súa vez desenvolven funcións de relación metropolitana dentro da estrutura arterial urbana e periurbana. Coas actuacións abordadas nos últimos anos esta rede está composta pola Autoestrada A-9, a Autovía A-6 e a Autoestrada A-55, ás que se une a estrada nacional N-VI como principal colector de acceso á cidade no conxunto do sistema viario e, particularmente, nas relacións de ámbito metropolitano da península Oleiros-Sada.

A Autoestrada A-55 A Coruña-Carballo cumpre funcións de carácter metropolitano na zona oeste comarcal, vinculadas case exclusivamente con funcións de acceso á cidade da Coruña sen a penas presenza das funcións distribuidoras e sen ter incidencia no leste do ámbito metropolitano (Oleiros, Sada, Bergondo) debido ás insuficientes interconexións co resto do viario de longo percorrido.

Do mesmo xeito, o trazado da Autovía A-6, A Coruña-Madrid, é moi deficiente para favorece-las relacións de ámbito metropolitano, optándose por un trazado destinado a capta-los tráfico industriais vinculados cos polígonos da Cidade (Sabón e A Grela mediante o enlace coa A-55) ou dos ámbitos periféricos (Polígono de Alvedro en Culleredo ou de Piadela en Betanzos-Bergondo). Da mesma forma serve ás relacións de longo percorrido da comarca de Bergantiños con Madrid ou Santiago sen provocar servidumes de paso na cidade. Esta circunstancia ten expresión moi clara no reducido volume de tráfico que percorre o primeiro treito do seu percorrido entre a Glorieta de Sabón e a Autoestrada A-9 que a penas acada o 30% do tráfico que percorre o treito seguinte (Autoestrada-Betanzos).

Desta circunstancia pode concluírse a inexistencia de relacións complementarias coa Autoestrada A-9 e a nula vontade da Autovía A-6 por captar fluxos de viaxes metropolitanos con orixe ou destino na cidade. A relación directa entre a cidade e o fondo da ría (barrios de Culleredo, Cambre e Oleiros), así como as relacións entre A Coruña, Oleiros, Sada e Bergondo seguen abocadas á utilización do vello sistema de estradas cunha presenza dominante da estrada nacional N-VI ou alternativamente (moi condicionada pola localización dos enlaces actuais) da Autoestrada A-9.

O trazado da Autoestrada A-9 como trazado metropolitano resulta moito máis eficiente que as anteriores, inseríndose con bastante boa fortuna no territorio, percorrendo en paralelo a estrada N-VI e a estrada AC-164 a Ferrol; con enlaces en Guísamo (Bergondo e Sada), Miño e A Barcala, que lle permiten non soamente absorber viaxes

de longo percorrido Ferrol-Madrid ou Santiago e Coruña-Ferrol, senón captar parte do tráfico de axitación de carácter metropolitano da península Oleiros-Sada.

En todo caso a Autoestrada, en relación á súa función de autovía metropolitana resulta aínda unha vía cunha funcionalidade non totalmente aproveitada dada a precariedade e escaseza de enlaces entre o intercambiador de Guísamo e a cidade. Neste sentido os tráfico A Coruña-Oleiros-Sada non atopan unha clara relación no enlace da Barcala; outro enlace menor coma o de Catro Camiños (na actualidade de carácter unidireccional para as relacións cara a Santiago, Ferrol e Madrid) amósase excesivamente afastado e deficientemente comunicado co eixe troncal N-VI – AC-164 para ser considerado con capacidade para absorber movementos de carácter metropolitano.

No que respecta á estrada nacional N-VI aínda na perspectiva da súa mellora e acondicionamento coa execución das actuacións previstas de reordenación de cruces e enlaces (que se engadirán ás actuacións abordadas nos últimos anos de remodelación dos cruces en Perillo e A Pasaxe), non poderá polas súas servidumes de bordo en Guísamo, O Carballo, Nós e Perillo, transformarse en vía rápida mantendo o seu trazado actual.

3. A TRANSFORMACIÓN DA REDE VIARIA. TRÁFICO E MOTORIZACIÓN

3.1. TRANSFORMACIÓN DA REDE VIARIA E MOTORIZACIÓN

Como se indicou no apartado anterior a execución das dúas novas actuacións (Autovía A-6 Madrid-A Coruña e Autoestrada A-53 A Coruña-Carballo) supuxo unha importante transformación da rede viaria no conxunto da área metropolitana, transformación que foi acompañada por algunhas actuacións de remodelación da rede viaria existente, ampliación das seccións ou remodelación de encontros, o que sen dúbida supuxo a mellora das condicións funcionais das estradas.

Dos datos que reflicte o diagnóstico elaborado para a redacción do Plan Sectorial da Rede Viaria, pode comprobarse a evolución da rede viaria nos últimos 20 anos, así como do parque de vehículos dos distintos municipios da área metropolitana.

CADRO Nº 54: TRANSFORMACIÓN DA REDE E MOTORIZACIÓN

MUNICIPIO	SUPERFICIE Km ²	ANO 1978		ANO 1998	
		PARQUE DE VEHÍCULOS	KM DE ESTRADAS	PARQUE DE VEHÍCULOS	KM DE ESTRADAS
A CORUÑA	37,6	54.219	22,6	118.566	23,3
ARTEIXO	93,4	1.730	23,4	2.920	36,6
OLEIROS	43,8	5.374	42,6	13.173	42,6
CAMBRE	40,7	3.657	23,3	8.070	40,0
CULLEREDO	62,3	4.180	27,3	8.914	37,9
SADA	27,4	2.296	22,7	5.191	22,7
TOTAL	305,2	71.456	161,9	156.834	203,1

Fte.: Plan Sectorial da Rede Viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros.

A lectura do cadro anterior amosa un incremento da rede viaria nos últimos 20 anos próximo ós 40 Km (un 25% sobre a lonxitude da rede existente no ano 1978), que en todo caso, sitúase moi por debaixo do forte incremento experimentado polo parque de vehículos que no mesmo período máis que duplicou a cifra de vehículos (cun incremento do 120%).

Esta situación é aínda máis significativa tendo en conta que a práctica totalidade do incremento da rede viaria corresponde á execución das infraestruturas principais (Autoestradas A-9 e A-55 e Autovía A-6) destinadas principalmente, polas súas características, a canaliza-lo tráfico de longo percorrido e polo tanto con escasa influencia nos tráfico de distribución e axitación de carácter interurbano e metropolitano.

En todo caso, o ratio entre o metro de rede viaria e o número de vehículos descende fortemente desde 2,26 m/veh ata 1,29 m/veh.

Este dato, aínda que ten que ser comparado coas actuacións de mellora das características da rede viaria en canto ó incremento da súa capacidade, preséntase como o primeiro síntoma do desmesurado aumento da conxestión de tráfico.

Particularmente o municipio de Oleiros mantén, tendo en conta a súa extensión superficial e a súa posición excéntrica respecto dos tres principais eixes viarios especializados (Autoestradas e Autovía), unha considerable lonxitude na rede de estradas, acadando densidades próximas a 1 km/km², soamente igualado polo municipio de Cambre (atravesado pola Autovía A-6 e Autoestrada A-9) no conxunto metropolitano. Situación que pon de relevo a importancia da antiga rede viaria resultante da política estatal herdada que privilexiou o ámbito da península Oleiros-Sada. En todo caso, a antigüidade da súa implantación e a escaseza de actuacións de mellora, ampliación e completamento contribúe a reduci-la funcionalidade de grande parte deste miúdo entramado viario.

3.2. TRÁFICO NA REDE DE ACCESOS

A sucesiva implantación de novas redes de infraestrutura viaria tivo un resultado dispar na súa contribución na distribución do tráfico de acceso á cidade, situación que segue a mante-la estrada nacional N-VI como principal eixe viario no que a volume de tráfico se refire.

Desta forma, así como a implantación da Autoestrada A-9 na súa primeira fase -dirixíndose cara a Santiago- contribuíu á desconxestión da vella estrada N-550, particularmente nos treitos afastados (Alvedro-Carral-Ordes), a sucesiva posta en servicio da Autovía A-6 (Madrid-A Coruña) e da Autoestrada A-55 (A Coruña-Carballo) non capta aínda grande parte dos movementos que seguen a utiliza-los vellos eixes (estrada nacional N-VI e estrada autonómica AC-552). Neste sentido soamente a implantación do ramal da A-9 entre Cecebre e Ferrol semella dar resposta a unha importante cantidade de movementos que utilizaban o eixe da estrada autonómica AC-164.

O conxunto da intensidade de tráfico destes catro eixes desdoblados amósase no cadro seguinte:

CADRO Nº 55: TRÁFICO NA REDE VIARIA DE ACCESO. ANO 2000

EIXE VIARIO	INTENSIDADE DE TRÁFICO					
A CORUÑA-CARBALLO	AC-552	14.375	A-55	9.462	TOTAL	23.837
A CORUÑA-SANTIAGO	N-550	12.935	A-9	14.376	TOTAL	27.311
A CORUÑA-FERROL	A-164	13.119	A-9	12.750	TOTAL	25.869
A CORUÑA-MADRID	N-VI	19.134	A-6	15.199	TOTAL	34.333
TOTAL		59.563		51.787		111.350

Os datos indicados anteriormente, aínda que non poden ser considerados netamente como tráfico de acceso á cidade (ó non estar contrastados con enquisas que poidan segrega-lo tráfico con orixe e destino fóra da cidade e dun certo volume de tráfico de axitación) representa o tráfico de cada un dos eixes de acceso en localizacións suficientemente afastadas como para non acolle-lo tráfico de carácter estritamente metropolitano, que será obxecto de análise nos apartados seguintes.

Da lectura do cadro poden extraerse as seguintes conclusións:

- O eixe N-VI, A-6 na dirección A Coruña-Madrid segue a te-lo papel principal na rede de accesos á cidade (absorbendo máis do 30% do tráfico total de acceso). Nel o peso da vella estrada nacional, que absorbe aínda un 56% do tráfico de longo percorrido que circula polo eixe, segue a ser maioritario.

- . Este dato dá conta da existencia dun certo volume de tráfico non metropolitano e que se localiza no ámbito comarcal que non atopa resposta no trazado da Autovía A-6 para realiza-los seus movementos.
- . O papel da Autoestrada A-6 no eixe A Coruña-Santiago é maioritario absorbendo o 53% do total do tráfico de acceso.
- . Igualmente pódese indicar para o papel da Autoestrada A-6 no eixe A Coruña-Ferrol que practicamente iguala o volume de tráfico que circula pola vella estrada AC-164 para relacións tan próximas como Miño ou as partes máis afastadas dos municipios de Sada e Bergondo.
- . Por último, obsérvase a escasa importancia da Autoestrada A-55 segundo se afasta da cidade, captando soamente o 39% do tráfico que circula polo eixe Coruña-Carballo.

En resumo, pode concluírse que o vello sistema de estradas segue a presentar un papel primordial na estrutura de accesos á cidade, canalizando aínda preto do 54% dos movementos de longo percorrido; un sistema que pola súa proximidade, facilidade de acceso e implantación ten á súa vez unha importancia primordial ó se-lo principal soporte dos movementos de tráfico de ámbito metropolitano, como se comentará nos apartados seguintes.

4. A REDE VIARIA PRINCIPAL DE OLEIROS

4.1. A REDE DE ESTRADAS

Nunha visión funcional e estrutural de carácter metropolitano a rede viaria de Oleiros ten que ser vista na grande escala e en relación á súa península Oleiros-Sada e os seus municipios limítrofes: Bergondo, Cambre e Culleredo.

No conxunto do sistema viario principal e distribuidor de Oleiros tense que incluír non soamente as estradas de titularidade estatal, autonómica ou provincial do municipio, senón ter en conta a súa continuidade e funcionalidade na estrutura municipal e mesmo metropolitana enfocada a garantir e dar coherencia ó modelo de estrutura territorial principalmente no conxunto da península Oleiros-Sada.

Neste sentido cobra especial importancia a xerarquización, aínda incompleta se non se teñen en conta as previsións viarias non realizadas, que presenta o Plan Xeral Municipal de 1997.

A rede viaria do municipio de Oleiros está composta polas seguintes estradas:

Estrada	Denominación	Titularidade
A-9	Autoestrada do Atlántico	Estado
N-VI	Madrid-A Coruña	Estado
AC-173	A Pasaxe-Santa Cruz	Xunta de Galicia
AC-172	Santa Cruz-Mera	Xunta de Galicia
AC-163	Mera-Fontán por Lorbé	Xunta de Galicia
AC-174	A Pasaxe-Oleiros	Xunta de Galicia
AC-184	Arillo-Meirás	Xunta de Galicia
AC-190	O Carballo-Santa Cruz	Xunta de Galicia
AC-180	O Carballo-Oleiros	Xunta de Galicia
AC-181	Oleiros-Arillo	Xunta de Galicia
AC-182	Espírito Santo-Oleiros	Xunta de Galicia
AC-321	Nós-Mabegondo	Xunta de Galicia
CP-5813	Oleiros-Sada	Deputación Provincial
CP-5811	Oleiros-Coruxo de Arriba	Deputación Provincial
CP-5810	Coruxo de Arriba-Montrove	Deputación Provincial
CP-5812	Meirás-Porto de Santa Cruz	Deputación Provincial
CP-5815	Mera-Veigue	Deputación Provincial
CP-5807	A Barreira-A Pezoca	Deputación Provincial
CP-5808	Pousada-Edreira	Deputación Provincial
CP-5814	Mandín-Iñás	Deputación Provincial
CP-1707	Oleiros-Pravío	Deputación Provincial
CP-5801	Mera-Maianca	Deputación Provincial
CP-5803	A Pasaxe-Perillo	Deputación Provincial

A estas estradas principais engádense, como competencia da Deputación Provincial, outras estradas de menor importancia na estrutura municipal que son:

- CP-5802 Acceso ó Porto de Lorbé
- CP-5804 Acceso á praia de Santa Cristina
- CP-5805 Acceso á praia de Bastiagueiro
- CP-5806 Prolongación cara ó mar da AC-190
- CP-5809 Oleiros-Edreira polo pazo de Miraflores.

4.2. A REDE DE CAMIÑOS PÚBLICOS

A rede de camiños públicos presenta unha singular importancia como elemento complementario na formación de estruturas de accesibilidade territorial, de conectividade do sistema polinuclear e de reparto do tráfico interno a partir da rede de estradas.

Os elementos principais desta rede, xa xerarquizada polo Plan Xeral de 1997 e excluídos os tramos incorporados a travesías urbanas, son os seguintes:

- Camiño de Cividás a Dexo por Suvia e Buínte.
- Camiño de Dexo a Lorbé.
- Camiño de Dexo ó Cubo (AC-163).
- Camiño de Maianca a Broño e Os Galgos (AC-184).
- Camiño de Breixo ó Couto (AC-172).
- Camiño de Maianca a Lourido Pequeno (AC-172).
- Camiño das Pedreiras.
- Camiño do Vieiro.
- Camiño de Coroto.
- Camiño de O Vilar a Mesón da Auga.
- Camiño de O Vilar a Coroto.
- Camiño de O Carballo a Vilanova polo Valiño.
- Camiño de Campo da Vila a Espírito Santo (T.M. de Sada).
- Camiño de Vilanova ó Temple (T.M. de Cambre) por S. Marcos.
- Camiño de S. Marcos á Barcala.
- Camiño de Vilanova a Morzán por Sarro.
- Camiño de Fontes ós Vilaes.
- Camiño de A Barcala á Gándara (AC-221).

Nas parroquias de Perillo e Liáns a grande parte dos vellos camiños municipais atópanse incorporados na actualidade á malla urbana en desenvolvemento do planeamento secundario.

4.3. A CONCEPCIÓN FUNCIONAL DA REDE VIARIA NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE 1997

O sistema de estradas que compoñen a rede viaria municipal é o resultado dunha política estatal de fomento e obras públicas que se desenvolveu na última década do século XIX e nas primeiras décadas do século XX, privilexiando o ámbito da península de Oleiros-Sada no conxunto provincial como pode comprobarse pola extensa rede de estradas anteriormente descritas.

No debuxo da rede viaria pode comprobarse a importancia de Oleiros capital como centro da rede estatal á que foron incorporándose os camiños señoriais e as estradas provinciais. A construción desta rede complementouse entre os anos 1920 e 1930 con novos camiños veciñais promovidos desde a Xefatura Provincial de Obras Públicas.

O Plan Xeral de 1984 recolleu integramente esta rede xerarquizándoa co obxecto de definir e clasificar a estrutura principal e xeral viaria municipal e aproveitar a súa capacidade portante como soporte do sistema de asentamentos municipais.

A revisión do Plan Xeral de 1997 supuxo en boa medida a confirmación da xerarquización da estrutura viaria municipal apuntando en todo caso algunhas puntualizacións sobre o esquema viario existente, como pode comprobarse no debuxo da nova xerarquización proposta no Plan:

- Por unha parte o reforzo do papel de Oleiros-capital no modelo de ordenación territorial do municipio facendo especial fincapé nas propostas de recomposición da estrutura viaria no contorno do núcleo (novas variantes das estradas AC-174, CP-5813 e CP-5807).
- O reforzo da posición estratéxica dos outros dous núcleos importantes do municipio, Perillo e Santa Cruz que, xunto con Oleiros e O Graxal-O Temple (no Concello de Cambre) configuran un ámbito de desenvolvemento das principais propostas do Plan. Todo iso apoiado no reforzo dos eixes viarios existentes (N-VI, AC-174, AC-173 e CP-5811) e na previsión de novas variantes de accesibilidade ós núcleos de cabeceira.
- A formalización dun novo Eixe Troncal Norte que diversifique e complemente a accesibilidade dos núcleos do Norte do municipio (Mera, Lorbé, Maianca, Arillo,...) evitando a servidume dos accesos costeiros, favorecendo o seu desconxestionamento, ó tempo que reforza o papel do núcleo de Oleiros capital ó preve-la súa conexión coas actuacións viarias descritas anteriormente (variante da

AC-174 e nova conexión coa N-VI en Iñás); proposta que en boa medida é recollida polo Plan Sectorial da rede viaria coa definición da denominada Vía Ártabra.

- A previsión dunha reserva viaria para o posible desdoblamento da estrada nacional N-VI entre Iñás e O Graxal, como actuación que permitirá definitivamente aborda-la completa remodelación da vella estrada e a súa conversión en travesía urbana ó tempo de posibilita-la execución dun treito de estrada nacional con trazado de autovía e sen servidumes laterais; proposta que lamentablemente non foi recollida polo Ministerio de Fomento.

Concíbese así, aínda mantendo os mesmos niveis de xerarquización previstos no Plan anterior, unha nova estrutura viaria máis matizada respecto do papel do viario costeiro na estrutura xeral do municipio, co reforzo dos viarios transversais na dirección Perillo e Santa Cruz-Oleiros-Sada e coa conformación de pequenas variantes de circunvalación e accesibilidade ós núcleos principais e a cabeceira municipal, apoiadas nas actuacións de desenvolvemento urbano (Perillo, Coruxo, Santa Cruz e Oleiros). Por outra parte, presentábase unha proposta que se adiantaba á situación actual da rede viaria e que se viu confirmada pola evolución do tráfico e pola diagnose que agora se presenta, nalgunha medida coincidente co diagnóstico que se contén no Plan Sectorial.

4.4. TRÁFICO NA REDE VIARIA DE OLEIROS

4.4.1. Tráfico metropolitano e accesibilidade á cidade

A aproximación á análise do tráfico na rede de estradas de acceso e distribución da península de Oleiros-Sada vén necesariamente vinculada á análise do tráfico de acceso á cidade da Coruña, apoiado historicamente na accesibilidade das principais estradas de acceso á cidade N-VI, N-550 e AC-212 das que a primeira (N-VI) converteuse, ó atravesalo termo municipal de Oleiros, no eixe vertebrador da accesibilidade á toda a península Oleiros-Sada; función que mantén na actualidade aínda cando foron abordadas importantes actuacións de implantación de novas infraestructuras viarias (Autoestrada A-9 nos treitos A Coruña-Guísamo-Ferrol, e Autovía A-6) e a remodelación das restantes vías de acceso.

Como pode observarse no esquema de tráfico da rede viaria o papel da estrada nacional N-VI como soporte da accesibilidade metropolitana queda patente ó canalizar (segundo se recolle no recentemente aprobado Plan Sectorial da Rede Viaria Comarcal) unha media de 26.392 vehículos día no paso polo municipio de Oleiros; intensidade -que segundo o Mapa de Tráfico do ano 2000 editado polo Ministerio de Fomento- xa se viu incrementada a 28.910 veh/día na estación de medida de Nós chegando na Ponte da Pasaxe ata os 67.693 veh/día. Este dato, constatado polos resultados de novas medicións realizadas recentemente, pon de manifesto a existencia dun elevado número de movementos no treito O Seixal-A Pasaxe superior ós 40.000 vehículos diarios. Por outra parte o volume de tráfico que soporta dita estrada en treitos máis afastados da cidade (19.000 veh/día en Guísamo) dá conta da existencia dun importante volume de tráfico de ámbito metropolitano (próximo ó 60% do total) que utiliza a estrada nacional para movementos de carácter local ou metropolitano.

De forma máis equilibrada compórtase a Autoestrada A-9; así, dos 38.682 veh/día que reflicte o último treito do seu percorrido (A Barcala-A Coruña) pode supoñerse –sen ter aproximacións máis detalladas- a existencia dun tráfico de carácter local e metropolitano duns 12.500 vehículos (o 32% do total) que intercambia con outras estradas na Barcala, Sta. Marta ou Guísamo, en tanto que o restante 68% se corresponde cun tráfico de acceso ou saída da cidade con orixe ou destino máis afastado (Miño-Ferrol, Ordes-Santiago e Betanzos-Lugo); destacando a circunstancia da existencia dun importante volume de tráfico (uns 9.800 veh/día) que utiliza o sistema Autoestrada-Autovía para os seus movementos distantes fóra do ámbito metropolitano.

O excesivamente arredado trazado da Autovía A-6 Madrid-A Coruña non facilita a captación de movementos de tráfico de carácter metropolitano e comarcal (moi lonxe do

30% do total que se indicaba na Autoestrada A-9). Mais aínda, esta vía parece estar destinada exclusivamente a captar tráfico de longo percorrido; función para a que presenta unhas correctas condicións captando uns 15.000 veh/día nos treitos máis afastados da cidade, pero que se desdébuxa a partir do seu encontro coa Autoestrada perdendo neste último treito máis do 60% deste tráfico. Esta circunstancia (que provoca o transvase duns 9.800 veh/día cara a Autoestrada A-9) dá conta das incorrectas condicións de traza e funcionalidade deste último treito da Autovía de cara a diversificar e favorece-la accesibilidade á cidade, dando cabida soamente a uns 5.000 veh/día, moi por debaixo da súa capacidade.

4.4.2. As condicións de accesibilidade e tráfico no municipio de Oleiros

Como se indicou anteriormente a estrada nacional N-VI desenvolve o papel de eixe vertebrador da accesibilidade municipal e soporte da maior parte dos movementos de accesibilidade á cidade e dos de acceso ás distintas áreas do Concello de Oleiros.

Da mesma forma a estrada nacional converteuse no seu día no elemento de referencia (á vez límite e nexo de relación) xeográfico do norte e do sur municipal, papel que en todo caso ten cada vez menor transcendencia dado o peso que xa presentan as relacións internas no municipio que percorren as restantes estradas municipais.

Ó mesmo tempo, a consolidación do modelo de ordenación municipal vén de reforza-lo papel do viario transversal interno do municipio que dá servicio ós principais núcleos de poboación, de forma que as dúas estradas principais de acceso (AC-173 A Pasaxe-Santa Cruz e AC-174 A Pasaxe-Oleiros) foron variando progresivamente a súa funcionalidade, polo que o peso da súa función de acceso costeiro, na primeira, e de acceso interior a Sada, na segunda, vai sendo cada vez menor, converténdose progresivamente en importantes travesías urbanas capaces de servir ós novos crecementos municipais e soporte de grande parte das relacións internas, apoiándose para iso no entramado, cada vez máis estruturado de vías ortogonais para as relacións entre os núcleos cabeceira (AC-181, AC-180, AC-190, CP-5810 e CP-5811).

No tocante ó volume de tráfico que soporta o viario municipal pode constatarse igualmente esta diferenza; estas dúas vías (AC-173 e AC-174) canalizan un volume de tráfico que no seu conxunto é superior ós 35.000 vehículos diarios, intensidade comparable co tráfico que percorre os principais treitos da N-VI, e máis que duplicando cada unha delas a intensidade que presentan as restantes estradas do municipio.

Dos resultados das medicións realizadas recentemente (agosto 2003) en determinados puntos da rede viaria do municipio pode constatarse (coas conseguíntes reservas ó referirse a valores parciais non xeneralizables) o incremento do tráfico nos dous principais eixes viarios comarcais: a estrada AC-173 Perillo-Santa Cruz que nas inmediacións de Santa Cristina presentan intensidades próximas ós 40.000 vehículos diarios (nesta semana do mes de agosto) e a estrada AC-174 Perillo-Oleiros que na cabeceira municipal presentan intensidades próximas ós 20.000 vehículos diarios; en tanto que a estrada nacional, no treito Perillo-O Graxal, acada intensidades duns 50.000 vehículos día, comparables ás das dúas estradas comarcais no seu conxunto.

Esta característica dá conta da importancia do espacio xeográfico da franxa central do municipio basculando entre os centros de Oleiros, Santa Cruz, Perillo e O Graxal que,

como xa se comentou anteriormente, concentra as principais áreas de actividade do municipio xeradoras da nova mobilidade interna.

Xunto a esto, e con menor importancia en canto á accesibilidade demandada, mantéñense as relacións tradicionais ó interior da península Oleiros-Sada descansando ben no corredor litoral costeiro Santa Cruz-Mera-Lorbé-Fontán (AC-172, AC-163) que presentan intensidades de tráfico que oscilan entre os 7.000 e 3.000 veh/día ou na aínda feble e pouco aproveitada rede de estradas transversais (Arillo-Meirás, Santa Cruz-Meirás e Mera-Veigue) e as súas prolongacións cara a Sada (AC-184, CP-5812 e CP-5815) que presentan pequenas intensidades en torno ós 1.300 veh/día.

No sur do municipio mantéñense as relacións tradicionais que percorren as antigas estradas de Nós-Abegondo (AC-221) e Guísamo-Cambre (AC-214), esta última exterior ó Concello de Oleiros. Concibidas como longos itinerarios con capacidade de distribución e difusión da accesibilidade presentan intensidades que se sitúan entre os 4.000 e 5.500 veh/día respectivamente. Sobre estas estradas non se superpón ningún viario alternativo cunha certa vontade de conforma-lo peche e densificación dunha malla funcional, excepto a existencia do feble percorrido da estrada Oleiros-Pravio que, cunhas intensidades próximas ós 1.000 veh/día nas proximidades de Oleiros e cun trazado condicionado pola dificultosa topografía, non presenta características adecuadas para cumprir esta función.

4.5. CAPACIDADE E CONXESTIÓN DA REDE VIARIA

Apuntada no apartado anterior unha primeira análise sobre a intensidade de tráfico da rede viaria procede analiza-las condicións xeométricas e funcionais das distintas estradas municipais de forma que poida entenderse o seu funcionamento e diagnostica-los puntos ou treitos conflictivos do seu trazado.

Para iso inclúese a continuación unha breve descrición das características e diagnóstico para as principais estradas municipais partindo dos escasos datos dispoñibles respecto á súa capacidade e conxestión puntual dalgún treito das mesmas.

ESTRADA NACIONAL N-VI

A estrada nacional N-VI presenta en todo o seu percorrido unha sección capaz de dous carrís con sección tipo de 7-10 ou 7-12 metros de calzada e plataforma respectivamente, ás que se engaden en ocasións carrís para vehículos lentos ou carrís para espera, xiro ou incorporacións.

Esta sección amplíase a catro carrís no treito Perillo-O Graxal cunha sección útil de calzada de 13 metros no treito Perillo-Areal (calzada única) ou de 7-7 con mediana central no treito Areal-O Graxal (calzadas segregadas).

As características do seu trazado, no que se apoian continuamente edificacións nas súas beiras, leva a considera-la como travesía urbana onde as excesivas interferencias laterais impiden un hipotético desdoblamento da súa traza para convertela nunha estrada con sección tipo autovía. Polo tanto, e ante a ausencia dunha vontade de execución de variantes de trazado, o seu futuro tratamento e a mellora das súas condicións pasan pola recualificación da súa sección útil na liña da mellora da súa integración urbana (implantación de beirarrúas, medianas, arboredo, etc.), acompañada de pequenas actuacións de corrección e mellora do seu trazado (pasos a distinto nivel, formalización de encontros, corrección de curvas) que melloren puntualmente as súas condicións de funcionalidade.

Cruce de A Pasaxe

O elevado número de vehículos que circula a través da ponte da Pasaxe (67.693 veh/día na actualidade), obrigou a aborda-la súa remodelación co obxecto de garanti-la continuidade do percorrido ó longo da estrada nacional eliminando as interferencias dos xiros provenientes ou cara ás dúas estradas comarcais (AC-173 e AC-174) que teñen o seu inicio neste punto.

A solución adoptada deprimindo e elevando respectivamente dúas direccións de circulación (cara á Coruña pola N-VI e cara a Santa Cruz pola AC-173) paliou inicialmente o problema diagnosticado aínda que provocou novas deficiencias no funcionamento do cruce:

- . Restrinxe excesivamente os movementos no cruce (impide os movementos Perillo-Nós, Perillo-Montrove, Montrove-Coruña, etc.) o que provoca a densificación do tráfico nalgún treito da estrada nacional (Perillo-Cruce de Areal) e da estrada AC-173 (A Pasaxe-Perillo).
- . Introduce unha excesiva direccionalidade nas circulacións permitidas o que facilita a conxestión dos movementos de circulación dos treitos das estradas N-VI e AC-173 anteriormente descritos, nos que deben concentrarse os movementos de cambio de sentido que non poden realizarse no cruce suprimido.
- . A remodelación abordada, a partir dos datos de tráfico dispoñibles na actualidade, partiu dunha análise equivocada da previsible evolución do tráfico nas tres estradas que entroncan na Ponte da Pasaxe ó primar excesivamente á estrada nacional N-VI. Os datos de tráfico das estradas AC-173 Perillo-Santa Cruz e AC-174 Perillo-Oleiros (considerados nos treitos centrais e polo tanto inferiores ó tráfico real existente nas inmediacións do cruce) concentran case o 60% do tráfico total que conflúe na Ponte da Pasaxe.

Estas consideracións, que deberán ser contrastadas coa realización de medicións puntuais do tráfico nas proximidades do cruce ou enquisas orixe-destino que puideran indica-la distribución potencial dos movementos do cruce deben levar a reconsidera-la actuación abordada que, transcorridos a penas catro anos da súa execución, amósase claramente insuficiente para canaliza-lo tráfico que incide no cruce.

Cruce coa rúa Areal

Como consecuencia da actuación anterior ó eliminarse ó tráfico de acceso á estrada AC-174 no cruce da Pasaxe, o cruce coa rúa Areal concentra tódolos movementos de incorporación entre a estrada N-VI e a estrada AC-174. Os xiros á esquerda regulados por semáforo provocan en ocasións longas colas de retención do tráfico que dificultan a funcionalidade da estrada nacional.

A especialización dun carril como carril de espera para a incorporación á estrada AC-174 reduce a capacidade da estrada nacional provocando en ocasións retencións que reducen a sección útil da estrada a un único carril de circulación dificultando perigosamente o funcionamento do cruce da Pasaxe.

As actuacións a realizar neste punto deben estar combinadas e coordinadas coas que se aborden no cruce anterior da Pasaxe e mesmo coas dos seguintes treitos da estrada nacional co obxecto de facilitar os xiros á esquerda de incorporación desde a estrada nacional cara ó novo viario local e ás restantes estradas municipais (urbanización Icaria, accesos a Montrove, etc.).

Cruce do Seixal

O cruce da estrada N-VI coa antiga estrada nacional na Costa da Tapia (AC-201) e coa estrada Nós-Abegondo (AC-221) prodúcese nunha curva que dificulta a súa visibilidade, nun punto no que foron recentemente abordadas actuacións coa execución dunha glorieta e formalización de carrís de espera que representa unha solución claramente insuficiente para canalizar a importante afluencia de vehículos de entrada ou saída na Costa da Tapia (acceso á Autoestrada A-9) xunto cos que circulan pola estrada nacional.

Na actualidade vén de aprobarse recentemente un proxecto para a remodelación do cruce coa execución de tres actuacións coordinadas (enlace no Graxal, paso a distinto nivel na Costa da Tapia e enlace no acceso ó Club de Tenis) que proximamente serán executadas pola “Demarcación de Carreteras” do Ministerio de Fomento. Máis aló da resolución funcional das circulacións coa desconxestión deste cruce conflictivo, deberán abordarse as necesarias actuacións de integración urbana que contribúan á recualificación do núcleo de Nós.

Cruce do Carballo

O treito de travesía que presenta na actualidade a estrada nacional ó paso polo núcleo do Carballo reduce a súa sección útil de calzada ata os 11 metros, o que impide na práctica a posibilidade do aparcamento lateral.

A intersección coa estrada AC-190 de acceso a Oleiros obriga á implantación dun carril de espera para os xiros á esquerda na dirección A Coruña-Oleiros procedéndose á regulación do cruce con semáforos.

Debido á escasa sección viaria existente, as actuacións a realizar deberán abordar a total reordenación do treito da Travesía, valorando o redimensionado da sección dos carrís de circulación, localizando áreas formalizadas de aparcamento utilizando os espazos obtidos polos recuamentos das novas edificacións e implantando beirarrúas axustadas ás rasantes das edificacións ó obxecto de garantir a integración urbana da Travesía.

ESTRADA AC-174 A PASAXE-OLEIROS

A estrada AC-174 presenta en todo o seu percorrido polo menos dous carrís de circulación cunha sección tipo que varía entre os 6-9 m e 7-9 m de calzada e plataforma, sección que se amplía nos treitos urbanos permitindo a formalización de aparcamentos laterais.

A estrada presenta catro treitos diferenciados que poden ser analizados separadamente:

Treito Perillo-Cruce do Areal

A actuación abordada na reordenación do cruce da Pasaxe en Perillo produciu unha drástica redución do tráfico neste treito de estrada.

A maiores, as distintas actuacións abordadas ou en execución en desenvolvemento da ordenación proposta polo Plan Xeral (Plan Parcial de Caavamontes, Unidades de Execución UE-15 e UE-17) contribúen a dotarlle a este treito da estrada dun carácter de rúa urbana que convén potenciar abordando a súa completa reordenación e reurbanización.

Cruce co camiño do Areal e acceso a Perillo

Como se indicou anteriormente ó falar da estrada nacional N-VI, a alternativa do camiño de Areal (estrada provincial CP-5803) como acceso á estrada AC-174 (Montrove-Oleiros) e como acceso ós núcleos de Perillo e Carballido orixina a súa utilización por un amplo número de vehículos.

O funcionamento deste cruce orixina retencións nos movementos Areal-Montrove e Montrove-Areal ó non existir carrís de espera formalizados, o que aconsella o redimensionado do cruce e a súa remodelación incidindo no carácter urbano deste punto; máis aínda cando está prevista a próxima execución da nova variante de Perillo entre este cruce e a estrada AC-173 polo Carballido.

Travesía de Montrove

O trazado en curva da estrada AC-174 ó seu paso polo núcleo de Montrove e a ruptura que produciu sobre os antigos camiños de acceso orixina encontros de reducida visibilidade. Abordada a urbanización dos seus bordos coa implantación de beirarrúas e aparcamentos laterais resta por aborda-la correcta resolución dos encontros dos camiños de acceso.

Treito Montrove-Oleiros

Este treito da estrada AC-174 é o que presenta mellores características de trazado e posibilidades de ampliación de cara a aborda-la mellora das comunicacións do municipio e diversificación de accesos a Oleiros-capital.

No encontro da estrada con AC-190 (O Carballo-Coruxo) executouse recentemente unha glorieta que contribúe á correcta distribución dos fluxos de acceso ordenando un cruce no que en ocasións se producían retencións derivadas das esperas para os xiros á esquerda.

Travesía de Oleiros

As características da Travesía de Oleiros son as derivadas da sucesiva implantación de edificacións nas súas beiras mesturadas coas interferencias do cruce das distintas estradas de acceso desde O Carballo (AC-180) e Campamento (AC-181) nun cruce con reducida visibilidade e difícil ampliación. Todo iso aconsellou, na redacción do Plan Xeral, a previsión dunha variante de circunvalación asociada ós desenvolvementos de novas áreas de solo urbanizable, para a que se dispón na actualidade de treitos de solo xestionado.

As novas previsións sobrevidas coa redacción do Plan Sectorial da rede viaria aconsellan a reconsideración de parte do trazado de dita variante adaptándoa ás novas actuacións propostas no Plan Sectorial.

Con todo debe ser abordada a completa reordenación da Travesía de Oleiros coa execución de beirarrúas amplas e homoxéneas que garantan e faciliten a circulación peonil, e a dotación de prazas de aparcamento formalizadas, axardinamento e arborización, así como a completa regulación semafórica dos cruces e interseccións estudiando, de se-lo caso, a reordenación e regulación das direccións de circulación, particularmente nas estradas e camiños que entroncan coa travesía.

ESTRADA AC-173 A PASAXE-CORUXO (SANTA CRUZ)

A estrada AC-173 presenta en todo o seu percorrido polo menos dous carrís de circulación cunha sección de 7 metros de calzada. Esta sección amplíase no núcleo de Perillo permitindo o aparcamento lateral nas súas beiras.

As actuacións abordadas nos últimos anos coa progresiva remodelación da súa sección contribuíron á conformación dunha travesía urbana na totalidade do seu percorrido distinguíndose con claridade dous treitos que se conforman entre o cruce da Pasaxe e o encontro coa rúa Miradoiro formalizado con beirarrúas en grande parte do seu percorrido para conforma-la travesía urbana e o treito que segue, entre este cruce e o alto do Coruxo, onde xa foi abordada unha importante actuación que conforma a definitiva sección do viario con medianas laterais axardinadas beirarrúas e coa implantación dun carril-bici.

Travesía de Perillo

Abordadas as actuacións de remodelación da súa sección resta por acomete-las de formalización dos seus cruces no acceso a Santa Cristina e no acceso a Perillo, e especialmente a execución da glorieta no encontro coa rúa Miradoiro, xa proxectada e de próxima execución.

Cruce de Coruxo

A execución da glorieta de acceso ó Plan Parcial de Bastiagueiro 2 abre o primeiro treito para posibilita-la execución dunha pequena variante da estrada AC-173 rodeando o núcleo de Sta. Cruz que á súa vez posibilite o cosido das estradas CP-5810 (Montrove-Coruxo) e AC-190 (O Carballo-Coruxo) o que permitiría simplifica-lo encontro da estrada AC-190 en Coruxo que se produce nun punto con escasa visibilidade e nun cambio de rasante.

ESTRADA AC-172 SANTA CRUZ-MERA

A estrada AC-172 presenta en todo o seu percorrido dous carrís de circunvalación cunha sección tipo de 7-10 metros de calzada e plataforma, sección que se amplía nalgún dos seus treitos urbanos (Santa Cruz e Mera) permitindo o aparcamento de vehículos nas súas beiras, nas que se formalizan beirarrúas para o paso peonil.

A análise do tráfico nesta estrada amosa unhas intensidades que se sitúan moi por baixo das estradas anteriormente analizadas e soamente nos dous treitos urbanos se presentan problemas do incremento da intensidade do tráfico nos meses de verán.

Travesía de Santa Cruz

Deberá dimensionarse o cruce da estrada coa estrada CP-5812 (Santa Cruz-Meirás) incorporando á súa vez o acceso ó núcleo de Santa Cruz, coa redefinición das beirarrúas laterais que na actualidade presentan discontinuidades e a harmonización dos ciclos de semáforo, que presuntamente serán necesarios aínda abordando a actuación proposta de execución dunha glorieta neste cruce. Neste sentido, a supresión da gasoleira neste punto amósase como unha acertada decisión de cara a mellora-la funcionalidade deste encontro.

Cruce de Arillo

O cruce da estrada AC-172 coa AC-181 en Arillo prodúcese nunha curva e cunha excesiva pendente no encontro desta última estrada, circunstancia que deberá resolverse na medida do posible coa ampliación do cruce e a ampliación do arco da curva o que permitirá a formalización dos necesarios carrís de espera para os xiros e incorporacións.

Travesía de Mera

As recentes actuacións de reordenación da súa sección e reurbanización contribúen puntualmente á mellora da seguridade vial nesta travesía, actuación que terá continuidade coa próxima execución do Paseo Marítimo.

No que respecta ós encontros coas estradas de acceso a Veigue (CP-5815) e particularmente a Maianca (CP-5801) deberán abordarse, actuacións tendentes á mellora das súas condicións de visibilidade e a formalización dos cruces.

5. O PLAN SECTORIAL DA REDE VIARIA

Co obxecto de coñecer con exactitude a problemática que se está a detectar nas vías que compoñen a rede de estradas de acceso e distribución ás cidades galegas e acadar unha completa diagnose das mesmas, a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda CPTOPV realizou os correspondentes estudos para cada unha das sete cidades galegas, que abordan a análise da situación das súas respectivas estradas de acceso. Froito deste estudo realízanse unha serie de propostas que teñen o seu marco normativo encadradas nun Plan Sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cun alcance claramente supramunicipal.

Os obxectivos do Plan Sectorial responden como se indica na Memoria do mesmo á necesidade de aborda-las comunicacións neste territorio supramunicipal dunha forma integral de modo que poidan levarse a cabo actuacións no sistema viario baseadas nunha planificación racional de carácter global e de ámbito supramunicipal.

5.1. O DIAGNÓSTICO DO PLAN SECTORIAL. CONXESTIÓN DA REDE DE ESTRADAS

Desde o punto de vista da diagnose a primeira consideración do Plan Sectorial -a definición do seu ámbito- quédase curta ó non incluír na súa análise os municipios de Sada e Bergondo, compoñentes da Área Metropolitana de A Coruña e claramente influenciados, nas súas pautas de mobilidade e polo tanto nas compoñentes do seu tráfico, pola presenza da cidade central.

O contido do diagnóstico semella en todo caso estar excesivamente dirixido a analizar as pautas de comportamento do tráfico de acceso á cidade, relegando a un segundo plano a análise do tráfico metropolitano que, como se analizou con anterioridade, ten unha grande importancia no total.

Neste sentido os datos de tráfico das principais estradas de acceso á cidade N-VI, N-550, AC-210, etc., exprésanse dunha maneira lineal sen contempla-los matices necesarios que permitan o coñecemento real da problemática da rede de accesos en puntos próximos á cidade.

Do mesmo xeito bótase en falla unha análise máis pormenorizada da distribución do tráfico e das súas compoñentes.

A diagnose da situación das distintas estradas de acceso á cidade da Coruña que se conclúe da análise que se contén no Plan Sectorial non defire en todo caso do descrito nos capítulos precedentes, detectándose situacións de conxestión de tráfico que en ocasións –segundo se desprende dos estudos de prognose do Plan Sectorial- se achegarán a situacións próximas ó colapso para algunha das estradas analizadas, de non aborda-las propostas que se inclúen no Plan Sectorial. Como caso significativo e no que respecta ás estradas que serven directamente ó Concello de Oleiros é de subliña-lo nivel de servizo medio actual da estrada nacional N-VI (nivel C-D), que de ser certa a prognose de crecemento do tráfico acadaría nun futuro un nivel de servizo D aproximándose ó E se non se acometen as actuacións propostas no Plan Sectorial. Máis doada é a situación das estradas comarcais AC-173 e AC-174 que presentan niveis de servizo similares (nivel D) pero con folguras do 53 e 91% ata chegar ó seu esgotamento o que permitiría, aínda sen aborda-las actuacións previstas no Plan Sectorial, mante-los mesmos niveis de servizo no futuro (convén indicar que o horizonte temporal do Plan Sectorial se sitúa no ano 2020).

5.2. AS PROPOSTAS VIARIAS DO PLAN SECTORIAL

As propostas de execución de novas actuacións viarias que se conteñen no Plan Sectorial divídense naquelas dirixidas ó completamento e permeabilización da Rede Arterial de acceso e aquelas dirixidas á implantación de novas actuacións no viario de distribución.

Entre as primeiras, as dirixidas ó completamento da Rede Arterial atópanse como máis importantes a execución do vial 7 (Coruña Oeste-A-6) que se presenta como un novo acceso á cidade de A Coruña (3ª Ronda); así como as actuacións de permeabilización da Autoestrada A-9 (vial 18, conexión Zapateira-A-9; vial 2, conexión Alvedro-A-9; vial 11, Nós-A-9; vial 13, conexión A-9 A-6 N-VI) actuacións que irán asociadas á supresión da peaxe na Autoestrada (igualmente plantéase esta necesidade referida á Autoestrada A-55).

Referidas ás actuacións de implantación de novas vías de distribución, catro actuacións cobran especial importancia: vial 1 Os Rosales-Porto Exterior; vial 14 Acceso á Avda. Salgado Torres (actuacións dirixidas ó completamento da rede viaria da cidade de A Coruña); vial 19 Vial norte-sur Oleiros-Sada (Vía Ártabra) e vial 20 Variante de circunvalación de Oleiros. Estas últimas actuacións desenvolvéndose no municipio de Oleiros amósanse como primordiais desde o punto de vista municipal de cara ó desconxestionamento da rede viaria de distribución interna e particularmente do viario costeiro AC-173 e AC-172, aínda que do mesmo xeito terán unha influencia primordial no papel que pode adoptar no futuro a estrada Perillo-Oleiros (AC-174). Desta forma a denominada Vía Ártabra incorpora ás funcións de viario distribuidor do municipio de Oleiros, as novas funcións de eixe troncal da península Oleiros-Sada como viario principal de acceso e distribución, de forma que a súa execución implicará a mellora das condicións do eixe viario (AC-174-CP-5813) Montrove-Oleiros-Sada.

Nunha análise pormenorizada das propostas do Plan Sectorial, chama primeiramente a atención a ausencia de medidas de cara á mellora da estrada nacional N-VI que, como se indicou anteriormente, segue a se-lo principal colector do tráfico para os movementos de acceso á cidade no ámbito metropolitano.

No que respecta ás actuacións do Plan Sectorial que teñen máis transcendencia no municipio de Oleiros (o vial 19 e o vial 20) o seu trazado xa foi analizado no seu momento polos servizos técnicos municipais de cara a incorporar medidas correctoras que permitan minimiza-lo impacto da súa implantación e adapta-lo seu trazado á dispoñibilidade do solo xa obtido na xestión do Plan Xeral.

5.3. VALORACIÓN DAS PROPOSTAS VIARIAS NO MUNICIPIO DE OLEIROS

Máis aló das tres propostas de novo trazado que se conteñen no Plan Sectorial a desenvolver no municipio de Oleiros (Vía Ártabra, Variante de Circunvalación de Oleiros e Acceso Nós-A-9) que logo do seu encaixe contribuirán positivamente a mellora-la rede viaria de acceso e distribución, bótase en falla a renuncia por parte dos redactores a abordar unha verdadeira política planificatoria no deseño das actuacións da rede viaria como o primeiro obxectivo da redacción do Plan Sectorial (como de feito se indica na Memoria do propio Plan).

Neste sentido é significativa a ausencia dalgunhas actuacións que cando menos a nivel diagnóstico deberían ser apuntadas:

- Mellora das condicións de funcionalidade da estrada Nacional N-VI.
- Mellora das comunicacións dos municipios leste-oeste da ría do Burgo: Oleiros e Cambre-A Coruña e Culleredo.
- Necesidade de abordar actuacións de mellora no viario de distribución transversal da península de Oleiros-Sada con motivo da implantación da Vía Ártabra (mellora das estradas AC-184, AC-163, CP-5815 e CP-5812).
- Necesidade de mellora-las comunicacións transversais entre as estradas N-VI, AC-174 e AC-173 no ámbito conformado polos núcleos de Oleiros, Santa Cruz, Perillo e O Graxal, espacio no que se concentran as principais actuacións de desenvolvemento urbano de Oleiros.

A.7. AS INFRAESTRUCTURAS BÁSICAS

Baixo o concepto de infraestructuras básicas inclúense unha serie de servizos urbanos non relacionados co transporte, caracterizados xeralmente pola súa linearidade, a súa tecnificación e o seu trazado maioritario subterráneo (baixo beirarrúas e/ou calzadas). Comprende normalmente as infraestructuras de: abastecemento de auga, saneamento e depuración, residuos sólidos, electricidade, gas e telefonía, así como outras derivadas das anteriores, rede de rega, iluminación pública, etc. Esta xerarquización devén tanto da súa distinta importancia coma do diferente grao de condicionantes urbanísticos que comportan unhas e outras. Neste apartado incidirase esencialmente nas primeiras e no grao de desenvolvemento da estrutura de sistema xeral proposta desde o Plan Xeral de 1997. Seguidamente analízanse cada unha delas.

1. ABASTECIMENTO DE AUGA

O subministro de auga potable coa que se abastece o Termo Municipal de Oleiros procede na súa totalidade da Empresa Municipal de Augas da Coruña (EMALCSA) que o realiza mediante aducción procedente da planta de depuración e distribución da Telva. As entradas de auga coas que conta o Termo Municipal son as seguintes:

- Ponte da Pasaxe: mediante canalización de 300 mm de diámetro, a unha presión aproximada de 7 Atm e que abastece, sen necesidade de impulsión ata a cota 55/60, ás parroquias de Perillo e Liáns. Tamén esta entrada abastece á estación de bombeo sita na cota 60 (Colexio das Pedras) coa que se subministra desde o oeste ó depósito da Hedreira. Esta canalización substituíuse na confluencia da Rotonda de Santa Cristina, aproveitando as obras de remodelación viaria.

Desde esta entrada aliméntase tamén o bombeo de Dorneda, que eleva a auga ata o depósito de Breixo a cota 110 m.

- Ponte do Burgo: mediante canalización de 200 mm de diámetro, que chega ata o Seixal e abastece o bombeo de Vilanova, que eleva a auga ata a cota 120 e se almacena no depósito de Sarro.
- Aducción ó depósito da Hedreira mediante canalización de 300 mm de diámetro que provén do depósito de EMALCSA en Espírito Santo. Desde esta aducción, aproveitando a súa presión, sérvense os núcleos de A Cova, As Torres e A Hedreira. Para evita-las diminucións de presión estivais a compañía subministradora redactouse un proxecto de bombeo puntual nas proximidades do depósito para garanti-lo subministro ós citados núcleos.

A situación das aduccións é axeitada para as necesidades actuais, sendo precisos labores de mantemento e renovación nos treitos que presenten deficiencias que, segundo a empresa concesionaria do servicio, non son significativos neste momento.

Desde o punto de vista do funcionamento da rede o primeiro elemento a considerar son os depósitos de regulación e almacenamento.

Na actualidade o Termo Municipal de Oleiros dispón de 5 depósitos reguladores:

. A Hedreira	4.500 m ³ (a cota 170)
. Breixo	2.000 m ³ (a cota 100)
. Sarro	2.000 m ³ (a cota 125)
. O Sino en Montrove	2.000 m ³ (a cota 100)
. Lorbé	500 m ³ (a cota 120)

Da suma de todos eles resulta unha capacidade conxunta actual de 11.000 m³.

Entre as conclusións establecidas na memoria do vixente Plan Xeral de 1997 valorábase a existencia dunha rede modernizada en canto a materiais e ben dimensionada, pero que precisaba o incremento das capacidades para garanti-lo subministro. Igualmente o Plan establecía entre as súas propostas a duplicación dos depósitos da Hedreira, Breixo e o de Sarro, así como a execución dos depósitos de Monte Sino e Lorbé. Todas estas propostas, a nivel de depósitos, foron abordadas e incluso superadas acadándose a capacidade actual de 11.000 m³, co que se cobre a demanda da poboación actual cun estándar superior ós 300 litros/habitante/día. De feito, a capacidade actual serve para cubrir continxencias no subministro, existindo un exceso de capacidade que funciona como reserva, e cubri-lo incremento da demanda estival sen dificultades.

Segundo a empresa concesionaria do servicio, na actualidade a rede non precisa de grandes intervencións, agás as propias do mantemento.

Ademais das propostas do incremento de capacidade, o Plan Xeral de 1997 establecía outras encamiñadas a mellorar e completa-lo mallado e interconexiónado da Rede. Así se proxectaban novas redes xerais de distribución desde o novo depósito de Monte Sino cara a Dorneda e Perillo, conectando a primeira coa impulsión que abastece ó depósito de Breixo. Parte destas actuacións xa foron iniciadas, posto que desde ese depósito se están servindo os territorios mencionados.

No norte proxectábase o mallado da rede de abastecemento de Buínte e Dexo. Este mallado tense executado parcialmente. Para Oleiros proxectábase a creación dun novo

anel de distribución que acompañe á nova circunvalación viaria. Este tense iniciado na actualidade. Por último, e reutilizando a rede de distribución existente en Campamento, produciuse a conexión do depósito de Sarro co da Hedreira.

As redes locais de distribución debían mellora-los déficit de Vilanova e Nós e chegar ata os núcleos de Broño e Fornos. Esta última actuación acaba de ser rematada e posta en funcionamento.

En conclusión, pódese afirmar que a rede de abastecemento de auga cubre á totalidade do territorio municipal, gracias ó grande esforzo inversor realizado polo Concello de Oleiros nos últimos anos.

En canto ós consumos, na actualidade Oleiros presenta un consumo medio de 5.000 m³ diarios no inverno, que ascende ata 7.225 m³ diarios na temporada estival. Estas cifras supoñen un consumo medio diario de 170 l/hab./día en inverno, que ascende ós 250 l/hab./día na temporada estival. Este dato reflicte a optimización da rede nos últimos anos descendendo moito o consumo desde o Plan Xeral de 1997, en que chegaba a 333 l/hab./día de consumo medio. Os actuais consumos son máis propios dun Termo Municipal con escasa presenza industrial. Todos estes datos apuntan ademais á concienciación da poboación na racionalización do uso da auga. Segundo as normativas actuais recoméndase unha capacidade desexable dunha orde de caudal do día máximo podendo estimarse este como 1,5 día medio.

Así, a capacidade actual de 11.000 m³ supera a necesaria nun día de caudal máximo da temporada estival co que se xustifica o exposto con anterioridade sobre a suficiencia dos actuais depósitos.

Non obstante, plantéanse aínda problemas puntuais de presión baixa na zona alta da parroquia de Dorneda. Para emendalo sería conveniente a instalación dun novo depósito na zona dos Galgos, na cota 150, que se serviría desde o depósito da Hedreira por unha nova conducción de fundición \varnothing 200 mm que enlazaría en Arillo coa que discorre pola estrada autonómica Santa Cruz-Mera.

2. SANEAMENTO

O Plan Xeral de 1997 apuntaba que o desenvolvemento do Plan de Saneamento Integral dos municipios da comarca, facía necesario adapta-lo esquema de colectores para posibilita-la desaparición de tódolos puntos de vertido no Termo Municipal.

No momento da redacción do Plan Xeral do 97, dos catro grandes colectores previstos no anterior Plan tan só estaba totalmente executado o Seixal. Outros dous, o de Bastiagueiro e o de Santa Cruz tíñanse executado parcialmente, restando soamente ó de Mera, que supoñería a eliminación da súa depuradora. A estes sumábase o colector de rango supramunicipal que, executado a carón da autoestrada, permitiu sanea-los núcleos do sur do Termo Municipal.

Na actualidade téñense executado case que a totalidade dos colectores previstos, coa posta en funcionamento do bombeo de Mera e a eliminación da depuradora. Este bombeo traslada os efluentes ata o bombeo de Santa Cruz, que vai ser remodelado e ampliado dentro do Proxecto de Saneamento Integral da Ría do Burgo.

Igualmente na actualidade estase a aborda-los problemas de saneamento nos puntos baixos de Oleiros, optándose pola instalación dunha nova depuradora fronte á opción de implantar unha complexa rede de bombeos, de maior consumo enerxético e custe de mantemento.

Segundo os datos da Concellería de Obras, na rede de saneamento están previstas as seguintes obras:

- Plan de Saneamento Integral da Ría do Burgo coa mellora e ampliación dos bombeos de Santa Cruz, Bastiagueiro e A Pasaxe.
- Nova estación depuradora en Oleiros.
- Colector da marxe da ría: Santa Cristina-A Pasaxe, que permitirá a eliminación dos dous bombeos de Santa Cristina, e o treito A Pasaxe-O Graxal, que permitirá alixeiralo bombeo do Temple. Ámbolos dous treitos executaranse á vez que o paseo marítimo de borde.

Con estas actuacións lograríase reforza-los bombeos garantindo o bo funcionamento da rede.

A rede actual conta con 25 puntos de bombeo con potencias que oscilan entre 2,2 Kw e 55 Kw (A Pasaxe).

Entre os problemas que presenta a rede está o mal dimensionado dalgúns colectores que provoca baixas velocidades na conducción e atascos, sendo un dos problemas máis serio presentado pola rede actual a confluencia de grande parte das augas pluviais á rede de saneamento, co que en épocas de choiva os bombeos vense desbordados.

A implantación da rede separativa de augas pluviais, que xa se iniciou no termo municipal sobre todo nas novas implantacións residenciais e terciarias, debe estenderse á súa totalidade, concentrando os puntos de vertido. Neste senso a opción por un sistema permeable para a xestión de augas pluviais (gabias e pavimentos drenantes, acuíferos de decantación, etc.) debe ser valorado e probado para a súa paulatina introducción, de modo que o sistema natural de drenaxe que presentan os terreos sen edificar e urbanizar, puidera manterse na maior medida posible. Actualmente está en proxecto a implantación de tanques de tormenta antes do vertido en Santa Cristina (onde desauga a rede de pluviais de Perillo norte) e en Santa María de Canide, no Plan Parcial en desenvolvemento que recollerá a súa cunca inmediata.

Dentro do sistema de colectores o elemento que presenta maiores problemas pola súa obsolescencia é o colector do Seixal, con numerosos puntos de permeabilidade de difícil reparación. A solución pasa pola súa substitución por un colector estanco.

Como conclusión, podemos valorar positivamente o labor de inversión que se levou a cabo na rede de saneamento, co que se lle deu cobertura á totalidade dos núcleos do termo municipal. Non obstante, o servizo segue presentando un carácter desordenado en canto a seccións e materiais, con problemas de obsolescencia nalgúns colectores principais.

As liñas básicas a seguir nas futuras actuacións deben ser:

- . A implantación da rede separativa, ben co sistema tradicional ou introducindo as alternativas de permeabilidade.
- . O remate e posta en funcionamento dos colectores de sistema xeral, mellorando, renovando e ampliando os bombeos, e substituíndo o colector do Seixal por outro estanco.
- . Mellora e ampliación das actuais depuradoras en Oleiros e Lorbé, a primeira delas cunha nova instalación.

3. RESIDUOS SÓLIDOS

No que respecta ós residuos sólidos, o Concello de Oleiros implantou dun xeito pioneiro, contedores de recollida selectiva de papel e vidro, aínda que cunha cobertura espacial limitada. Nos últimos anos e coa súa adscrición ó Consorcio das Mariñas, estendeuse e ampliouse a recollida separativa de lixo e inertes á totalidade do Termo Municipal.

Na actualidade, o sistema de recollida ten un funcionamento axeitado, sendo diario para lixo e inertes no conxunto dos núcleos máis poboados, e semanal na recollida de vidro e papel.

4. OUTRAS INFRAESTRUCTURAS

As restantes redes de infraestructuras básicas dependentes de empresas concesionarias e subministradoras, presentan xeralmente un déficit de servicio funcional inferior.

Tal é o caso da infraestructura eléctrica, da cal a xerarquización está razoablemente axeitada á demanda, dando servicio á totalidade do territorio. No termo municipal de Oleiros existe unha única subestación, a de San Marcos, que cunha potencia de 132 Kw se une en bucle coas de Muíño do Vento e A Grela.

Na actualidade, as redes de subministro eléctrico de alta e media tensión discorren áreas nun 53,3% (51,53 Km de rede aérea fronte a 45,09 km subterráneos). Da rede aérea un total de 700 m aproximadamente presenta un mal estado en canto ós seus soportes (madeira) e dificultades de acceso ás liñas polo crecemento da vexetación. En canto ós centros de transformación no termo municipal existen un total de 161 dos que 20 son de titularidade privada.

Nos últimos anos tense feito un esforzo adicional por subterraneiza-las redes eléctricas, fundamentalmente nas áreas urbanas e nas novas urbanizacións. Deste xeito resólvense significativamente os problemas de impacto visual e servidumes. Non obstante, non se ten logrado a optimización entre a coordinación de esforzos realizados polo Concello e pola Compañía subministradora.

Así, nos últimos anos, o Concello acometeu remodelacións de viario no que se inclúen canalizacións para a subterraneización das liñas. Factores de discrepancia en canto ó número de canalizacións ou dimensións dos colocados e outros factores de tipo económico, fan que na actualidade existan treitos de canalizacións no que non se ten introducido o cableado que substituiría á rede aérea, co que isto supón de solución de problemas de impacto visual e servidumes.

As deficiencias máis significativas da rede eléctrica, segundo os técnicos da compañía subministradora, deveñen da complexidade que se presenta nas liñas de media tensión que, partindo da subcentral de San Marcos, se produce no nó de San Pedro de Nós. Aproveitando a remodelación viaria que o Ministerio de Fomento vai a realizar nese treito da N-VI coa execución dun novo enlace, sería importante un labor de coordinación, cara á racionalización, subterraneización e simplificación da actual rede. Desde xeito, pódense establecer as garantías suficientes de subministro na actualidade e no futuro inmediato, tanto no termo municipal de Oleiros como nos contiguos. As actuacións previstas nas liñas de M.T. que se deberían acometer son:

- Execución da liña de enlace da subestación de Sada con Mera.
- Desvío desde anterior a Lourido Pequeno.
- Nova liña no Rabuñeiro.
- Nova liña e C.T. en Dexo.
- Substitución da liña aérea que parte do C.T. en Serantes-Mera, producindo un peche de liña subterránea existente na rúa de Cividás.

En canto á baixa tensión só se teñen localizados problemas puntuais na zona norte do termo municipal, fundamentalmente debido ó incremento poboacional de determinados períodos do ano e vinculados á segunda residencia e ó turismo.

No que respecta ó servizo de telefonía existen no Termo Municipal catro centrais: Oleiros-Mera, Oleiros-Santa Cruz, Oleiros-Perillo e Oleiros. Esta última, con problemas de saturación, será proximamente ampliada, absorbendo o servizo das zonas de Espírito Santo e Osedo no termo municipal de Sada, coa modificación do equipo dixital, o que leva asociado a ampliación da rede infraestructural.

Ó igual que o mencionado para a rede de enerxía eléctrica, nos últimos anos realizouse un esforzo inversor para subterreneizar parte da rede telefónica, maioritariamente en áreas urbanas, o que se manifesta na paulatina supresión de postes e cableado e a conseguinte mellora da calidade da escena urbana.

Por outra banda, a liberalización en materia de servizo de telecomunicacións fai que outros operadores establezan a súa nova rede infraestructural. No caso de Oleiros esta nova oferta tense producido pola implantación dunha nova rede de telecomunicacións por cable, “R”, que serve parcialmente ó sur do municipio, abrangendo parte dos territorios de Perillo, Icaria, O Temple, Santa Cruz e Os Regos, nunha primeira fase, sen que polo momento exista unha programación global a nivel municipal.

Por último, facer mención a unha nova rede infraestructural que se está implantando nos últimos anos: trátase da Rede de Gas. No municipio de Oleiros a compañía autorizada para a implantación da rede de gas é a compañía Gas Galicia SDG, S.A.; que obtivo a autorización administrativa da “Dirección General de Industria” para o subministro o 2 de Novembro do 2001, data na que se inician os traballos da 1ª fase. No ano 2003 amplíase a rede, que completa o subministro da zona sur do termo municipal. A falta dun proxecto global para o conxunto do territorio municipal non permite planifica-lo crecemento desta infraestructura a medio prazo.

A.8. SISTEMA DOTACIONAL E DE ESPARCEMENTO

Toda diagnose sobre os equipamentos dun territorio esixe unha detallada información tendente á inventaria-lo conxunto dos equipamentos colectivos, estudia-la súa localización e capacidade, analiza-la súa caracterización e establece-lo grao de satisfacción da demanda que deberían cubrir. A escaseza dos mesmos, a súa falla de adecuación espacial e funcional ás esixencias dos demandantes e unha desigual distribución no territorio, son as cuestións que se deben estudar e explicar.

A situación dos equipamentos de Oleiros cando se revisou no ano 1997 o Plan Xeral do 1984, caracterizábase pola suficiencia dotacional, presentando un alto nivel de equipamento comunitario e un servizo ordenado na súa meirande parte.

Aínda así adoecía dun déficit importante nas dotacións sanitarias. Ademais detectábanse fallas na posición de dotacións asistenciais (infantís e para a terceira idade), na educación preescolar e primaria, na distribución das infraestruturas deportivas e na dotación de cemiterios. Estes déficit puideron ser resoltos coa construción de novas dotacións nas reservas de solo previstas para tal fin no desenvolvemento do Plan Xeral e xa cedidas ó Concello.

Partindo desta sólida base, o obxectivo de curto prazo no ano 1997 era facer corresponde-lo nivel medio de equipamento municipal coa completa cobertura dotacional dos núcleos máis poboados por unha banda, e das parroquias unha a unha, por outra, mantendo en todo caso a flexibilidade das reservas de equipamento para adecualos ás necesidades que o desenvolvemento urbanístico demanda.

Despois de pasados sete anos desta primeira revisión, a presente diagnose pretende realizar unha aproximación ós tipos de equipamento, tratados globalmente e respecto do conxunto da demanda, núcleo a núcleo e parroquia a parroquia.

Como característica singular de Oleiros destaca un nivel de equipamento comunitario elevado respecto da media dotacional nos municipios cun umbral demográfico semellante ou maior no territorio galego.

Nestes últimos anos cubriuse amplamente o déficit de equipamentos sanitarios existentes no ano 1997, co que hoxe en día o termo municipal no seu conxunto non presenta déficit importantes, pero demanda prever un futuro de crecemento sostido para incorporar unha oferta ambulatoria.

Ademais dun grao de dotacións suficientes, Oleiros presenta un servizo en condicións adecuadas na meirande parte dos equipamentos.

Os problemas que persisten, e deben resolverse para acadar un correcto nivel dotacional para o conxunto das parroquias e dos núcleos máis poboados, son certos desequilibrios espaciais que afectan sobre todo a parroquia de Nós nos planos educativo, asistencial e sociocultural e cemiterios, e dos núcleos de Santa Cruz e Perillo, no que atinxe ós cemiterios.

Ademais o déficit é xeneralizado no que respecta á asistencia ós maiores, xa que o municipio só conta cun centro específico en Iñás, e tódalas novas prazas previstas pertencen á iniciativa privada. Non se solucionou a falla de diversificación dos equipamentos deportivos, respecto do que existía en 1997.

Nunha situación dotacional relativamente axeitada á poboación actual do termo municipal, as liñas de actuación futuras deben centrarse en amplia-la oferta de servizos públicos municipais máis aló do servizo local, potenciando o equipamento universitario e as funcións singulares asociadas á súa calidade territorial dentro do seu marco territorial de referencia.

1. EQUIPAMENTO DOCENTE

No equipamento docente, detéctase unha boa cobertura nos niveis de ensino infantil, primario e medio para o conxunto do termo municipal se exceptuámo-la parroquia de Nós que presenta déficit a tódolos niveis, e o núcleo de Perillo: ó se-lo de máis aumento poboacional, ten máis dificultades para absorbe-la demanda de matrícula.

Semella prioritaria a previsión dunha reserva de solo para un centro de primaria na parroquia de San Pedro de Nós, e a construción dun centro de educación infantil nesta mesma parroquia que poida absorbe-la demanda actual neste nivel, localizado nalgún dos solos cedidos ó concello para tal fin nos últimos anos.

No ensino medio, sería necesario preve-la ampliación dos centros existentes nos próximos anos para tentar asumi-lo 100% da demanda de prazas de ESO e Bacharelato.

A posta en funcionamento do instituto do Medio Ambiente en Lóngora é da Fundación Juana de Vega, é o punto de partida para o desenvolvemento dun rol diferente ó puramente residencial dentro da área metropolitana dando cabida a usos universitarios non docentes dependentes da Universidade da Coruña.

1.1. ENSINO INFANTIL

Esta etapa educativa destínase ós nenos de 3, 4 e 5 anos.

No conxunto do termo municipal localízanse 4 escolas infantís públicas no Corgo (Dexo), A Braña (Mera), O Esquíu (Os Regos) e o da Casa do Pobo en Nós. Estes centros ofertan en total 200 prazas, ás que hai que engadi-las 475 prazas dos colexios públicos. Ademais, no colexio da Rabadeira hai unha previsión de contar con 6 unidades máis (150 prazas) en breve. Destes centros só un, o da Finca da Braña en Mera, é de recente creación.

O total de prazas públicas existentes é suficiente para dar resposta ó 86% da poboación entre 3 e 5 anos (de concretarse a ampliación do colexio de Oleiros esta porcentaxe chegaría ó 100%).

Por outra banda, actualmente a oferta de prazas nos centros públicos chega a cubri-lo 100% da demanda de matrícula de ensino infantil do Concello.

A oferta, analizada parroquia a parroquia, é deficitaria en San Pedro, onde a escola infantil da Casa do Pobo en Nós non chega a cubri-lo 25% da potencial poboación demandante deste servicio.

No resto dos ámbitos parroquiais, se ben hai lixeiros déficit de oferta respecto á potencial demanda, o número de prazas dispoñibles aínda rolda o 30% do total da oferta, coa salvidade de Perillo que non ten máis que un 16%.

CADRO Nº 56: EQUIPAMENTO DOCENTE. EDUCACIÓN INFANTIL

PARROQUIA	POBOACIÓN 3-5 ANOS	OFERTA PRAZAS	% SATISFACCIÓN DA DEMANDA	MATRICULA	% SATURACIÓN DOS CENTROS
DEXO	36	25	69,44	15	60,00
DORNEDA	89	75	84,27	44	58,67
IÑÁS	30	0	0,00	0	0,00
LIÁNS	205	150	73,17	99	66,00
MAIANCA/SERANTES	63	75	119,05	37	49,33
NOS	108	25	23,15	18	72,00
OLEIROS	64	175	273,44	112	64,00
PERILLO	186	150	80,65	126	84,00
TOTAL PARROQUIAS	781	675	86,43	451	66,81

Fte.: Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

A oferta actual permitirá absorber-la demanda de ensino infantil para os próximos anos, mais non universalizar esta escolarización temperá ó conxunto da poboación infantil, se exceptuámo-los ámbitos de Oleiros-Iñas e Maianca-Serantes.

Nos núcleos principais aprécianse certos déficit no Seixal-Vilar-O Carballo e Perillo.

Para inverter esta situación estanse a desenvolve-las reservas previstas pola anterior revisión para os núcleos de Perillo e Santa Cruz en Carballido e Galeras respectivamente, debéndose prever novas dotacións para a parroquia de Nós.

1.2. ENSINO PRIMARIO

Os datos proporcionados para o curso 2002-2003 indican que hai 976 alumnos matriculados en centros públicos. O conxunto da oferta (1.300 prazas) non garante acceso ó ensino primario público máis que a un 77% dos demandantes teóricos deste nivel, a pesar da ampliación dos centros de Perillo e Sta. Cruz realizada nos anos 1993 e 2000 respectivamente.

Ningunha das reservas previstas na anterior revisión do Plan, o CEP de Rialta e o CEP dos Regos, foron desenvolvidas para este fin. Tampouco foi ampliado o Colexio de Canide como estaba previsto.

Por matrícula Perillo é o único que está ó borde da saturación (93%) mentres os de Oleiros (80%), Canide (64%) e Sta. Cruz (61%) aínda teñen capacidade para asumir posibles incrementos de demanda nos próximos anos.

A saturación detectada no centro de Perillo é relativa, pois dá servizos ós rapaces de Montrove-Lamastelle e dos núcleos máis achegados do Concello de Cambre.

CADRO Nº 57: EQUIPAMENTO DOCENTE. EDUCACIÓN PRIMARIA

PARROQUIA	POBOACIÓN 6-11 ANOS	OFERTA PRAZAS	%SATISFACCIÓN DA DEMANDA	MATRÍCULA	% SATURACIÓN DOS CENTROS
DEXO	36	0	0,00	0	0,00
DORNEDA	196	0	0,00	0	0,00
IÑÁS	67	0	0,00	0	0,00
LIÁNS	440	300	0,68	184	0,61
MAIANCA/SERANTES	136	300	2,21	192	0,64
NOS	232	0	0,00	0	0,00
OLEIROS	137	400	2,92	320	0,80
PERILLO	401	300	0,75	280	0,93
TOTAL PARROQUIAS	1.645	1.300	0,79	976	0,75

Fte.: Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Nos núcleos principais detéctase a falla dun centro no Seixal, polo que os seus alumnos de primaria se teñen que desprazar diariamente a Oleiros ou Cambre, e sería necesaria a previsión dun novo centro para esta parte do sur do termo municipal.

1.3. ENSINO SECUNDARIO

Actualmente existen tres centros de Ensino Medio no termo municipal: o Instituto Miraflores en Oleiros, o Xosé Neira Vilas en Perillo e o María Casares en Bastiagueiro. Entre todos ofertan un total de 1.020 prazas de ESO e 490 de Bacharelato. A creación do Instituto de Oleiros permitiu adecua-la oferta de prazas ó forte aumento de poboación experimentado nos últimos anos.

En ESO a demanda máxima estimada é de 1.232 prazas, que os centros públicos chegan a cubrir nun 83%.

A demanda de matrícula nos centros públicos rolda o 80% da súa capacidade total. A sobreoferta de prazas mantense como na anterior revisión do 97, un 25% sobre a demanda existente. Isto significa que, se ben hai marxe para asumir un aumento da demanda neste nivel, se se quixera cubri-la potencial demanda en prazas públicas e mante-la sobreoferta nas existentes deberíanse crear 300 prazas nos próximos anos.

Ó respecto do bacharelato, as 490 prazas de centros públicos son máis que suficientes para absorbe-la actual demanda de matrícula que é de 424 prazas, aínda que só é capaz de cubri-lo 75% da posible demanda, se nos baseamos no grupo de idade ó que lle corresponde este nivel de ensino.

1.4. UNIVERSIDADE

Oleiros tiña no curso 2001-02, segundo datos aportados polas universidades galegas, ó redor de 1.016 alumnos universitarios, dos que 754 estaban matriculados na universidade da Coruña (74% do total), 204 (20,3%) na de Santiago e 48 na de Vigo (5,7%).

Se comparamos estas cifras coas de 1990-91 vemos que o número total de alumnos multiplicouse por 2,5, e que a Universidade da Coruña resulta cada vez máis atractiva respecto das de Vigo e Santiago, para os universitarios de Oleiros.

Por outra banda a oferta universitaria no termo municipal xa non se limita ó INEF de Bastiagueiro (que no ano 2001-02 tiña 956 alumnos). Dende a implantación do Instituto Universitario de Medio Ambiente na Casa e Finca de Lóngora en Liáns e a implantación na Finca da Carballeira en Nós dun centro de estudos sobre o medio rural, o termo municipal está a desenvolver un rol descentralizador dentro da Universidade da Coruña. Estas novas funcións, orientadas ós centros non docentes, de investigación, colaboración con empresas, residenciais... baséanse na dispoñibilidade pública de patrimonio edificado asociado a fincas singulares, e na consolidación de aspectos cualitativos ambientais e dotacionais do termo municipal.

De consolidarse esta nova faceta do territorio municipal, suporía un trazo de especialización e centralidade dentro da área metropolitana de grande importancia para o seu desenvolvemento futuro.

A posta en funcionamento do instituto do Medio Ambiente en Lóngora é da Fundación Juana de Vega, é o punto de partida para o desenvolvemento dun rol diferente ó puramente residencial dentro da área metropolitana dando cabida a usos universitarios non docentes dependentes da Universidade da Coruña.

CADRO Nº 58. EQUIPAMENTO DOCENTE EXISTENTE

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
	Educación infantil:	
DP-1	Centro de educación preescolar-O Corgo	3.400
DP-5	Centro de educación preescolar Casa do Pobo	0
M-8	Centro de educación preescolar Casa Braña	1.000
DP-7	Centro de educación preescolar "Esquíu". Arillo.Dorneda	2.210
	Total ensino infantil	6.610
	Educación primaria:	
D-1	Colexio EXB Isidro Parga Pondal	5.700
D-2	Colexio EXB Valle Inclán	22.900
D-3	Colexio EXB Canide. Mera	16.700
D-4	Colexio EXB Comarcal. Oleiros	14.800
	Total educación primaria	60.100
	Educación secundaria:	
D-7	I.E.S. Xosé Neira Vilas. Perillo.	9.044
D-8	I.E.S. María Casares. Santa Cruz.	12.000
D-15	I.E.S. Miraflores. Oleiros.	4.380
	Total ensino secundario:	25.424
	Educación universitaria:	
D-9	I.N.E.F. Bastiagueiro	71.200
s/n	Pazo de Lóngora	15.337
	Total ensino universitario:	86.537
	Total docentes públicos	178.671
	Ensino privado:	
D-14	Colegio Grande Obra de Atocha	20.420
D-5	Colegio Cristo Rey	36.000
D-6	Colegio Vidalba	11.400
s/n	Fundación Juana de Vega	4.869
	Total docentes privados	72.689
	Total equipamentos docentes	251.360

2. EQUIPAMENTO SANITARIO

Nos últimos 10 anos o Concello experimentou unha notable mellora no que respecta á cobertura sanitaria, pasando de contar cun só centro de saúde (A Casa do Mar en Mera) a ter dous centros de Saúde en Sta. Cruz e Perillo e 5 consultorios en Iñás, Lorbé, Mera, Oleiros e San Pedro, sendo Dorneda a única parroquia que non conta aínda cun centro de atención primaria.

CADRO Nº 59: EQUIPAMENTO SANITARIO. PERSOAL DE ASISTENCIA.

CENTRO	SERVICIOS BÁSICOS	SERVICIOS DE APOIO	URXENCIAS
Centro de Saúde de Perillo	8	6	NON
Centro de Saúde de Santa Cruz	6	4	SI
Consultorio de Iñás	1	-	-
Consultorio de Lorbé	1	1	-
Consultorio de Mera	3	2	-
Consultorio A Rabadeira-Oleiros	2	1	-
Consultorio San Pedro de Nós	2	1	-

Fte.: Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Non obstante, tendo en conta as previsións de crecemento demográfico de Oleiros a curto e medio prazo, presentará unha complexidade de demanda sanitaria que reclamará un centro ambulatorio con especialidades. Engadindo a poboación limítrofe de Sada, tamén con traxectoria demográfica de crecemento sostido, estamos falando dunha poboación demandante de máis de 45.000 habitantes que están incrementando a saturada oferta sanitaria cidade da Coruña.

CADRO Nº 60. EQUIPAMENTO SANITARIO. EXISTENTE

	CENTRO	SUPERFICIE (m ²)
S-2	Centro de Saúde de Santa Cruz	470
S-3	Centro de Saúde de Perillo (PP-3)	2.600
S-5	Clínica privada	1.680
	Consultorio de Iñás	
	Consultorio de Lorbé	
	Consultorio de Mera	
	Consultorio de A Rabadeira-Oleiros	
	Consultorio de San Pedro de Nós	
	Total sanitarios de sistema local	4.750
S-1	Casa do Mar de Mera	720
	Total sanitarios de sistema xeral	720

3. EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL

No que atinxe ó equipamento sociocultural, a superficie construída dedicada a estes usos no ano 1997 era de 10.018 m², dos que 4.900 correspondían ó sistema xeral (Centro cultural As Torres, Castelo de Santa Cruz e Casa Charry) e os outros 5.118 m² eran de ámbito local. Esta permitía dispor dun ratio total de 0,43 m² construídos/hab. (0,76 m² se contámo-la superficie das parcelas dedicadas a estes usos).

Hoxe en día a poboación do Concello dispón de 17.300 m² construídos de equipamento sociocultural (34.626 m² se temos en conta a superficie das parcelas onde se localizan). Isto supón que o ratio de equipamento sociocultural por habitante chegou ata situarse nos actuais 0,58 m² construídos/hab. (1,17 m² se contámo-la superficie da parcela dedicada a estes usos).

Esta elevación da oferta é consecuencia do desenvolvemento do Plan Xeral, apoiado fundamentalmente na recuperación do patrimonio construído dos núcleos urbanos principais. A Fábrica de Cervexa e a Rialeda en Perillo e a finca A Braña en Mera supoñen o 77% do solo recuperado e o 53% dos metros cadrados construídos polo Concello para este uso nestes últimos anos. Proximamente entrará en servizo o Auditorio Municipal de Mera que suporá un novo incremento no estándar.

Das actuacións programadas polo Plan para este período, só as da Rialeda, A Braña e o Pazo de Arenaza foron executadas segundo o previsto, obténdose ademais a cesión de 2.907 m² de solo para este fin.

A distribución destas dotacións, se nos cinguimos ós equipamentos de carácter local, é bastante desequilibrada, xa que as parroquias de Nós e Dorneda teñen estándares moito máis baixos (0,15-0,17 m²/hab) que o resto (entre 0,35-0,75 m²/hab). A cifra de Perillo non é representativa, pola concentración de sistemas xerais no ámbito parroquial.

CADRO Nº 61: EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL

PARROQUIA	1997		2003	
	m ² CONSTRÚÍDOS	m ² CONST./ HAB.	m ² CONSTRÚÍDOS.	m ² CONST./ HAB.
DEXO	750	0,61	1.117	0,68
DORNEDA	600	0,21	600	0,17
IÑÁS	450	0,61	810	0,69
LIÁNS	1.480	0,28	2.695	0,35
MAIANCA/SERANTES	465	0,24	1.810	0,76
NOS	620	0,19	620	0,15
OLEIROS	243	0,11	843	0,35

PARROQUIA	1997		2003	
	m ² CONSTRUÍDOS	m ² CONST./ HAB.	m ² CONSTRUÍDOS.	m ² CONST./ HAB.
PERILLO	510	0,09	510	0,07
SISTEMA LOCAL	5.118	0,22	9.005	0,30
SISTEMAS XERAIS	4.900	0,21	8.295	0,28
TOTAL	10.018	0,43	17.300	0,58

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Os equipamentos socioculturais de carácter local concéntranse fundamentalmente nos núcleos principais, contando Mera e Oleiros con máis de 1 m² construído por habitante. O Seixal e Santa Cruz son os núcleos con estándares máis baixos.

CADRO Nº 62. EQUIPAMENTO SOCIOCULTURAL EXISTENTE

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
E-1	Castelo de Danta Cruz. Centro de Educación Ambiental	10.345
SC-1	Casa Charry	460
SC-2	Centro Cultural As Torres	6.400
s/n	Biblioteca central A Rialeda	6.200
s/n	Casa do Farero. Mera. Centro de Educación Ambiental	1.020
	Total socioculturais de sistema xeral	24.425
M-1	Centro Multiusos de Lorbé	500
M-2	Centro Multiusos de Xoez	500
M-3	Centro Multiusos de Arillo	600
M-4	Centro Multiuso Montrove	400
M-5	Centro Multiusos Iñás	400
M-6	Centro Social Os Regos	1.000
M-7	Casa da República. Oleiros	252
M-8	Centro Multiusos Casa A Braña	870
M-9	Centro Social Pazo de Arenaza	360
M-10	Centro Social O Seixal	340
M-11	Casa do Mar de Mera	
SC-3	Casa do Pobo de Nós	720
SC-4	Casa da Cultura de Perillo	375
SC-5	Centro Social Pía de Maianca	200
s/n	Auditorio en Mera	2.130
s/n	Centro Cívico Santa Cruz	687
RE-1	Casa do Pobo en Dexo	367
	Multiusos Montrove-As vacarizas SUNP-A-26	500
	Total socioculturais de sistema local	10.201
	Total socioculturais	34.626

4. EQUIPAMENTO ASISTENCIAL

O Concello dispón na actualidade de 99.466 m² de solo destinado a equipamento asistencial, dos que un 70% foron cesións de actuacións urbanísticas.

A reserva de solo actual que podería empregarse a este fin que supera os 35.000 m² sería suficiente para resolver o déficit relativo da Parroquia de Liáns e Nós, e dos núcleos de Santa Cruz e Rialta e O Seixal das dotacións que lle corresponden en función do seu peso poboacional.

Respecto ó equipamento asistencial infantil, a oferta pública límitase ós centros da Pardela (Os Regos) e As Galeras (Bastiagueiro) ós que accederon o curso 2002-2003 un total de 215 nenos, aínda que a súa capacidade prevista inicialmente era de 175 prazas. Esta oferta tan só cubre ó 23% da poboación entre 0 e 3 anos e está moi localizada na parroquia de Liáns, co que resulta claramente insuficiente. Así a atención ós nenos pequenos depende en boa medida das garderías parroquiais de Oleiros e Liáns e dos centros privados. Na actualidade atópase en licitación a nova gardería municipal de Carballido en Perillo.

O equipamento asistencial público para a 3^a idade límitase ó centro de día do Pazo de Arenaza en Iñás. Ademais os centros socioculturais de Oleiros e o das Torres en Santa Cruz dispoñen de Aulas para a 3^a idade.

Dende o ano 1997 só se desenvolveu a dotación prevista no Pazo de Arenaza, en Iñás, co que persiste o déficit de asistencia pública á 3^a idade no resto das parroquias e no conxunto dos núcleos urbanos.

Se se ocupan con estes usos asistenciais parte das reservas de solo sen executar destinados a dotacións multiusos, poderase satisfacer a demanda existente cun nivel de cobertura máis que axeitado para a poboación actual.

Ó equipamento asistencial específico tratado anteriormente hai que engadir outra dotación con prestacións asistenciais que completan a oferta existente, que é a Casa da Xuventude en Perillo. Restan tamén outras dotacións con ámbito de servizo municipal, que ten un carácter mixto sociocultural, docente e, en certo modo, asistencial, que son a Escola Taller Municipal de Os Regos e o Viveiro Municipal. Estes dous equipamentos públicos incrementan e tamén diversifican a oferta dotacional do Termo Municipal.

Ademais das dotacións relacionadas e clasificadas anteriormente por tipo de prestacións, emprázanse no municipio outras cun ámbito de servizo supramunicipal de

carácter público, como a residencia-hospital para a 3ª idade de Oleiros, ou de carácter privado como o Centro ASPRONAGA ou a residencia da 3ª idade de Lamastelle.

CADRO Nº 63. EQUIPAMENTO ASISTENCIAL EXISTENTE

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
	Asistenciais públicos:	
D-10	C.M.F. Isaac Díaz Pardo	7.000
A-1	Residencia Terceira Idade. Oleiros	15.600
s/n	Viveiro Municipal	23.345
A-4	Casa da Xuventude. Perillo	1.465
A-5	Centro Asistencial As Pedreiras. Perillo	1.100
DP-6	Guardería Municipal A Pardela	1.956
s/n	Guardería Municipal As Galeras	5.000
	Total asistenciais públicos	55.466
	Asistenciais privados:	
A-8	Centro Asistencial Pazo de Arenaza-Pazo dos Vellos	6.550
A-3	Aspronaga	105.000
A-6	Casa de Exercicios. Bastiagueiro	11.200
A-7	Centro da Terceira Idade. Fortaleza.	3.200
DP-3	Guardería Río da Cova. Oleiros	3.120
S-4	Centro Asistencial Lamastelle.	16.131
	Total asistenciais privados	145.201
	Total centros asistenciais	200.667

5. EQUIPAMENTO DEPORTIVO

O equipamento deportivo existente no Municipio no ano 97, ocupaba unha superficie de 20,20 Ha, cun estándar 8,75 m²/hab (4,41 m²/hab se descontámo-las instalacións do INEF de Bastiagueiro).

Actualmente este ratio pasou a ser 8,50 m²/habitante (3,91 m²/hab sen a cidade deportiva do INEF), cun lixeiro descenso debido ó crecemento demográfico.

A situación global segue a ser de sobreoferta, incluíndo dúas instalacións privadas de gran consumo de solo: o Club de Tenis de O Seixal e o Complexo Deportivo de O Canaval.

Do solo previsto polo Plan Xeral do ano 97, na liña de procurar unha dotación suficiente, desenvolvéronse o Club Náutico de Perillo e a Área deportiva de O Espiño, sumando un total de 4.450 m², ademais doutros como a Piscina de Perillo e o Pavillón Polideportivo Municipal de Oleiros xunto ás actuacións levadas adiante en solo cedido polos promotores privados nestes últimos anos, engadírase o solo que xa era público pero que non estaba destinado a equipamentos deportivos, acadan unha cifra de 11.300 m².

Analizando as dotacións deportivas locais de titularidade pública por parroquia detéctase déficit sobre todo en Iñás, Perillo e Dexo, mentres que Nós (8,53 m² de dotación pública por habitante) e Oleiros (5,17 m²) son as mellor dotadas.

O equipamento deportivo incrementouse non só en máis instalacións senón tamén en diversidade da oferta.

CADRO Nº 64: EQUIPAMENTO DEPORTIVO.

PARROQUIA	SOLO PÚBLICO			SOLO PÚBLICO		
	EQUIPAMENTO DEPORTIVO 1997			EQUIPAMENTO DEPORTIVO 2003		
	m ² Campos de Fútbol	m ² Outros Deportivos	m ² Outros Deportivo/Habitante	m ² Campos de Fútbol	m ² outros Deportivos	m ² Outros/Habitante
DEXO		1.200	0,98		2.000	1,45
DORNEDA		8.800	3,14	8.800	1.100	0,55
IÑÁS		800	1,08		800	0,68
LIÁNS	5.700	4.850	0,92	5.700	4.850	0,63
MAIANCA/SERANTES	9.310	728	0,37	9.310	728	0,30
NOS	10.086	5.000	1,55	20.426	14.219	3,50
OLEIROS		0	0,00	5.400	7.050	2,93
PERILLO		1.160	0,21	5.400	3.200	0,46
SISTEMA LOCAL PÚBLICO	25.096	22.538	0,98	55.036	33.947	1,15
SISTEMAS XERAIS		100.000	4,34	0,00	101.900	3,60
TOTAL DEP. PÚBLICOS	25.096	122.538	5,31	55.036	135.847	4,59
SISTEMA LOCAL PRIVADO		54.200	2,35	6.500	54.200	1,83
TOTAL DEPORTIVOS	25.096	176.738	7,67	61.536	190.047	6,42

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

As cesións obtidas nestes 6 últimos anos de xestión do Plan suman 22.210 m², ás que hai que engadi-las que xa estaban previstas desde o ano 1997 e aínda non están executadas (3.907 m² de sistema local e 34.600 m² de sistema xeral).

Das 2,6 Ha das reservas de sistema local, 2,2 Ha están na parroquia de Liáns, o que podería contribuír a reforzar este tipo de dotacións no contorno do Núcleo de Santa Cruz.

A superficie de 89.783 m² de equipamento deportivo local de uso público corresponde nun 61% a campos de fútbol, e un 25% a pistas polideportivas e áreas recreativas asociadas a estas.

Cómpre facer un esforzo na diversificación das áreas deportivas de pequena escala (pistas polideportivas, tenis, piscinas...) para dotar ó conxunto do termo municipal dun estándar real de equipamento deportivo, acorde á demanda existente.

CADRO Nº 65. EQUIPAMENTO DEPORTIVO EXISTENTE

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
DEP-1	Cidade Deportiva Bastiagueiro	100.000
DEP-25	Centro de Actividades Náuticas e piscina. Perillo	1.900
	Equipamento deportivo de sistema xeral	101.900
DEP-2	Pistas polideportivas Lorbé	1.200
DEP-3	Campo de fútbol Xoez-Mera	8.510
DEP-4	Campo de deportes Xoez	800
DEP-5	Campo de deportes Casa do Pobo. Dorneda	800
DEP-6	Campo de Fútbol. Dorneda	8.000
DEP-7	Campo de fútbol Santa Cruz	5.700
DEP-8	Campo de fútbol Municipal. Montrove	5.426
DEP-9	Campo de fútbol Condús	5.400
DEP-10	Campo de fútbol O Carballo	6.500
DEP-12	Campo de fútbol do Hercules	8.500
DEP-13	Pistas polideportivas O Seixal	4.000
DEP-14	Campo de fútbol Perillo	5.400
DEP-15	Pista recreativa Santa Cristina	800
DEP-17	Pista polideportiva Iñás	800
DEP-18	Pista polideportiva Os Regos	1.956
DEP-22	Pavillón Polideportivo Municipal. Colexio Oleiros.	5.000
DEP-24	Piscina e pista polivalente. Espiño. Santa Cruz.	2.550
DEP-29	Área deportiva. Santa Cruz	1.300
DEP-34	Pista deportiva Nos	1.000
s/n	Piscina Municipal. Carballido.	1.600
RE-1	Pista polideportiva en Dexo	800
M-15	Pista polideportiva en Rialta	1.100
s/n	Pista de Tenis e Frontón. Bastiagueiro	1.000
s/n	Pista polideportiva Cova dos Bois	800
s/n	Pista recreativa Carballido	800
s/n	Piscina Municipal. Oleiros	2.050
s/n	Pista Polideportiva. Antigo DP-2. Cividanes. Mera	728
	Pistas do SUNP-B-23R Río de Montrove	7.263
	Total deportivos públicos	89.783
DEP-11	Complexo deportivo o Canabal	25.000
DEP-16	Campo de fútbol Iñás	6500
DEP-19	Club de tenis O Seixal	29.200
DEP-33	Pista deportiva A Granxa-Lorbé	2040
	Total deportivos privados	62.740
	Total equipamentos deportivos	255.223

6. EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO, COMERCIAL E DE ABASTECIMENTO

Mantivéronse estes anos o conxunto das dotacións administrativas en sistema xeral e local, agás o cuartel da Garda Civil de Mera, reciclado para a construción do novo auditorio. Ademais, na actualidade, o Termo Municipal conta cun edificio de Correos e Telégrafos en Perillo e recentemente coa ampliación do edificio do Concello nunha parcela de 2.500 m² contigua á Casa Consistorial. Igualmente prevese a ampliación do Cuartel da Garda Civil de Oleiros para que pase a prestar un servizo de ámbito comarcal.

Se atendemos ás dependencias propias da administración local, no ano 1997 a poboación do concello contaba cun estándar de 0,08 m² hab. de parcela de equipamento administrativo, concentrado nos núcleos de Oleiros e Perillo. Hoxe en día este ratio pasou a ser de 0,16 m² de solo por habitante. Se temos en conta a superficie construída para oficinas municipais o ratio pasou de 0,09 m²/hab no ano 1997 ós 0,13 m²/hab actuais.

Respecto ó equipamento comercial, co desenvolvemento do proceso urbanizador incrementouse este tipo de oferta na súa vertente privada, manténdose como única dotación pública deste tipo o Mercado Municipal de Perillo.

CADRO Nº 66. EQUIPAMENTO ADMINISTRATIVO EXISTENTE

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
AD-4	Facenda Local. Perillo	
AD-5	Policía Municipal	
AD-6	Arquivo Municipal	
s/n	Oficina de Correos e Telégrafos	540
	Total administrativos de sistema local	540
AD-1	Casa do Concello	405
s/n	Ampliación Casa do Concello	2.500
AD-3	Guardia Civil de Oleiros	1.400
	Total administrativos de sistema xeral	4.305
	Total administrativos	4.845

CADRO Nº 67. SERVICIOS URBANOS EXISTENTES

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
SU-1	Almacéns Municipais	9.460
	Total servizos urbanos de sistema local	9.460
SU-2	Mercado Municipal	1.650
	Total servizos urbanos de sistema xeral	1.650
	Total servizos urbanos	11.110

7. EQUIPAMENTO DE CEMITERIOS E DOTACIÓNS RELIXIOSAS

No ano 1997, o termo municipal contaba con 4,09 Ha de solo (1,77 m²/hab) dedicadas a cemiterio, das que 0,34 Ha. corresponden ó cemiterio municipal de Liáns.

As ampliacións desenvolvidas polo Concello nestes últimos anos achegaron a superficie dispoñible para estes usos ata as 6,96 Ha, un 58% máis que no ano 1997 (a poboación municipal medrou no mesmo período nun 28%), o que resolve o déficit detectado hai 6 anos.

Das actuacións previstas na revisión anterior quedan pendentes as ampliacións dos cemiterios parroquiais de Serantes e Dexo, sendo o primeiro máis prioritario que o segundo, pola maior dinámica poboacional do núcleo de Mera, executándose aqueles que correspondan ó novo cemiterio municipal de Dorneda e a ampliación do parroquial de Maianca.

Por parroquias, detéctanse desequilibrios importantes entre os ámbitos de Iñás-Oleiros, Dorneda e Serantes-Maianca por unha banda, e as máis poboadas de Perillo, Nós e Liáns. En conxunto, estes últimos teñen un ratio de 0,92 m²/hab e 0,53 m²/hab, moi por debaixo da media municipal que é de 1,12 m²/hab o que os fai depender da oferta que teñen outras parroquias mellor dotadas. Aínda que menos grave, detéctase un déficit en Dexo que se podería resolver no primeiro caso coa ampliación programada.

CADRO Nº 68: CEMITERIOS

	PARROQUIA	1997		2003	
		m ² CEMITERIO	m ² CEMITERIO POR HABITANTE	m ² CEMITERIO	m ² CEMITERIO POR HABITANTE
C-1	DEXO	700	0,57	700	0,51
C-4	DORNEDA	2.300	0,82	11.086	3,23
C-8	IÑÁS	900	1,21	900	0,77
C-5	LIÁNS	2.300	0,44	4.400	0,57
C-3/C-2	MAIANCA/SERANTES	5.860	2,97	5.860	2,45
C-7	NOS	1.500	0,47	3.750	0,92
C-6	OLEIROS	5.200	2,28	5.200	2,16
	PERILLO (1)	0	0,94	5.200	0,74
CM	SISTEMAS XERAIS	3.400	0,15	3.400	0,11
	TOTAL	40.920	1,77	69.606	2,35

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

(1) Correspóndelle o CM.

Ó respecto do equipamento relixioso, a oferta existente, cunha distribución parroquial dos ámbitos de servizo, resulta axeitada á distribución espacial da poboación e permite o elevado estándar de 0,62 m²/hab. Non se detecta déficit neste tipo de equipamento.

8. OUTROS EQUIPAMENTOS E RESERVAS NON ESPECÍFICAS

O vivo desenvolvemento urbanístico experimentado no territorio municipal, supuxo a cesión dunha importante superficie de solo para reservas dotacionais que aínda ó día de hoxe carecen dun uso específico. Estas dotacións, distribuídas polo territorio municipal e en contacto cos núcleos principais e secundarios suman unha extensión superficial de 170.761 m², o que supón un elevado estándar de case 6 m²/hab, capaz de absorber en calquera momento ós déficits puntuais que se poidan presentar en déficits específicos.

Estas dotacións detállanse no cadro resumo que se adxunta.

CADRO Nº 69. RESERVAS DE EQUIPAMENTO EXISTENTES

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
	Reservas para equipamentos docentes:	
DP-4	Centro de educación preescolar Escola de Vilanova	700
DP-8	Centro de educación preescolar Breixo	1.300
DP-9	Escola infantil Pia de Maianca	1.100
DP-10	Escola infantil de Sta. Cruz	1.000
D-13	Centro de educación primaria Os Regos	5.000
D-12	Antigo Santiago Apóstol	8.400
D-11/SU-3	Centro de educación primaria Rialta	6.000
DP-11	Escola infantil Carballido	1.100
DP-12	Escola Infantil Perillo(UA-8)	1.300
DP-13	Escola Infantil Beiramar (PP-1)	1.720
DP-14	Escola infantil Icaria	1.170
DP-15	Escola infantil Arenaza	1.324
DP-16	Escola infantil A Xesta	1.600
	Carballido SUP-1R	8.965
	Perillo SUP-3R	2.953
s/n	As Cancelas PERI-7	5.000
	Lóngora II SUNP B-14R	1.200
	Bastiaqueiro II (Romardeiro) SUNP D-15R	12.000
	Mesón da Auga SUNP B-31R	1.863
	Graxal II SUNP D-38R	2.000
	Montrove SUNP A-42R	1.350
	Caavamontes PP-3	2.600
	Choupana SUNP-A-22	1.000
	A Xesta SUNP-A-32	1.000
	Monte do Sino SUNP-A-33	1.000
	Oleiros SUP-4R	2.207
	Meixonfrío SUP-2R	4.053
	Perillo SUP-3R	2.953

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
	Carballido SUP-1R	8.965
	Icaria 2 SUNP B-21R	1.000
	Reservas para equipamentos deportivos:	
s/n	Pista polideportiva Os Regos	4.044
DEP-26	Pista polideportiva Arillo	2.070
DEP-27	Centro de Actividades Náuticas. Mera	1.100
DEP-28	Pista polideportiva Iñás SUNP-I-3	1.607
DEP-30	Área deportiva O Seixal SUNP-A-28	1.000
	Carballido SUP-1R	1.600
	Bastiaqueiro II (Romardeiro) SUNP D-15R	2.160
	Río Montrove SUNP B-21R	7.263
	As Galeras SUNP-E	3.000
	Reservas para socioculturais:	
s/n	Santa Cruz UA-15	924
M-12	Centro social Carballido SUNP-A-21	140
M-13	Centro social Icaria SUNP-A-23	2.027
M-14	Centro social A Xesta SUNP-A-32	200
M-15	Centro multiusos Rialta	1.100
s/n	Pte.Pasaxe Sur pol. 1 UE-14	500
	Bastiaqueiro II (Romardeiro) SUNP D-15R	1.171
	Graxal I SUNP D-28R	2.166
	Río Montrove Icaria 2 SUNP B-21R	292
	Montrove SUNP A-42R	120
	Monte do Sino SUNP-A-33	100
	Oleiros SUP-4R	442
	Perillo SUP-3R	1.118
	Meixonfrío SUP-2R	900
	Carballido SUP-1R	220
	Galeras pol.1 e 2 SUNP-E	1.800
	Lóngora II SUNP B-14R	100
	O Carballo SUNP A-45R	1.000
	PP Canide	1.791
	O Graxal 2. SUNP B-38R	325
	Outras reservas:	
RE-2	Maianca 1	3.800
RE-3	Punxeiro	800
RE-4	Casa Rivera	90
RE-5	Casa Agramar	80
RE-8	O Valiño	6.400
RE-10	O Carballo	7.275
RE-11	Antigo cemiterio Perillo	480
RE-12	Antigo preescolar O Castaño	684

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
RE-13	Maianca (2)	480
RE-14	O Bañil	500
RE-15	Nós	1.225
RE-16	Montrove	780
RE-17	Villa Exheverri	140
s/n	Mirador Punta Fieiteira	850
s/n	El Argentino UE-1	240
s/n	Urb. Xunqueiro	4.600
s/n	O Valiño	500
	PP Canide	2.402
	Lóngora II SUNP B-14R	1.500
	O Carballo SUNP A-45R	1.567
	As Vacarizas SUNP A-26	1.500
	O Vieiro SUNP B-29R	1.675
	total reservas existentes	169.671

9. ESPACIOS LIBRES E ZONAS VERDES DE USO PÚBLICO

No ámbito municipal a oferta actual de zonas verdes e espazos libres -tendo en conta tanto os de sistema local como xeral- satisfai a demanda de poboación actual cun estándar de 30 m² por habitante.

Se se consideran só as zonas verdes e espazos libres do sistema local, o estándar sitúase en 16 m² por habitante.

No momento da anterior Revisión rexistrábase un saldo de zona verde e espazos libres de aproximadamente 15 m² por habitante. O Plan Xeral tiña como obxectivo acadalos 17 m² por habitante para unha poboación, nese momento, de 23.057 habitantes e que, en todo caso, non baixaría dos 13 m² por habitante tendo en conta as previsións de crecemento.

Segundo o Padrón do 2003, o crecemento demográfico acadou os 29.606 habitantes cun estándar de zonas verdes e espazos libres moi superior ós 13 m²/hab. Os 31 m² por habitante proveñen da adquisición de novas zonas verdes non programadas no Plan Xeral ó longo dos últimos anos, como a Finca da Carballeira ou pequenas áreas espalladas polas distintas parroquias, e do desenvolvemento do propio Plan (unidades de activación e urbanizable non programados).

O crecemento experimentado no período 97-03 é do 100%.

CADRO Nº 70: ZONAS VERDES DOS SISTEMAS XERAL E LOCAL.

Anos	Poboación	Superficie ZV (Ha)	m ² /Hab.
1997	23.057	35,90	15
2003	29.606	91,77	31

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

Este estándar garante xa na actualidade un nivel de cobertura máis que suficiente para o máis optimista incremento demográfico da poboación municipal, e que contribúe positivamente á súa calidade de vida.

Da oferta establecida no Plan Xeral, baseada na obtención de 79,8 hectáreas máis destinadas a estes usos, materializáronse un total de 60 hectáreas incluíndo as zonas asignadas ó sistema xeral.

As novas actuacións concretáronse no sistema xeral na ampliación de parques existentes: Santa Cristina, Bastiagueiro, Liáns -que vai conformándose como reserva

forestal e parque metropolitano- e na formación de novos parques no Seixo e da Lagoa de Mera. O parque de Faro de Mera atópase en desenvolvemento, vinculándose xunto coa recuperada Casa do Fareiro ó disfrute do espazo natural da Costa de Dexo.

O conxunto das novas dotacións de sistema xeral ocupa 43,41 Ha (executadas e en execución) aumentando a oferta ambiental do Concello de Oleiros e distanciándoa doutras ofertas na área metropolitana. Acada un estándar de 14,66 m² por habitante, segundo a poboación actual que case que triplica o establecido legalmente. O seu incremento no período 97-03 é do 317%.

CADRO Nº 71: ZONAS VERDES DO SISTEMA XERAL

Anos	Poboación	Superficie ZV (Ha)	m ² /Hab.
1997	23.057	10,40	4,5
2003	29.606	43,41	14,2

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

No sistema local, as actuacións realizadas incrementan o sistema de espazos libres e zonas verdes de uso público en 23,3 hectáreas, incluíndo as cesións xa executadas de varias actuacións integradas de urbanización. Sumadas ás existentes supoñen unha superficie de 48,35 Ha, cun estándar de 16,3 m² por habitante, cun incremento no período 97-03 do 45%.

CADRO Nº 72: ZONAS VERDES DO SISTEMA LOCAL

Anos	Poboación	Superficie ZV (Ha)	m ² /Hab.
1997	23.057	25,50	11,0
2003	29.606	48,35	16,3

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

No referente ó sistema local, as zonas verdes por desenvolver están asociadas fundamentalmente a unidades de execución e plans especiais de reforma interior que aínda non comezaron a desenvolverse ou atópanse en fases de trámites iniciais. En total estas suman 11,9 hectáreas.

Da análise por parroquias dedúcese que o sistema de zonas verdes e espazos libres de uso público non presenta unha distribución equilibrada. Tendo en conta as zonas do sistema local, Serantes, Maianca, Liáns, Perillo, Iñás e Oleiros acadan a media municipal (16 m²/hab). Maianca, co parque da Lagoa de Mera e o paseo marítimo, supérao chegando a uns altísimos 49 m²/habitante. Perillo (16 m²/hab) sitúase na media do Municipio, presentando unha certa carencia derivada da súa densificación. A parroquia de Dexo é a única que non presenta áreas formalizadas como zonas verdes específicas.

CADRO Nº 73: ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES POR PARROQUIAS.

PARROQUIA	HABITANTES	ZONAS VERDES SIST. LOCAL m ²	m ² /HABITANTE	ZONAS VERDES SIST. XERAL m ²	m ² /HABITANTE ZONAS VERDES SL E SX.
DEXO	1.376	0	0	0	0
SERANTES	1.412	27.463	19	0	19
MAIANCA	984	48.341	49	88.000	138
DORNEDA	3.430	16.946	5	0	5
PERILLO	7.032	116.724	16	44.968	23
LIÁNS	7.733	163.587	21	301.131	60
OLEIROS	2.407	44.838	18	0	18
NÓS	4.063	39.631	9	0	9
IÑÁS	1.169	26.031	22	0	22
MEDIA DO CONCELLO		483.561	16	434.099	30

Fte.: Padrón municipal 1996 e Padrón municipal 2003. Concello de Oleiros. Elaboración propia.

A diferenza na parroquia de Dexo resulta preocupante só relativamente, se temos en conta a súa relación coa parroquia de Serantes.

En Perillo (16 m²/habitante) aparece máis clara a necesidade de emprazar novos espazos de sistema local, que poidan competir en calidade co xa existente.

En Nós, parroquia que acolle unha porcentaxe importante da poboación, existe un déficit moi subliñable de zonas verdes locais en relación á media, con só 9 m² por habitante. En Dorneda obsérvase unha carencia similar, con 5 m² por habitante.

En calquera caso indicar que esta situación de déficit relativo se produce en relación ó elevado estándar medio municipal e non en relación a aqueloutro establecido legalmente.

CADRO Nº 74. LISTADO DE ZONAS VERDES E ESPACIOS LIBRES EXISTENTES

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
ZV-1	Parque de Santa Cruz	2.600
ZV-2	Parque de Bastiagueiro	18.597
ZV-4	Ampliación de Santa Cristina	18.275
ZV-4	Parque de Santa Cristina	26.693
ZV-5	Parque forestal de Liáns	145.937
ZV-6	Parque do Seixo	25.650
ZV-7	Parque de Portonaval	12.715
ZV-8	Parque de A Forestal	41.200
ZV-9	Parque de Canide (en execución)	88.000
ZV-10	Parque litoral (en execución)	54.432
	Total zonas verdes de sistema xeral	434.099

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
V-5	Parque do Bufadoiro. Mera	10.000
V-8	Praza do Arxentino.Mera UE-1	758
V-9	Xardíns de Cividanes. Mera UE-2 (en execución)	3.646
V-10	Zona libre de a Perla. Mera.	1.974
V-12	Parque da Lagoa de Mera	31.355
V-13	Zona libre Pía de Maianca.Mera	7.500
V-14	Zonas verdes urb. Rialta.Dorneda	15.989
V-16	Zona verde en As Carrapuchas. Santa Cruz.	722
V-17	Área de xogos. Porto.Santa Cruz	384
V-18	Pr. Do Repicho.Santa Cruz	950
V-20	Pr. En rúa Castelao. Santa Cruz	5.176
V-21	Pr. De Liáns. Santa Cruz	1.600
V-22	Xardíns da Torre. Santa Cruz	4.400
V-23	Praza de Santa Cruz. UE-9	3.595
V-24	Parque	9.710
V-25	Praza I, en PP-5	7.650
V-26	Praza II, en PP-5	7.650
V-27	Praza da Rabadeira.Oleiros	1.300
V-29	Parque da Casa Charry	2.960
V-30	Praza de Galicia. Oleiros	3.940
V-31	Zona verde urbanización Obelisco	5.400
V-32	Praza da Liberdade. Nós	2.920
V-34	Parque en urb. Xardín de Nós	13.644
V-35	Xardíns urb. O Vieiro	4.257
V-36	Zona verde PP-6	2.250
V-37	Parque Lineal Río de S.Pedro. Liáns	16.693
V-38	Xardíns urb. A Xesta. Liáns	8.460
V-39	Parque Os Regos. Liáns	17.800
V-40	Xardíns de Lamastelle. Liáns	3.874
V-41	Zona verde Monte Sino SUNP-A-33	2.670
V-42	Parque botánico. Montrove.	4.600
V-43	Zona verde Icaria. Perillo	6.804
V-45	Paseo Beiramar	1.720
V-46	Praza Agramar	8.189
V-47	Agramar	3.280
V-48	Xardíns da Ponte Pasaxe. UE-14	2.032
V-49	Xardíns N-VI. Rialda.	6.627
V-50	Parque do Areal. Perillo	6.400
V-51	Zona verde Caavamontes	12.300
V-52	Xardíns de UA-4 A Riveira. Perillo (en execución)	2.679
V-53	Zona verde O Carballido	5.524
V-54	Xardíns Av. Santa Cristina. UA-9	1.872

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
V-55	Xardíns Casa da Xuventude. UA-10	840
V-56	Praza do Xuncal. UA-11	625
V-57	Praza de Casa Sara. UA-13	2.120
V-58	Xardíns da Rúa Darwin. UE-10	1.591
V-59	Paseo marítimo de Santa Cristina	14.427
V-60	Praza de Mera	600
V-63	Zona libre Aguieira. UE-7	635
V-64	Zona verde UE-35	900
V-65	Zona verde UE-11	2.600
V-66	Zona verde en Rúa Che Guevara	300
V-67	Praza e zona verde en Perillo	345
s/n	Zona verde urb. O Pinar	2.174
s/n	Zona verde urb. O Bosque	957
s/n	Zona verde fronte Os Tilos	850
s/n	Zona verde de ED Perillo	300
RE-6	Parque da Capela de Montrove	3.700
s/n	Urbanización Punxeiro ED (pendente execución)	2.350
s/n	Zona libre en Pousada PERI-12	822
s/n	Zona libre da UA-14. Santa Cruz	598
s/n	Zona libre na UE-15. C.Oleiros-Pte.Pasaxe	1.000
s/n	Zona libre da UE-31	523
s/n	Zona libre da UE-12	367
s/n	Zona libre en Perillo-PERI Viña Longa	615
s/n	Zona libre en Perillo	4058
SUNP B-14R	Lóngora II	5.500
SUNP D-15R	Áreas de xogo en Bastiagueiro II (Romardeiro)	22.909
	Áreas de xogo en Bastiagueiro II (Romardeiro)	1.062
SUNP B-21R	Río Montrove (ICARIA 2)	7.692
SUNP B-23R	Covada-Oleiros (sector 1)	3.434
SUNP B-25R	Xardíns A Cova-Oleiros pol. 1	3.390
	Áreas de xogo A Cova-Oleiros pol.1	784
	Áreas de xogo en Galeras-polígono 1 e 2 (en execución)	2.000
SUNP-A-22	Zonas verdes en A Choupana	2.370
	Áreas de xogo en A Choupana	135
SUNP-A-26	Xardíns As Vacarizas-Montrove	4.338
	Áreas de xogo en As Vacarizas-Montrove	901
SUNP A-42R	Montrove (en execución)	5.170
SUNP A-45R	Carballo III (en execución)	10.051
SUNP B-31R	Mesón da Auga (en execución)	6.250
SUNP I-33R	Iñas I (industrial) (en execución)	26.031
PP	O Canide (en execución)	16.164
SUP-2R	Zona libre en Meixonfrío	10.694

	NOME	SUPERFICIE (m ²)
SUP-3R	Zona libre en Perillo	9.450
SUP-4R	Zona libre en Oleiros	11.329
SUNP A-45R	Zona libre en O Carballo	10.050
SUNP B-28R	O Graxal	5.366
SUNP B-38R	O Graxal 2	6.580
SUNP B-29R	O Vieiro	7.360
	Total ZL de SL	483.561
	TOTAL DOTACIÓNS EXISTENTES	917.660

B. ESTUDIO DO MEDIO E ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

B.1. MEDIO FÍSICO

1. SITUACIÓN E LÍMITES DO TERMO MUNICIPAL

O termo municipal de Oleiros, dunha extensión de 43,7 km², encádrase na subrexión das Mariñas do Arco Ártabro e en concreto na península de Oleiros-Sada con proxección á ría da Coruña pola súa parte occidental. Encóntrase limitado ó norte co Océano Atlántico, ó oeste coa ría da Coruña e os termos municipais da Coruña e Culleredo, ría do Burgo en medio, ó SO e S co de Cambre e ó leste co de Sada.

A súa delimitación desde o punto de vista xeográfico non forma completamente unha unidade natural xa que no seu límite leste non existe unha ruptura paisaxística co termo de Sada e no SO existe un enclave (a parroquia do Temple) que pertencendo administrativamente ó termo de Cambre se encadra xeograficamente no estuario da ría do Burgo maiormente incluído no termo de Oleiros.

O resto das súas fronteiras administrativas segue elementos naturais: o mar, a ría do Burgo e o rego da Gándara.

2. ENCADRE XEOGRÁFICO MUNICIPAL

Desde o punto de vista do encadre xeográfico o termo municipal participa netamente das características xerais da comarca Mariñán da Coruña, hidrograficamente articulada en torno á conca do Mero-Valiñas e os seus afluentes que forman a ría da Coruña. Nesta comarca (antigamente chamada Mariña dos Frades) a península de Oleiros-Sada forma unha unidade topográfica caracterizada pola menor importancia dos cursos de auga, onde só o rego da Gándara, no límite Sur de Oleiros con Cambre, é significativo, pola suavidade das pendentes e polo carácter baixo das súas terras.

A caracterización da Mariña é plenamente litoral participando toda a topografía desa calidade dual agro-litoral da paisaxe costeira de rías y destacando a grande extensión territorial das costas suaves en gradientes aterrizados sen chegar a aparecer propiamente terras abruptas de monte, o que a caracteriza como idónea para o asentamento poboacional.

3. CARACTERIZACIÓN XERAL DO MEDIO FÍSICO

3.1. RELEVE E HIDROLOXÍA

A península de Oleiros-Sada estrutúrase topograficamente como un conxunto de concas con dúas direccións de avenida divididas por unha espiña central. Toda a península ten un releve suave debido á posición de avanzada no mar con respecto ás cotas 400 e 200 que marcan a transición do zócolo galego coa costa de rías. Os vales son curtos, os ríos non chegan case que a selo e os sistemas hidrográficos son amplos e de forma radiante en torno á conca máis que subsistemas de vertido a un río principal.

En Oleiros distinguimos de norte a sur as seguintes concas:

- . A formada pola confluencia dos arrosios de Punxeiro, Agra, O Couto, Xentiña, Louro, Salgueiral e Broño que reúnen augas dun amplo val desaugando na praia de Mera , ocupando as parroquias de Maianca e Serantes e parte de Dexo.
- . En torno ó Porto de Santa Cruz conflúen os arrosios da Proba, Regueira, Xaz, Arillo e Ponte do Bosque.
- . Na praia de Bastiagueiro concorren un conxunto de arrosios menores que sen embargo forman unha extensa valgada e zona húmida na traseira da praia, hoxe transformada.
- . No Temple desemboca na ría do Burgo o arroio de San Pedro, recollendo augas desde Iñás e formando unha valgada estreita e profunda entre a estrada N-VI e os altos de Coroto.
- . Finalmente, como divisoria do Termo Municipal con Cambre e con saída na Barcala á ría do Burgo, o arroio da Gándara e as súas augas conflúe na valgada do de S. Pedro formando as terras baixas máis interiores do Termo Municipal.

Oleiros pois estrutúrase territorialmente sobre estas cinco concas delimitándose no sentido da altitude unha fronteira en torno á cota 50 m, distinguíndose por debaixo dela as terras litorais en planalto e costa de menor pendente, e a partir da cota 50 ata a 100 a transición do terrazo ó monte con maiores pendentes. Por riba da cota 100 sitúase o monte e as divisorias coa valgada cara a ría de Sada.

3.2. A COSTA

A costa preséntase moi diversificada, alternando zonas de cantís batidos polo mar con praias de fondo de ría de trazado en arco e praias ligadas a saínte rochoso da beira formando enseadas e esteiros. A fronte norte constitúe a transición atlántica das rías da Coruña e Betanzos con costa alta e cantís desbordados por varios illotes e pedras como son os da Marola e O Marolete, atopándose na pequena porción do termo municipal que avanza na ría de Betanzos a enseada e fondeadoiro de Lorbé.

En Seixo Branco e Mera a costa é escarpada e con profundos entrantes como as enseadas de Canaval, Fontenla e Mera, e un importante desenvolvemento de praias apoiadas en saíntes da costa que a partir deste punto (Punta de Mera) se fai máis suave. No fondo da ría da Coruña a formación dunha barra da orixe ó esteiro de Santa Cristina.

En canto ás praias de tipo máis característico -ligadas a un saínte da beira- fórmase unha cadea continua polas de Bastiagueiro, Bastiagueiro Pequeno e Porto Naval onde os aportes fluviais dun arroio orixinaron a concentración de areais en puntas próximas a acantilados. Estas puntas están relacionadas no caso de Mera e Santa Cruz con enseadas naturais posibilitando a formación de abrigos e calas naturais para a navegación.

3.3. TOPOGRAFÍA E PENDENTES

Coas características descritas queda someramente apuntada a configuración do releve de Oleiros, que non se caracteriza nin polas brusquidades topográficas nin polas notables altitudes. Quedan estas reducidas a puntos prominentes, outeiros, vixías ou castros entre os que se distinguen:

- . Vértice de Medoña no monte do Corvo sobre Lorbé (120 m).
- . Vixía e Castro de Suviaña, xunto a Buínte (95 m).
- . Vértice de Maianca (108 m).
- . Vértice do Monte Castelo (171 m) a cota máis alta.
- . Outeiro de Lamastelle (100 m), xunto a Montrove.
- . Vértice de Monte Sino (112 m), xunto a Liáns.
- . Monte do Castro (148 m) en Iñás.

Maior interese ten a caracterización precisa das pendentes en canto á aptitude do territorio para a súa urbanización convencional e que ofrece unha relativamente clara estruturación das divisorias entre os sistemas estruturantes.

Da análise de pendentes destacamos:

- . Un sistema continuo de pendentes en torno á liña costeira norte do termo entre Punta Bufadoiro e Lorbé, que delimita claramente o val extenso e suave de Serantes-Mera Lorbé por debaixo da cota 50 m.
- . Unha liña de división entre o anterior e o de Santa Cruz recollendo a fronte desde Agueira a Canide e prolongándose ó interior por Maianca ata o Monte da Costa.
- . Un sistema menor continuo ó norte de Coruxo e Oleiros ata a división do Termo Municipal con Sada.
- . A espiña Perillo-Monte Sino-Lamastelle con prolongacións cara a ría do Burgo.

3.4. XEOLOXÍA E EDAFOLOXÍA

A Comarca das Mariñas caracterízase por estar enclavada no chafrán noroeste de Galicia e comprende ás Rías Centrais, resultantes dunha abertura común que indica a converxencia dunha antiga rede fluvial, co río Eume como leito de auga dominante e separadas por unha serie de penínsulas con alturas máximas en Monticaño (243 m), Muíño (176 m), Monte da Cha (278 m), Xoán López (138 m) e a Bailadora (266 m) en Arteixo, Sada, Miño, Ares e O Ferrol, respectivamente.

Estas penínsulas comprenden tamén unha serie de vales pequenos nos que se asenta a agricultura da zona.

O feito de que a costa exterior (Cabo Prioriño, Punta Herminia e Punta Penaboa), estea formada por materiais graníticos en tanto que as costas interiores son esquistas, fai supoñer-la existencia dunha barreira granítica e que un movemento tectónico posterior faría factible a entrada do mar cara o interior actuando a continuación a erosión sobre os materiais esquistosos facilmente atacables. Por outra parte existen restos dunha plataforma de abrasión mariña a uns 20 m de altitude sobre o nivel do mar, polo que se pode dicir que é unha costa nova, de submersión recente, pero formada polas rochas máis antigas da península.

A litoloxía caracterízase pola súa disposición en bandas submeridianas e existen dúas zonas netamente diferenciadas. Unha ó oeste da ría da Pasaxe, do pico da Bailadora e da cidade do Ferrol, formado por rochas ácidas, e o resto ó leste desa liña formado por material indiferenciado do Precámbrico ó Silúrico.

No oeste predomina o granito porfídico de biotita sendo na banda costeira de Punta Langosteira de granito de dúas micas e textura orientada, para se-la continuación, ata as faldras dos altos de Monticaño, material indiferenciado e nos Montes de Fieiteira granito de dúas micas. Por riba da Lagoa de Doniños é tamén material indiferenciado e os terreos que circundan a lagoa son aluviais do Cuaternario.

Desde o punto de vista edafolóxico os solos existentes, pertencen ás ordes Inceptisols e Entisols sobre rochas ácidas, predominando os primeiros. Ricos en materia orgánica e pobres en fósforo asimilable e bases de cambio. Xeralmente con textura franca, chegando en ocasións á franco-arcillo-areosa, en posicións fisiográficas moi concretas.

Solos ácidos con valores de pH comprendidos entre 5 e 6,5. Drenaxe en xeral bo, tanto interno coma externo, a excepción de posicións fisiográficas pouco favorables.

A nivel de Grupo, os máis xeneralizados son: o HAPLUMBRETS (con úmbrico) e o DYSTROCHREPTS (con ócrico) húmidos correspondentes ós Inceptisols, e en zonas determinadas o UDORTHENTS, correspondente ós Entisols.

3.5. CLIMA

A pesar de que o obxecto da nosa análise é un territorio pequeno intentouse, apoiándose nos datos recollidos nos observatorios de A Coruña e Santa Cruz, defini-las condicións climáticas propias ás dúas áreas.

A seguinte táboa ten por obxecto compara-los valores das precipitacións (media mensual e media de verán) e das temperaturas (media anual, do mes máis frío, do mes máis cálido).

CADRO Nº 75. DATOS CLIMÁTICOS ANUAIS

	A CORUÑA	SANTA CRUZ
Pluviosidade media anual	1.002,00 mm	1.370,00 mm
Pluviosidade media de verán	121,53 mm	126,33 mm
Temperatura media anual	13,85 °C	13,29 °C
Temperatura media del mes más cálido	18,48 °C	19,67 °C
Temperatura media del mes más frío	10,04 °C	9,3 °C

Se ben a característica xeral da zona sería o clima templado-húmido, polas análises anteriormente realizadas pódese afirmar que o municipio de Oleiros é de maior pluviosidade, dada a proximidade de todo o seu territorio á costa, sen que apareza unha diferenza clara entre o litoral e interior. A amplitude térmica é moi similar en tódolos observatorios, aínda que como se ten visto ó longo das análises realizadas, a zona de Santa Cruz, presenta unha estabilidade térmica maior que a da Coruña.

Vistas as características climáticas da zona, considerouse importante facer unha referencia especial ó período de verán. Nestes meses do ano, xullo, agosto e setembro, é cando son maiores o número de actividades que se realizan ó aire libre, xa sexa tanto de esparcemento coma turísticas, e polo tanto máis valoradas as condicións climáticas.

Referente ó período de verán tense os seguintes datos:

CADRO Nº 76. DATOS CLIMÁTICOS DE VERÁN

	DATOS ABSOLUTOS	% RESPECTO Ó ANO
Pluviosidade media de verán	123,92 mm	10,44%
Temperatura media	17,77°C	4,2°C. Superior á anual
Humidade relativa	78,72%	Similar á anual
Horas totais de sol	678,9	32,79%
Días despexados	15	30,61%
Días cubertos	25	16,66%
Días nubrados	52	31,32%
Ventos	N, NE, W, SW	-
Velocidade media	18 Km/h	

Estes datos permítennos deduci-la existencia na comarca durante a época de verán dun clima de suaves temperaturas, excelente para todo tipo de actividades ó aire libre cando está o ceo despexado, bastante húmido, e cun risco de choiva relativo.

3.6. VEXETACIÓN

Desde o punto de vista da vexetación, podemos distinguir entre estes diferentes aproveitamentos do solo:

- Cultivos e praderías.
- Matogueiras.
- Superficies arboradas.

1. Cultivos e praderías

- . Labor intensivo sen arboredo

Ocupa un tanto por cento reducido respecto da área total, dimensionándose pola proximidade dos núcleos urbanos.

É unha ocupación secundaria destinada sobre todo ó autoconsumo, onde os cultivos predominantes son os cereais e melaza en outono e inverno, e millo e pataca en primavera-verán.

Outros cultivos en menor extensión pero de importancia para o autoconsumo familiar son as hortas con col-repolo, col forraxeira e árbores froiteiros diseminados.

- . Praderías sen arboredo

Constitúen superficies cubertas por agrupacións vexetais exclusivamente herbáceas. As praderías están situadas en zonas húmidas, en vales de inundación, ou teñen riscos case que continuos pola súa posición fisiográfica favorable.

Nas praderías naturais, as especies máis características son dentro das gramíneas: *Festuca rubra*, *poa protensis*, *poa trivialis*, *Holcus lanatus*, *Dactylis glomerata*, *Trisetum flavescens*, *Bromus mollis*, *Authosonthum adoratum*, *Cynosurus cristatus*, *Brizamedia*, *Arrehenatherum elatius*.

Dentro das leguminosas: *Trifolium pratense*, *Trifolium repens*, *Lotus Corniculatus*.

Doutras familias e xéneros: *Plautago lanceolata*, *Rhinanthus crista-galli*, *Ranunculus acris*, *Juncus effusus*, *Juncus conglomeratus*.

Ocupan unha extensión moi reducida en pequenas áreas fisiograficamente estratéxicas.

. Praderías arboradas

Son praderías naturais situadas en zonas húmidas ou próximas a leitos de auga, caracterízanse pola presenza de árbores agrupados en bosquetes ou liñas.

A vexetación arbórea está formada por especies frondosas (carballos e bidueiros) e sobre todo por árbores de ribeira (ameneiros e bidueiros).

Xunto a estas praderías aparecen parcelas de cultivo, sumando este mosaico de parcelas de pradería e cultivo máis da metade da superficie do municipio.

2. Mataqueiras

Ocupa o bordo litoral, estando moi influenciado polos ventos salinos.

Están formados por breixeiras, toxeias e xesteiras atlánticas: *Ulex europeus*, *Calluna vulgaris*, *Erica cinesea*, *Arrehena Herrum horei*, *Sarothammus scoparius*, *Conopodium denudatum*, *Lithosperum prostratum*, *Simethis bicolor*, *Ulex namus*, *Ulex gali*, *Agrostis setacea*, *Daboecia polifolia*, *Carex binervis*.

Nunha menor proporción aparecen zonas con arboredo diseminado en bosquetes de pino marítimo e eucalipto.

3. Superficies arboradas

Predominan dúas asociacións:

- Masas de pino marítimo e eucalipto (*Pinus pinaster*, *E. globulus*). Predomina o pino sobre o eucalipto.
- Masas de pino marítimo, eucalipto e castaño (*Pinus pinaster*, *E. globulus*, *C. Sativa*).

Existen, aínda que en menor extensión, superficies arboradas exclusivamente de eucalipto (*E. globulus*).

B.2. MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO CULTURAL

1. PATRIMONIO, MEDIO AMBIENTE E PLANEAMENTO MUNICIPAL

Un dos principais obxectivos establecidos no Plan Xeral de 1997, e sobre o que bascula gran parte da acción municipal, é a defensa das características xerais da paisaxe mariñán e dos seus elementos singulares inventariados. O criterio de preservar do crecemento urbano as masas forestais, o sistema hidrográfico, as áreas de cultivo intensivo e as zonas costeiras de máis grande interese natural, ambiental e paisaxístico está presente no discurso do planeamento municipal e a súa regulación prodúcese en tres niveis: a simple protección, o establecemento dun catálogo de elementos a preservar e o desenvolvemento dun planeamento de protección e acondicionamento.

Estas tres niveis de intervención do planeamento deben permitir acadar a medio e longo prazo, catro obxectivos básicos:

- A conservación do medio natural e posterior tratamento positivo do solo preservado da urbanización.
- O acondicionamento xeral do conxunto da fronte costeira.
- A constitución dun sistema de parques metropolitanos.
- A extensión da valoración e posterior rehabilitación e posta en valor ó conxunto dos elementos do patrimonio cultural e natural.

A estricta protección da variada liña de costa da metade norte do termo municipal permitiu nos anos oitenta e principios dos noventa a paralización dun proceso indiscriminado de urbanización (Canide, Bufadoiro e O Canaval), que supoña unha ameaza para a conservación dun territorio de extraordinario valor natural e paisaxístico.

O ámbito comprendía os espazos costeiros entre a Punta Boidecanto e o límite do termo municipal con Sada, incorporando ademais as masas forestais e os espazos agrarios, entre os que destacan os de Suviña, Dexo e Lorbé, conformando o territorio litoral característico.

A consolidación desta protección e a política exercida desde o goberno municipal determinan que a Xunta de Galicia declarase a Costa de Dexo Monumento Natural mediante Decreto do 31 de marzo do ano 2000, e a súa posterior inclusión, como espazo costeiro, na proposta da Rede Comunitaria Natura 2000, acadando no ano 2001

o nivel de protección establecido para os espacios naturais en réxime de protección xeral. O ámbito incluído nesta delimitación comprendía no seu interior o Monumento Natural do Seixo Branco e A Illa da Marola.

En Abril de 2004 a práctica totalidade do espacio da Costa Norte de Oleiros, protexido historicamente polo Plan Xeral, entre o Faro de Mera e o porto de Lorbé, foi declarado Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (Decreto 72/2004), ó tempo que se ampliaba o L.I.C. da Costa de Dexo a este mesmo ámbito de 347 Has, sentando as bases para desenvolver un tratamento positivo deste espacio natural, onde a primeira acción é a que se está a concentrar no acondicionamento da Casa do Fareiro e o seu contorno do Faro de Mera para a creación dun Centro de Interpretación da Natureza.

No que atinxe ó resto de espacios susceptibles de protección medio ambiental, o Plan Xeral de 1997 instrumenta un corpo normativo tendente á preservación dos espacios forestais e de valor agrario e de leitos e ribeiras, entendendo a importancia do seu valor estruturante e vertebrador no continuo urbanizado.

Así, dentro das áreas que merecen unha especial protección, inclúense os grandes espacios forestais destinados a constituír reservas naturais, elementos de separación entre núcleos ou simples referencias da paisaxe en xeral libres de edificación. Os puntos máis singulares de dita protección sitúanse na dorsal da península, en continuidade con cualificacións análogas no termo municipal de Sada, conformando o seu telón de fondo; e na costa norte de Dexo, incorporado á paisaxe costeira e actuando como elemento de protección climática dos ventos do norte. Estas dúas pezas complementáanse coa masa entre Maianca e Breixo, así como coas prolongacións entre Oleiros, Montrove e Perillo e da parroquia de Nós, conformando todo iso un espacio ben definido e historicamente recoñecible.

As medidas de protección non só conseguiron frea-lo proceso de destrución do monte forestal municipal, se non recompoñer procesos anteriores de atomización das masas.

No que se refire ás áreas da paisaxe agraria, comprende as áreas de policultivo intensivo do terrazo libre de edificación. Pola súa situación e ameaza este solo ordénase no planeamento municipal cun criterio positivo cara o mantemento do seu valor ecolóxico e productivo. A súa delimitación establécese naqueles ámbitos parroquiais de maior intensidade dos usos primarios, Dexo, interior de Dorneda e Iñás, e o seu mantemento garátese ante as nulas posibilidades de ocupación residencial, e polo tanto valor inmobiliario.

Esta protección non só conseguiu o mantemento destes bloques homoxéneos senón a potenciación da actividade primaria a través do cultivo intensivo (invernadoiros) especialmente no contorno de Dexo e Iñás, co que iso supón de mellora e diversificación da estrutura productiva municipal e de mantemento dos valores paisaxísticos de carácter agrario, e o que determina a necesidade de profundar nesta liña mediante a redefinición de ámbitos de protección que engloben áreas de paisaxe aberta de potencialidade productiva, singularmente onde a tensión inmobiliaria decrece e a aptitude do solo presenta mellores condicións.

Dentro destas mesmas zonas, e asociada a elas, inclúense as zonas baixas de prados, as masas ribeiráns e os leitos libres de edificación que se ordenan cun criterio positivo cara o mantemento do seu valor ecolóxico, mantemento que se garante desde a prohibición de calquera tipo de edificación e construción por canto pon en perigo o seu fráxil equilibrio.

Na procura do segundo dos obxectivos formulados polo Plan, o acondicionamento integral do conxunto da fronte costeira, os Plans Especiais de Acondicionamento Costeiro 2 e 3 (aprobados nos anos 2003 e 2002), xunto coa sucesión de actuacións coordinadas do Concello de Oleiros e da “Dirección General de Costas” (Paseo Marítimo de Mera, eliminación dos elementos artificiais no bordo litoral entre Santa Cristina e a Pasaxe e a senda Bastiagueiro-Illa de Santa Cristina-Praia de Santa Cristina) tan só deixan pendentes o tratamento do bordo interior da Ría do Burgo, entre Agramar e O Graxal, contemplada no Plan Especial 1.

Estas actuacións complementáanse coa publicación de grandes áreas litorais, resultado da execución de pezas de solo urbanizable como o SUNP-28 en O Graxal, o SUNP E en As Galeras e o PP-5 en Canide, ademais da obtención por medio de convenios urbanísticos do solo para o Parque urbano do traspraia de Bastiagueiro.

A posta en marcha do PE-5 do río Xentiña en contacto coa Lagoa de Mera remata as actuacións previstas no contorno do Parque Urbano, un dos elementos máis singulares desde o punto de vista ecolóxico, e para o que se reclama a súa consideración como espazo natural de interese local á luz da nova lexislación autonómica de conservación da natureza.

Queda pendente o desenvolvemento do PE-6 de Protección e Acondicionamento do Río San Pedro que debe constituír un eixe estruturante de carácter ambiental ó sur do Termo Municipal, relacionando os diferentes ámbitos de titularidade pública.

No que se refire á política municipal de formación dun sistema de parques metropolitanos nos últimos anos obtivéronse, mediante compra ou cesión urbanística, preto de 100.000 novos m² de solo para o Parque Metropolitano de Liáns trala aprobación no ano 1999 do seu Plan Especial, que define os parámetros de uso e tratamento deste ámbito. Complementariamente rehabilitouse o Pazo de Lóngora como instituto universitario e urbanizáronse novos parques no seu contorno inmediato (Bastiaqueiro, Romardeiro), así coma no da Igrexa de Liáns.

Por outra banda a consolidación urbanística da protección dos Castros de Xaz e Suviaña non foi quen de dar un paso máis nestes últimos anos cara a desenvolver accións conducentes á súa publicación e posta en valor como espazos libres públicos e de valor divulgativo, nunha actuación que deberá ser coordinada coa administración autonómica de protección do patrimonio.

O Catálogo de Bens Culturais e Naturais foi un importante complemento na salvagarda do patrimonio natural e edificado, pero tamén na actuación positiva sobre estes elementos e a súa recuperación e posta en uso.

No que respecta ó patrimonio construído, á política municipal de adquisición de edificacións e fincas singulares, que pasaron a ser de titularidade pública como consecuencia do desenvolvemento do planeamento municipal (Rialeda, Castelo de Santa Cruz, O Arxentino, Lóngora, Pazo de Arenaza, etc.) xúntase á acción rehabilitadora que devolve o uso a algúns destes inmobles ou a outros que xa eran parte do patrimonio municipal. As entidades privadas (Fundación Juana de Vega e Caixa Galicia) non son alleas a estas iniciativas.

Neste momento do desenvolvemento urbanístico do Termo Municipal, adquire particular importancia a existencia aínda de fincas e edificacións singulares de extraordinario valor patrimonial, sobre todo en relación coa capacidade de atracción de usos especializados, que deberían ter un papel moi importante no futuro da diversificación funcional municipal.

A modo de resumo e conclusión pódese indicar que, despois do forte desenvolvemento urbanístico dos últimos anos, os espazos dotados dunha regulamentación protectora están lonxe de verse ameazados por este proceso e, coa excepción dos castros de Suviaña e Xaz, entraron de cheo nunha dinámica positiva de valorización e atracción de usos tanto na escala local como na metropolitana.

Neste proceso, a contención do proceso edificatorio diseminado en amplos ámbitos do antigo solo non urbanizable en réxime normal, é unha base fundamental para a posta en valor dos singulares valores paisaxísticos e medio ambientais de Oleiros.

2. CARACTERIZACIÓN XERAL DA PAISAXE

As características do medio físico descritas como soporte no apartado B.3. desta Memoria apuntan a unha especial importancia das formas da paisaxe como típicas e profundamente unitarias.

Atopámonos diante dun territorio que ten integrado historicamente os elementos naturais, os agrarios e os residenciais de forma harmónica. É un conxunto de accións humanas sobre o medio, onde diversidade, importancia puntual, ritmo e relacións constitúe un todo que suscita impresións sensoriais de placidez e ambiente “natural”. Estas consideracións levan implícita a necesidade de que a valoración do medio sexa un criterio de ordenación tan importante como a súa potencialidade económica e a súa funcionalidade. Este criterio vai intimamente unido ó de conservación do equilibrio ecolóxico e ámbolos dous tenden a supedita-la rendibilidade a curto prazo que pode producir un uso inharmónico do medio á rendibilidade social e económica que pode producir, a medio e longo prazo, a conservación dun medio físico de tan elevada calidade, xeneralizando unha política que ten así mesmo claras motivacións de índole cultural.

A paisaxe de Oleiros dentro do territorio mariñán caracterízase máis concretamente por unha serie de elementos que se singularizan dentro do conxunto xeográfico. Son estes, os depósitos arqueolóxicos; castros que conservan a unidade topográfica e catastral da cultura que lles deu orixe, se ben teñen sido “cubertos” pola paisaxe agraria; o conxunto do patrimonio arquitectónico e histórico-artístico como forma superior de humanización do asentamento e como portador de valores especificamente culturais; as costas e praias, elementos fundamentais dunha paisaxe que ten na súa proxección litoral e na súa vocación residencial o seu punto máis interesante e fráxil, e un conxunto de itinerarios, puntos panorámicos e sitios singulares costeiros fundamentais á hora de establecer unhas relacións de percepción visual do conxunto do territorio.

Por debaixo destes elementos, que son sobre os que máis directamente pode incidi-lo planeamento urbanístico, subxace unha característica máis xeral de difícil definición que tamén merece un comentario.

O territorio mariñán de Oleiros caracterízase analogamente a outras áreas e seccións da costa do Arco Ártabro por unha estruturación historicamente moi adecuada entre o terrazo de cultivo, as zonas baixas de prado, os montes, os asentamentos nucleares e as costas. Tradicionalmente isto supuxo unha zonificación territorial da cal algunhas das súas características mantivéronse e outras alteráronse. O anterior proceso de alteración destructiva propiciada pola especulación do solo, a dispersión da segunda

residencia, a apetencia da costa e os cambios nos cultivos, así como a perda progresiva da importancia da agricultura, aínda non se ten culminado irreversiblemente. A vexetación orixinal típica da clímax galega, que ten como especie fundamental o carballo xunto con outras subespecies caducifolias e matogueira acompañante, ten visto substituída as especies orixinais por cultivos de pino e eucalipto de maior rendibilidade inmediata aínda que con graves problemas de empobrecemento, acidificación e podsolización do solo. Sen embargo, segundo opinión de expertos, a recuperación deste medio forestal as súas condicións naturais, ben que puntualmente, é aínda posible.

O cultivo do terrazo, onde no seu límite co bosque situáronse os asentamentos orixinais, caracterízase por unha estrutura de bancadas e cómaros moi adaptada á topografía cunha intensiva parcelación e rede de camiños que ten visto por veces desnaturalizada a súa función agraria para ser invadida por residencia dispersa e cerres de fábrica. É de destacar que ás formas de policultivo cerealeiro das Mariñas lle é allea tanto a división mediante cercados ou outros elementos de fábrica entre parcelas dentro dunha mesma bancada, como a petrificación dos límites do cómaro que se constitúe como un ribazo cuberto de vexetación de función ecolóxica precisa.

O cultivo dos prados ten sido e é outro elemento da paisaxe agraria que pola súa relación co sistema hídrico como conxunto de prados de regadío e a súa conseguinte humidade natural e delicada drenaxe tense visto libre de edificación, agás antigas intromisións.

A costa pola súa parte, excepto nas saídas das valgadas –Santa Cruz, Mera- onde se asentaron os portos naturais, é unha costa escarpada ou aberta tradicionalmente, espida e pouco grata para o asentamento humano. Soamente a apetencia residencial xerou nos anos setenta un fluxo cara ela que constitúe así mesmo un elemento de ruptura da paisaxe en determinados puntos.

Toda esta caracterización xustifica o esforzo realizado dende o planeamento municipal para a súa protección e catalogación de elementos, e que representa unha das singularidades do Termo Municipal de Oleiros no conxunto da Comarca Metropolitana.

3. OS RECURSOS MEDIOAMBIENTAIS

3.1. A COSTA

A ría da Coruña forma parte dunha antiga enseada que pechaba desde o Seixo Branco ata a Punta de San Pedro, unha illa granítica no seu lado oeste.

Entre ámbalas dúas puntas fórmase unha enseada de máis de tres millas de arco, e onde, debido ás acumulacións de area, en tempos non moi antigos uniuse a illa á terra e formouse o tómbolo no que actualmente se asenta a cidade da Coruña.

Morfoloxicamente o conxunto da ría da Coruña queda dividida claramente na súa parte central, destacando entre as rochas graníticas os relevos residuais, e nas rochas metamórficas máis elevadas restos do aplanamento tortoniense (teses doutoral Nonn). Sobre estas rochas metamórficas, no cuaternario antigo, houbo recheos de materiais correspondentes a unha zona torrencial desta época.

En total, a costa da enseada da Coruña ten un desenvolvemento de 48,26 Km, dos cales 11 son de acantilado alto, 8 de acantilado baixo, 8,3 de costa baixa, 1,7 de praia de area fina, 0,1 de praia de area grosa, 1,15 de praia de cantos e area, 0,7 de praia de grava e area e o resto obra artificial.

O Termo Municipal de Oleiros comprende os seguintes segmentos; descritos de norte a sur:

- De Punta Seixo Branco a Punta Mera. Este treito de costa de 0,9 millas é alta e escarpada, formando as calas de Canaval e Fontelas. Entre as bocas destas calas destaca o illote Canaval, de cumio plano e ladeiras escarpadas, que queda unido a terra por arrecife que case que se descubre en baixamar. Do monte Mera, deriva a punta do seu mesmo nome, algo máis elevada que a de Seixo Branco.
- Enseada de Mera. A parte Sur do monte Mera chámase Punta Bufadoiro, de igual aspecto que a de Mera e entre ela e a Punta de Canide fórmase esta enseada, abrigada para os ventos de NE e SE. No fondo da enseada atópanse as praias de Portelo, Espiñeiro e Santa Ana. Desde o morro de Canide segue a costa ata Punta Camposa.
- De Punta Camposa a Punta Boidecanto.

- De Punta Boidecanto a illa de Santa Cristina. Nela hai algunhas praias e illotes moi cerca de terra, Santa Cruz en Portocobo, e as praias de Bastiagueiro (Grande e Pequeno).
- Praia de Santa Cristina e ría do Burgo.

O centro desta ría fai de liña de separación entre os granitos alcalinos existentes nos montes da Zapateira, ó oeste da ría e rochas metasedimentarias esquistosas con algúns treitos de cuarcitas e pequenos filóns gabroides, ó leste, con acantilados altos nestas rochas esquistosas, sendo as máis importantes as da zona do Seixo Branco.

Os fondos da ría da Coruña, en xeral, son areosos, sendo bastante limosos na ría do Burgo.

Desde a Praia de Bastiagueiro a Punta Camposa son rochosos, quedando estes fondos limitados pola zona areosa que une o centro da ría coas enseadas de Mera e Canide. Desde a Punta de Mera a Punta do Seixo Branco son areosos, formando un corredor externo que une con Punta Herminia, onde o fondo tamén é rochoso.

As partes máis profundas da ría están comprendidas entre os 25 e 30 metros, nunha liña que une a Punta Seixo Branco coa Torre de Hércules. As praias internas desta ría teñen pendentes suaves.

Son formas menores da ría as praias de Mera, Santa Cruz, Bastiagueiro e Santa Cristina.

A construción do dique “Barrié de la Maza” do Porto da Coruña produciu un cambio de curso das correntes de auga, que dou lugar a variacións na frecha litoral de Santa Cristina.

Nos últimos anos deben sinalarse catro actuacións de importancia:

- Rexeneración da praia de Santa Cristina e construción de paseo marítimo e parque público de traspraia. Operación consistente en aportación de area a fin de recupera-la súa fisonomía. A construción dun paseo marítimo paralelo á liña de costa supuxo a recuperación desta franxa costeira como un elemento lineal de uso peonil, con dotación de zonas libres.
- Rexeneración da praia de Mera, unida ó seu recoñecemento xunto á praia de Bastiagueiro como Praia Azul da Comunidade Europea, executándose na actualidade

un paseo de bordo litoral que establece a transición entre o espacio de praia e o tecido urbano.

- Paseo marítimo de Sta. Cruz. Formaliza un percorrido peonil de bordo que á parte de favorece-lo contacto entre o núcleo e o mar, introduce un zócolo pétreo como elemento unificador do bordo costeiro. Está formado por dous percorridos en cota ascendente: un arranca do peirao e conduce a Punta do Corvo, onde existe unha meseta arborada. O outro arranca do Porto de Santa Cruz ata Portocobo.
- Paseo marítimo de Bastiagueiro. Reordenando o conxunto da praia e establecendo un amplo parque público na súa traspraia en continuidade co Parque Metropolitano de Liáns.

Na actualidade atópase en fase de desenvolvemento o Plan Especial da Praia de Portonaval en Santa Cruz, que desenvolve un novo parque de traspraia e mellora as condicións de accesibilidade e de servicios no areal.

3.2. ÁREAS FORESTAIS

Tal e como xa se ten comentado, os espazos forestais existentes no territorio municipal caracterízanse por constituír un espazo ben definido e historicamente recoñecible, e sobre o que as medidas de protección articuladas polo planeamento municipal foron quen de recompoñer procesos de atomización das masas, recuperando a súa antiga entidade.

Os ámbitos forestais de maior significación polo seu valor estruturante son:

- . **Costa Norte de Dexo.** Masa incorporada á paisaxe costeira. Actúa como elemento de protección climática dos ventos do norte.

É unha franxa que se estende paralela á costa. Esta masa experimentou un aumento de lonxitude e de espesor nos últimos anos, estando incorporada ó espazo natural da Costa de Dexo.

- . **Dorsal da península.** Masa arbórea que ten a súa prolongación no termo municipal de Sada.

Comprende as zonas boscosas ribeireñas do río Xentiña e Salgueiral, bosques da Besta, Lourido e Xaz e masas de pinos e eucaliptos circundantes.

Nos últimos anos paralizouse o gradual proceso de atomización no que antes era unha masa continua.

- . **Zona Sur da península.** Corresponde ó continuo de bosquetes ribeireños que se apoian nos leitos dos ríos e masas próximas de pinos e eucaliptos.

Esta franxa consiste hoxe nun continuo de extensións menores entre Bastiagueiro, Montrove, Nós, Oleiros e O Carballo, ascendendo ata os altos de Coroto e Sarro.

A este sector incorpórase o ámbito do Parque Forestal e Metropolitano de Liáns en proceso de publicación.

3.3. ZONAS HÚMIDAS

As diferentes valgadas existentes no Termo Municipal representan elementos de singular valor estruturante territorial, á vez que un recurso medioambiental de primeiro orde, nalgún dos casos de elevada significación.

Constitúe un dos elementos de maior significación estando chamado a constituír unha das melloras reservas medioambientais do termo municipal, na súa análise podemos distingui-las seguintes zonas:

Nunha descrición norte-sur pódese distingui-los seguintes elementos:

. Leito e ribeiras do río da Xentiña.

- Unha primeira zona constituída por un extenso bosque de salgueiros e ameneiros, salpicados con zonas de brañas e lagoa. Intercálanse tamén pequenos prados.

A Lagoa de Mera atópase nun bo estado de conservación sendo obxectivo recentemente de elaboración e aprobación dun plan especial específico. Debe destacarse o perigo de eutrofización (tal como indica a abundancia de *Leuma Minor*-lentella de auga). A vexetación observada nesta zona é a seguinte:

Árbores e arbustos: salgueiro (*Salix s.p*), Ameneiro (*Alnus s.p*), Freixo, (*Fraximus s.p*), Loureiro (*Iauraceae nibilis*), Sabugueiro (*Sambucus nigra*), Mimbres (*Salix fragilis*), Roseira brava (*Rosa camina*), *Frangula almus*.

Flores: *Cardamine pratense*, *Prímula vulgaris*, *Lamin s.p*, *Urtica dioica*, *Viola s.p*, *Narcissus pseudonarcissus*, *Iris pseudacuros*, *Umbelíferas varias*, *Fieitos varios*, *Caltha palustris*, *Chelidonium majus*, *ranúnculus repens*, *Rubus s.p*, *Geranium robertarium*, *Cerastium arvense*, *Leocantheum vulgare*, *Hypocoeris s.p*, *Taraxacum officinale*.

Trátase dunha das zonas máis importantes ecoloxicamente falando.

Os problemas actuais da paraxe son os vertidos de escombros e lixos, a escaseza de auga e o gran recheo con terra arxilosa e escombros que afecta a un ameneiral de exemplares de gran porte.

- Unha segunda zona subindo polo leito onde atopamos un bosque de salgueiros extenso e impenetrable, seguido de prados ó longo de 150 m bordeados con

salgueiros e con salix na beira do río. Plantación de chopos, ameneiros e cultivos forestais alternativos e novamente bosque de ameneiros, sabugueiros, loureiros e alta vexetación (garzas, lirios). Máis adiante bosques de piñeiros, eucaliptos e castiñeiros nas ladeiras máis afastadas do leito, prados limitados por ameneiros onde se bifurca o río, con abundancia de berros e violetas.

Por último unha zona máis poboada, destacando pequenos bosquetes de grandes ameneiros, loureiros e hedras rodeados por unha masa de eucaliptos (*Eucalyptus globus*) e piñeiros (*Pinus pinaster*).

- Unha terceira zona chamada Xentiña, e constituída por unha grande extensión boscosa de árbores autóctonas, seguramente a máis grande e importante do Termo Municipal.

Destaca-la existencia dun importante humidal no curso alto, inventariado pola administración de augas da Comunidade Autónoma.

A enorme riqueza botánica destas zonas húmidas, a idade das árbores que se atopan nela e así mesmo, a boa conservación do ecosistema, alberga unha importante cantidade de fauna.

Paxaros: *Buteo buteo* (miñato), *Accipiter gentilis* (azor), *Accipiter nisus* (gabián), *Streptotelia turtur* (rula), *Columba palumbus* (pomba), *Cuculus canorus* (cuco), *Tyto alba* (curuxa), *Strix aluco* (cárabo), *Alcedo atthis* (martín pescador), *Picus viridis* (peto verde), *Dendrocopus major* (picapinos), *Montacilla alba* (lavandeira), *Troglodites troglodites* (chochín), *Prunella modularis* (ayulenta c.), *Erithacus rubecula* (paporrubio), *Turdus mérula* (merlo), *Turdus pilaris* (tordo real), *Sylvia etrycapilla* (papuxa encap.), *Saxicola torquata* (chasca), *Phyloscopus col.* (picafoilas), *Parus ater* (ferreiriño negro), *Parus caeruleus* (ferreiriño azul), *Parus major* (ferreiriño real), *Aegithalos caedatus* (mito), *Certhia brach* (gabeador co.), *Garrulus gland.* (pega marza), *Pica pica* (pega), *Corvus corone* (corvo común), *Passer domésticus* (pardal), *Fringilla coelelos* (pimpín), *Serinus serinus* (xirín), *Chloris chloris* (verderolo), *Carduelis canab.* (nabiñeiro), *Pyrrhula pyrrhula* (cardeal), *Emberiza ci.* (escribidor común), *Emberiza citrinella* (escribidor marelo), *Miliaria caland.* (trigueiro).

Mamíferos: aínda que son moi difíciles de observar, si podemos establecer, polas características deste hábitat, unha relación de especies que con grande probabilidade habitan neste lugar: corta (común, pequena), Topo, Ratiño, Rata de auga, Doneciña, Liria, Raposo, Xabaril.

Anfibios e réptiles: Pintiga, Pintiga verde, lagartixa (tritón, tres esp.), Ra de San Antón, verdeada e dos vales, Sapo corrigueiro, Pintoxo, Víbora de Seoane, Lagarto arnal, Lagarto verde, Esgonzo común, Cobra de collar, Cobra lagarteira.

A grande riqueza en flores e plantas silvestres desta zona propicia a proliferación dunha grande cantidade de especies de insectos. Destacan estas bolboretas: *Polygaria C-album* (na urtica dioica) *Vanessa atalanta* (na entica dioica), *Aglais urticae* (na *Urtica dioica*) *Pieris rpae* (en berros), *Inachis i.* (na *Urtica dioica*), *Polyommatus icarus* (en *trifolium* sp), *Aratia caixa* (en violáceas e dentes de león).

. Leito e ribeiras do río Salgueiral.

É un conxunto moi similar ó descrito para o río Xentiña, de prados e pequenas masas boscosas. É de destaca-la existencia dun sistema de muíños en diferentes estados de conservación.

Segundo leito arriba o río atravesa as masas boscosas de Lourido, de certo interese.

. Leito e ribeiras do río Aquieira.

Subindo polo leito, na primeira bifurcación, por Augarrío, destaca a disposición de prados e bosquetes.

Segundo polo leito, en dirección a Dorneda, o río vai bastante encaixonado. Son de interese os prados na zona de Xaz, destacando a riqueza de aves (oropéndolas, rapaces, etc).

. Bastiaqueiro.

Lindando coa praia, bosque frondoso e estratexicamente localizado entre unha zona densa de ameneiros, salgueiros e espadañas e vexetación baixa.

Doutro lado da estrada, masa boscosa mixta de castaños, pinos, eucaliptos e carballos. De gran singularidade polo grado de compenetración e tolerancia de especies que son competitivas entre si. Este espacio é o ocupado pola masa máis importante do Parque Metropolitano de Liáns.

Na zona máis baixa desta mesma masa existen unha serie de taludes artificiais, de terra e pedra acumuladas hai tempo, que serven como base a unha gran cantidade de réptiles: largartixas (*bosage*), serpentes (*víperas*) e cobras (*augis frággilis*).

Nun punto máis alto existe un pequeno soto con piñeiro e algún eucalipto, moi tupido.

Na zona do aparcadoiro provisional da praia de Bastiagueiro o río vai entubado. É unha zona de matagueiras; con toxo, salgueiro e xesta.

Nas inmediacións das instalacións deportivas do INEF un pequeno pero interesante soto, dos poucos da zona (*Castanea sativa*) restos da antiga finca de experimentación agraria, e un bosque relativamente importante de vexetación ribeireña autóctona. Atópase en bo estado de conservación.

Seguindo leito arriba pola bifurcación norte temos bosque ribeireño nas marxes do río rodeados de prados e brañas. Nestes prados, un bosque de piñeiros (*Pinus pinaster*) e diversas clases de frondosas.

Á altura de Pazos, aparece unha zona de brañas moi ben conservada e interesantísima cunha gran biodiversidade aloxando diversidade de especies tanto animais coma vexetais. Por exemplo a rata de auga (*Arvicola terrestris*) e a cobra de collar (*Matrix*). Esta zona está incorporada en parte ó novo parque público do Romardeiro.

Segue a continuación un complexo alongado de bosque ribeireño case que ininterrompido por pequenos prados e brañas. Na zona próxima a Os Regos bosque ribeireño e masas mixtas de carballos, castiñeiros e eucaliptos.

Na bifurcación sur, unha zona de bosquetes ribeireños e prados que supón un magnífico contorno á igrexa de Liáns.

Á altura de Lamastelle unha pequena zona de espadañas limitada por bosque. Nas fincas colindantes o río foi desviado.

Entre a estrada e O Carballo prados con bosquetes de castiñeiros e matagueira.

Lindando con Sta. María de Oleiros, hai un extenso prado con zona de vexetación lacustre. É territorio de cría e caza do falcón pequeno (*Falco subbuteo*). Inmediato a este unha zona de pequenas árbores e casa do lagarteiro peneira (*Falco tinnuculus*).

A continuación unha zona de prados e brañas limitada por bosque de castaño que rodea a unha masa de pino e eucaliptos. Séguelle unha zona de salgueiros e outra vexetación que constitúe un excelente refuxio ecolóxico.

. Perillo. Ría do Burgo.

Á altura da Urbanización Icaria, bosque de salgueiros rodeados de prados, parcialmente incorporado ó desenvolvemento urbano.

Na ría, unha zona húmida con salgueiros, chopos, ameneiros, matagueira, piñeiros, eucaliptos, castiñeiros e carballos.

Xunto a esta, outra zona de prados con castiñeiros, piñeiros e carballos e un conxunto de ameneiros.

. Rego de San Pedro.

A parte máis baixa do leito está formada por un chamativo bosque, alternado con terras cultivadas e prados ó redor.

Leito arriba, na bifurcación sur, séguelle unha zona de prados e brañas rodeada de piñeiros, castiñeiros e eucaliptos. A continuación, un excelente prado con corredeira lateral e bos exemplares de *Quercus pirenayca*.

Séguelle un pequeno recanto con excelente vexetación, e unha zona de prados e brañas.

Na bifurcación norte, subindo polo leito, en primeiro lugar un bosque ribeireño rodeado de prados e edificacións. Máis adiante o río vai encaixonado entre valados de fincas.

Xusto na ribeira do río hai un bosque, e este, á súa vez, está rodeado por prados na marxe esquerda. Subindo pola ladeira hai un extenso bosque mixto de piñeiros carballos, castiñeiros (*Castanea sativa*). Nesta zona hai unha fonte á que se chega baixando por unha corredeira moi conservada. Nestas zonas vive e cría os case que extinguidos texón (*Meles meles*) e armiño (*Mustela erminea*). Estes prados á súa vez están limitados por eucaliptos.

Máis arriba, a lagoa de O Carballo que en verán está chea de vexetación. Aquí crían diversas especies de anátidas: Alavanco (*Anas platyrhynchos*), Rascón (*Rallus aquatica*), Galiña do río (*Gallinula chloropus*), Galiñola negra (*Fulica atra*).

Séguelle un bosque magnífico de chopos, plátanos (*Platanus Hybridus*), e abelás (*Corylus abelá*).

Xunto á estrada, o río vai entubado.

Hai unha interesante zona de ameneiros, tamén bosquetes máis maduros e prados. Ata a altura de O Faro, un singular treito da estrada con castiñeiros nas beiras.

En Campo da Vila, un bosque ribeireño con castiñeiros. Hai bos prados e zonas de brañas.

. Sarro.

Unha singular e completa zona en canto ó hábitat, posto que toda ela está salpicada por diversos bosquetes, prados, bosquetes mixtos (carballos, castiñeiros, ameneiros, salgueiros, piñeiros), monte baixo, matagueira. Excelente refuxio para aves e mamíferos.

. Raposeira.

Magnífico bosque, rodeado por brañas e prados e interesantes. Hai cerca unha canteira de suxila. Máis arriba, un bosque con grandes castaños, carballos e prados intercalados con monte baixo de salgueiros, toxo, xesta e silvas.

Leito abaixo: un singular conxunto de zona arborada con castiñeiros, carballos, acacias, salgueiros, ameneiros e piñeiros con prado e monte baixo (toxo, xesta, silva). Cerca desta zona vive o miñato abeleira (*Pernís apivorus*) e é probable que cace aquí.

Máis arriba, unha importante e impenetrable zona con salgueiros, loureiros, silvas, toxos, ameneiros e castiñeiros.

Ó sueste existen dúas valgadas, a primeira é unha zona algo salvaxe con bosque de castiño, carballo, piño e eucalipto e monte baixo. Máis arriba, unha área de prados con brañas e bosquetes.

4. OS VALORES NATURAIS DO TERRITORIO. O PATRIMONIO NATURAL

4.1. OS BENS NATURAIS

Tal e como se expuxo en apartados anteriores o territorio de Oleiros é especialmente rico en recursos naturais de interese. As políticas municipais da protección e posta en valor dos mesmos a través da instrumentación urbanística dos sucesivos planeamentos municipais, teñen utilizado unha sistemática moi rigorosa na identificación das áreas de interese a través da pormenorización do seu catálogo de elementos naturais suxeitos a protección.

A partir desta catalogación, complementados coa correspondente ós planeamentos de desenvolvemento, e das declaracións e recoñecementos administrativos superpostos sobre a mesma, os diferentes espacios non só acadaron unha estabilidade nas súas medidas de cautela e preservacións, senón que constitúen un singular recurso incorporado ás políticas municipais sobre a ordenación do territorio.

Así existe unha declaración de zona de especial protección dos valores naturais ó longo da costa de Dexo e un monumento natural correspondente a Seixo Branco. Simultaneamente o planeamento municipal de desenvolvemento reivindica unha declaración como espacio natural de interese local para a Lagoa de Mera.

Igualmente quedan enumerados os cursos fluviais de sete ríos, incluíndo toda a súa zona de influencia, e as zonas de forestais asociadas a elas na súa totalidade. No caso do río Xentiña, atopamos un humidal inventariado pola administración autonómica.

Inclúense dez rutas panorámicas, tres de carácter cerrado e ambiental, dous puntos panorámicos e seis treitos de costa.

Existen moitas masas arbóreas de interese, tanto en acompañamento de estradas ou camiños como asociadas a pazos e fincas singulares.

As especies máis abundantes de bordo de estrada son o plátano, chopo negro, carballo e robinias, e nalgúns casos mesturados con bidueiros, ameneiros, acacias, loureiros, eucaliptos e tileiros.

En xardíns, ademais das especies anteriores, atopamos outros de carácter exótico como o magnolio e a camelia. Estes xardíns inclúense nas súas fincas correspondentes para os efectos da protección e catalogación, destacando polo seu interese botánico a Finca Alsina, o Pazo de Xaz, a Fundación Tenreiro, etc.

4.2. INVENTARIO DE BENS NATURAIS

No Plan Xeral de 1997, inventaríanse un conxunto de elementos de interese natural, clasificados nas seguintes categorías:

A. Espacios naturais

- . Costa de Dexo; zona declarada de Especial Protección de Valores Naturais.
- . Seixo Branco. Monumento Natural declarado.

B. Cursos fluviais. Protección de leito

- . Leitos, ribeiras, prados, masas arbóreas, flora e fauna autóctonas vinculadas ós seguintes cursos fluviais:

Río Xentiña.

Río Salgueiral.

Río da Agueira.

Rego de San Pedro.

Fonte de Ouro.

Rego da Cova.

Rego da Gándara.

C. Zonas de protección de monte

- . Inclúense nesta categoría as grandes masas forestais delimitadas polo planeamento municipal e que constitúen elementos estruturantes do territorio, referencia da súa paisaxe ou reservas estratéxicas na formación de espacios recreativos de carácter metropolitano.

D. Rutas paisaxísticas ou panorámicas, puntos e áreas de interese paisaxístico.

- . Itinerarios panorámicos

LC-1730.

Sobre Bastiagueiro.

LVC-1742.

Subida a Liáns.

LCP-1722.

Subida a Xaz desde Franzomel.

Camiño a Lorbé en Punxeiro por Dexo e Buinte.

LC-1720.

Arillo-Mera.

LCA-1724.

De Mera sobre as praias ata Xoez.

LCA-1724.

Ata Seixo Branco.

- LCA-1724. De Xoez a Faro de Mera.
- Saída de Breixo a Agueira.
- LC-1740. Treito Montrove.
- . Itinerarios pechados e ambientais
 - LC-1630. Praia de Bastiagueiro a Coruxo de Arriba.
 - LCP-1722. Saída de Santa Cruz a Franzomel.
 - LC-1810. Saída de Xaz cara Pousada.
- . Puntos panorámicos
 - Porto de Dexo.
 - Castro de Suviaña.
- . Áreas costeiras de interese paisaxístico
 - Punta Fianteira.
 - Punta entre as praias de Bastiagueiro Grande e Bastiagueiro Pequeno.
 - Punta Portocobo.
 - Treito entre Punta Boidecanto e Punta Camposa.

E. Vexetación

- . Masas arbóreas singulares.

Inclúense as formacións lineais de plátanos, chopos negros, carballos e robinias nos bordos das estradas.

- . Xardíns.

Están incluídos no inventario de pazos, vilas e fincas singulares. A súa protección considérase unitariamente o conxunto de edificación e xardíns.

- . Arboredo singular

O Concello de Oleiros ten inventariado, á marxe do planeamento municipal os seguintes exemplares illados de árbores, ben polo seu porte, interese natural ou ambiental, ou simplemente por representar elementos incorporados á memoria colectiva. Estes exemplares son:

Salgueiro chorón (*Salix babylónica*). Paseo Marítimo de Sta. Cristina.
 Choupo (*Populus canadensis*). Paseo Marítimo de Santa Cristina.

Castiñeiro (*Castanea Sativa*). Rúa Miradoiro. Perillo.
 Lamagueiros (*Ulmus minor*) Rúa Miradoiro. Perillo.
 Piñeiro de Monterrei (*Pinus radasta*). Rúa Pombal. Perillo.
 Palmeira canaria (*Phoenix canaviensis*). Avda. Che Guevara. Perillo.
 Alfaneiro da China (*Ligustrum lcidum*). Avda. Che Guevara. Perillo.
 Castiñeiro (*Castanea Staiva*). Avda. Che Guevara. Perillo.
 Salgueiro chourón dourado (*Salix chrysocoma*). Parque José Martín. Perillo.
 Choupos (*Populus canadensis*). Parque José Martí. Perillo.
 Lamagueiro (*Ulmus minor*). Rúa Salvador Allende. Nós.
 Castiñeiro (*Castanea Sativa*). Avda. Salvador Allende. Nós.
 Carballo (*Quercus Robur*). Estrada de Pravio. Iñás.
 Cedro do Atlas (*Cedrus atlántica*). Casa Charry. Oleiros.
 Palmeira Canaria (*Phoenix canariensis*). A Cruz. Oleiros.
 Falso palmito (*Trachy corpus fortunei*). A Cruz. Oleiros.
 Plátano (*Patanus hybrida*). A Cruz. Oleiros.
 Falso palmito (*Castanea Sativa*). A Cruz. Oleiros.
 Castiñeiros (*Castanea sativa*). O Piñeiro. Oleiros.
 Freixo (*Fraxinus excelsior*). O Piñeiro. Oleiros
 Lamagueiro (*Ulmus minor*). Avda. Rosalía de Castro. Montrove.
 Castiñeiros (*Castanea sativa*). Avda. Rosalía de Castro
 Nogueira (*Juglanus regia*). Avda. Rosalía de Castro. Montrove.
 Cerquiño (*Quercus Pyrenain*). Rúa Minerva. Montrove.
 Lamagueiro (*Ulmus minor*). Rúa do Romardeiro. Santa Cruz.
 Magnolios (*Magnolia grandiflora*). Coruxo de Arriba.
 Acibro (*Ilex aguifolium*). Rúa Concepción Arenal. Santa Cruz.
 Árbore do amor (*Cercia silisquastum*). Rúa Concepción Arenal. Santa Cruz.
 Choupo (*Populus canadiensis*). Rúa Concepción Arenal. Santa Cruz.
 Árbore do ceo (*Ailanthus altissima*). Rúa Concepción Arenal. Santa Cruz.
 Dracenas (*Cordyline australis*). Rúa Concepción Arenal. Santa Cruz.
 Alciprestes de California (*Cuproscus macrocarpa*). Rúa das Viñas de Babilonia.
 Sta.Cruz.
 Choupo (*Populus canadiensis*). Rúa das Viñas de Babilonia. Santa Cruz.
 Tuia xigante (*Thauja picata*). Rúa das Viñas de Babilonia. Santa Cruz.
 Piñeiro do país (*pinus pinaster*). Casa do Pobo de Dorneda.
 Plátano (*platanus hybrida*). Praia de Mera.
 Mimosa de tres espiñas (*Gleditsia triacanthos*). Rúa Dr. Fléming. Mera.
 Loureiro (*Laurus nobilis*). Pilar do Río. Mera.

5. PATRIMONIO CULTURAL. INVENTARIO DE ELEMENTOS

5.1. OS BENS CULTURAIS

No vixente Plan Xeral listáronse un total de 228 elementos, clasificados en Arquitectura Religiosa, Arquitectura Civil, Muíños e Pontes, Elementos Menores e Arqueoloxía, descatalogándose con posterioridade mediante modificación do planeamento catro elementos.

A. Arquitectura relixiosa

Oleiros conta con nove parroquias, dúas delas co carácter de filiais: Iñas da de Nós e Maianca de Serantes.

No catálogo incluíronse oito igrexas parroquiais, comprendendo na protección o conxunto parroquial se é o caso, (adro, anteadro, cemiterio, murado, etc.). Igualmente inventariáronse tres capelas.

Sobre a Igrexa de Dexo chegouse a iniciar no seu día un expediente de declaración como Ben de Interese Cultural.

B. Arquitectura civil

Oleiros pertence á comarca Mariñá. As súas características xeográfico-climáticas de situación protexida fronte ó mar, boas praias, e posición limítrofe coa capital da Provincia, converten ó Municipio nun lugar apetecido de residencia. Cargos político-administrativos (audiencias, rexedores municipais da Coruña, Consulado,...) e ricos comerciantes e homes de negocios do XVII-XVIII fixaron aquí as súas segundas e primeiras residencias. A proximidade do Camiño Real á Coruña, a proximidade do mar e sobre todo a apertura da Ponte do Pasaxe fixeron medra-las apetencias sobre Oleiros da burguesía coruñesa.

Esto tradúcese na pervivencia de 21 pazos de estilo barroco local ou rexionalista, nos que se inclúen magníficos xardíns murados con árbores de interese así como elementos menores (pombais, fontes, etc.).

Entre quintas, chalés e palacetes da burguesía florecente contabilízanse 20 edificios catalogados. Normalmente, e a diferenza dos pazos, sitúanse nas estradas principais. Os seus cerramentos á vía son máis baixos (muretes e varandas de ferro,

madeira, cemento,...). sorprende que a pesar da súa calidade e variedade se dispoña de escasa documentación sobre eles.

Son construcións levantadas na súa maioría entre finais do XIX e principios do XX, de gran variedade estilística: eclecticismo, modernismo, racionalismo, etc.

Con esta arquitectura culta e de autor coexiste unha arquitectura local tradicional de calidade, e que está representada no inventario por cincuenta casas e de conxuntos de edificacións.

Sobre o Castelo de Santa Cruz e o Pazo de Abella chegaronse a iniciar no seu día un expediente de declaración como Bens de Interese Cultural.

En total esta categoría acolle a un total de cento doce edificios.

C. Muíños e pontes.

Inclúese un muíño de carbón e seis de auga, así como tres pontes.

D. Outros elementos.

Inclúense nesta categoría hórreos, pombais, cruceiros, fontes e lavadoiros, de moi diferente interese e estado da corrección.

Nos hórreos predominan os hórreos de tipoloxía mariñá: sobre cepas (cachotería, cantería, cemento) hórreo de madeira, con ventilación vertical e porta aberta na parede penal. Tellado con madeira e beiril con pinchos lixeiramente decorados.

Pese á tipoloxía dominante hai moita variedade. De madeira con ventilación horizontal, mestura de cepas (extremos) con pés (centro), de tipo Morrazo, Pontevedra, Barrantes e tipo Fisterrán.

Localizáronse cinco pombais, no núcleo con carácter xeral a outras edificacións catalogadas.

Non abundan os cruceiros, en total lístanse dez asociados a igrexas e capelas, un nun cemiterio, outro na praza da Canteira en Perillo, un no cruce de camiños e cinco en fincas privadas.

Por último, inventaríanse seis fontes, dúas delas de ferro, tres con lavadoiro e dous lavadoiros.

E. Patrimonio arqueolóxico

O municipio de Oleiros atópase no chamado “Golfo Ártabro”, que se sitúa na triple ría da Coruña, Betanzos e Ferrol a partir das referencias textuais de Estrabón, Mela e Ptolomeo.

Di Estrabón (64 a.C.-19 d.C.) que: *Los Ártabros tienen muchas ciudades situadas en un golfo al que los navegantes que lo recorren le llaman Puerto de los Ártabros. (Geografía, III, 5).*

Pomponio Mela (s. I d.C.), na súa Corografía, manifesta: *En los Ártabros hay un golfo de estrecha embocadura pero de un contorno amplio, que acoge a la ciudad de Adrobica y recibe las desembocaduras de cuatro ríos: dos sin importancia aún entre los indígenas y por las otras desembocan el Duncanario y el Lybica. (Mela, III, 12-13).*

Ptolomeo (100-170 d.C.), na súa Corografía, das coordenadas dun *Puerto de los ártabros*, diferenciándoo dun *Gran Puerto de los Galaicos Lucenses*, no que se atopa a cidade de Flavio Brigantio.

Baseándose nas coordenadas de Ptolomeo, Monteagudo supuxo que o Porto dos Ártabros que cita Estrabón estaría situado na zona de Fisterra, mentres que para outros autores, como García e Bellido, o estaría na da Coruña.

Para a outra referencia de Ptolomeo, o Gran Porto dos Galaicos Lucenses, hai acordo xeneralizado en que sería identificable co Golfo dos Ártabros (*Sinus Artabrorum*) que describe Mela, e estaría situado na nosa zona costeira, pois a estreita embocadura e amplo contorno son asimilables á costa da triple ría, e os catro ríos poden se-los Xubia, Eume, Mandeo e Mendo.

A realidade arqueolóxica da nosa zona parece verse reflectida na descrición de Estrabón, cando se refire ás moitas cidades situadas no golfo ó que chaman Porto dos Ártabros. En efecto, desde A Coruña ata Ferrol concéntrase unha gran cantidade de castros, tanto costeiros coma de interior, o que constitúe unha das áreas de Galicia de maior densidade de unidades de poboación castrexa.

Esta concentración de castros en torno á ría, así como a variedade de tipos que presentan (castros costeiros *en eperón*, castro de interior sobre outeiro, sobre ladeira

e sobre altura pronunciada, así como castros de chaira) constitúen unha sinalada característica do Golfo Ártabro.

O municipio de Oleiros comparte esta característica de abundancia de asentamentos castrexos cos seus veciños da Coruña, Cambre e Sada. A pesar desta circunstancia, a realidade é que toda a zona é moi escasamente coñecida desde unha óptica arqueolóxica, por falta de estudos. De feito, ningunha escavación foi levada a cabo nos municipios de Oleiros nin Cambre. Tan só o castro de Meirás, en Sada, ten sido obxecto de estudio arqueolóxico en dúas ocasións, baixo as direccións de José M^a Luengo Martínez e José Manuel Vázquez Varela. Os resultados das escavacións revelan un asentamento que florece en torno ó cambio de era, ó igual que outros asentamentos máis coñecidos e igualmente de situación próxima á costa, como poden se-los de Santa Tecla , Vigo, Baroña e Elviña, en resposta á progresiva presenza romana por vía marítima que se desenvolve con maior intensidade a partir de mediados do século I a.C.

Catalóganse 10 castros e 3 áreas arqueolóxicas correspondentes a antigos castros que hoxe en día desapareceron, ben con ámbitos de cualificación propia ou integrados en áreas de protección singular que garante a súa permanencia.

En total son 13 elementos.

5.2. INVENTARIO DE ELEMENTOS

A. Arquitectura relixiosa

Conxunto Parroquial de Santa María de Dexo.
Conxunto Parroquial de San Cosme de Maianca.
Igrexa de San Marín de Dorneda.
Igrexa de Santa María de Oleiros.
Igrexa de Santa Locaia de Perillo.
Conxunto parroquial de Santalla de Liáns.
Igrexa de San Xurxo de Iñás.
Igrexa de San Pedro de Nós.
Capela de Santa Ana.
Capela de San Paio. Montrove.
Capela de San Marcos. Nós.

B. Arquitectura civil

Castelo de Santa Cruz.
Casa e Torre de Lorbé.
Pazo de Mera.
Casa dos Alfeirán. Arillo.
Pazo de Franzomel.
Casa e Xardíns de Xaz.
Pazo de Xaz.
Pazo de Pousada.
Pazo de Coruxo. Santa Cruz.
Pazo de Granxa. Perillo.
Casa de Lóngora.
Pazo de Arillo.
San Paio. Montrove.
Pazo de Río. Montrove.
Pazo de Miraflores.
Pazo das Torres.
Pazo de Arenaza. Miranda. Iñás.
Pazo de Abella. Iñás.
Pazo de Fontes. Iñás.
Quinta de Santa María do Vilar.
Fundación Espoz y Mina.
Casa Molina. Muíños. Iñás.

O Arxentino. Mera.
Quinta Penatouro. As Furnas. Mera.
Casa Charry.
Casa de Lamastelle.
Vila Marchesi.
Vila Galicia.
Casa das Chinchillas.
Casa Carnicero.
Casa Caramés.
Rialeda.
Vila Maruxa e Rosal.
Quinta Canaima.
Vila no Carballo.
Vila Isabel.
Santa Bárbara. Finca Rodilla.
Quinta Alsina.
Vila en Oleiros (fronte a Quinta Canaima).
Casa Cervigón.
Casa en Perillo.
Casa en Morzán.
Casa en Oleiros. A Rabadeira.
Casa en Oleiros. Cruce de Iñás.

. Casas e conxuntos

Casa en Praza de Galicia. Oleiros.
Tres casas en Praza da Rabadeira. Oleiros.
Casa "Areosa". Casa e xardín. Oleiros.
Casa en cruce de Soñeiro. Oleiros.
Dúas casas en Real I. Oleiros.
Casa en Real II. Oleiros.
Casa en Real III. Oleiros.
Casa R/Francisco Llorens. Oleiros.
Casa. Cruceiro.
Casa en Pinar do Río. Serantes.
Casa en Praza de Miramar. Mera.
Casa en Xaz.
Porto de Santa Cruz. Cruce estrada de Mera.
Casa de Franzomel.
Casa en Coruxo de Abaixo.

Casa en Mesón do Vento. Liáns.
Casa. A Atalaia en Montrove.
Casa en Edreira I.
Casa en Edreira II.

Treito Montrove-Oleiros

Casa Barral e casa contigua.
Grupo de casas diversas.
Varias casas colindantes.
Casa na entrada de Oleiros.

Nacional VI. Treito O Carballo-Iñas

Casa no Carballo
Casa en Campo de Vila. Iñas.
Casa en Fontes.
Casa en A Gándara.
Dúas casas en camiño de San Marcos I.
Casa con galería en camiño de San Marcos II.
Dúas casas en Vilanova.
Dúas casas en Vilar.

Nacional VI entre Mesón de Auga e Seixal

Casa en Batán.
Casa e xardín en Fortaleza.
Dúas casa en Fortaleza.
Dúas casas na Raqueta.
Casa Pita da Veiga.
Casa en Seixal.

De Oleiros a Soñeiro

Casa contigua ó Pazo das Torres. Oleiros.

Estrada de Mera a Lorbé

Catro casas na rúa Cividás.
Fronte de casas en Lorbé.

Estrada Perillo-Oleiros

Casa na Ponte do Pasaxe.

Conxuntos

Broño. Conxunto de casas rurais tradicionais, con hórreos.

Lorbé. Núcleo do Pardiñeiro. Estructura viaria, hórreos mariñáns.

Santa Cruz-Coruxo Abaixo-Repicho. Praza, hórreo, fonte, estrutura viaria.

Coruxo de Arriba. Conxunto. Casas rurais, arboredo, hórreo, estrutura viaria.

Montrove. Conxunto de San Paio.

Fronte Avenida das Mariñas.

Núcleo de Perillo en torno á Canteira.

. Outras arquitecturas

Santa Cristina. Edificación na ría.

Santa Cristina. Fábrica de Cervexa e Ancla.

Faros de Mera.

Escola da Pedra.

Edificio do INEF.

Igrexa Nova de Liáns.

C. Muíños e pontes

. Muíños

Muíño de Carbón. O Batán. Nós.

Muíños de Auga. Maianca.

Muíño de Auga. Babilonia. Santa Cruz.

Muíño de Auga. Xubín.

Muíño de Auga. A Fortaleza.

. Pontes

Ponte na estrada Sada-Santa Cruz en Franzomel.

Ponte en Seixal I.

Ponte en Seixal II.

D. Elementos menores

. Hórreos

Hórreo en Dexo.
Tipo Fisterrán na Urbanización Bastiagueiro.
Tipo Fisterrán. A Gándara.
Tipo Morrazo. Pazo de Río. Montrove.
Tipo Morrazo. Pazo de Miranda. Iñás.
Tipo Pontevedra. Agra-Serantes.
Hórreo en Perillo.
Tipo Barrantes. En Cabreira.

Hórreos Mariñáns.

Hórreo. Pazo de Xaz.
Hórreo en Lorbé.
Hórreo en Coruxo de Arriba.
Hórreo no Carballo.

De madeira e ventilación horizontal.

Hórreo en Vilar.
Hórreo no Seixo.

Con tres cepas.

Hórreo en Edreira.
Hórreo en Lorbé.
Hórreo en Maianca.
Hórreo en Broño.
Hórreo en Xaz.
Hórreo no Repicho. Santa Cruz.
Hórreo no Castelo. Oleiros.
Hórreo no Coruxo de Arriba.
Hórreo na Atalaia. Montrove.

Conxuntos de hórreos,

Vilar.

Dexo.

Buinte.

Lorbé.

Aba.

Maianca.

Broño.

Arillo.

Xaz.

Coruxo de Arriba.

Pousada I.

Oleiros.

Covada. Oleiros.

Campo da Vila-Iñás.

Souto. Iñás.

Vilanova.

Morzán.

. Pozos

Pozo. Xaz.

Pozo. Dexo.

Pozo. Repicho. Santa Cruz.

Pozo. Xubín. Oleiros.

Pozo. O Arxentino. Mera.

Pozo. Miranda. Iñás.

Pozo. Pazo das Torres. Oleiros.

. Pombais

Maianca.

San Paio. Montrove.

Pazo de Mera.

Broño.

. Cruceiros

Casa de Lóngora.

Dexo.

Capela do Carme.

Parroquial de Maianca.

Parroquial de Serantes.

Anteadro de Dorneda.

Adro de Dorneda.

Santalla de Liáns.

San Pedro de Nós.

Igrexa nova de Oleiros.

Capuchinas.

Oleiros. Cemiterio.

Perillo.

A Gándara.

Quinta Canaima.

Oleiros.

A Volalla. Santa Cristina.

Mera.

. Fontes e lavadoiros

Lavadoiro. Casa de Lóngora.

Fonte. Pazo de Arillo.

Fonte. Franzomel.

Pazo de Miraflores.

Casa Barral.

Fonte de ferro. Repicho. Santa Cruz.

Fonte de ferro. Praza da Canteira. Perillo.

Fonte e lavadoiro. Xaz.

Fonte de cantería e lavadoiro. Iñás-Campo da Vila.

Lavadoiro. Lorbé.

Fonte e lavadoiro. Canaval. Mera.

E. Patrimonio arqueolóxico

. Castros

Castelo da Torrella. Dexo.
Castro da Roza. Dexo.
Castro do Porto de Dexo.
Vixía de Suviaña. Dexo.
Castro de Xaz. Dorneda.
Castro de Montrove. Liáns.
Castro de Santa Cristina. Perillo.
Castro de Oleiros. Oleiros.
Castro de Sarro.
Castro de Serantes.

. Áreas arqueolóxicas

Xoez. Serantes.
Canide. Maianca.
Monte Sino. Liáns.

Como complemento e mediante escrito de once de marzo de 2004, a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, achega un listado de bens que irían completa-lo inventario actual. Este listado é o seguinte:

	PARROQUIA	LUGAR
Hórreo da Casa de Arenaza	Iñas	Campo da Vila
Casa con galería en testeiro	Iñas	Cruce de Iñas
Escola de Capataces (actual INEF)	Liáns	Bastiagueiro
Antiga Rectoral (Colexio Santiago Apóstoto)	Liáns	Porto de Santa Cruz
Casa xunto ás Torres de Coruxo	Liáns	Coruxo de Baixo
Igrexa de Santa Cruz	Liáns	Porto de Santa Cruz
Peirao de Santa Cruz	Liáns	Porto de Santa Cruz
Cruceiro do Adro	Maianca	Maianca
Peirao de Mera	Maianca	Mera
Casa no Camiño Vilanova-Coroto	Nós	Vilanova
Fundación Tenreiro	Nós	Coroto
Casa "Os Madroños"	Nós	Fotaleza
Casa en Real nº 13 (Panadería)	Oleiros	Pezoca
Cruceiro da Igrexa	Perillo	Praza da Canteira

B.3. USOS DO SOLO E ESTRUCTURA TERRITORIAL. A MALLA URBANA

1. USOS DO SOLO

Dous aspectos caracterizan a estrutura de usos no territorio municipal de Oleiros, por unha banda a estabilidade dunha política urbanística de case que vintecinco anos de vixencia, e por outra a súa inserción no urdido comarcal da Coruña. Se o primeiro supón a consolidación de determinados usos en áreas específicas, o segundo representa a capacidade de innovar dende esta mesma estabilidade.

A aposta por un modelo territorial baseado nunha estrutura polinuclear, reforzada e recrecida pola acción planificada (o 68% do desenvolvemento inmobiliario xérase a partir de actuacións integradas de nova urbanización) determina unha zonificación nidia dos usos residenciais nucleada en torno ós asentamentos de orixe.

A consolidación do hábitat residencial que sustenta o proceso de urbanización continuou a súa dinámica de crecemento, superando o que se produciu na década anterior. Á luz do Censo de poboación do 2001, a poboación segue a concentrarse nos núcleos de Perillo e Santa Cruz e no seu contorno. Estes núcleos confirmáronse como os elementos motores dun modelo de urbanización baseado na relación entre núcleos e na súa comunicación interna.

A distribución espacial do crecemento da poboación municipal na década 81-91, cunha dinamicidade que xa se comentou no apartado específico, concentrouse significativamente nas parroquias de Perillo e Liáns nos núcleos de Perillo e Santa Cruz. As dúas parroquias acolleron o 75% do crecemento poboacional do Municipio, de maneira que se en 1981 estas parroquias representaban o 41% da poboación municipal, en 1991 xa representan o 47,4%.

Analizando a evolución demográfica entre 1991 e 2003, basicamente manteríanse as pautas de crecemento: Liáns aporta o 37,5% dos novos habitantes, Perillo o 17,3% e Nós o 10,7%; en conxunto as tres parroquias acollen o 65,5% do crecemento poboacional. A parroquia de Nós cobra nova significación polo desenvolvemento de varias actuacións no Seixal e O Vilar.

As parroquias de Perillo e Liáns representan no 2002 o 49,8% da poboación municipal, un pequeno aumento respecto ó 91. A focalización nos núcleos de Perillo e Santa Cruz (Liáns) dá paso a unha situación de maior aumento poboacional no sur municipal (parroquia de Nós) e de espallamento respecto ós núcleos principais, dado o pulo experimentado polos solos urbanizables non programados.

Se se observa a tendencia de ocupación de vivenda desde a década dos 70, o cambio cualitativo máis importante prodúcese nos 80. Dunha explosión de vivenda secundaria, que se igualaba á principal e á desocupada, pasouse, na década dos 80, a que a vivenda principal aumentara un 65%, sen que a vivenda secundaria crecera significativamente.

Iniciábase unha dinámica de construción de vivenda regulada desde o Plan Xeral co obxectivo de consolida-lo Municipio de Oleiros, e en particular os núcleos principais, como un hábitat residencial permanente e estable. Este proceso consolidouse nos 90: segundo datos do 2002, a vivenda principal mantense nun 65%, moi por riba do 19,8% que representa a vivenda secundaria.

O nivel de urbanidade que alcanzaron os núcleos de Oleiros permitiu supera-la imaxe de barrios suburbanos da cidade central. Como núcleos urbanos acollen residencia á vez que servicios públicos e privados de calidade que esixen unha localización urbana ben dotada de infraestructuras e de accesibilidade, na que se valoren os aspectos de calidade ambiental que o municipio de Oleiros se esforza en potenciar.

Este último aspecto e o feito da inclusión do territorio municipal no urdido comarcal da Coruña é o que condiciona a incipiente emerxencia dunha economía de servicios, que se reflicte no incremento do sector que do 48,9% do ano 1981, acada os 72,9% no ano 2001, e no propio crecemento do número de empresas instaladas, o 36,6%, pasando das 478 en 1993 a 653 no ano 2001 (ver apartado A4.2 para ampliación da información).

Pero as actividades económicas foron quen de consolidar espazos especializados sobre ámbitos historicamente receptores deste tipo de usos.

O corredor da estrada N-VI, singularmente na súa saída do núcleo de Perillo ó longo da Avenida das Mariñas, o contorno das antigas instalacións da factoría de Uralita en Lñás, sobre o que se vén de aprobar un planeamento parcial específico de máis de 40 Has, e igualmente na parroquia de Lñás con ámbitos específicos que estenden ó territorio municipal os usos xa consolidados na zona do Espírito Santo, representan áreas de importancia significativa, e sobre os que necesariamente terá unha influencia positiva a nova implantación do sistema viario comarcal, en canto supón a súa ancoraxe coas accesibilidades xa non só provinciais senón rexionais.

Destacar igualmente dentro deste apartado o importante pulo experimentado polas actividades pesqueiras no contorno do porto de Lorbé, sucesivamente mellorado nas súas instalacións.

Os servizos turísticos teñen o seu campo de expansión no contorno territorial conformado polos núcleos de Perillo e Santa Cruz ó longo da costa de Bastiagueiro.

Igualmente significativo é o feito de que máis do 3% da superficie municipal estea ocupada por dotacións de equipamento e zonas verdes públicas.

No que atinxe ós usos primarios, a súa zonificación responde de igual xeito á estabilidade no planeamento municipal, onde as áreas forestais e agrícolas se manteñen non só á marxe dos procesos inmobiliarios senón que foron quen de recuperar parte do terreo perdido.

Dous grandes bloques agrarios mantéñense no territorio municipal, o primeiro no norte do termo municipal entre Dexo e Lorbé e a parroquia de Maianca, e o segundo na zona sur nucleado en torno á parroquia de Liñas e, en menor medida a de Nós. Un terceiro bloque, aínda que máis atomizado pódese delimitar no interior da parroquia de Dorneda.

No que atinxe ós usos forestais, representan a maior extensión superficial dentro dos diferentes usos, xunto con aqueles de vocación residencial. Nos últimos anos interrompeuse o proceso de atomización das masas pola presión da edificación diseminada en solo rústico, recuperando a súa continuidade e importancia estruturante. Pola súa extensión destacan as masas situadas no norte ó longo da Costa de Dexo, a que ocupa a espiña dorsal da península Oleiros-Sada, con importantes ramificacións cara a costa nos altos de Maianca, a masa de carácter local que acompaña ó Parque Metropolitano de Liñas, estre Perillo e Os Regos e paralelo á costa de Bastiagueiro, e, por último, na zona sur a masa arbórea que se dispón entre Nós e Liñas nos altos do Coroto e Sarro.

Por último destacan o espacio ocupado polo monte baixo, como formación característica de acompañamento do bordo litoral, destacando pola súa extensión aqueles que ocupa o espacio entre Santa Cruz e Breixo, e a que conforma o espacio de interese natural da Costa de Dexo.

2. A MALLA URBANA

O artigo 11.2 da Lei de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, establece que se consideran incluídos na malla urbana os terreos dos núcleos de poboación que dispoñen dunha urbanización básica constituída por unhas vías perimetrais e unhas redes de servicios das que poidan servirse os terreos e que estes, pola súa situación, non estean desligadas do urdido urbanístico xa existente.

No caso de Oleiros esta definición coincide coa propia xénese do sistema de asentamentos, podéndose falar máis que de malla dunha estrutura en rede onde os asentamentos poboacionais ocupan os nodos e a extensa rede viaria (1 Km de vía por Km²), serve de elemento de relación e de definición dos campos de dominación espacial.

Pola súa evolución o actual sistema de núcleos organízase en torno ó primoxénico sistema, manténdose invariable este modelo nos diferentes planeamentos municipais.

A aposta por un desenvolvemento urbanístico a través de actuacións integradas de nova urbanización, o 68% do crecemento desenvolvido na última década, e apoiado no sistema actual, caracteriza a formación dunha estrutura urbana por adición e continuidade de pezas, e onde os núcleos principais actúan como motores dun modelo de urbanización baseado na relación entre núcleos e na súa comunicación interna.

Esta política de desenvolvemento vai parella con aquela outra de implantación de infraestruturas e servicios básicos de tal xeito que, ó día de hoxe a totalidade dos núcleos urbanos do termo municipal están dotados dos mesmos.

Dito o anterior pódese considerar que a totalidade da clasificación de solo urbano actualmente delimitadas no Plan Xeral de 1997 reúnen as características de malla urbana do xeito establecido pola Lei 9/2002, cunha tendencia ó predominio dunha estrutura en rede influída pola súa posición no urdido urbanístico comarcal.

B.4. ANÁLISE DO MODELO DE ASENTAMENTO POBOACIONAL

1. A ESTRUCTURA PARROQUIAL

O Termo Municipal de Oleiros estrutúrase en torno a nove parroquias que agrupan un total de 76 entidades de poboación, de acordo co último Nomenclátor oficial.

Desde o punto de vista da distribución espacial da poboación debe destacarse a non existencia dun só núcleo importante que centralice as actividades do Termo Municipal, senón que existen sete grandes núcleos cada un deles cunha área específica de influencia que na actualidade tende a rebasar ó ámbito parroquial, para crear novos campos de dominación espacial.

As parroquias en que se divide o Termo Municipal son as seguintes:

- Santa María de Dexo.

Situada ó norte da Península de Oleiros.

Polo norte, esténdese desde a Punta de San Antón a Pena Boza. Polo leste linda co Termo Municipal de Sada e polo sudoeste coa parroquia de San Xíán de Serantes.

Pódese distinguir moi claramente entre unha zona norte, que comprende un longo treito de costa alta e escarpada, paralela á cal localízase unha área forestal de importancia, vinculada á paisaxe costeira, e a zona sur, que na súa diagonal é atravesada por unha ramificación do río Xentiña.

As áreas de poboación distribúense ó leste e oeste desta zona húmida.

O núcleo de maior importancia desta parroquia, cunha área de influencia coincidente co seu ámbito, é Lorbé, situado na zona sur, na costa leste de Oleiros, entre o leito do río Xentiña e os bosques de Xentiña ó sur, sendo esta parroquia unha das de menor crecemento demográfico nas últimas décadas cunha taxa do 23,33.

- San Xíán de Serantes.

Esta parroquia esténdese en forma de anel de ancho practicamente uniforme envolvendo á parroquia de Santa María de Dexo.

Ó oeste comprende desde a Punta de S. Antón a Punta Mera. Trátase dun treito de 0,9 millas de costa alta e escarpada similar á de Dexo e que inclúe as calas de Canaval e Fontelas.

Ó sur, a Enseada de Mera. No centro desta zona sur discorre o leito do río Xentiña que provén dos montes da Besta e Monte do Xentiña, que ocupan o leste da parroquia, lindando co Termo Municipal de Sada.

A poboación concéntrase nas proximidades da enseada de Mera, onde se atopa o núcleo de Mera, o de maior importancia da parroquia e onde a área de influencia non se limita só á mesma senón que se estende ata a contigua parroquia de San Cosme de Maianca e mesmo á de Dexo.

A parroquia de Serantes é igualmente unha das de menor taxa de crecemento demográfico na última década, cun 24,20.

- San Cosme de Maianca

De forma practicamente rectangular, linda ó norte coa parroquia de San Xián de Serantes, ó sur coas parroquias de Santa María de Oleiros e Santa Eulalia de Liáns, ó leste co Termo Municipal de Sada e ó oeste co treito de costa comprendido entre a Praia de Mera e a Punta de Canide.

De leste a oeste é atravesada polo río Salgueiral, onde polo seu leito sucédense bosquetes e prados. Nas partes máis altas sitúanse as masas boscosas de Lourido.

Os núcleos de poboación sitúanse a media ladeira preto das zonas húmidas e nas inmediacións da costa, nas proximidades do núcleo de Mera que estende a súa área de influencia a esta parroquia.

A súa taxa de crecemento nas últimas décadas foi de 49,05, sendo a cuarta parroquia en desenvolvemento demográfico.

- San Martín de Dorneda.

De forma practicamente rectangular, linda ó norte coa parroquia de San Cosme de Maianca, ó leste co Termo Municipal de Sada, ó sur coas parroquias de Santa María de Oleiros e Santa Eulalia de Liáns e ó oeste esténdese a costa entre Praia de Canide e Punta do Corbo.

Está atravesada transversalmente polas ramificacións do río Agueira que compartimenta o territorio, alternando zonas de bosquetes ribeireños e prados e nas súas inmediacións zonas de asentamento de poboación que se distribúen regulamente en toda a parroquia, se ben pode observarse unha maior concentración nas proximidades ó núcleo de Santa Cruz que, aínda que pertencente á parroquia de Santa María de Liáns, por proximidade estende a súa área de influencia tamén sobre Dorneda. Destaca o desenvolvemento acadado nos últimos anos pola urbanización Rialta que representa o principal núcleo de poboación, sen que isto supoña conferirlle características de centralidade urbana. Este desenvolvemento supón que a taxa de crecemento demográfico sexa a máis alta nas últimas décadas co 127,57.

- Santa Eulalia de Liáns.

De configuración irregular, linda ó norte coa parroquia de San Martín de Dorneda e o treito de costa entre Punta do Corbo e Praia de Bastiagueiro, ó leste coa parroquia de Santa María de Oleiros, ó sur coa parroquia de San Pedro de Nós e a Ría do Burgo e ó oeste coa parroquia de Perillo.

Está atravesada lonxitudinalmente polo río Agueira, cos seus correspondentes bosquetes e prados próximos ó leito, e áreas húmidas próximas a Bastiagueiro.

Os núcleos de poboación sitúanse a media ladeira nas áreas próximas a estes leitos.

Nesta parroquia destacan o núcleo de Santa Cruz, principalmente, o de Montrove. Estes núcleos actúan como focos de atracción na concentración de actividades terciarias e un desprazamento das actividades agrícolas e da tipoloxía edificatoria tradicional. É a parroquia máis poboada do Termo Municipal, cunha taxa de crecemento na última década do 94,46, a segunda en importancia.

- Santa María de Oleiros.

De forma asimilable a un triángulo, linda no seu vértice norte coa Parroquia de San Martín de Dorneda, ó leste co Termo Municipal de Sada, ó sur coas parroquias de San Xurxo de Liáns e San Pedro de Nós e ó oeste coa parroquia de Santa Eulalia de Liáns.

Está percorrida lonxitudinalmente polo río Agueira e os leitos de Bastiagueiro, cos seus correspondentes bosquetes e prados. Na zona máis próxima a Sada conta con zonas boscosas de importancia.

Nesta parroquia atópase o núcleo de Oleiros cunha área de influencia que transcende ó ámbito da parroquia ó se-la capitalidade municipal. A súa taxa de crecemento demográfico na última década foi a menor do termo municipal cunha taxa de 15,02.

- Santa Locaia de Alfoz.

De forma asimilable a un triángulo.

Esta parroquia, de reducidas dimensións linda ó leste coa parroquia de Santa Eulalia de Liáns, ó oeste coa Ría de O Burgo e ó norte co treito de costa entre a praia de Bastiagueiro e a Praia de Santa Cristina.

Ocupada practicamente na súa totalidade polo núcleo de Perillo, que presenta o grao de desenvolvemento urbano maior entre os núcleos principais a causa da súa localización territorial estratéxica próxima ó gran foco de atracción que supón a cidade da Coruña e o punto de accesibilidade da Ponte da Pasaxe.

É a segunda parroquia máis poboada, cunha taxa de crecemento do 25,77. O seu desenvolvemento urbano ten producido nos últimos anos a asimilación do núcleo de Montrove pertencente a parroquia de Liáns.

- San Pedro de Nós.

De forma asimilable a un rectángulo, linda ó norte coa parroquia de Santa María de Oleiros, ó leste coa parroquia de San Xurxo de Liáns, ó sur co Termo Municipal de Cambre e ó oeste coa Ría de O Burgo.

Está atravesada lonxitudinalmente, de leste a oeste, polo rego de San Pedro, con bosquetes e prados seguindo o leito, e nas zonas altas e próximas ó mesmo áreas boscosas de piñeiros, castiñeiros e eucaliptos.

Na metade sur, está percorrida transversalmente de norte a sur polos leitos próximos a Raposeira e Sarro con prados e áreas boscosas.

Nesta parroquia atópase o núcleo de Seixal, cunha área de influencia que se estende ó ámbito desta parroquia. A súa taxa de crecemento demográfico nas últimas décadas foi de 33,76, sendo a terceira parroquia máis poboada.

- San Xurxo de Lñas.

De forma trapezoidal, linda ó norte coa parroquia de Santa María de Oleiros, ó leste co Termo Municipal de Sada, ó sur co Termo Municipal de Cambre e ó oeste coa parroquia de San Pedro de Nós.

Está atravesada de leste a oeste polo Rego de San Pedro, con prados e bosquetes nas proximidades do leito.

Os núcleos de poboación sitúanse nas proximidades deste, sendo todos eles de extracto rural. É xunto coa parroquia de Maianca a de menor poboación cunha taxa de crecemento na última década de 49,53.

2. CARACTERIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS NÚCLEOS

A permanencia e estabilidade do modelo de ordenación territorial acadado polo Concello de Oleiros nos case que vintecinco anos da experiencia das políticas urbanísticas desenvolvidas sitúanse na base da caracterización e distribución do sistema de núcleos.

A política urbanística do Concello de Oleiros adoptou a estratexia ordenadora de recoñecemento, consolidación e potenciación do sistema de núcleos existentes no termo municipal, optando por un modelo de desenvolvemento e compleción fronte ó da dispersión, privilexiando a consolidación e potenciación do sistema de núcleos existentes no termo municipal, optando por un modelo de desenvolvemento e compleción fronte ó da dispersión, privilexiando a consolidación das tramas urbanas mediante actuacións unitarias e recoñecendo a diversidade morfolóxica dos núcleos mediante ordenanzas acordes con ámbitos homoxéneos.

Do conxunto de núcleos defínense como principais os de Perillo, Oleiros, Santa Cruz, Mera e Vilar-O Seixal, como intermedios os de Lorbé, Montrove, O Carballo e o agregado dos núcleos de Lñas en torno a Campamento, mentres o resto do sistema foi caracterizado como núcleos territoriais ou parroquiais.

Dentro dos núcleos principais cabe establecer unha nova diferenciación, entre os núcleos de Serantes-Mera, Perillo e Santa Cruz que presentan un desenvolvemento urbano maior que o resto (en especial o núcleo de Perillo) e os outros catro, Oleiros, Montrove, Seixal e Lorbé nos que xunto a un forte desenvolvemento urbano perviven, aínda que en retroceso, estruturas urbanas de orixe rural.

O resto da poboación habita en núcleos urbanos de moi diferentes características segundo a súa localización. Forman unha rede de pequenos asentamentos apoiados nunha tupida rede de camiños e estradas que cubre todo o territorio, servindo orixinariamente esta rede como base para o crecemento. Isto propicia a aparición de conxuntos a partir do religamento e adición de varios núcleos de base.

Este crecemento inicial apoiado na rede de estradas presenta dous fenómenos que se superpoñen: a perturbación e rotura da estrutura celular de base e a aparición de crecementos lineais ó longo dunha estrada que une os núcleos orixinarios; e o desenvolvemento das determinacións do planeamento municipal que impulsou un crecemento apoiado na estrutura de asentamentos de orixe, mediante a adición de novas estruturas urbanas.

A continuación relaciónanse por parroquias os núcleos de poboación identificados no Termo Municipal de Oleiros.

No caso de conxunto de núcleos agregados désígnanse pola adición de topónimos separados por un guión, indicando en negriña aqueles que representan os núcleos principais.

- **Parroquia de Santa María de Dexo**

ABA.
BUINTE-DEXO-TORRE-SUVIÑA.
LORBÉ.
O CUBO.

- **Parroquia de S. Xián de Serantes.**

AGRA-PUNXEIRO-A GÁNDARA.
XOEZ-MERA.
FORNOS.

- **Parroquia de San cosme de Maianca**

BROÑO.
CABREIRA.
MAIANCA.
A LAGOA (forma parte do conxunto de XOEZ-MERA).

- **Parroquia de San Martín de Dorneda.**

ABELEIRAS DE ABAIXO-ABELEIRAS DE ARRIBA-XAZ.
AGUARRÍO-SISALDO.
A AGUIEIRA (forma parte do conxunto de SANTA CRUZ).
ARILLO-LOURIDO GRANDE-LOURIDO PEQUENO.
BREIXO.
O COUTO.
O BOSQUE.
OS TORNOS.

- **Parroquia de Santa Eulalia de Liáns.**

CORUXO DE ABAIXO-CORUXO DE ARRIBA-PORTO DE SANTA CRUZ-
FRANZOMEL-O BAÑIL-A FERRALA.
A CHOUPANA-MONTROVE-PAZO DO RÍO. (MONTROVE).
O ESPÍÑO-LÓNGORA.
PAZOS.
O SEIXO.
VISTA ALEGRE.
OS REGOS.

- **Parroquia de Santa María de Oleiros.**

OLEIROS-A HEDREIRA-CONDÚS-O RABUÑEIRO-AS TORRES.
A COVA.
COVO-POUSADA-O RÍO.
XUBÍN.
AS PEDREIRAS.

- **Parroquia de Santa Locaia de Alfoz.**

PERILLO.

- **Parroquia de San Pedro de Nós.**

O BALIÑO
A BARCALA.
O BATÁN-MESÓN DA AUGA.
O CARBALLO.
O COROTO-VILANOVA.
A VEIGA-O SEIXAL-A FORTALEZA-O VILAR.
A GÁNDARA.
SAN MARCOS.
SARRO.
A SEARA.

- **Parroquia de San Xurxo de Iñás.**

O CAMPAMENTO-O CAMPO DA VILA- O CAMPO DO SOUTO-O CAÑO.
FONTES-MORZÁN.
A RAPOSEIRA.
A XESTA (forma parte do núcleo do CARBALLO).
OS VILARES.

3. MORFOLOXÍA E ESTRUCTURA DO SISTEMA DE ASENTAMENTOS

Tal e como xa foi analizado en apartados anteriores a estrutura territorial do Termo Municipal de Oleiros aséntase en torno a unha tupida rede viaria que cubre todo o territorio e que serviu de base para a consolidación da malla de entidades de poboación nun sistema de organización en rede onde os sete núcleos principais desenvolven os seus campos de dominio espacial, a partir de adicións de varios núcleos de orixe.

Dentro da malla de entidades de poboación, destacan aqueles onde o núcleo orixinario xurdiu da relación castro-vilar, como é o caso de Suviaña, Xaz e Edreira.

Atendendo á súa diferente evolución, pódense clasifica-los núcleos en:

- Orixinarios ou mononucleares. Proceden dun só núcleo inicial nun grao de maior a menor evolución ou crecemento sobre a rede viaria, como é o caso do núcleo de Maianca.
- Polinucleares. Proceden da adición de varios núcleos como resultado do crecemento destes, sendo exemplo o agregado Punxeiro-Agra.

En canto á súa localización, cabe distinguir entre:

- Núcleos illados. Aqueles núcleos que non están en contacto con outros. Xeralmente son núcleos con escaso crecemento ou de crecemento anular e non lineal como é o caso do núcleo de Breixo ou máis nidiamente o de Broño.
- Núcleos fronteira. Núcleos moi próximos a outros maiores onde o seu crecemento foi atraído por estes últimos chegando practicamente a unirse (Augarrío-Santa Cruz), ou estando próximos a ilo (Pousada-Oleiros, Franzomel-Santa Cruz, Punxeiro-Mera).

Morfoloxicamente pódense clasifica-los núcleos nos seguintes tipos:

- Núcleos tradicionais compactos: núcleos con estrutura tradicional de vivenda unifamiliar agrupada ou adosada, apoiada en rueiro, predominando sobre a vivenda unifamiliar illada. Son exemplos os núcleos de Breixo, Aba ou Xubín.
- Núcleos tradicionais abertos: onde a tipoloxía edificatoria non permitiu o grao de compacidade dos anteriores; como no caso dos núcleos de Maianca ou Buínte.

- Núcleos tradicionais de desenvolvemento lineal: asentamentos lineais ó longo dun rueiro de orixe que debido a esta disposición, non chegan a forma núcleo compacto, como no caso dos núcleos de Agra-Punxeiro, Arillo ou Pousada.

Dito o anterior debe indicarse que estas estruturas foron complexizándose nos últimos anos co desenvolvemento urbanístico experimentado polo termo municipal, xerando unha serie de transformacións na natural evolución das entidades tradicionais de poboación.

A nova poboación, non vinculada á economía agraria, senón na súa maioría a outros tipos de economía localizados no urdido comarcal e especialmente na cidade central, tende a sentarse nas áreas de expansión dos núcleos principais (dotados de maiores servizos), preto das principais vías de comunicación (maior accesibilidade) ou en zonas próximas ás praias (maior calidade ambiental).

Xorden por tanto novos focos de atracción dos asentamentos que supoñen unha alteración da rede de entidades de poboación orixinaria onde o planeamento foi quen de canalizalos cara ó seu reforzamento.

Estas tensións son máis acusadas no sur da península, onde se acentúan as condicións de accesibilidade e onde coexisten cinco dos sete núcleos principais.

3.1. ZONA NORTE

Os focos principais sitúanse nos núcleos de Mera, Santa Cruz e Lorbé (este último en menor medida) e nas estradas AC-163 (treitos Mera-Lorbé, Lorbé-Sada) e AC-172 (Santa Cruz-Mera).

- Núcleo de Mera.

Formado orixinariamente polos núcleos de Mera, Cividás e Xoez, cunha posición costeira estratéxica na enseada de Mera, que representa un abrigo natural importante. Mantén as diferencias entre o núcleo de Xoez, que cunha estrutura tradicional e vivendas ligadas a un rueiro, en contraposición a Cividás e Mera, con desenvolvementos lineais, actuacións de vivenda plurifamiliar e procesos de nova urbanización e reforma interior.

En liña de influencia directa sitúase a estrutura polinuclear de Punxeiro-Agra-Serantes con crecemento lineal sobre a AC-163 e o núcleo de Cabreira. Máis independente, pero tamén vinculado a Mera, coexiste o núcleo de Maianca.

- Lorbé.

Dos núcleos principais de Oleiros, Lorbé é o que conserva mellor as características de asentamento tradicional. Trátase dun núcleo tradicional moi compacto con prolongacións lineais de vivendas ó longo da estrada AC-163. Debe terse en conta o carácter limitado de Lorbé como foco de actividades, agás aqueles que se refiren ás relacionadas coa pesca e os cultivos mariños.

Como núcleo fronteirizo debe sinalarse Aba, se ben na actualidade conserva aínda o seu carácter e estrutura de núcleo orixinario exento, .

- Santa Cruz.

O actual núcleo de Santa Cruz está formado pola prolongación de catro núcleos orixinarios tradicionais: Porto de Santa Cruz, Coruxo de Arriba, Coruxo de Abaixo e Agueira e actúa como rótula entre a Zona Norte e Sur do Termo Municipal. Estes catro asentamentos manteñen en parte o seu carácter tradicional con vivendas adosadas apoiadas sobre rueiros. O espazo entre asentamentos é ocupado con actuacións de tipoloxías diversas de vivenda plurifamiliar de gran densidade.

Nos últimos anos xerouse un vivo proceso de consolidación e expansión progresiva, con actuacións de nova urbanización.

Núcleos fronteirizos de Santa Cruz e directamente influenciados son entre outros: Augarrío, Franzomel, Talagra-O Couto e O Bañil.

Á marxe destes elementos focais debe sinalarse a existencia de dúas estruturas polinucleares: Suviña-Dexo-Buinte-A Torre, entre Mera e Lorbé, aínda que con certa independencia respecto a eles, e Lourido-Arillo-Xaz-Abeleiras cun crecemento lineal sobre a estrada Santa Cruz-Mera e reforzada pola consolidación de urbanización Rialta.

3.2. ZONA SUR

As maiores tensións prodúcense sobre o rombo formado polos núcleos de Perillo, Montrove, Santa Cruz, Oleiros e O Seixal e as estradas que os unen, AC-173 Pasaxe-Santa Cruz, AC-174 Pasaxe-Oleiros, nacional VI Pasaxe-Nós, Nós-Campamento e ACP-1743 Coruxo-Oleiros.

- Perillo.

Consta de dúas pezas claramente diferenciadas: o núcleo tradicional de Perillo desenvolvido ó redor da Igrexa parroquial, con edificación entre medianeiras formando un conxunto moi compacto e con extensión radial ó longo das vías, e o asentamento de Santa Cristina xurdido a raíz da urbanización Sancrisa con edificación plurifamiliar de gran densidade, alternando con vivenda unifamiliar exenta. Nos últimos anos acadouse un desenvolvemento urbanístico tal que ámbalas dúas estruturas non só se manteñen macladas senón que se iniciou un proceso de expansión cara ó núcleo de Montrove e sobre a estrada N-VI, aproveitando a súa posición sobre a ría do Burgo.

- Montrove.

Ten a súa orixe nun castro. Non ten un carácter compacto se non que se dispón como un hábitat disperso sobre unha ladeira. O seu crecemento prodúcese ó longo da estrada AC-174 que une Perillo con Oleiros, con pequenas promocións inmobiliarias de tipoloxía unifamiliar.

- Oleiros.

O actual núcleo de Oleiros é o resultado do crecemento dos lugares orixinais de Barreiro, Castro, Piñeiro e Rabadeira, cun asentamento tradicional entre medianeiras sobre rueiros ou encrucilladas de camiños. O espazo entre asentamentos tradicionais é ocupado por vivenda unifamiliar exenta e actuacións de vivenda plurifamiliar pero sen altera-los espazos tradicionais. Núcleos fronteirizos apoiados sobre a AC-174 son os de Pedreiras e Pezoca, e sobre a ACP-1743 o de Xubín.

- O Seixal.

A estrutura urbana caracterízase por un asentamento tradicional lineal con vivenda unifamiliar tradicional con vivenda unifamiliar adosada mesturada con actuacións de

vivenda plurifamiliar. Nos últimos anos o seu desenvolvemento urbanístico leva aparelado unha exposición cara ó núcleo de Vilanova.

Á marxe destes elementos focais debe destacarse o asentamento lineal ó longo da Nacional VI cos núcleos de O Mesón da Auga-O Carballo-O Campamento-O Campo da Vila, cunha importante mestura de usos e tipoloxía edificatoria.

4. TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

Nunha análise das tipoloxías edificatorias debe terse en conta a influencia que a estabilidade dunhas ordenanzas definidas polo planeamento municipal teñen no momento de maior desenvolvemento inmobiliario, e onde no período dos últimos vinte anos tense case que duplicado o parque de vivendas.

Deste xeito pódese realiza-la seguinte análise por tipos de asentamento.

. Núcleos principais

A tipoloxía de vivenda plurifamiliares consolídase a partir da aplicación das ordenanzas 4 “de cuarteirón” e 3 “de transición a cuarteirón”, ocupando espazos centrais dos núcleos principais e aportando a superficie construída en planta baixa para a instalación de actividades terciarias complementarias.

A experiencia permítenos observar un correcto funcionamento da ordenanza 4 “de cuarteirón”, na consolidación do tecido denso dentro dos núcleos principais, mentres a ordenanza 3 de “transición de cuarteirón”, presenta un funcionamento moi desigual, dependendo de onde se houbese aplicado e caracterizado por:

- Unha redacción que leva a diversas e contradictorias interpretacións no sistema de ordenación a aplicar.
- Os parámetros para a fixación do sistema de ordenación (por edificabilidade e ocupación máxima) deixan a ordenación en mans da forma da parcela sobre a cal se produce, principalmente nas aliñacións interiores, producíndose medianeiras ou anacos de medianeiras non desexables.

As actuacións integradas de nova urbanización en solo urbano, así como de solo urbanizable programado, tiveron un bo funcionamento, percibíndose en ocasións certas disfuncións entre unha disposición de ordenación a escalas inferiores e a súa percepción desde unha escala superior e en contacto directo co terreo. Pese a isto representa elementos básicos na formación de espazos de urbanidade.

Respecto das tipoloxías de vivenda unifamiliar, no contexto dos núcleos principais e intermedios, xéranse fundamentalmente a partir da ordenanza 2A “de vivenda familiar en liña”. Esta ordenanza tivo un perfecto funcionamento como consolidación dos núcleos principais e intermedios, producíndose a maioría das actuacións desde unidades integradas de máis de 2 vivendas.

Entendeuse desde a programación e desde o consumidor como unha tipoloxía claramente urbana de baixa densidade.

Por outra banda a ordenanza 1 denominada de “núcleos tradicionais” alí onde se implantou foi quen de mante-lo tipo, forma e características da edificación tradicional existente nesas tramas urbanas.

. Solos urbanos-núcleos secundarios

Nos núcleos urbanos parroquiais mantivéronse as características de ocupación e edificación do tipo característico fundamentalmente mediante a aplicación das ordenanzas de cidade xardín variantes 2A, 2B e 2C, cun importante pulo das accións de rehabilitación sobre o parque edificado tradicional, dotado dun valor engadido.

A súa aplicación nuns tecidos construídos tan heteroxéneos leva a algunhas disfuncións:

- . A rixidez en canto a facer coincidi-la aliñación coa liña de fachada na ordenanza 2A.
- . A incidencia da aplicación en determinados ámbitos da ordenanza 2C, dada a súa extensión da parcela mínima, inicialmente condicionadas pola súa orixe como edificación en solo rústico.

. Solos urbanizables non programados

O desenvolvemento desta clase de solos na tradición urbanística do termo municipal centrouse nas áreas tipo A, é dicir uso residencial, densidade igual a 20 viv/Ha, e cunha tipoloxía edificatoria por regra xeral de vivenda unifamiliar.

Aínda que unha primeira observación do desenvolvemento destes solos levaría á afirmación de que se producen cun exceso de edificabilidade e densidade, convén matizar esta apreciación. Ó noso entender o grande erro dos plans de desenvolvemento, e non mencionáremo-las virtudes que tamén as hai, radicou no deseño do espazo urbano e fundamentalmente na sección transversal do viario e deste coa edificación no ámbito privado.

Nunha primeira aproximación as cuestións a reseñar neste tipo de actuacións son:

- . Sección vial. Coidado preciso da sección da rúa, dando a esta todo o significativo emblemático do concepto “CIDADE-XARDÍN”, polo que a sección viaria, coa súa amplitude suficiente de desafogo en canto a sección total e non tanto sección rodada, adquire a importancia de poder incorporar todos aqueles elementos: árbores-verde, mobiliario urbano, etc. que fan tomar significado verdadeiro ó seu concepto.
- . Diversidade dentro da área. Conxugación de tipoloxías edificatorias: plurifamiliares e unifamiliares no mesmo ámbito e incluso unifamiliares de diversas clases: adosadas-exentas-pareadas.
- . Pormenorización na relación entre densidade e tipoloxía edificatoria e esta en relación coa sección viaria e a súa problemática: aparcamentos, fronte mínima de parcela, etc.

En definitiva, diante da perspectiva dunha administración que ten a necesidade de atender á explosión dun mercado inmobiliario e dada a súa relación directa coa iniciativa privada para desenvolver un ámbito de planeamento dando resposta inmediata a unha solicitude inmediata, debería conformarse un sistema básico que contivera as regras mínimas para o planeamento e deseño da urbanización.

